SALIR

ÍNDICE

# Guía marco de contratación e xestión de persoal aplicable no ámbito da Administración da Comunidade Autónoma

XUNTA DE GALICIA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Consellería de Economía e Facenda.

# GUÍA MARCO DE CONTRATACIÓN E XESTIÓN DE PERSOAL

## Índice xeral

**1.-Contratos das Administracións Públicas. Parte xeral**

1.1 Ámbito de aplicación da lei
1.2 Órganos de contratación e autorización para contratar
1.3 O contratista
1.4 Rexistro de contratos
1.5 Garantías
1.6 Publicidade

**2.-Contratos de obras**

2.1 Obra nova
2.2 Certificacións de obras
2.3 Liquidación
2.4 Devolución da garantía ou cancelación do aval
2.5 Modificados ou reformados
2.6 Obras complementarias
2.7 Revisión de prezos
2.8 Reaxuste de anualidades
2.9 Xuros de demora
2.10 Indemnizacións a favor do contratista
2.11 Resolución do contrato
2.12 Execución de obras pola Administración
2.13 Contratos menores
Esquema do procedemento

**3.-Contrato de xestión de servicios públicos**

3.1 Características
3.2 Procedemento
Esquema do procedemento

**4.-Contrato de subministracións**

4.1 Delimitación
4.2 Procedemento
4.3 Contratos menores
4.4 Contratos de fabricación
4.5 Bens de adquisición centralizada
Esquema do procedemento

**5.-Contratos de consultoría e asistencia**

5.1 Características
5.2 Procedemento
5.3 Investigación e desenvolvemento tecnolóxico
5.4 Contratos menores
5.5 Contratos para a elaboración de proxectos de obras
5.6 Contratos de actividades docentes
Esquema do procedemento

**6.-Contratos de servicios**

6.1 Características e procedemento
6.2 Mantemento de equipos informáticos e execución de programas a medida
6.3 Contratación centralizada

**7.-Contratos de concesión de obras públicas**

**8.-Contratos patrimoniais**

Introducción
8.1 Adquisición de bens inmobles
8.2 Arrendamento de bens inmobles
8.3 Alleamento de bens inmobles
8.4 Cesións gratuítas de bens inmobles
8.5 Permuta de bens inmobles
8.6 Adquisición, alleamento e cesións de bens inmobles
8.7 Adquisición, arrendamento e adscrición de bens inmobles en organismos autónomos
8.8 Adquisición de valores negociables
8.9 Adquisición de propiedades incorporais
Esquema do procedemento

**Índice cronolóxico de contratación**

**Referencias lexislativa de contratación**

**9.-Persoal**

9.1 Altos Cargos
9.2 Funcionarios de carreira
9.3 Funcionarios en práctica
9.4 Funcionarios eventuais
9.5 Funcionarios interinos
9.6 Persoal laboral fixo
9.7 Persoal laboral non permanente

**Referencias lexislativas de persoal**

# 1. Contratos das Administracións Públicas

# 1.1. Ámbito de aplicación da lei

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|

## A. ÁMBITO DE APLICACIÓN DA LEI

### A.I. ÁMBITO SUBXECTIVO

O TRLCAP aplícase aos seguintes suxeitos, de forma gradual: — • *Art. 1.1 TRLCAP*

1º. A tódalas Administracións Públicas de base territorial, entendendo por tales:

- Administración Xeral do Estado
- Administracións das Comunidades Autónomas
- Entidades que integran a Administración local

Así mesmo, na Administración Institucional, aplícase aos Organismos Autónomos en todo caso e ás entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes de calquera das Administracións Públicas, sempre que nelas se dean os seguintes requisitos: — • *Art. 1.2 TRLCAP*

a) Que fosen creadas para satisfacer especificamente necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil.

b) Que se trate de entidades a actividade das cales estea maioritariamente financiada polas Administracións Públicas ou outras entidades de dereito público, ou ben, a xestión das cales se encontre sometida a un control por parte destas últimas, ou os órganos de administración, de dirección ou de vixilancia das cales estean compostos por membros dos que máis da metade fosen nomeados polas Administracións Públicas e outras entidades de dereito público.

2º. A suxeición esténdese: — • *Art. 2.1 TRLCAP*

2.1 Ás entidades de dereito público non comprendidas no ámbito anterior, nas prescricións desta Lei relativas á capacidade das empresas, publicidade, procedemento de licitación e formas de adxudicación, respecto dos contratos nos que concorran os seguintes requisitos:

a) Que se trate de contratos de obras e de contratos de consultoría e asistencia e de servicios relacionados cos primeiros, sempre que o seu importe, con exclusión do Imposto sobre o Valor Engadido, sexa igual ou superior a 891.521.645 pesetas (5.358.153 euros equivalentes a 5.000.000 de dereitos especiais de xiro), se se trata de contratos de obras, ou a 35.660.846 pesetas (214.326 euros equivalentes a 200.000 dereitos especiais de xiro), se se trata de calquera outro contrato dos mencionados.

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| b) Que a principal fonte de financiamento dos contratos proceda de transferencias ou achegas de capital provenientes directa ou indirectamente das Administracións Públicas. | |
| 2.2. A suxeitos privados, en determinados contratos definidos en obxecto e contía, por razón de percepción de subvencións públicas. | • *Art. 2.2 TRLCAP* |
| 2.3. Ás sociedades mercantís no capital das cales sexa maioritaria a participación directa ou indirecta das Administracións Públicas ou dos seus Organismos Autónomos ou Entidades de dereito público, na aplicación na súa actividade contractual dos principios de publicidade e concorrencia, salvo que a natureza da operación sexa incompatible con estes principios. | • *Disposición adicional sexta TRLCAP*<br>• *Lei 10/1996, do 5 de novembro* |
| A LCAP díctase en virtude da competencia establecida no artigo 149.1.18º referida á "lexislación básica en materia de contratos e concesións administrativas". A Comunidade Autónoma, no artigo 28.2 do Estatuto de Autonomía asumiu o desenvolvemento lexislativo desta. | • *Disposición final primeira TRLCAP* |
| Os preceptos da LCAP que non teñan carácter básico, segundo a enumeración que realiza na disposición final primeira, só serán de aplicación cando a Comunidade non regulase a materia con normas propias, polo que se configuran con carácter supletorio. | |
| Na interpretación e aplicación dos preceptos da Lei, deberá terse en conta: | |
| 1. Que as referencias feitas no texto á Administración ou Administracións Públicas implican a tódalas comprendidas no ámbito de aplicación do artigo 1. | • *Disposición final segunda TRLCAP* |
| 2. Que as referencias a órganos da Administración Xeral do Estado se considerarán feitas aos que correspondan da Comunidade Autónoma, é dicir, aquelas que teñen atribuída a competencia da que se trate, coas excepcións sinaladas na Lei por razón do carácter exclusivo da competencia atribuída ou por respecto ao carácter non básico do precepto, aberto á regulación pola Comunidade Autónoma. | |
| **A.2. ÁMBITO OBXECTIVO. EXCLUSIÓNS** | • *Art. 3 TRLCAP* |
| Quedan fóra do ámbito da Lei os seguintes contratos ou negocios: | |
| a) A relación de servicio dos funcionarios públicos e os contratos regulados na lexislación laboral. | |
| b) As relacións xurídicas derivadas da prestación por parte da | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Administración dun servicio público que os administrados teñen a facultade de utilizar mediante o aboamento dunha tarifa, taxa ou prezo público de aplicación xeral ós usuarios. | |
| c) Os convenios de colaboración que asine a Administración Xeral do Estado coa Seguridade Social, as Comunidades Autónomas, as Entidades locais, os seus respectivos organismos autónomos e as restantes entidades públicas ou calquera deles entre si. | |
| d) Os convenios de colaboración que, de acordo coas normas específicas que os regulan, asina a Administración con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ó dereito privado, sempre que o seu obxectivo non estea comprendido nos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais. Quedarán así mesmo excluídos da presente Lei os convenios que sean consecuencia do artigo 296 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea. | |
| e) Os acordos que asine o Estado con outros Estados ou con entidades de dereito internacional público. | |
| f) Os contratos de subministración relativos a actividades directas dos organismos autónomos das Administracións públicas de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo, se os bens sobre os que versan fosen adquiridos co propósito de devolvelos, con ou sen transformación, ó tráfico xurídico patrimonial, de acordo cos seus fins peculiares, e sempre que tales organismos actúen en exercicio de competencias específicas a eles atribuídas pola Lei. | |
| g) Os contratos e convenios derivados de acordos internacionais asinados de conformidade co Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, relativos a obras ou subministracións destinadas á realización ou explotación en común dunha obra ou relativos ós contratos de consultoría e asistencia e servicios destinados á realización ou explotación en común dun proxecto. | |
| h) Os contratos e convenios efectuados en virtude dun acordo internacional celebrado en relación co estacionamento de tropas. | |
| i) Os contratos e convenios efectuados polo procedemento específico dunha organización internacional. | |
| j) Os contratos relativos a servicios de arbitraxe e conciliación. | |
| k) Os contratos relacionados coa compravenda e transferencia de valores negociables ou doutros instrumentos financeiros e os Servicios prestados polo Banco de España. Enténdense así mesmo excluído-los contratos relacionados coa instrumentación de operacións financeiras de calquera modalidade realizadas para financia-las necesidades previstas nas normas orzamentarias aplicables, tales como préstamos, créditos ou outras de natureza análoga, así como os contratos relacionados con instrumentos | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| financeiros derivados concertados para cubri-los riscos de tipo de xuro e de cambio derivados dos anteriores. | |
| Os supostos recollidos anteriormente regularanse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta Lei para resolve-las dúbidas e lagunas que puideran presentarse. | |
| **B. CATEGORÍAS DE CONTRATOS** | |
| Dentro dos contratos celebrados polas Administracións Públicas distínguense as seguintes categorías: | |
| ***B. I. Contratos administrativos*** | • *Art. 5.2.a) TRLCAP* |
| *a) Típicos ou nominados:* | |
| Aqueles o obxecto directo dos cales, conxunta ou separadamente, sexa a execución de obras, a xestión de servicios públicos e a realización de subministracións, os de consultoría e asistencia ou de servicios, excepto os contratos comprendidos na categoría 6 do artigo 207 referente a contratos de seguros e bancarios e de investimentos e, dos comprendidos na categoría 26 do mesmo artigo, os contratos que teñan por obxecto a creación e interpretación artística e literaria e os de espectáculos. | |
| *b) Contratos administrativos especiais* | • *Art. 5.2.b) TRLCAP* |
| Os de obxecto distinto aos anteriormente expresados, pero que teñan natureza administrativa especial por resultar vinculados ao xiro ou tráfico específico da Administración contratante, por satisfacer de forma directa ou inmediata unha finalidade pública da específica competencia daquel, ou por declaralo así unha Lei. | |
| ***B. 2. Contratos privados*** | • *Art. 5.3 TRLCAP* |
| Os restantes contratos administrativos celebrados pola Administración terán a consideración de contratos privados e, en particular, os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmobles, propiedades incorporais e valores negociables, así como os contratos comprendidos na categoría 6 do artigo 206 referente a contratos de seguros e bancarios e de investimentos e, dos comprendidos na categoría 26 do mesmo artigo, os contratos que teñan por obxecto a creación e interpretación artística e literaria e os de espectáculos. | |
| ***B. 3. Contratos mixtos*** | • *Art. 6 TRLCAP* |
| Cando un contrato administrativo conteña prestacións correspondentes | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| a outro ou outros administrativos de distinta clase terase en conta para a súa cualificación e aplicación das normas que o regulen o carácter da prestación que teña máis importancia desde o punto de vista económico. | |

## C. RÉXIME XURÍDICO DOS CONTRATOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **C.I. CONTRATOS ADMINISTRATIVOS** | • *Art. 7 TRLCAP* |
| a) Réxime xeral | |
| Os contratos administrativos rexeranse tanto na súa preparación e adxudicación como nos seus efectos e extinción pola Lei de Contratos das Administracións Públicas e as súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo, e no seu lugar as normas de dereito privado. | |
| Con carácter xeral podemos dicir que esta diferencia de réxime xurídico, suxeición ao dereito público ou privado, en canto aos efectos e extinción, se pon de manifesto nas prerrogativas que ten a Administración nos contratos administrativos que en ningún caso se dan nos privados. | |
| Estas prerrogativas aparecen no art. 59 do TRLCAP, segundo o cal "o órgano de contratación posúe as prerrogativas de interpreta-los contratos administrativos, resolve-las dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acorda-la súa resolución e determina-los efectos desta". | • *Art. 59 TRLCAP* |
| Na Administración Xeral do Estado, os seus organismos autónomos, as entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais, os acordos adoptaranse logo do informe do Servicio Xurídico correspondente, agás nos casos previstos nos artigos 41 e 96, relativos á resolución por falta de constitución de garantía definitiva e por demora do contratista. | • *Disposición final primeira TRLCAP* |
| O informe do Consello Consultivo de Galicia será preceptivo nos casos de:<br>a) Interpretación, nulidade e resolución, cando se formule oposición polo contratista.<br>b) Modificacións do contrato cando a contía destas, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por 100 do prezo primitivo do contrato e este sexa igual ou superior a 1.000.000.000 de pesetas (6.010.121,04 euros) | • *Art. 11, Lei 9/1995, do 10 de novembro* |
| Nos contratos administrativos especiais estas prerrogativas deberán | • *Art. 8.2 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| figurar necesariamente no prego de cláusulas administrativas particulares. | |
| A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolve-las controversias que xurdan entre as partes nos contratos administrativos. | • *Art. 7.2 TRLCAP* |
| b) Contratos administrativos especiais | |
| Estes contratos adxudicaranse de conformidade co disposto no libro I da LCAP, sen prexuízo de que se rexan polas súas propias normas con carácter preferente. | • *Art. 7.1; 5.2.b) TRLCAP* |
| En relación co seu carácter administrativo sinálanse elementos preceptivos do prego de cláusulas administrativas particulares (carácter, garantías, prerrogativas, prórrogas, causas específicas de resolución, competencias da orde xurisdiccional contenciosa). | • *Art. 8 TRLCAP* |
| **C.2. CONTRATOS PRIVADOS** | • *Art. 9 TRLCAP* |
| 1. Nos contratos privados debe distinguirse entre os actos chamados separables (preparación e adxudicación) e os actos relativos aos efectos e extinción dos contratos. Na súa preparación e adxudicación os contratos privados rexeranse polas súas normas específicas se as houber e no seu lugar polo TRLCAP e as súas disposicións de desenvolvemento. En canto aos seus efectos e extinción rexeranse polas normas do dereito privado. Aos contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmobles, propiedades incorporais e valores negociables aplicaránselles, en primeiro lugar, en canto á súa preparación e adxudicación, as normas da lexislación patrimonial das correspondentes Administracións Públicas.<br>2. Os contratos comprendidos na categoría 6 do artigo 206 referente a contratos de seguros e bancarios e de investimentos e, dos comprendidos na categoría 26 do mesmo artigo, os contratos que teñan por obxecto a creación e interpretación artística e literaria e os de espectáculos adxudicaranse conforme ás normas contidas nos capítulos II e III do Título IV, libro II, desta lei.<br>3. A orde xurisdiccional civil será a competente para resolve-las controversias que xurdan entre as partes | |
| **C.3. CONTRATOS MIXTOS** | |
| O TRLCAP adopta o criterio da absorción para determinar cal vai se--lo réxime xurídico destes contratos mixtos. O art. 6 dispón que “cando un contrato administrativo conteña prestacións | • *Art. 6 TRLCAP* |

| *Descrición* | *Referencia Lexislativa* |
|---|---|
| correspondentes a outro ou outros administrativos de distinta clase atenderase para a súa cualificación e aplicación das normas que o regulen ao carácter da prestación que teña máis importancia desde o punto de vista económico".<br><br>Da cualificación adoptada, o réxime do contrato reconducirase a algunha das categorías anteriores, é dicir, contratos administrativos ou privados. | |

# 1.2. Órganos de contratación e autorización para contratar

*Intervención Xeral*

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. ÓRGANOS DE CONTRATACIÓN** | |
| **A.I. ÓRGANOS DE CONTRATACIÓN** | |
| Os Conselleiros son os órganos de contratación da Administración da Comunidade Autónoma e están autorizados para asinar no nome da Xunta os contratos relativos a asuntos propios da súa consellería.<br><br>Nos Organismos Autónomos, Entidades Públicas e demais servicios comúns da Comunidade Autónoma, os órganos de contratación serán os seus representantes legais, segundo o disposto nas súas normas de creación. | • *Art. 34.10 Lei 1/1983, do 22 de febreiro* |
| As facultades de contratación poderán ser obxecto de delegación ou desconcentración nos termos legalmente previstos. | • *Art. 13 Lei 30/1992, do 26 de novembro*<br>• Decreto 87/1990, do 15 de febreiro |
| **B. AUTORIZACIÓN PARA CONTRATAR E APROBAR GASTO** | |
| O órgano de contratación necesitará a autorización previa do Consello de Ministros nos seguintes supostos: | • *Art. 12.2 TRLCAP.*<br>• *Disposicións finais primeira e segunda TRLCAP* |
| a) Cando o orzamento sexa igual ou superior a 2.000.000.000 de pesetas (12.020.242,09 euros).<br><br>b) Nos contratos de carácter plurianual, cando se modifiquen as porcentaxes ou o número de anualidades legalmente previstos ós que se refire o artigo 61 da Lei Xeral Presupostaria.<br><br>c) Cando o pagamento dos contratos se concerte mediante o sistema de arrendamento financeiro ou mediante o sistema de arrendamento con opción de compra e o número de anualidades supere o previsto no artigo 14.4<br><br>Nos contratos que, de acordo co previsto no parágrafo anterior, requiran a autorización do Consello de Ministros, esta producirase con carácter previo á aprobación do expediente de contratación que, ó igual que a aprobación do gasto,corresponderá ó órgano de contratación.<br><br>O Consello de Ministros poderá reclamar discrecionalmente o coñecemento e autorización de calquera outro contrato. Igualmente, o órgano de contratación, a través do Ministro correspondente, poderá elevar un contrato non comprendido nas letras precedentes á consideración do Consello de Ministros. | |
| Na normativa propia da Comunidade Autónoma, regúlase a autorización | • *Art. 35 Lei 4/2000, do 27 de decembro PXCA* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
| --- | --- |
| polo Consello da Xunta para a tramitación de expedientes de gasto dos capítulos II e VI por contía superior a 500 millóns de pesetas. Unha vez obtida a autorización, a aprobación do expediente de gasto corresponderalle ó órgano de contratación da consellería, organismo ou sociedade pública que xestione o crédito. | |
| Ademais dos supostos anteriores requirirá autorización do Consello da Xunta a aprobación do expediente de contratación que teña como pago o establecido mediante a modalidade de arrendamento financeiro ou arrendamento con opción de compra cando se supere o límite máximo de catro anos a partir da adxudicación do contrato. | • *Art. 14.4 TRLCAP*<br>• *Disposición final primeira TRLCAP* |
| Con independencia do anterior, a adquisición de compromisos plurianuais de gasto, derivados dos contratos regulados no TRLCAP, suxeitarase ás limitacións establecidas no artigo 58 do TRLRFP. A modificación das porcentaxes, importes e número de anualidades fixados no dito artigo poderá modificarse polo Consello da Xunta, por proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, logo do informe da Dirección Xeral de Presupostos. | • *Art. 58 TRLRFP* |
| **C. MESA DE CONTRATACIÓN** | |
| Salvo os supostos previstos no artigo 12.4 (constitución de Xuntas de contratación), o órgano de contratación, para a adxudicación dos contratos por procedemento aberto ou restrinxido, estará asistido por unha Mesa constituida por: | • *Art. 81.1 TRLCAP.*<br>• *Art. 22 RD. 390/1996, do 1 de marzo* |
| a) Un presidente, designado polo órgano de contratación. | |
| b) Un mínimo de tres vocais e un secretario designados polo órgano de contratación, o último entre funcionarios do propio órgano de contratación ou, no seu defecto, entre personal ó seu servicio. | • *Art. 5 RD. 390/1998, do 13 de marzo* |
| c) Na Administración Xeral do Estado, nos seus organismos autónomos, entidades de dereito público, entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social, deberán figurar necesariamente entre os vocais un asesor xurídico e un interventor. | • *Disposicións finais primeira e segunda TRLCAP* |
| O secretario será designado polo presidente da Mesa de Contratación. | |
| A designación poderá facerse con carácter permanente ou de maneira específica para a adxudicación dun ou máis contratos. Se é permanente ou se lle atribúen funcións para a pluralidade de contratos, a súa composición deberá publicarse no DOG. | |
| No procedemento negociado, a constitución da Mesa será potestativa para o órgano de contratación. | |

| *Descrición* | *Referencia Lexislativa* |
|---|---|
| A Mesa de Contratación poderá solicitar, antes de formular proposta, cantos informes técnicos considere precisos e se relacionen co obxecto do contrato. | • *Art. 81.2 TRLCAP* |
| Cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa de Contratación, deberá motivar a súa decisión. | • *Art. 81.3 TRLCAP* |

# 1.3. O contratista

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. CAPACIDADE PARA CONTRATAR** | |
| Para poder contratar coa Administración, o particular (persoa natural ou xurídica, española ou estranxeira) ha de ter capacidade xurídica e plena capacidade de obrar desde o punto de vista do dereito privado. Ha de gozar de solvencia financeira e económica, así como técnica e profesional. Este último requisito pode substituírse pola correspondente clasificación nos casos en que sexa esixible por lei. Por último non ha de estar incurso en ningunha das prohibicións establecidas na lei. | • *Art. 15.1 TRLCAP*<br>• *Art. 20 TRLCAP* |
| **A.I. ACREDITACIÓN DA CAPACIDADE PARA CONTRATAR** | • *Art. 15.2 TRLCAP* |
| A capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas españolas acreditarase mediante a escritura de constitución e/ou de modificación, se é o caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fosen, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente Rexistro oficial. | • *Art. 4 RD 390/1996, do 1 de marzo* |
| A capacidade de obrar dos empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este rexistro sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo ou mediante a presentación da correspondente certificación, que se indican no anexo I do RD 390/1996, en función dos diferentes contratos. | • *Art.5 RD 390/1996, do 1 de marzo* |
| A capacidade de obrar das restantes empresas estranxeiras, acreditarase mediante informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspodente ou da Oficina Consular correspondente ao ámbito territorial no que radique o domicilio da empresa. Neste informe farase constar que figuran inscritas no Rexistro Local profesional, comercial ou análogo ou, no seu lugar, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato. | • *Art. 15.2 TRLCAP*<br>• *Art. 6 Real Decreto 390/1996, do 1 de marzo* |
| As persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Comunidade Europea, ademais de acredita-la súa plena capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu Estado e á súa solvencia económica e financeira, técnica ou profesional, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española, que se incluirá coa documentación que se presente, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga. | • *Art. 23 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Nos contratos de obras, de subministracións, de consultoría e asistencia e de servicios de contía igual ou superior á sinalada nos arts. 135.1, 177.2 e 203.2 deberá prescindirse do informe sobre reciprocidade a que se refire o parágrafo anterior en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio. | |
| Nos contratos de obras será necesario que as empresas teñan aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e que estean inscritas no Rexistro Mercantil. | |
| **A.2. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA** | |
| A xustificación da solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse a través dun ou varios dos medios seguintes: | • *Art. 16 TRLCAP* |
| a) Informe de institucións financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais. | |
| b) Tratándose de persoas xurídicas, presentación das contas anuais ou do extracto destas no suposto de que a súa publicación sexa obrigatoria nos Estados onde estas se encontran establecidas. | |
| c) Declaración relativa á cifra de negocios global e das obras, subministración, servicios ou traballos realizados pola empresa no curso dos tres últimos exercicios. | |
| Se por razóns xustificadas, un empresario non pode facilita-las referencias solicitadas, poderá acredita-la súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración. | |
| **A.3. SOLVENCIA TÉCNICA** | |
| A Lei establece distintos requisitos en función do tipo de contratos. | • *Art. 17, 18 e 19 TRLCAP* |
| **A.4. PROHIBICIÓNS PARA CONTRATAR** | |
| En ningún caso poderán contratar coa Administración as persoas nas que concorra algunha das circunstancias seguintes: | • *Art. 20 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|

a) Ter sido condenadas mediante sentencia firme por delictos de falsidade, contra o patrimonio e contra a orde socioeconómica, suborno, malversación, tráfico de influencias, revelación de segredos, uso de información privilexiada, delictos contra a Facenda Pública e a Seguridade Social, delictos contra os dereitos dos traballadores ou por delictos relativos ao mercado e aos consumidores. A prohibición de contratar alcanza as persoas xurídicas os administradores ou representantes das cales, estando vixente o seu cargo ou representación, se encontren na situación mencionada por actuacións realizadas en nome ou a beneficio destas persoas xurídicas ou nas que concorran as condicións, calidades ou relacións que requira a correspondente figura de delicto para ser suxeito activo deste.

b) Ter sido declaradas en quebra, en concurso de acredores, insolvente falido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial; ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagamentos ou ter presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, mentres, se é o caso, non foren rehabilitadas.

c) Ter dado lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

d) Ter sido sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de disciplina de mercado, en materia profesional ou en materia de integración laboral de minusválidos ou moi grave en materia social, de acordo co disposto na Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, ou en materia de seguridade e saúde no traballo, de conformidade co disposto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, sobre prevención de riscos laborais.

e) Estar incursa a persoa física ou os administradores da persoa xurídica nalgún dos supostos da Lei 12/1995, do 11 de maio, sobre incompatibilidades dos membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servicio das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nesta.

A prohibición alcanza igualmente aos cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva e descendentes das persoas a que se refire o parágrafo anterior, sempre que, respecto dos últimos, estas persoas ostenten a súa representación legal.

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| As disposicións ás que se refire este apartado serán aplicables ás Comunidades Autónomas e ás Entidades locais nos termos que, respectivamente, lles sexan aplicables. | |
| f) Non encontrarse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, nos termos que regulamentariamente se determinen. | • *Arts. 7 e 8 do RD. 390/1996, do 1 de marzo* |
| g) Ter incorrido en falsidade grave ao facilitar á Administración as declaracións esixibles en cumprimento das disposicións desta Lei ou das súas normas de desenvolvemento. | |
| h) Ter incumprido as obrigacións impostas ao empresario polos acordos de suspensión das clasificacións concedidas ou da declaración de inhabilitación para contratar con calquera das Administracións Públicas. | |
| i) Se se trata de empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea, non encontrarse inscritos, se é o caso, nun Rexistro profesional ou comercial nas condicións previstas pola lexislación do Estado onde están establecidos. | |
| j) Ter sido sancionado como consecuencia do correspondente expediente administrativo en materia de axudas e subvencións públicas ou por infracción tributaria. | • *Art. 82 TRLGP.*<br>• *Art. 80 LGT*<br>• *Art. 79 LRFP* |
| k) Non encontrarse debidamente clasificadas, se é o caso, conforme ao disposto nesta Lei ou non acredita-la suficiente solvencia económica, financeira e técnica ou profesional. | |
| Os acordos de clasificación serán adoptados pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa na que se constituirá unha Comisión Clasificadora que, por delegación permanente nela, entenderá de cantos expedientes se relacionen coa clasificación do contratista. | |
| No Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas, que dependerá do Ministerio de Facenda e o acceso do cal será público, serán inscritos tódolos empresarios que fosen clasificados pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa. | • *Art. 34 TRLCAP.* |
| Na inscrición expresarase o contido da clasificación respectiva, así como cantas incidencias se produzan durante a súa vixencia. | |
| As CC.AA. poden crear, así mesmo, os seus propios Rexistros Oficiais de Empresas Clasificadas. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Na Comunidade Autónoma de Galicia, por Decreto 199/95 crease o Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, adscrito á Consellería de Industria e Comercio. Esto foi desenvolvido pola Orde do 23 de outubro de 1996 e a Orde do 9 de decembro de 1996, pola que se crea o ficheiro automatizado de datos do Rexistro Xeral de Contratistas. | • *Decreto 199/1995, do 10 de maio, modificado por Decreto 258/1995, do 5 de outubro e 408/1996, do 31 de outubro* |
| **A.5. UNIÓNS DE EMPRESARIOS** | |
| A Administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, sen que sexa necesaria a formalización destas en escritura pública ata que se efectuase a adxudicación ao seu favor.<br><br>Estes empresarios quedarán obrigados solidariamente ante a Administración e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes suficientes para exercita-los dereitos e cumpri-las obrigacións que deriven do contrato ata a extinción deste, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poden outorgar para cobros e pagamentos de contía significativa.<br><br>A duración das unións temporais de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción. | • *Art. 24 TRLCAP* |
| **A.6. GRUPO DE EMPRESAS** | |
| No suposto de persoas xurídicas dominantes dun grupo de sociedades, poderanse ter en conta as sociedades pertencentes ao grupo, para os efectos de acreditación da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, ou da correspondente clasificación, se é o caso, da persoa xurídica dominante, sempre e cando esta acredite que ten efectivamente á súa disposición os medios destas sociedades necesarios para a execución dos contratos. | • *Art. 15.1TRLCAP* |
| **B. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA** | |
| **B.I. SUPOSTOS DE CLASIFICACIÓN** | |
| Para contratar coas Administracións Públicas a execución de contratos de obras, ou de contratos de servicios aos que se refire o artigo 196.3, con excepción dos financeiros, xurídicos e os de lecer, culturais e deportivos (Art. 206 apartado 6, 21 e 26), os contratos que teñan por obxecto a creación e interpretación artística e literaria e os de espectáculos, en ámbolos dous casos por orzamento igual ou superior a 20.000.000 de pesetas (120.202,42 euros), será requisito indispensable que o empresario obtivese previamente a correspondente clasificación. Este requisito será esixido igualmente ao cesionario dun contrato no caso de que fose esixido ao cedente. | • *Art. 25.1 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Por Real Decreto poderá exceptuarse a clasificación para determinados grupos e subgrupos dos contratos de obras e de servicios nos que este requisito sexa esixible ou acorda-la esixencia de clasificación en grupos e subgrupos dos contratos de obras, consultoría e asistencia e servicios, cando, segundo as disposicións vixentes, tal requisito non sexa esixible dadas as circunstancias especiais concorrentes nos citados grupos e subgrupos. | |
| O límite establecido no parágrafo primeiro poderá ser elevado ou diminuído para cada tipo de contrato polo Ministro de Facenda despois da audiencia das Comunidades Autónomas de acordo coas esixencias de cada conxuntura económica. | |
| **B.2. EXCEPCIÓNS** | |
| 2.I. Para os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea, será suficiente que acrediten, se é o caso, ante o órgano de contratación correspondente, a súa solvencia económica e financeira, técnica ou profesional, conforme aos artigos 16, 17 e 19, así como a súa inscrición no Rexistro Profesional ou Comercial nas condicións previstas pola lexislación do Estado onde están establecidas, todo isto sen prexuízo do establecido no artigo 79 da TRLCAP. | • *Art. 25.2 TRLCAP*<br>• *Disposición transitoria quinta TRLCAP* |
| Os certificados de clasificación ou documentos similares que fosen expedidos por Estados Membros da Comunidade Europea a favor dos seus propios empresarios constitúen unha presunción de capacidade fronte aos diferentes órganos de contratación en relación cos parágrafos b) e c) do artigo 16.1; parágrafos b) e d) do artigo 17; parágrafo a) do artigo 18; letra a) do artigo 19 e parágrafos a), b), d) e i) do artigo 20. | • *Art. 26.2 TRLCAP*<br>• *Disposición transitoria quinta TRLCAP* |
| 2.2. Excepcionalmente, cando conveña para os intereses públicos, a contratación con persoas que non estean clasificadas poderá ser autorizada polo Consello de Ministros, despois do informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no ámbito da Administración Xeral do Estado. No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, esta autorización será outorgada polos órganos competentes. | • *Art. 25.3 TRLCAP*<br>• *Disposición final segunda TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| 2.3. Cando, tramitado o procedemento de adxudicación dun contrato de obra ou de servicios aos que se lles esixe clasificación, de acordo co establecido no art. 25.1 TRLCAP. non concorra ningunha empresa clasificada, o órgano de contratación poderá excluí-lo requisito de clasificación previa no seguinte procedemento que para a adxudicación do mesmo contrato se convoque con precisión no prego de cláusulas administrativas particulares e no anuncio, se é o caso, dos criterios de selección en función dos medios para acredita-las empresas a solvencia económica, financeira e técnica, de entre os especificados nos artigos 16, 17 ao 19 da TRLCAP. | • *Art. 25.5 TRLCAP* |
| 2.4 Non se esixe clasificación como contratistas ás Universidades para ser adxudicatarias de contratos coas Administracións Públicas nos supostos do artigo 11 da Lei Orgánica 11/83, do 25 de agosto de Reforma Universitaria. | • *Art. 26.1 TRLCAP* |
| **B.3. COMPETENCIA PARA A CLASIFICACIÓN** | |
| Os acordos sobre clasificación e revisión de clasificación serán adoptados pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda, a través das Comisións Clasificadoras, por delegación permanente daquela. Estes acordos producen efectos ante calquera órgano de contratación. | • *Art. 28.1TRLCAP* |
| As clasificacións acordadas serán revisables a pedimento dos interesados ou de oficio pola Administración en canto deixen de ser actuais as bases tomadas para establecelas. | • *Art. 29 TRLCAP* |
| Os acordos de clasificación e revisión adoptados pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o Ministro de Facenda. | • *Art. 28.2 TRLCAP* |
| No ámbito da Comunidade Autónoma, os acordos de clasificación e revisión para os contratos que celebren os órganos de contratación da Comunidade Autónoma, Organismos Autónomos e demais entidades públicas, poderán ser adoptados polos correspondentes órganos da Comunidade, respecto das empresas domiciliadas no territorio desta, que aplicarán as mesmas regras e criterios establecidos na LCAP e as súas disposicións de desenvolvemento. | • *Art. 28.3 TRLCAP* |
| Para que estes acordos produzan efectos ante os órganos de contratación da Administración Xeral do Estado ou das Comunidades Autónomas distintas das que os adopta deberán ser obxecto de inscrición no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas. | • *Art. 28.3 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Para os contratos que celebran as universidades públicas que teñan a súa sede en territorio da Comunidade Autónoma producirán efectos os acordos de clasificación e revisión de clasificacións adoptadas polos correspondentes órganos da Comunidade Autónoma. | • *Disposición adicional duodécima TRLCAP* |
| **B.4. DENEGACIÓN** | |
| Poderá denegarse a clasificación daquelas empresas das que, en vista das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, poida presumirse que son unha continuación, transformación, fusión ou sucesión doutras empresas respecto das que se acordase a suspensión da súa clasificación ou inhabilitación para contratar de conformidade co disposto nos artigos 20 e 21. | • *Art. 30 TRLCAP* |
| **B.5. COMPROBACIÓN DOS ELEMENTOS DE CLASIFICACIÓN** | |
| A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa poderá solicitar en calquera momento das empresas clasificadas ou pendentes de clasificación os documentos que estime necesarios, para poder comproba-las declaracións e feitos manifestados nos expedientes que tramita.<br><br>Tamén poderá solicitar informe de calquera dos órganos das Administracións Públicas sobre estes aspectos. | • *Art. 32 TRLCAP*<br>• *Disposición final primeira TRLCAP* |
| **B.6 DURACIÓN** | |
| A clasificación das empresas será acordada por un prazo de dous anos e efectuarase en función dos elementos persoais, materiais, económicos e técnicos dos que dispoñan respecto da actividade en que a soliciten e, se é o caso, da experiencia en traballos realizados directamente no último quinquenio.<br><br>As clasificacións acordadas serán revisables a pedimento dos interesados ou de oficio por parte da Administración en canto deixen de ser actuais as bases tomadas para establecelas. | • *Art. 29 TRLCAP* |
| **B.7 CLASIFICACIÓN DE UNIÓNS DE EMPRESARIOS** | |
| As unións temporais de empresarios serán clasificadas na forma que regulamentariamente se determina, mediante a acumulación das características de cada un dos que integran a unión temporal, expresadas nas súas respectivas clasificacións. | • *Art. 31 TRLCAP*<br>• *Art. 24.2 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| É requisito básico para a acumulación das citadas características que tódalas empresas que concorran na unión temporal obtivesen previamente a clasificación como empresas de obras, ou de servicios, en relación co contrato ao que opten, sen prexuízo do establecido para os empresarios non españois de Estados Membros da Comunidade Europea no artigo 25.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas. | • *Disposición transitoria sétimaTRLCAP* |
| Cando concorran na unión empresarios, estranxeiros non comunitarios ou estranxeiros comunitarios, os dous primeiros deberán acredita--la súa clasificación e os últimos, no lugar desta, a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional. | |
| **B.8. CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN** | |
| A clasificación das empresas farase de acordo coas súas características fundamentais, determinadas segundo a súa solvencia económica, financeira, técnica e profesional e indicará a categoría dos contratos á adxudicación dos cales poidan concorrer ou optar por razón do seu obxecto e da súa contía. | • *Art. 27 TRLCAP* |
| Para os efectos de clasificación determinaranse regulamentariamente, en relación co obxecto do contrato, os grupos xerais e subgrupos en que poderán subdividirse aqueles, conforme á súa peculiar natureza. | • *Art. 25.4TRLCAP* |
| **B.9. SUSPENSIÓN DAS CLASIFICACIÓNS** | |
| O Ministro de Facenda, por proposta da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa e despois da formación de expediente administrativo, con audiencia do interesado, poderá dispoñe-la suspensión da clasificación acordada, nos casos previstos na Lei de Contratos das Administracións Públicas. | • *Art. 33.1 TRLCAP*<br>• *Disposición final segunda TRLCAP* |
| A suspensión da clasificación implicará a perda de tódolos dereitos derivados desta, mentres aquela subsista. | • *Art. 33.6 TRLCAP* |
| Cando a clasificación fose acordada por un órgano das Comunidades Autónomas, ao amparo do artigo 28.3 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, a suspensión das clasificacións polas causas e cos efectos previstos neste artigo corresponderá igualmente aos órganos desta Comunidade Autónoma. | • *Art. 33.7 TRLCAP* |
| Para dar efectividade dos acordos de suspensión das clasificacións de empresas, a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas daranse mutuo coñecemento dos acordos adoptados e procederán á súa publicación no BOE ou nos respectivos Diarios Oficiais, na forma que regulamentariamente se determine. | • *Art. 34.8 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **C. NOS CONTRATOS DE OBRAS** | |
| **C.I. TIPOS DE OBRAS** | |
| Para a debida fixación do obxecto dun contrato de obras establécense os grupos xerais seguintes de tipos de obras: | • *Art. 289 RCE* |
| A) Movemento de terras e perforacións. | |
| B) Pontes, viaductos e grandes estructuras. | |
| C) Edificacións. | |
| D) Ferrocarrís. | |
| E) Marítimas. | |
| F) Hidráulicas. | |
| G) Viais e pistas. | • *Norma 1ª da Orde do 28 de marzo de 1968 (MEH) pola que se dictan normas* |
| H) Transporte de productos petrolíferos e gaseosos. | • *Orde do 16 de novembro de 1972 (MEH)* |
| I) Instalacións eléctricas. | |
| J) Instalacións mecánicas. | |
| K) Especiais. | |
| Estes grupos xerais poden subdividirse en subgrupos determinativos de natureza máis particular de tipos de obras. | |
| Aos contratistas clasificados nun ou varios grupos ou subgrupos seralles fixada en cada un deles a categoría dos contratos de obras do estado aos que poderán optar. | • *Art. 291 RCE* |
| A clasificación respecto dunha determinada categoría dentro dun grupo ou subgrupo capacita ao contratista para poder optar a calquera contrato de obra do tipo que corresponda a ese grupo ou subgrupo, sempre que o contrato sexa de categoría igual ou inferior á obtida por el. | |
| A categoría do contrato de execución de obra será determinada pola contía do seu orzamento relacionada co seu prezo de execución, é dicir, polo valor que representa para a súa anualidade media. | • *Art. 292 RCE* |

Descrición | Referencia Lexislativa

| CATEGORÍA | ANUALIDADE MEDIA |
|---|---|
| (a) | menor de 10.000.000 ptas. |
| (b) | maior de 10.000.000 ptas. e menor de 20.00.000 ptas. |
| (c) | maior de 20.000.000 ptas. e menor de 60.00.000 ptas. |
| (d) | maior de 60.000.000 ptas. e menor de 140.00.000 ptas. |
| (e) | maior de 140.000.000 ptas. e menor de 400.00.000 ptas. |
| (f) | maior de 400.000.000 ptas. |

- *Norma 2ª da Orde 28 de marzo de 1968, modificada por Orde do 28 de xuño de 1991*

As categorías (e) e (f) non serán aplicables aos grupos H, I, K sendo o contrato:

| CATEGORÍA | ANUALIDADE MEDIA |
|---|---|
| (e) | maior de 140.000.000 ptas. |

Os valores das categorías poderán ser modificados polo Ministro de Economía e Facenda, por proposta da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, cando as variacións da conxuntura económica así o aconsellen.

## D. REXISTRO OFICIAL DE CONTRATISTAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o Rexistro Oficial de Contratistas está adscrito á Secretaría Xeral da Consellería de Industria e Comercio, organica e funcionalmente.

- *Art. 1 do Decreto 199/1995, do 10 de maio*
- *Art. 1 da Orde do 23 de outubro de 1995 (Consellería de Industria e Comercio)*

Ten por obxecto, como instrumento auxiliar da contratación administrativa, facilita-la concorrencia de licitadores e axiliza-la tramitación de procedementos de contratación pública.

Para o seu funcionamento creouse un ficheiro automatizado que constiúe unha base de datos das persoas físicas ou xurídicas que voluntariamente poden acceder a el a través da presentación da súa solicitude para inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas.

- *Orde do 14 de marzo de 1996 (Consellería de Industria e Comercio)*

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Poderán inscribirse no Rexistro, tódalas persoas tanto físicas como xurídicas que pretendan concorrer ás licitacións que convoque a Administración Autonómica a través das súas Consellerías, Organismos Autónomos, Entidades e empresas, referidas a contratos de natureza administrativa de conformidade coa lexislación de contratos. | • *Art. 2 do Decreto 199/1995, do 10 de maio* |
| A inscrición é voluntaria, polo que non impedirá concorrer á licitación incluíndo tódolos documentos esixidos nos pregos de cláusulas que rexan a contratación. Non obstante, a inscrición será obrigatoria para os contratistas que desexen acollerse ao réxime de garantías globais segundo se estableza regulamentariamente. | • *Art. 4 do Decreto 199/1995, do 10 de maio*<br>• *Art. 37.2 TRLCAP* |
| As solicitudes de inscrición no Rexistro tramitaranse ante a Secretaría Xeral da Consellería de Industria e Comercio, e presentaranse no modelo formalizado que se establecerá mediante orde, xunto á documentación esixida, e seguindo o procedemento recollido na Orde. | • *Orde 23 de outubro de 1995, modificado pola Orde do 9 de decembro de 1996 (Consellería de Industria e Comercio)*<br>• *Art. 5 do Decreto 199/1995, do 10 de maio, modificado polo Decreto 408/1996, do 31 de outubro* |
| Os datos do rexistro son públicos podendo este ser consultado polos Órganos de contratación da Comunidade Autónoma, por unidades administrativas ou particulares que acrediten un interese lexítimo e directo para o efecto. | • *Art. 8 do Decreto 199/1995, do 10 de maio* |
| As Corporacións locais de ámbito territorial da Comunidade Autónoma poderán utiliza-los datos do Rexistro de Contratistas, nos termos que establezan os convenios que, para tal efecto, se subscriban. | |
| A inscrición no rexistro supón para o contratista a exoneración de presentación nas diferentes licitacións da documentación acreditativa sobre: | |
| a) Cumprimento de obrigacións tributarias e de Seguridade Social.<br>b) Capacidade para contratar.<br>c) Clasificación do contratista. | • *Art. 5 da Orde do23 de outubro de 1995, modificada pola Orde do 9 de decembro de 1996* |
| Polo tanto, antes da constitución da mesa de contratación os secretarios da mesa solicitarán a expedición de certificacións relativas aos contratistas concorrentes, na data en que acabe o prazo de presentación de proposicións. | • *Art. 6 da Orde do 23 de outubro de 1995* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Os certificados de encontrarse ao día nas obrigacións tributarias de facenda estatal e autonómica así como o da Seguridade Social terán unha vixencia de seis meses desde a data da súa expedición. Debendo ser renovados polo contratista no momento do vencemento do prazo. De non facelo, o rexistro non acreditará tales puntos. | • *Art. 5.2 da Orde do 23 de outubro de 1995, modificada pola Orde do 9 de decembro de 1996* |
| Este mesmo prazo tamén se aplicará aos documentos xustificativos do pagamento do imposto de actividades económicas, con excepción do prazo de vixencia, que será dun ano. | |
| A pedimento das empresas inscritas, o Rexistro Oficial de Contratistas, a través do sistema xeral de procedementos administrativos da Xunta de Galicia, expedirá certificacións acreditativas da representación destas para os efectos de cancelación de garantías ou outros actos que así o requiran en materia de contratación administrativa. | • *Art. 9 da Orde do23 de outubro de 1995, engadido pola Orde do 9 de decembro de 1996* |
| Suspensión ou anulación da inscrición.- | |
| A Secretaría Xeral da Consellería de Industria e Comercio, logo da formación do expediente administrativo, con trámite de audiencia do interesado, poderá acorda-la suspensión temporal ou, se é o caso, a anulación definitiva da inscrición cando incorra en falsidade dos datos, inexactitudes relevantes ou non se realicen as comunicacións ou declaracións a que está obrigado de conformidade co establecido no decreto regulador. | • *Art. 9 do Decreto 199/95, do 10 de maio, modificado polo Decreto 408/1996, do 31 de outubro* |
| **E. REXISTRO OFICIAL DE EMPRESAS CLASIFICADAS** | |
| No ámbito da Administración Xeral do Estado, o Rexistro Oficial de Empresas clasificadas dependerá do Ministerio de Facenda. | |
| O acceso ao Rexistro será público. | • *Art. 34 TRLCAP* |
| Este Rexistro será levado pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa e neste serán inscritos tódolos empresarios que fosen clasificados por esta nos fins establecidos nesta Lei. | |
| Na inscrición expresarase o contido da clasificación respectiva, así como cantas incidencias se produzan durante a súa vixencia. | |
| As Comunidades Autónomas poderán crear, así mesmo, os seus propios Rexistros Oficiais de empresas clasificadas. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Para os efectos do previsto no artigo 28.3 TRLCAP en canto aos acordos sobre clasificación e revisión de clasificacións adoptados polos correspondentes órganos da Comunidade Autónoma, as Comunidades Autónomas que pretendan dar efecto xeral aos seus acordos de clasificación e revisión das clasificacións remitirán os respectivos expedientes á Comisión de Clasificación que corresponda da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa que, polo procedemento e dentro do prazo que regulamentariamente se estableza, dictará acordo sobre a inscrición ou denegación desta o cal será notificado á empresa e á Comunidade Autónoma.<br><br>O desenvolvemento regulamentario a que se refire o parágrafo anterior establecerá, con carácter previo á adopción do acordo denegatorio pola Comisión de Clasificación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, un trámite específico para que a Comunidade Autónoma poida formular observacións e achegar xustificacións sobre o acordo de clasificación por iso adoptado e que se pretende produza efectos ante órganos de contratación da Administración Xeral do Estado ou de Comunidades Autónomas distintas.<br><br>En ningún caso o acordo denegatorio da citada Comisión de Clasificación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa poderá basearse en motivos distintos ao de non ter aplicado a Comunidade Autónoma as regras e criterios a que se refire o art. 28.3 da LCAP.<br><br>O Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas dependente do Ministerio de Facenda e os Rexistros Oficiais de Empresas Clasificadas das Comunidades Autónomas, no desenvolvemento da súa actividade e nas súas relacións recíprocas, facilitarán ás outras Administracións a información que estas precisen sobre o contido dos respectivos Rexistros. | |

# 1.4. Rexistro de contratos da Comunidade Autónoma de Galicia

## 1.4. Rexistro de Contratos da Comunidade Autónoma de Galicia



| *Descrición* | *Referencia Lexislativa* |
|---|---|
| Co fin de centraliza-la información sobre os contratos administrativos máis relevantes celebrados pola Administración autonómica e polos Organismos Autónomos e Sociedades autonómicas a que se refiren os artigos 11 e 12 do Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro e os seus adxudicatarios creouse o Rexistro de Contratos da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrito á Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda. | • *Art. 1 do Decreto 198/1995, do 16 de marzo, polo que se creou o Rexistro Xeral de Contratos da Comunidade Autónoma*<br>• *Art. 118 TRLCAP* |
| Será obrigatorio inscribir e anotar no Rexistro, respectivamente, a celebración e as incidencias que orixine a execución dos seguintes contratos administrativos: | • *Art. 3 do Decreto 198/1995, do 16 de marzo* |
| a) Os de execución de obras. | |
| b) Os de realización de subministracións. | |
| c) Os de asistencia con empresas consultoras ou de servicios. | |
| d) Os de natureza administrativa especial previstos na lexislación estatal de contratos. | |
| Non se tomará razón no Rexistro dos seguintes: | • *Art. 4 do Decreto 198/1995, do 16 de marzo* |
| a) Os contratos de persoal, regulados pola Lexislación Laboral. | |
| b) Os convenios con entidades de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas de dereito privado. | |
| c) Os contratos de xestión de servicios públicos previstos na lexislación estatal de contratos. | |
| No prazo dun mes contado desde a data de formalización do correspondente contrato, o órgano de contratación remitiralle unha copia daquel ao Rexistro de Contratos xuntamente cunha ficha-resumo, por duplicado, segundo modelo que se aprobará por orde da Consellería de Economía e Facenda, que conteña a información sobre as características esenciais do contrato. Un dos exemplares da ficha-resumo será devolto polo Rexistro de Contratos ao órgano de xestión, o cal se deberá unir ao primeiro recoñecemento da obrigación do correspondente contrato. | • *Art. 5 do Decreto 198/1995, do 16 de marzo* |

# 1.5. Garantías

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. CLASES DE GARANTÍAS** | |
| **A.I. GARANTÍA PROVISIONAL** | |
| Será requisito necesario para acudir aos procedementos abertos ou restrinxidos cando a súa contía iguale ou supere a que se fixa para cada tipo de contrato (indícanse nos capítulos correspondentes) acredita-la constitución previa, á disposición do correspondente órgano de contratación, dunha garantía provisional equivalente ao 2 por 100 do orzamento do contrato, entendéndose por tal o establecido pola Administración como base da licitación, salvo nos supostos en que non se fixese previa fixación do orzamento, nos que será determinada estimativamente polo órgano de contratación. | • *Art. 35.1 TRLCAP* |
| A fianza provisional responderá do mantemento das proposicións presentadas polos licitadores ata a adxudicación e da proposición do adxudicatario ata a formalización do contrato. | • *Art. 43.1 TRLCAP* |
| Cando os contratos non superen as contías sinaladas, así como nos contratos administrativos especiais e nos contratos privados, a esixencia de garantía provisional será potestativa polo órgano de contratación. | |
| No procedemento negociado, sexa cal for a contía do contrato, o órgano de contratación poderá esixi-la constitución dunha garantía provisional que producirá os seus efectos ata o momento da adxudicación. | • *Art. 35.5 TRLCAP* |
| As garantías provisionais constituiranse:<br><br>a) Na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais, encadradas nas Delegacións Provinciais de Economía e Facenda cando se trate de garantías en metálico ou valores.<br><br>b) Ante o órgano de contratación, cando se trate de aval ou seguro de caución, que se incorporará directamente ao expediente de contratación, sen prexuízo de que a súa execución sexa efectuada polos órganos sinalados no parágrafo anterior. | • *Art. 18 do RD. 390/1996, do 1 de marzo* |
| A garantía deberá ser constituída en metálico, mediante aval ou mediante seguro de caución. | • *Art. 35.1 TRLCAP. e arts. 15, 16, e 17 do RD. 390/1996, do 1 de marzo* |
| **A.2. GARANTÍA DEFINITIVA** | |
| Os adxudicatarios dos contratos están obrigados a constituír unha garantía definitiva polo importe do 4 por 100 do importe da | • *Art. 36.1 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
| --- | --- |
| adxudicación, a disposición do órgano de contratación, calquera que fose o procedemento e forma de adxudicación do contrato, que deberá constituírse: | |
| a) En metálico, en valores públicos ou en valores privados avalados polo Estado, por unha Comunidade Autónoma, pola Administración contratante ou por algunha das entidades relacionadas na letra seguinte, con suxeición, en cada caso, ás condicións que poidan regulamentariamente establecerse e en concreto ás establecidas no artigo 15 do R.D. 390/1996, do 1 de marzo. | • *Art. 15 do RD. 390/1996, do 1 de marzo*<br>• *Art. 35.1.a) TRLCAP* |
| O metálico, os títulos ou os certificados correspondentes depositaranse na Caixa de Depósitos ou nas súas sucursais na forma e coas condicións que regulamentariamente se establezan. | |
| b) Mediante aval prestado, na forma e condicións regulamentarias, por algún dos Bancos, Caixas de Aforros, Cooperativas de Crédito, Entidades Financeiras de Crédito e Sociedades de Garantía Recíproca autorizados para operar en España e constituído nos establecementos sinalados no apartado anterior. | • *Art. 16 do RD. 390/1996, do 1 de marzo*<br>• *Art. 35.1.b) TRLCAP* |
| O aval ha de ser solidario, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e de duración indefinida | |
| c) Por contrato de seguro de caución, celebrado cunha Entidade aseguradora autorizada para operar no ramo de caución, debendo entregarse a póliza nos establecementos sinalados no apartado anterior, e cos requisitos establecidos no art. 17 do R.D. 390/1996, do 1 de marzo. | • *Art. 17 do RD. 390/1996, do 1 de marzo*<br>• *Art. 35.1.c) TRLCAP* |
| Cando o prezo do contrato se determine en función de prezos unitarios, o importe da garantía a constituír será do 4 por 100 do orzamento base de licitación. | |
| Nos contratos privados será facultativa para o órgano de contratación a esixencia da garantía definitiva. | |
| **A.3. GARANTÍA GLOBAL** | |
| Alternativamente, o contratista poderá constituír unha garantía global con referencia a tódolos contratos que celebre cunha Administración Pública, ou cun ou varios órganos de contratación que responderá, xenerica e permanentemente do mantemento das proposicións e da formalización do contrato, no suposto de garantía provisional, ata o 2 por 100 do orzamento do contrato e no suposto de garantía definitiva, do cumprimento polo adxudicatario das obrigas de tódolos contratos ata o 4 por 100 ou porcentaxe maior | • *Art. 36.2 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| que proceda segundo o TRLCAP, do importe de adxudicación ou do orzamento base de licitación, cando o prezo se determine en función de prezos unitarios, sen prexuízo de que a indemnización de danos e prexuízos a favor da Administración, que se é o caso, poida producirse, se exercite sobre o resto da garantía global. | |
| **A.4. GARANTÍA COMPLEMENTARIA** | |
| En casos especiais o órgano de contratación poderá establecer no prego de cláusulas administrativas particulares que, ademais da garantía definitiva, se preste unha complementaria que non poderá supera-lo 6 por 100 do importe de adxudicación do contrato, podéndose alcanzar unha garantía total de ata un 10 por 100 do citado importe. Para tódolos efectos esta garantía terá a consideración de garantía definitiva. | • *Art. 36.3 TRLCAP* |
| **A.5. GARANTÍAS DEFINITIVAS E PRESUNCIÓN DE TEMERIDADE** | |
| No suposto de adxudicación a un empresario a proposición do cal estivese inmersa inicialmente en presunción de temeridade, o órgano de contratación esixirá ao contratista a constitución dunha garantía definitiva polo 20 por 100 do importe de adxudicación ou do orzamento base de licitación cando o prezo se determina en función de prezos unitarios e que substituirá á do 4 por 100, sen que resulte de aplicación o disposto no artigo 36.3. | • *Art. 36.4 TRLCAP* |
| O prego de cláusulas administrativas particulares poderá, así mesmo, establecer un sistema de garantías complementarias, de ata un 16 por 100 do prezo do contrato, en función da desviación á baixa da oferta seleccionada da que se defina como oferta media e da aproximación daquela ao umbral a partir do cal as ofertas deben ser consideradas como anormalmente baixas. | • *Art. 36.5 TRLCAP* |
| En ningún caso as garantías poden superar por acumulación a porcentaxe do 20 por 100. | • *Art. 36.6 TRLCAP* |
| **A.6. EXCEPCIÓN Á CONSTITUCIÓN DE GARANTÍAS** | |
| Quedan exceptuadas da constitución de garantía as entidades que teñan recoñecida esta excepción nas leis estatais ou autonómicas correspondentes, limitada neste último suposto ao respectivo ámbito competencial. | • *Art. 40 TRLCAP* |
| **B. PRAZO DE CONSTITUCIÓN E REAXUSTE DE GARANTÍAS** | |
| O adxudicatario deberá acreditar no prazo de quince días, contados desde a notificación, a constitución da garantía definitiva. | • *Art. 41.1 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| De non cumprirse este requisito por causas imputables ao adxudicatario, a Administración declarará resolto o contrato. | |
| No mesmo prazo contado desde a data en que se fagan efectivas as penalidades ou indemnizacións, o adxudicatario deberá repoñer ou amplia--la garantía na contía que corresponda, incorrendo en caso contrario en causa de resolución. | |
| Cando a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o prezo deste, reaxustarase a garantía no prazo sinalado anteriormente, contado desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación para que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da súa modificación<br>. | • *Art. 42 TRLCAP* |
| **C. DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA OU CANCELACIÓN DE AVAL** | |
| Aprobada a liquidación do contrato, transcorrido o prazo de garantía, devolverase o importe da fianza ou cancelarase o aval, sempre que non estivesen afectos ao cumprimento das responsabilidades seguintes: | • *Art. 47.1 TRLCAP* |
| ➢ Penalidades impostas ao contratista por razón da execución do contrato, cando aquelas non poidan deducirse das certificacións. | • *Art. 43.2 TRLCAP* |
| ➢ Obrigas derivadas do contrato, gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións e dos danos e perdas ocasionados a esta con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento deste sen resolución. | |
| ➢ Incautación que pode decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co establecido neste ou con carácter xeral na lexislación de contratos das Administracións Públicas. | |
| No suposto de recepción parcial só poderá o contratista solicita-la devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía cando así se autorice expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares. | • *Art. 47.2 TRLCAP* |
| Nos casos de cesión de contratos non se procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente ata que non se encontre formalmente constituída a do cesionario. | • *Art. 47.3 TRLCAP* |
| Transcorrido un ano desde a data de terminación do contrato sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase sen máis demora á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se producisen responsabilidades ás que deban responder. | • *Art. 47.4 TRLCAP* |

| *Descrición* | *Referencia Lexislativa* |
|---|---|
| Nos casos das garantías especiais e complementarias previstas no artigo 36, epígrafe 3, 4 e 5 e no artigo 83.5, unha vez practicada a recepción do contrato, procederase a substituí-la garantía no seu día constituída por outra polo importe ó que se refire o artigo 36.1, que será cancelada segundo o exposto neste apartado. | |
| Acordada a devolución da fianza ou, se é o caso, a resolución que proceda, será comunicada polo órgano de contratación que formalizou o contrato á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro. | • *Art. 20 do RD. 390/1996, do 1 de marzo* |
| Para a devolución do depósito os interesados deberán formular expresa petición ante a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro acompañando a o+rde da autoridade ou tribunal que dispoña a devolución e lexitimación, dos documentos que acrediten a personalidade, do xustificante do depósito e demais documentación xustificativa, entregándolle en substitución do xustificante, recibo acreditativo que recolla as súas características. | |

# 1.6. Publicidade

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|

## A. PUBLICIDADE E PRAZOS

### A.I. PUBLICIDADE DAS LICITACIÓNS

#### I.I. En Diarios nacionais:

- *Art. 78 TRLCAP*

Os procedementos abertos e restrinxidos deberán publicarse no “Boletín Oficial do Estado”.

Os procedementos negociados tamén se publicarán no BOE cando sexa obrigatoria a súa publicidade no “Diario Oficial das Comunidades Europeas”.

Nas Comunidades Autónomas, Entidades Locais e os seus Organismos Autónomos e Entidades de dereito público, cando se trate de contratos que pola súa contía non teñan que publicarse no “Diario Oficial das Comunidades Europeas”, poderán substituí-la publicidade no “Boletín Oficial do Estado” pola que realicen nos respectivos Diarios ou Boletíns Oficiais.

**Prazos**

Nos procedementos abertos, a publicación efectuarase cunha antelación mínima de quince días ao sinalado como o último para a admisión de proposicións. Non obstante nos contratos de obras, este prazo será de vinteseis días.

Este prazo será de dez días anteriores ao último para a recepción das solicitudes de participación nos procedementos restrinxidos.

Nos procedementos restrinxidos o prazo será de dez días anteriores ó último para a recepción das solicitudes de participación e o prazo para a presentación de proposicións será de quince días desde a data do envío da invitación escrita.

Nos procedementos negociados con publicidade, os prazos de recepción de solicitudes de participación deberán coincidir cos resultantes respecto da data do envío do anuncio do contrato á Oficina de Publicacións da Comunidade Europea e que se especifican nos artigos 140.2, 181.2 e 209.2 do TRLCAP ( 37 días ou 15 en caso de urxencia)

#### I.2. No Diario Oficial das Comunidades Europeas:

- *Refs. 133, 135, 137, 138, 139, 140, 177, 178, 179, 181, 203, 209, 216.2 TRLCAP*

Os procedementos relativos aos contratos regulados no libro II, Títulos I, III e IV do TRLCAP anunciaranse, ademais, no Diario Oficial das Comunidades Europeas nos casos e prazos que se

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| sinalan no seu articulado e conforme ao procedemento e modelo oficial establecido pola Comunidade Europea e poderán selo voluntariamente nos demais supostos.<br>O envío do anuncio ao DOCE deberá preceder a calquera outra publicidade. En todo caso esta última publicidade deberá indica-la data daquel envío e non conterá indicacións distintas ás incluídas neste anuncio. | • *Disposicións adicionais primeira e segunda TRLCAP* |

## A.2. PUBLICIDADE E NOTIFICACIÓN DAS ADXUDICACIÓNS

### 2.I. Notificación

*• Art. 93 TRLCAP*

*• Decreto 198/95, do 16 de marzo*

A adxudicación do contrato, unha vez acordada polo órgano de contratación e sexa cal for o procedemento seguido e a forma de adxudicación empregada, será notificada aos participantes na licitación e despois de formalizada comunicarase ao Rexistro de Contratos da Comunidade Autónoma de Galicia.

No prazo dun mes contado desde a data de formalización do correspondente contrato, o órgano de contratación remitirá unha copia daquel ao Rexistro de Contratos.

Así mesmo, remitiralle unha ficha-resumo que conteña a información sobre as características esenciais do contrato segundo modelo que será aprobado pola Consellería de Economía e Facenda.

### 2.2. Publicidade das adxudicacións

Cando o importe da adxudicación sexa igual ou superior a dez millóns de pesetas publicarase no BOE ou nos respectivos Diarios ou Boletíns Oficiais das Comunidades Autónomas e Entidades Locais, nun prazo non superior a corenta e oito días a contar desde a data de adxudicación do contrato, un anuncio no que se dea conta desta adxudicación.

Nos contratos suxeitos a publicidade obrigatoria no DOCE, deberá enviarse ao citado Diario Oficial e ao BOE., no mesmo prazo sinalado, un anuncio no que se dea conta do resultado da licitación, sen que nestes supostos exista a posibilidade de substituí-la publicidade no BOE. pola que as Comunidades Autónomas e Entidades Locais poidan realizar nos seus Diarios ou Boletíns Oficiais.

O órgano de contratación comunicará, excepto nos casos en que se omitise o anuncio de adxudicación, a todo candidato ou licitador rechazado que o solicite, no prazo de quince días, a partir da recepción da solicitude, os motivos do rechazo da súa candidatura

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| ou da súa proposición e as características da proposición do adxudicatario, determinante da adxudicación ao seu favor. | |
| **2.3. Excepción** | • *Art. 24 RD. 390/1996, do 1 de marzo e Anexos VI e VII* |
| Poderá omitirse o anuncio do resultado da adxudicación cando a divulgación da información relativa á celebración do contrato constitúa un obstáculo para a aplicación da lexislación, sexa contrario ao interese público ou poida prexudica-la competencia leal entre eles e nos declarados secretos ou reservados e cando a execución esixa medidas de seguridade especiais. | |
| **2.4. Contido** | |
| Os anuncios indicativos e os de licitación e adxudicación dos contratos a publicar no BOE., DOG. ou DOCE terán o contido que se determine nos modelos que figuran nos anexos VI e VII do RD. 390/1996. | |

# 2. Contrato de obras

# 2.1. Obra nova

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|

## ACTUACIÓNS PREVIAS Á TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN. O PROXECTO

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A.I. ELABORACIÓN DO PROXECTO** | • *Art. 122 TRLCAP* |
| I.I Resolución do órgano de contratación polo que se autoriza a elaboración do proxecto. | |
| I.2 Será realizado polo facultativo da Administración ou polo contratista, requirindo neste último caso a redacción previa por parte da Administración do correspondente anteproxecto ou documento similar, podéndose limitar a redacta-las bases técnicas a que deba axustarse o proxecto só cando por causas xustificadas fose conveniente para o interese público | • *Art. 125.2 TRLCAP* |
| I.3 O contido do proxecto será o seguinte: | • *Art. 124.1 TRLCAP* |
| I.3.I Obras de primeiro establecemento, reforma ou grande reparación e demolición[1].<br>a) Memoria que describa o obxecto das obras e os antecedentes e situación previa a estas, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de calquera orde a ter en conta.<br>b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución das servidumes e demais dereitos reais, se é o caso, e servicios afectados na súa execución.<br>c) O prego de prescricións técnicas particulares onde se fará a descrición das obras e se regulará a súa execución, con expresión da forma en que esta se levará a cabo, da medición | |

[1] Nota: O Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, ao describi-lo contido dos proxectos, distingue entre as obras de primeiro establecemento, reforma ou grande reparación de importe superior a 20 millóns de pesetas e as restantes clases de obras, sinalando para estas últimas que se poderá simplificar, refundir ou suprimir algún dos documentos indicados no apartado I.3.I., sempre que a documentación sexa suficiente para definir, executar e valorar, as obras que comprende.

Ao non estar aínda desenvolvido regulamentariamente este precepto, deberá terse en conta o disposto no aínda vixente Regulamento de Contratos do Estado, que só prevé esta posibilidade para as obras de reparación simple e de conservación e mantemento.

En consecuencia, mentres non se proceda ao desenvolvemento regulamentario do artigo 124.2 do TRLCAP, non se poderá simplificar, refundir ou suprimir ningún dos documentos do proxecto nas obras de primeiro establecemento, reforma ou grande reparación de importe inferior a 20 millóns nin nas demolicións.

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| das unidades executadas e o control de calidade das obrigacións de orde técnica que correspondan ao contratista | |
| d) Un orzamento integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, se é o caso, estado de medicións e dos detalles precisos para a súa valoración. | |
| e) Un programa de desenvolvemento dos traballos ou plano de obra de carácter indicativo, con previsión, se é o caso, do tempo e custo. | |
| f) As referencias de todo tipo en que se fundamentará o replaneo da obra. | |
| g) Estudio xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executa-la obra, excepto cando resulte incompatible coa natureza da obra. | • *Art. 124.3 TRLCAP* |
| h) Estudio de seguridade e saúde ou estudio básico de seguridade e saúde nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras. | • *Art. 4 a 6 do RD 1627/1997, de 24 de outubro* |
| Na fase de redacción do proxecto elaborarase un estudio de seguridade e saúde nos proxectos de obras en que se dea algún dos supostos seguintes: | |
| - Que o orzamento de execución por contrata incluído no proxecto sexa igual ou superior a 75 millóns de pesetas. | |
| - Que a duración estimada sexa superior a 30 días laborables, empregándose nalgún momento a máis de 20 traballadores simultaneamente. | |
| - Que o volume de man de obra estimada, entendéndose por tal a suma dos días de traballo do total dos traballadores da obra sexa superior a 500. | |
| - A obras de túneles, galerías, conduccións subterráneas e presas. | |
| O contido mínimo deste estudio establécese no art. 5 do Real Decreto 1627/1997. | |
| Nos proxectos de obras non incluídos en ningún dos supostos anteriores elaborarase un estudio básico de seguridade e saúde o contido do cal se recolle no art. 6 do R.D. citado. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| i) Evaluación de impacto ambiental Nos termos previstos no Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, modificado por Real decreto ley 9/2000 do 6 de outubro e por ley 6/2001 do 8 de maio, e nos Decretos327/1991 do 4 de outubro e 442/1990, do 13 de setembro. | • *Decreto 327/1991, do 4 de outubro de 1991*<br>• *Decreto 442/1990, do 13 de setembro* |
| j) Anexo de control de calidade nos proxectos de execución das obras de edificación no que se recollan as características e requisitos que deberán cumpri-los materiais e unidades de obra, así como o orzamento de control de calidade.<br><br>Inicialmente será de obrigado cumprimento naquelas obras cun orzamento total de contratación (IVE incluído) que supere os 50 millóns de pesetas, reservando ao fundado criterio da dirección facultativa das obras a súa aplicación en obras de menor orzamento. | • *Decreto 232/1993, do 30 de setembro* |
| k) Canta documentación veña prevista en normas de carácter legal ou regulamentario. | |
| I.3.2 Obras de reparación simple e conservación e mantemento.<br><br>Nas obras de reparación simple poderase simplificar, refundir ou incluso suprimir algún ou algúns dos documentos anteriores, sempre que os restantes sexan suficientes para definir, valorar e executa-las obras que comprende.<br><br>O contido dos proxectos de obras de conservación e mantemento será análogo ao das obras de reparación simple, excepto nos casos en que polas súas características especiais non sexan susceptibles de integrarse nun proxecto ou orzamento e deban, polo tanto, ser executadas directamente pola Administración con cargo ás consignacións libradas periodicamente para estes fins.<br><br>Mentres non se proceda ao desenvolvemento regulamentario do artigo 124.2 do TRLCAP, non se poderá simplificar, refundir ou suprimir ningún dos documentos do proxecto nas obras de primeiro establecemento, reforma ou grande reparación de importe inferior a 20 millóns nin nas de demolición. (Ver nota). | • *Art. 124.2 TRLCAP*<br>• *Art. 70 e 71 RCE* |
| I.4 Cando a elaboración do proxecto fose contratada integramente pola Administración, de acordo co art. 196.2.a), o autor ou autores deste incorrerán en responsabilidade nos termos establecidos nos artigos 217 a 219. No suposto de que a prestación se levase a cabo en colaboración coa Administración e baixo a súa supervisión, de acordo co art. 197.2.b), as responsabilidades limitaranse ao ámbito da colaboración. | • *Art. 124.5 TRLCAP* |
| I.5 A contratación conxunta de elaboración de proxecto e execución das | • *Art. 125.1 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| obras correspondentes terá carácter excepcional e só poderá aplicarse aos seguintes supostos:<br><br>a) Cando o sistema constructivo puidese resultar determinante das características esenciais do proxecto.<br><br>b) Cando as características das obras permitan anticipar diversos tratamentos de trazado, deseño e orzamento. | |
| **A.2. INFORME DA OFICINA DE SUPERVISIÓN** | |
| Será emitido unha vez examinados detidamente os proxectos elaborados e unha vez comprobado o cumprimento das disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario, así como a normativa técnica que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto. | • *Art. 128 TRLCAP* |
| Terá carácter facultativo para proxectos de obras de contía inferior a 50 millóns de pesetas, sempre que non afecten á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra. | |
| En particular, farase declaración expresa por parte da oficina ou unidade de supervisión de proxectos sobre a inclusión do correspondente estudio de Seguridade e Saúde ou, se é o caso, do estudio básico. | • *Art. 17 do RD. 1627/1997, do 24 de outubro* |
| **A.3. APROBACIÓN DO PROXECTO** | |
| Redactado o proxecto e informado pola oficina de supervisión de proxectos e emitidos cantos informes doutros órganos da Administración sexan preceptivos ou se estimen convenientes para un maior coñecemento de cantos factores poidan incidir na execución ou explotación das obras, o órgano de contratación resolverá sobre a aprobación do proxecto. | • *Art. 122 TRLCAP*<br>• *Art. 78 RCE* |
| **A.4. REPLANEO DA OBRA** | |
| Aprobado o proxecto procederase a efectua-lo replaneo da obra. | • *Art. 129.1 TRLCAP* |
| Será efectuado polo servicio correspondente e ten por obxecto comproba-la realidade xeométrica desta e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución, que será requisito indispensable para a adxudicación en tódolos procedementos. Así mesmo, deberanse comprobar cantos supostos figuren no proxecto elaborado e sexan básicos para o contrato a celebrar. | |
| Para estes efectos, incluirase certificación acreditativa, baixo a persoal responsabilidade do Xefe do Servicio correspondente, da plena posesión e da disposición real dos terreos necesarios para a normal execución do contrato, así como, a viabilidade do proxecto. | • *Art. 81 RCE* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Na tramitación dos expedientes de contratación referentes a obras de infraestructuras hidráulicas, de transporte e de estradas, dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade dos terreos, aínda que a ocupación efectiva daqueles deberá ir precedida da formalización da acta de ocupación.<br><br>(O art. 173 da Lei 13/1996, do 30 de decembro de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social regula o réxime xurídico do contrato de concesión de construcción e explotación de obras hidráulicas).<br><br>Nos casos de cesión de terreos ou locais por entidades públicas será suficiente, para acredita-la dispoñibilidade dos terreos, a achega dos acordos de cesión e aceptación polos órganos competentes. | • *Art. 129.2 TRLCAP*<br>• *Disposición adicional segunda da Lei 9/1996, do 15 de xaneiro* |
| **A.5.SUPERVISIÓN, APROBACIÓN E REPLANEO NA CONTRATACIÓN CONXUNTA DE PROXECTO E OBRA** | |
| Na contratación conxunta de proxecto e obra o contratista presentará o proxecto ao órgano de contratación para a súa supervisión, aprobación e replaneo. Se a administración observase defectos ou referencias de prezos inadecuados no proxecto recibido, requirirá a rectificación por parte do contratista, nos termos do art. 217, sen que, ata entón e unha vez que se proceda á nova supervisión, aprobación e replaneo do proxecto, poida iniciarse a execución da obra. No suposto de que o órgano de contratación e o contratista non chegasen a un acordo sobre os prezos, o último quedará exonerado de executa-las obras, sen outro dereito fronte ao órgano de contratación que o pagamento dos traballos de redacción do correspondente proxecto. | • *Art. 125.3 TRLCAP*<br>. |
| **B.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN.** | |
| A tramitación do expediente de contratación será iniciada polo órgano de contratación xustificando a necesidade desta.<br><br>Unha vez realizado o replaneo da obra e incorporado o proxecto (ademais da acta de replaneo e o certificado de dispoñibilidade dos terreos) engadiranse os seguintes documentos ao expediente de contratación: | • *Art. 67 TRLCAP* |
| **B.1. PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES** | |
| I.I *Contido*<br><br>Deberán incluí-los seguintes aspectos:<br><br>- Definición do obxecto do contrato, con referencia ao proxecto de que se trate, e mención expresa dos documentos deste que revistan carácter contractual. Obrigatoriamente terán este carácter os planos, o prego de prescricións técnicas e os cadros de prezos. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| - Orzamento formulado pola Administración, coa excepción dos contratos celebrados por concurso por non ser posible a fixación previa do seu orzamento definitivo ou aqueles en que non se puidese establecer previamente os proxectos e a distribución en anualidades, se é o caso. | • *Art. 82.2 en relación 113.1 e 2 RCE* |
| - Constancia expresa da existencia dos créditos precisos para atende-las obrigacións económicas que deriven para a Administración polo cumprimento do contrato ou mención da súa especial circunstancia se se trata de contratos celebrados por concurso nos que non se poida fixar previamente o orzamento, o proxecto ou prescricións técnicas. | • *Art. 82.4 en relación co art. 170 RCE* |
| - Prazo total de execución do contrato e indicación dos prazos parciais correspondentes se a Administración estima oportuno establecer estes últimos ou referencia de se se fixarán na aprobación do programa de traballo, sinalando, se é o caso, cales darán motivo ás recepcións parciais. | |
| - Dereitos e obrigacións específicas das partes do contrato con especial referencia ao réxime de pagamentos. | • *Art. 82.5 RCE* |
| - Causas especiais de resolución do contrato. | • *Art. 82.6 RCE* |
| - Especial mención das penalidades administrativas que sexan de aplicación polo incumprimento dos prazos parciais, así como das que excepcionalmente poidan establecerse. | • *Art. 82.7 en relación co art. 138 RCE* |
| - Prazo de garantía. | • *Art. 82.8 RCE* |
| - Cláusula de revisión do prezo estipulado, se é o caso, e calquera outras que a Administración estime oportuno incluír, sen prexuízo de que a Administración poida pacta-las condicións que considere que non resultan contrarias ao interese público ou ao ordenamento xurídico. | • *Art. 82.9 RCE*<br>• *Art. 4 RCE, redactado por RD 2528/1986, do 28 de novembro* |
| - Indicación, se é o caso, daquelas cláusulas administrativas ou prescricións técnicas dos pregos que poidan ser modificadas polas ofertas dos licitadores e límite destas modificacións. | • *Art. 82.10 RCE* |
| - Forma de adxudicación do contrato, expresando as bases polas que ha de rexerse a licitación, cando esta sexa procedente, clasificación que deba ostenta-lo empresario e garantías provisionais e definitivas a prestar polos contratistas. | • *Art. 82.11 e 12 RCE* |
| - Prevención expresa de que para tódolos efectos se entenderá que as ofertas dos empresarios comprenden non só o prezo da contrata senón tamén o importe do Imposto sobre o Valor Engadido. | • *Art. 77 TRLCAP* |
| - Expresa submisión á lexislación de contratos das Administracións Públicas e ao prego de cláusulas administrativas xerais aplicables con | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| especial referencia, se é o caso, ás derrogacións de que fose obxecto este prego. | |
| - Os restantes datos e circunstancias que se esixan para cada caso por outros preceptos do Regulamento Xeral de Contratación do Estado. | |
| - Cando se contrate conxuntamente proxecto e obra o prego deberá precisar que non se procederá á fiscalización do gasto, á súa aplicación así como á adquisición do compromiso xerado ata que non se coñeza o importe e as condicións do contrato de acordo coa proposición seleccionada. | • *Art. 125.4 TRLCAP* |
| - No procedemento negociado determinaranse os aspectos económicos e técnicos que, se é o caso, deban ser obxecto de negociación coas empresas. | • *Art. 92.3 TRLCAP* |
| - No procedemento de concurso estableceranse os criterios obxectivos que han de servir de base para a adxudicación. | • *Art. 86.1 TRLCAP* |
| - Deberá terse en conta así mesmo a resolución do 8 de marzo de 1996, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta do 8 de febreiro de 1996, polo que se establecen regras de adxudicación dos contratos de obras por concurso e procedemento negociado na Administración da Comunidade Autónoma (Ver D.6.2.). | • *Art. 1, 2 e 4 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 6 de febreiro de 1996.* |
| I.2 Cando o contrato se formalice en exercicio anterior ao da iniciación da execución, o prego deberá somete-la adxudicación á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente. | • *Art. 69.3 TRLCAP* |
| I.3 Deberá precisarse o prazo de duración do contrato e, cando estiver prevista, da súa posible prórroga e alcance desta que, en todo caso deberá de ser expresa, sen que poida ser prorrogado o contrato por consentimento tácito das partes. | • *Art. 67.1 TRLCAP* |
| I.4 As declaracións contidas no prego de cláusulas administrativas particulares non poderán ser modificadas polos correspondentes contratos, salvo o que se dispoña na lexislación de contratos das Administracións Públicas. | • *Art. 34 RCE* |
| **B.2. CERTIFICADO DE EXISTENCIA DE CRÉDITO** | |
| Para tal fin, o Xefe do Servicio de contabilidade da Consellería ou Organismo de que se trate expide o documento de retención de crédito RC. | • *Art. 67.2 TRLCAP* |
| **B.3. AUTORIZACION DO CONSELLO DA XUNTA** | |
| Ver epígrafe correspondente | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **B.4 RETENCIÓN DO 2% DE TRABALLOS DE DOTACIÓN ARTÍSTICA NAS OBRAS PÚBLICAS E NOS CAMIÑOS DE SANTIAGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA** | |
| No orzamento dos proxectos técnicos das obras que acometa a Xunta ou calquera entidade pública dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia por importe superior a vinte millóns de pesetas, cando este sexa financiado total ou parcialmente con fondos da propia Comunidade Autónoma comprenderase unha porcentaxe do 2% por traballos de dotación artística nas obras públicas e camiños de Santiago (exclúense as obras que por si mesmas cumpran funcións integradoras de manifestacións artísticas ou culturais e as derivadas da execución dos planos de investimento xacobeos). | |
| Para iso, ao principio do exercicio reterase o 2% sobre o 70% dos créditos afectados á realización de traballos de dotación artística, nas aplicacións correspondentes a proxectos técnicos de obras novas do capítulo VI, non financiadas polo FCI ou con fondos finalistas da Unión Europea e transferirase á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Esta transferencia terá carácter de "a conta" sobre a liquidación definitiva que será do 2% do importe dos proxectos aprobados. | • *Lei 12/1991, do 14 de novembro*<br>• *Decreto 4/1992, do 16 de xaneiro*<br>• *Art. 43 da Lei 4/2000, do 27 de decembro PXCA* |
| **B.5. FISCALIZACIÓN PREVIA** | |
| 5.I A intervención exercerá a función interventora en vista do expediente orixinal completo unha vez reunidos tódolos xustificantes e emitidos os informes preceptivos e que estea, polo tanto, en disposición de que se dicte acordo por quen corresponda. | • *Art. 67.2 do TRLCAP*<br>• *Art. 98.1 TRLRFP* |
| 5.2 A fiscalización do gasto deberá ser emitida pola intervención no prazo de: | • *Art. 98.2 TRLRFP* |
| - Dez días nos expedientes de tramitación ordinaria.<br>- Cinco días se a tramitación é urxente ou se aplica o réxime especial de fiscalización previsto no número 2 do art. 97. | |
| 5.3 Será realizada pola intervención Xeral ou pola Intervención Delegada segundo as súas competencias, baseándose no disposto no art. 97.2 do Decreto lexislativo 1/1999 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia e no art. 7.1 do Acordo de fiscalización limitada previa. | • *Art. 97.2 doTRLRFP* |
| 5.4 A fiscalización previa realizarase mediante a comprobación dos seguintes aspectos: | • *Resolución do 31 de marzo de 1999 pola que se dá publicidade ó acordo do Consello da Xunta de Galicia do 18 de marzo de 1999* |
| - A existencia de crédito orzamentario e que o proposto sexa o | • *Apartado 1º do acordo do* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| adecuado á natureza do gasto ou obrigación que se propoña contraer. | Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999 |
| Nos casos en que se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, se cumpre o preceptuado no art. 58 do Decreto lexislativo 1/1999. | |
| - Que as obrigacións ou gastos son xeradas por órgano competente. | |
| - Que existe proxecto informado pola oficina de Supervisión de Proxectos. | • *Apartado 7º.A) do acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999* |
| - Que existe prego de cláusulas administrativas particulares e que estea informado pola Asesoría Xurídica. | |
| - Cando se utilice prego de cláusulas administrativas, verificar que o contrato a celebrar é de igual natureza ao informado pola Asesoría Xurídica e aprobado polo órgano de contratación. | |
| - Que exista acta de replaneo previo, asinada polo xefe de servicio correspondente. | |
| - Cando se propoña como forma de adxudicación o concurso, comprobación de que o prego de cláusulas administrativas particulares establece criterios obxectivos para a adxudicación do contrato. | |
| - Cando se propoña como procedemento de adxudicación o negociado, comprobar que concorren as circunstancias previstas nos artigos 140 e 141 do Texto Refundido da Lei de Contratos e, se é o caso, que se cumpren os requisitos do art. 3º e seguintes do Decreto 122/1996, de 8 de febreiro. | |
| **B.6. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE** | |
| 6.I O expediente de contratación terminará mediante resolución motivada do órgano de contratación, aprobándose este e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Esta resolución comprenderá tamén a aprobación do gasto, salvo naqueles contratos os proxectos ou orzamentos dos cales non puidesen ser establecidos previamente pola Administración ou que as normas de desconcentración, se é o caso, establecesen o contrario. | • *Art. 69.1 TRLCAP* |
| 6.2 Nos contratos o financiamento dos cales deba realizarse con achegas de distinta procedencia, aínda que se trate de órganos dunha mesma Administración Pública, será tramitado un só expediente polo órgano de contratación ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de tódalas achegas | • *Art. 69.2 TRLCAP*<br>• *Art. 84 RCE* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| e a orde do seu aboamento, con inclusión dunha garantía para a súa efectividade. | |
| 6.3 Os expedientes de contratación poderán ultimarse incluso coa adxudicación do contrato e a súa formalización correspondente, aínda cando a súa execución, se realice nunha ou en varias anualidades, deba iniciarse no exercicio seguinte. Para estes efectos, poderán comprometerse créditos coas limitacións que se determinan no Decreto lexislativo 1/1999 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia e nas sucesivas leis anuais de orzamentos. | • *Art. 69.3 TRLCAP*<br>• *Art. 58 TRLRFP* |
| **B.7. INTERVENCIÓN E CONTABILIZACIÓN** | |
| Aprobado o gasto polo órgano de contratación, este rexístrase contablemente mediante o documento A. | • *Circular 6/1986, do 28 de novembro (IXCA)* |
| Será necesario para a intervención do documento contable, soporte da operación, a comprobación da existencia de fiscalización previa da proposta de gasto e a posterior aprobación deste pola autoridade competente. | • *Orde do 26 de decembro de 1986* |
| **B.8. FORMACIÓN DO EXPEDIENTE NA CONTRATACIÓN CONXUNTA DE ELABORACIÓN DE PROXECTO E EXECUCIÓN DA OBRA** | |
| Na contratación conxunta de proxecto e obra a orde de iniciación do expediente e a reserva de crédito correspondente fixarán o importe estimado máximo que o futuro contrato pode alcanzar. Non obstante, non se procederá á fiscalización do gasto, á súa aprobación, así como á adquisición do compromiso xerado por este ata que non se coñeza o importe e as condicións do contrato de acordo coa proposición seleccionada. | • *Art. 125.4 TRLCAP* |
| Cando se trate da elaboración dun proxecto de obras singulares de infraestructuras hidráulicas ou de transporte a entidade ou complexidade do cal non permita establece-lo importe estimativo da realización das obras, a previsión do prezo máximo limitarase exclusivamente ao proxecto. A execución da obra quedará supeditada ao estudio por parte da Administración da viabilidade do seu financiamento e á tramitación do expediente de gasto. | • *Art. 125.5 TRLCAP* |
| **C.- TRAMITACIÓN.** | |
| A tramitación dos expedientes de contratación poderá ser:<br><br>a) Ordinaria.<br><br>b) Urxente.<br><br>c) De emerxencia. | • *Art. 70.1 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| d) A prevista para aqueles contratos que se adxudiquen por concurso e con orzamentos ou proxectos que non pudiesen ser establecidos previamente pola Administración e deban ser presentados polos licitadores. | • *Art. 70.1 e 85.a) TRLCAP* |
| **C.I. TRAMITACIÓN ORDINARIA** | |
| A tramitación ordinaria é a exposta anteriormente. | • *Art. 84 RCE* |
| **C.2 TRAMITACIÓN URXENTE** | |
| Poderán ser obxecto de tramitación urxente os expedientes de contratos a necesidade dos cales sexa inaprazable ou a adxudicación dos cales sexa preciso acelerar por razóns de interese público. Para tales efectos, o expediente deberá conte-la declaración de urxencia feita polo órgano de contratación debidamente motivada. | • *Art.71.1 TRLCAP* |
| Os expedientes cualificados de urxentes suxeitaranse ás seguintes normas: | • *Art. 71.2 TRLCAP* |
| a) Preferencia para o seu despacho polos distintos órganos administrativos, fiscalizadores e asesores que participen na tramitación previa que disporíerán dun prazo de cinco días para emiti-los respectivos informes. | |
| b) Acordada a apertura do procedemento de adxudicación, os prazos establecidos para a licitación e adxudicación do contrato reduciranse á metade. Non obstante, cando deban publicarse os anuncios no Diario Oficial das Comunidades Europeas, observaranse os prazos establecidos na Lei, para os procedementos aberto, restrinxido e negociado con publicidade. | |
| c) A Administración poderá acorda-lo comezo da execución do contrato aínda que non se formalizase este, sempre que se constituíse a garantía definitiva correspondente. | |
| d) O prazo de inicio da execución do contrato non poderá ser superior a dous meses desde a data de adxudicación, quedando resolto o contrato en caso contrario, salvo que o atraso se debese a causas alleas á Administración contratante e ao contratista e así se fixese constar na correspondente resolución motivada. | |
| e) Con carácter xeral autorízase aos órganos de contratación a tramitación urxente de expedientes de obras que non superen os 500.000.000 de ptas. | • *Art. 37 Lei 4/2000, do 27 de decembro PXCA* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **C.3. OBRAS DE EMERXENCIA** | |
| Cando a Administración teña que actuar de maneira inmediata a causa de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo, ou de necesidades que afecten á defensa nacional, aterase ao seguinte réxime excepcional: | • *Art. 72 TRLCAP* |
| a) O órgano de contratación competente, sen obrigación de tramitar expediente administrativo, poderá ordena-la execución do necesario para remedia-lo evento producido, satisface-la necesidade sobrevida ou contratar libremente o seu obxecto , en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na Lei, incluso o da existencia de crédito suficiente. Do acordo correspondente darase conta inmediata ao Consello da Xunta. | |
| b) Simultaneamente, por parte da Consellería de Economía e Facenda ou dos representantes legais dos Organismos Autónomos autorizarase o libramento dos fondos precisos para facer fronte aos gastos, con carácter a xustificar. | |
| c) Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, procederase a realiza-los trámites necesarios para a fiscalización e aprobación do gasto. | |
| O resto da actividade necesaria para completa-lo obxectivo proposto pola Administración, pero que non teña carácter de emerxencia, contratarase conforme ao establecido na Lei. | |
| Nos casos de tramitación urxente e réxime excepcional de obras de emerxencia que recollen os apartados anteriores, a Administración poderá inicia-las obras sen previa formalización do contrato, e no caso do réxime excepcional de emerxencia poderá, así mesmo, contratar verbalmente a execución das obras. | |
| **C.4. OBRAS ADXUDICADAS POR CONCURSO SEN PROXECTO OU ORZAMENTO PREVIO** | |
| Nestes casos, a resolución do órgano de contratación aprobando o expediente de contratación non comprende a aprobación do gasto, pois ao non existir orzamento este debe ser presentado polos licitadores. | • *Art. 70.1 e 86.a) TRLCAP* |
| A aprobación do gasto prodúcese no momento en que se coñece cal vai se--lo importe do contrato, é dicir, no prazo de tres meses que ten o órgano de contratación para realiza-la adxudicación do contrato, desde que foi efectuada a apertura de proposicións económicas pola mesa de contratación. | • *Art. 88 RCE* |
| Existen, ademais, outros trámites que tampouco se poden realizar no | • *Art. 116 RCE* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
| --- | --- |
| momento procedemental ordinario, como o informe da oficina de supervisión e a aprobación do proxecto que tamén se terán que demorar ata que se coñeza cal será o adxudicatario (ver apartado B8). | |
| Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 1996, establécense regras para a adxudicación dos contratos de obras nos concursos de proxectos e obras. | • *Resolución do 8 de marzo de 1996, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta do 8 de febreiro de 1996 (Art.2º)* |
| **D.- PROCEDEMENTOS E FORMAS DE ADXUDICACIÓN** | |
| A adxudicación dos contratos poderá levarse a cabo mediante os procedementos seguintes. | |
| ➢ Aberto: todo empresario interesado poderá presentar unha proposición. | • *Art. 73.1 e 73.2 TRLCAP* |
| ➢ Restrinxido: só poderán presentar proposicións aqueles empresarios seleccionados expresamente pola Administración, despois da solicitude destes. | • *Art. 73.3 TRLCAP* |
| ➢ Negociado: o contrato adxudícase ao empresario xustificadamente elixido pola Administración despois da consulta e negociación dos termos do contrato cun ou varios empresarios. | • *Art. 73.4 TRLCAP* |
| Tanto no procedemento aberto como no restrinxido a adxudicación poderá efectuarse por:<br>♦ Poxa.<br>♦ Concurso. | • *Art. 74 TRLCAP* |
| Os órganos de contratación utilizarán normalmente a poxa e o concurso. O procedemento negociado só procede nos casos determinados na Lei. | • *Art. 75 TRLCAP* |
| Deberá xustificarse no expediente a elección do procedemento e forma utilizadas. | |
| Tódolos prazos que se establecen no TRLCAP, salvo que se indique que son hábiles, entenderanse referidos a días naturais. | • *Art. 76 TRLCAP* |
| Sempre que no TRLCAP se faga referencia ao importe dos contratos entenderase que neste está incluído o IVE, salvo indicación expresa en contra. | • *Art. 77 TRLCAP* |
| **D.I. PUBLICIDADE DAS LICITACIÓNS** | |
| I.I PUBLICIDADE NO BOE E DOG.<br>Débense publicar no BOE tódolos procedementos para a adxudicación | • *Art. 78.1 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| dos contratos, con excepción dos procedementos negociados. Estes últimos deberán ser obxecto de anuncio desta publicación cando por razón da súa contía estean suxeitos a publicidade no DOCE. | |
| Non obstante, as Comunidades Autónomas, Entidades Locais e Organismos Autónomos e Entidades de Dereito Público, cando se trate de contratos que pola súa contía non deban publicarse no DOCE poderán substituí-la publicidade no BOE pola que se realice nos respectivos Diarios ou Boletíns Oficiais. | • *Art. 24 do RD 390/1996, do 1 de marzo* |
| Independentemente da súa contía, os contratos de obras que se adxudiquen polo procedemento negociado con publicidade deberán publicarse necesariamente no DOG. (Ver apartados 7.4 e 7.5). | • *Decreto 122/1996, do 8 de febreiro* |
| I.2 PUBLICIDADE NO DOCE. | |
| I.2.I Anuncio indicativo. | • *Art. 135.1 TRLCAP* |
| En cada exercicio orzamentario, os órganos de contratación darán a coñecer, mediante un anuncio indicativo, as características básicas dos contratos de obras que teñan proxectado celebrar nos próximos doce meses, sexa cal for o procedemento de adxudicación que apliquen e o importe dos cales, con exclusión do Imposto sobre o Valor Engadido, sexa igual ou superior a 891.521.645 pesetas (5.358.153 euros, equivalentes a 5.000.000 dereitos especiais de xiro) | |
| Este anuncio será enviado o antes posible a partir da súa programación á Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas e, para que produza efecto de reducción de prazos, deberá terse enviado no prazo comprendido entre cincuenta e dous días e doce meses de antelación, a partir da data do envío do anuncio do contrato ao DOCE. | |
| I.2.2 Ademais, deberá anunciarse no DOCE todo contrato, sexa cal fora o procedemento de adxudicación o importe do cal con exclusión do IVE, sexa igual ou superior a 891.521.645 ptas. ou contías equivalentes. | • *Art. 135.2 TRLCAP* |
| Cando a obra estea dividida en varios lotes e cada lote constitúa un contrato, o importe de cada un deberá terse en conta para a determinación da contía para os efectos da súa publicación. Non obstante, cando o importe acumulado dos lotes sexa igual ou superior a 891.521.645 pesetas, IVE excluído, aplicarase a tódolos lotes, para os efectos de publicidade, o sinalado anteriormente. | • *Art. 136 TRLCAP* |
| Sen embargo, o órgano de contratación poderá considerar | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| soamente o importe individualizado de cada lote cando sexa inferior a 166.386.000 pesetas (1.000.000 euros), con exclusión do Imposto sobre o Valor Engadido, sempre que o importe acumulado destes lotes non sexa superior ao 20 por 100 do importe acumulado de tódolos lotes nos que estea dividida a obra. | |
| I.2.3 O envío do anuncio ao DOCE deberá preceder a calquera outra publicidade. En todo caso , esta última publicidade deberá indica--la data daquel envío e non deberá conter indicacións distintas ás incluídas neste anuncio. | • *Art. 78.3 TRLCAP* |
| 1.2.4 O contido dos anuncios determínase no art. 24 do RD 390/1996. | • *Art.24 RD 390/1996, do 1 de marzo* |

## D.2. PRAZOS DE RECEPCIÓN DE SOLICITUDES E/OU PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

### 2.I PROCEDEMENTO ABERTO. PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

• *Art. 78.2 TRLCAP*
• *Art. 135 TRLCAP*
• *Art. 137 TRLCAP*

| Tramitación Ordinaria | | Prazo | A Contar |
|---|---|---|---|
| *No BOE ou DOG* | | 26 días | Data de publicación no BOE ou DOG. |
| *No DOCE* | (> 5.358.153 de euros) | 52 días | Data de envío á Oficina de publicacións da C.E. |
| | se se publicou o anuncio indicativo | 36 días | Como norma xeral e en todo caso un mínimo de 22 días |

| Tramitación Urxente | |
|---|---|
| | Mesmos prazos para publicación no DOCE, redúcense á metade os do BOE. |

• *Art.71.2 b) TRLCAP*

### 2.2 PROCEDEMENTO RESTRINXIDO. PRAZOS DE RECEPCIÓN DE SOLICITUDES E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

• *Art. 78.2 e 138 TRLCAP*

| Tramitación Ordinaria | Prazo | A Contar |
|---|---|---|
| *No BOE ou DOG* | | |
| a) Solicitude para participar no procedemento | 10 días | Data de publicación no BOE ou DOG. |
| b) Presentación de proposicións | 15 días | Data de envío da invitación escrita. |

| Descrición | | | Referencia Lexislativa |
|---|---|---|---|
| *No DOCE* (>5.358.153 euros) | | | |
| a) Solicitude para participar no procedemento | 37 días | Data de envío á Oficina de publicacións da CE. | |
| b)Presentación de proposicións | 40 días | Data de envío da invitación escrita. | |
| se se publicou o anuncio indicativo | 26 días | | |
| **Tramitación Urxente** | **Prazo** | **A Contar** | |
| *No BOE ou DOG* | Os prazos redúcense á metade<br>5 días para participar e 8 días para presentar proposicións | | |
| *No DOCE* (>5.358.153.de euros) | | | |
| a) Solicitude para participar no procedemento | 15 días | Data de envío á Oficina de publicacións da CE. | |
| b) Presentación de proposicións | 10 días | Data de envío da invitación escrita. | |

2.3 PROCEDEMENTO NEGOCIADO. PRAZOS DE RECEPCIÓN DE SOLICITUDES.

• *Art. 140 TRLCAP*

| Tramitación Ordinaria | Prazo | A Contar | Referencia Lexislativa |
|---|---|---|---|
| *No DOG* | 10 días | Data publicación DOG | • *Art. 2.1 e 3.1 do Decreto 122/1996, do 8 de febreiro* |
| *No BOE* | | | |
| Solicitude para participar no procedemento | 37 días | Data de publicación no BOE | |
| *No DOCE* | | | |
| Solicitude para participar no procedemento | 37 días | Data de envío do anuncio á Oficina de publicacións da CE. | |
| **Tramitación Urxente** | 15 días para a publicación no DOCE e no BOE | | • *Art. 71.2.b), 78.2 e 140 TRLCAP* |

## D.3. PROPOSICIÓNS DOS INTERESADOS

### 3.I NORMAS XERAIS

As proposicións serán secretas e suxeitaranse ao modelo que se estableza no prego de cláusulas administrativas particulares.

• *Art. 79 TRLCAP*

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Deberán ir acompañadas, en sobre á parte, dos seguintes documentos: | |
| a) Os que acrediten a personalidade xurídica do empresario e, se é o caso, a súa representación. | |
| b) Os que acrediten a clasificación da empresa, se é o caso, ou xustifiquen os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional e unha declaración responsable de non estar incursa en prohibición de contratar. | |
| A declaración responsable a que se refire o parágrafo anterior comprenderá expresamente a circunstancia de estar ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba esixirse antes da adxudicación aos que vaian resultar adxudicatarios do contrato, para o efecto do cal se lles concederá un prazo máximo de 5 días hábiles. | |
| c) O xustificante acreditativo da garantía provisional, equivalente ao 2 por 100 do orzamento do contrato, entendéndose por tal o establecido pola Administración como base da licitación, salvo nos supostos en que non se fixese previa fixación do orzamento, nos que será determinado estimativamente polo órgano de contratación. | • *Art. 35 TRLCAP* |
| Será requisito necesario para acudir aos procedementos abertos ou restrinxidos de obras de contía igual ou superior a 891.521.645 ptas., IVE excluído. Nos contratos de contía inferior a esixencia de garantía provisional será potestativa polo órgano de contratación. | |
| No procedemento negociado , o órgano de contratación poderá esixi--la constitución dunha garantía provisional que producirá os seus efectos ata o momento da adxudicación. | |
| A garantía provisional será devolta aos interesados inmediatamente despois da proposta de adxudicación do contrato nos casos en que a forma de adxudicación sexa a poxa ou da adxudicación, cando aquela sexa por concurso. A garantía será retida ao empresario incluído na proposta de adxudicación ou ao adxudicatario e confiscada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación. | • *Art. 20 do RD 390/1996, do 1 de marzo* |
| d) Para as empresas estranxeiras declaración de someterse á xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante. | |
| e) Calquera outros mencionados no prego de cláusulas administrativas | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| particulares e no correspondente anuncio de licitación. | |
| Cada licitador só poderá presentar unha proposición excepto naqueles concursos nos que o prego de cláusulas administrativas particulares previse expresamente a presentación de variantes ou alternativas. | • *Art. 80 TRLCAP* |
| 3.2 NORMAS PARA A APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO RESTRINXIDO | • *Art. 91 TRLCAP* |
| a) Deberán xustificarse no prego de cláusulas administrativas particulares, con carácter previo ao anuncio do procedemento, os criterios obxectivos de acordo cos cales o órgano de contratación deberá cursa-las invitacións a participar no procedemento. | • *Art. 22.1 Directiva 93/37 CEE do Consello do 14 de xuño de 1993* |
| b) O órgano de contratación poderá sinala-los límites inferior e superior dentro dos que se sitúe o número de empresas que proxecta invitar, en virtude das características do contrato, debéndoos indicar no anuncio. Neste caso, a cifra máis baixa non será inferior a cinco, e a máis alta non superior a vinte. | |
| c) As solicitudes de participación deberán ir acompañadas da documentación que acredite a personalidade do empresario e, se é o caso, a súa representación, a clasificación ou o cumprimento das condicións de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional que se determinen no anuncio. | |
| d) O órgano de contratación, comprobada a personalidade e solvencia do empresario, seleccionará os concursantes e invitará aos admitidos, simultaneamente e por escrito, a presenta-las súas proposicións. No escrito de invitación indicarase o candidato, o lugar, o día e hora da apertura de proposicións. | |
| e) Os empresarios seleccionados presentarán as súas proposicións acompañadas do documento acreditativo da constitución da garantía provisional. | |
| **D.4. MESA DE CONTRATACIÓN** | |
| Para a adxudicación dos contratos por procedemento aberto ou restrinxido o órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación. | |
| A Mesa de Contratación estará constituída por un Presidente, un mínimo de 3 vocais e un Secretario, designados polo órgano de contratación, o último entre funcionarios deste ou, no seu lugar entre o persoal ao seu servicio. | • *Art.81 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Entre os vocais deberá figurar necesariamente un funcionario de entre os que teñan legal ou regulamentariamente atribuído o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un Interventor. | • *Art. 22 RD 390/1996, do 1 de marzo* |
| No procedemento negociado, a constitución da mesa será potestativa para o órgano de contratación. | |
| No procedemento negociado con publicidade formarase a Mesa de Contratación en todo caso cun representante do servicio propoñente, así como un representante da Intervención Xeral e outro da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia. | • *Art. 4 do Decreto 122/1996, do 8 de febreiro* |
| A Mesa de Contratación poderá solicitar, antes de formula-la súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos. | |
| Cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa de Contratación deberá motiva-la súa decisión. | |
| **D.5. POXA** | |
| A poxa versará sobre un tipo expresado en diñeiro con adxudicación ao licitador que, sen exceder daquel, oferte o prezo máis baixo. | • *Art. 82 TRLCAP* |
| 5.I PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN | |
| A Mesa de Contratación cualificará previamente os documentos presentados no tempo e na forma que correspondan e procederá, en acto público, á apertura das ofertas admitidas, propoñendo ao órgano de contratación a adxudicación ao licitador que oferte o prezo máis baixo. | • *Art. 82 TRLCAP* |
| Esta proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do empresario, fronte á Administración, mentres non se adxudique o contrato por acordo do órgano de contratación. | |
| 5.2 FISCALIZACIÓN | |
| Na fiscalización previa do compromiso do gasto deberían comprobarse os seguintes aspectos: | • *Art. 7.1.B do acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de1999* |
| - Que o contrato se adxudica de acordo coa proposta formulada pola Mesa de Contratación e, en caso contrario, que existe decisión motivada do órgano de contratación. | |
| - Cando o empresario proposto como adxudicatario non presentase na licitación a certificación de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias coa Seguridade Social e de non ter débedas coa | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Comunidade, comprobar que este se encontra ao corrente destas obrigacións. Coa actual redacción do artigo 80, a documentación acreditativa esíxese unicamente ó adxudicatario, polo que este extremo comprobarase necesariamente nesta fase. | |
| - Conformidade, cando proceda, de que a clasificación concedida ao contratista que se propón como adxudicatario coincide coa esixida no prego de cláusulas administrativas particulares. | |
| 5.3 ADXUDICACIÓN E BAIXAS TEMERARIAS | • *Art. 83 TRLCAP* |
| A adxudicación deberá recaer no prazo máximo de vinte días a contar desde o seguinte ao de apertura, en acto público, das ofertas recibidas. | |
| En caso contrario, o empresario terá dereito a retira-la súa proposición e a que se lle devolva ou cancele a garantía. | |
| O acordo do órgano de contratación acomodarase á proposta, excepto nos seguintes casos: | |
| a) Cando a Mesa de Contratación efectuase a proposta con infracción do ordenamento xurídico, caso en que a convocatoria quedará sen efecto. Exceptúase o suposto de que a infracción afecte exclusivamente ao licitador en favor do cal se realiza a proposta, no que a adxudicación deberá ter lugar a favor do seguinte ofertante non afectado pola infracción. Previamente á resolución que se adopte será preceptivo o dictame do servicio xurídico do órgano de contratación. | • *Disposición final primeira TRLCAP* |
| b) Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poderá ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou temerarias. Nestes casos solicitarase informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa cando as circunstancias concorrentes así o aconsellen. | |
| Considerarase, en principio, como desproporcionada ou temeraria, a baixa de toda proposición a porcentaxe da cal exceda en dez unidades, polo menos, a media aritmética das porcentaxes de baixa de tódalas proposicións presentadas, sen prexuízo da facultade do órgano de contratación de apreciar, non obstante, despois dos informes adecuados e a audiencia do adxudicatario, como susceptibles de normal cumprimento as respectivas proposicións. | • *Art. 109 RCE* |
| Excepcionalmente e atendendo ao obxecto do contrato e circunstancias do mercado, o órgano de contratación poderá, no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares e motivadamente reducir ata 5 unidades desta porcentaxe. | • *Art. 23 do RD 390/1996, do 1 de marzo* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| O órgano de contratación deberá notificar aquela circunstancia aos interesados, dispoñendo de 40 días para realiza-la adxudicación. | |
| A declaración de baixa temeraria ou desproporcionada require a previa solicitude de información a tódolos licitadores supostamente comprendidos nela, así como o asesoramento do servicio correspondente. Para estes efectos non poderán ser consideradas as diversas proposicións que sexan formuladas individualmente por sociedades pertencentes a un mesmo grupo, nas condicións que regulamentariamente se determinen. | |
| O órgano de contratación, en vista dos informes mencionados, acordará a adxudicación a favor da proposición con prezo máis baixo que poida ser cumprida a satisfacción da Administración e, no seu lugar, ao mellor ofertante non incurso en temeridade xustificando a súa decisión ante o Comité Consultivo para os Contratos Públicos da Comisión da Comunidade Europea, se o anuncio da licitación fose publicado no “Diario Oficial das Comunidades Europeas”. | • *Art. 83.4 TRLCAP* |
| Cando a adxudicación se realice a favor do empresario a proposición do cal estivese incursa inicialmente en presunción de temeridade, esixirase a este unha garantía definitiva polo 20 por 100 do contrato adxudicado. | • *Art. 83.5 TRLCAP* |
| 5.4 ADXUDICACIÓN EN SUPOSTOS DE RESOLUCIÓN | • *Art. 84 TRLCAP* |
| Cando se acorde a resolución do contrato porque o adxudicatario non cumpre as condicións necesarias para levar a cabo a formalización deste, a Administración poderá adxudica-lo contrato ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, por orde das súas ofertas, sempre que isto fose posible, antes de proceder a unha nova convocatoria, contando coa conformidade do novo adxudicatario. | |
| O mesmo procedemento poderá segui-la Administración cando a finalidade da adxudicación sexa a de continua-la execución dun contrato xa iniciado e que fose declarado resolto. | |
| **D.6. CONCURSO** | |
| No concurso a adxudicación recaerá no licitador que, no seu conxunto, faga a proposición máis vantaxosa, tendo en conta os criterios que se establecesen nos pregos, sen atender exclusivamente ao prezo desta e sen prexuízo do dereito da Administración a declaralo deserto. | • *Art. 74.3 TRLCAP* |
| 6.I SUPOSTOS DE APLICACIÓN DO CONCURSO | • *Art. 85 TRLCAP* |
| Adxudicaranse por concurso aqueles contratos nos que a selección do | |

empresario non se efectúe exclusivamente en atención á oferta o prezo da cal sexa máis baixo e, en particular, nos seguintes casos:

a) Aqueles os proxectos ou orzamentos dos cales non puidesen ser establecidos previamente pola Administración e deban ser presentados polos licitadores.

b) Cando o órgano de contratación considere que a definición da prestación aprobada pola Administración é susceptible de ser mellorada por outras solucións técnicas a propoñer polos licitadores mediante a presentación de variantes, ou por reduccións no seu prazo de execución.

c) Aqueles para a realización dos cales facilite a Administración materiais ou medios auxiliares a boa utilización dos cales esixa garantías especiais por parte dos contratistas.

d) Aqueles que requiran o emprego de tecnoloxía especialmente avanzada ou a execución dos cales sexa particularmente complexa.

## 6.2 CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONCURSO

• *Art. 86 TRLCAP*

Nos pregos de cláusulas administrativas particulares do concurso estableceranse os criterios obxectivos que han de servir de base para a adxudicación.

• *Art. 86.1 TRLCAP*

Nos pregos de cláusulas administrativas que os órganos de contratación elaboren para a contratación de obras por concurso na Administración da Comunidade Autónoma teranse en conta as seguintes regras:

• *Acordo do Consello da Xunta do 8 de febreiro de 1996*

Na cláusula correspondente á presentación de proposicións e particularmente o apartado relativo ao contido do sobre de referencias técnicas sinalarase como documentación a presentar polos licitadores a seguinte:

1) Se é o caso, certificación expedida polo órgano competente da Administración que acredite que a empresa realiza a plena satisfacción dentro dos últimos 5 anos, obras de natureza análoga á do concurso de que se trate.

2) Certificado que acredite o volume de obra executada pola empresa na Comunidade Autónoma durante os 5 últimos anos.

3) Documento no que a empresa se compromete a ter como delegado de obra a un facultativo con dedicación plena durante o tempo de execución da obra, sendo ademais responsable da seguridade nesta.

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|

4) Programa de construcción das obras.

5) Relación de equipos, maquinaria e demais medios que a empresa se compromete a poñer á disposición da obra.

6) Plano de control de calidade da obra, especificando a porcentaxe que asigne para o efecto.

7) En relación co establecido no art. 86.b) e 88.1º do TRLCAP os licitadores poderán presentar solucións técnicas que sen alterar substancialmente o proxecto aprobado, o melloren.

Igualmente poderanse propoñer melloras que redunden nunha maior calidade constructiva.

Establecerase unha cláusula na que se fixarán os criterios que se terán en conta para a valoración das proposicións.

Os criterios indicaranse por orde decrecente de importancia e pola ponderación que se lles atribúa.

- *Art. 86.2 TRLCAP*

Para a valoración das proposicións a Mesa de Contratación poderá solicitar cantos informes técnicos estime oportunos e, en todo caso, deberá ter en conta o baremo de puntuación que referido ao contido do sobre de referencias técnicas se especifica no art. 1º.b.1 do Acordo do Consello da Xunta do 8 de febreiro de 1996.

## 6.3 ADXUDICACIÓN

- *Art. 88 TRLCAP*

- A Mesa de Contratación cualificará previamente os documentos presentados no tempo e na forma que correspondan, procederá en acto público, á apertura das proposicións presentadas polos licitadores e elevaraas, coa acta e a proposta que estime pertinente, que incluirá en todo caso a ponderación dos criterios indicados nos pregos de cláusulas administrativas particulares, ao órgano de contratación que deba efectua-la adxudicación do contrato.

- O concurso adxudicarase a algunha das empresas licitadoras que obtendo unha puntuación igual ou superior ás 2/3 partes do total posible segundo a aplicación que resulte do baremo, presenten unha oferta económica que se encontre situada entre a media e a máis baixa cando concorran 10 ou menos empresas, ou no tercio das máis baixas cando a concorrencia sexa maior de 10 empresas. As fraccións consideraranse por exceso.

- *Acordo do Consello da Xunta do 6 de febreiro de 1996*

- Para os efectos do parágrafo anterior quedarán excluídas as empresas que incorran en presunción de temeridade (aquelas proposicións a

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|

porcentaxe de baixa das cales exceda en 5 unidades polo menos a media aritmética das porcentaxes de baixa de tódalas proposicións). Non obstante, o órgano de contratación poderá adxudica--lo contrato a algunha das empresas nestas circunstancias, despois dos informes adecuados e da audiencia do contratista. Neste caso esixiráselle unha garantía definitiva polo 20 % do importe de adxudicación ou do orzamento base de licitación, cando o prezo se determine en función de prezos unitarios.

Así mesmo o órgano de contratación por proposta da mesa poderá non considerar determinadas ofertas cando se aprecien causas debidamente motivadas no expediente.

## 6.4 CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PARA OS CONCURSOS DE PROXECTO E OBRA

Para o concurso de proxecto e obra que será utilizado con carácter restrictivo por resolución motivada, o baremo que deberá terse en conta recóllese no artigo segundo do Acordo do Consello da Xunta de 8 de febreiro de 1996.

Nos pregos de cláusulas administrativas e particularmente no apartado relativo ao contido do sobre de referencias técnicas a documentación a presentar será a que se recolle no apartado D.6.2 con excepción do apartado 7º ,que se modifica, e do apartado 8º ,que se adiciona, que se sinalan a continuación:

*7º. Calidade técnica da solución ofertada polo concursante.*

*8º. Valorarase a mellor relación entre a oferta económica e a calidade do proxecto presentado e dos materiais empregados.*

## 6.5 ADXUDICACIÓN

O concurso adxudicarase á empresa licitadora que obteña a maior puntuación.

## 6.6 FISCALIZACIÓN

- A fiscalización previa da adxudicación efectuarase de acordo co sinalado no apartado 5.2 anterior.

- O órgano de contratación, despois dos informes técnicos correspondentes, adxudicará o contrato no prazo máximo de tres meses, a contar desde a apertura das proposicións, salvo que se estableza outro no prego de cláusulas administrativas particulares.

  - *Art. 89.1 TRLCAP*

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| • De non dictarse acordo de adxudicación dentro de prazo, os empresarios admitidos a concurso terán dereito a retira-la súa proposición e a que se lles devolva ou cancele a garantía que prestasen. | |
| **D.7. PROCEDEMENTO NEGOCIADO** | |
| No procedemento negociado o contrato será adxudicado ao empresario xustificadamente elixido pola Administración, despois da consulta e negociación dos termos do contrato cun ou varios empresarios. | • *Art. 92 TRLCAP*<br>• *Acordo do Consello da Xunta do 8 de febreiro de 1996*<br>• *Decreto 122/1996, do 8 de febreiro* |
| 7.I SOLICITUDE DE OFERTAS | |
| Será necesario solicita-la oferta de polo menos tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que isto sexa posible, fixando coa seleccionada o prezo deste. | • *Art. 92.1 TRLCAP* |
| 7.2 PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN | |
| Cando se constituíse Mesa de Contratación, esta última elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación. | |
| Cando o número de licitadores non exceda de 10 a proposta de adxudicación deberá recaer nalgunha das empresas a oferta económica da cal se encontre situada entre a media e a máis baixa. No caso de que as ofertas excedan de 10, a proposta efectuarase a favor dunha das situadas no tercio das máis baixas. As fraccións consideraranse por exceso. | |
| Para os efectos do parágrafo anterior quedarán excluídas as empresas que incorran en presunción de temeridade. Non obstante, o órgano de contratación poderá adxudica-lo contrato a algunha das empresas nestas circunstancias despois dos informes adecuados e da audiencia do contratista. Neste caso esixiráselles unha garantía definitiva polo 20 % do contrato. | |
| 7.3 FISCALIZACIÓN | |
| A fiscalización previa efectuarase de acordo co disposto no punto 5.2. | |
| 7.4 PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE | |
| 7.4.I O órgano de contratación poderá acorda-la aplicación do procedemento negociado cando concurra algunha das seguintes circunstancias que deberán xustificarse no expediente: | • *Art. 140 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| a) Cando as proposicións ou ofertas económicas nos procedementos abertos ou restrinxidos sexan irregulares ou inaceptables, sempre que non se modifiquen substancialmente as condicións orixinais do contrato.<br><br>Non obstante, se se inclúen no procedemento negociado tódolos licitadores que con ocasión do anterior procedemento, aberto ou restrinxido, fosen admitidos a licitación, non será preciso publica-lo anuncio de licitación no *DOCE*. | |
| b) Cando as obras se realicen unicamente con fins de investigación, experimentación ou perfeccionamento e non co obxecto de obter unha rendibilidade ou de cubri-los custos de investigación ou de desenvolvemento. | |
| c) En casos excepcionais cando se trate de obras a natureza ou riscos das cales non permitan determinar previamente o prezo global. | |
| Nestes supostos, cando a contía do contrato, con exclusión do IVE sexa igual ou superior a 891.521.645 (5.358.173 euros, equivalentes a 5.000.000 dereitos especiais de xiro) deberá publicarse un anuncio no *DOCE*. | |
| En relación cos contratos sinalados deberá publicarse necesariamente <u>no *DOG*</u> o correspondente anuncio de licitación en prazo non inferior a 10 días naturais á data de presentación de solicitudes. Esta publicación será obrigatoria incluso nos supostos en que segundo o TRLCAP non deba procederse á súa publicación no *DOCE.* | • *Art. 3 do Decreto 122/1996, do 8 de febreiro* |
| 7.5 PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE | • *Art. 141 TRLCAP* |
| Poderá utilizarse o procedemento negociado sen publicidade previa cando concorra algunha das circunstancias seguintes, que deberán xustificarse no expediente: | |
| a) Cando o contrato non chegara a adxudicarse nun procedemento aberto ou restrinxido por falta de licitadores ou porque os presentados non foran admitidos a licitación, sempre que non se modifiquen as condicións orixinais do contrato, agás o prezo que non poderá aumentarse en máis dun 10%. Neste suposto cando a contía do contrato sexa igual ou superior a 891.521.645 pesetas (5.358.153 euros, equivalentes a 5.000.000 dereitos especiais de xiro) remitirase un informe á Comisión das Comunidades Europeas, a petición desta.<br><br>Ademais, aínda que non sexa necesaria a publicidade comunitaria, deberá publicarse no *DOG* o correspondente anuncio de licitación en prazo non inferior a 10 días naturais á data de presentación de proposicións. | • *Artigos 2 d) e 3 do Decreto 122/1996* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| b) Cando a causa da súa especificidade técnica, artística ou por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva, a execución das obras só poida encomendarse a un determinado empresario.<br><br>c) Cando unha imperiosa urxencia, resultante de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación e non imputables a este, demande unha pronta execución que non poida lograrse polo procedemento de urxencia ou por aplicación dos prazos de publicidade no "Diario Oficial das Comunidades Europeas" previstos para os casos de urxencia.<br><br>d) Cando se trate de obras complementarias que non figuren no proxecto, nin no contrato, pero que resulte necesario executar como consecuencia de circunstancias imprevistas, e a súa execución se confíe ao contratista da obra principal de acordo cos prezos que rexen para o contrato primitivo ou que, se é o caso, fosen fixados contradictoriamente.<br><br>Para a aplicación do establecido no parágrafo anterior deberán concorre-los seguintes requisitos respecto do contrato principal:<br><br>1. Que as obras non poidan separarse tecnica ou economicamente do contrato primitivo sen causar inconvenientes maiores á Administración ou que, aínda que se poidan separar da execución deste contrato, sexan estrictamente necesarias para a súa execución.<br><br>2. Que as obras complementarias a executar definidas no correspondente proxecto estean formadas, polo menos, nun 50 por 100 do orzamento, por unidades de obra do contrato principal.<br><br>Que o importe acumulado das obras complementarias non supere o 20 por 100 do prezo primitivo do contrato.<br><br>As demais obras complementarias que non reúnan os requisitos esixidos nos parágrafos precedentes deberán ser obxecto de contratación independente.<br><br>e) Cando se trate da repetición de obras similares a outras adxudicadas por procedemento aberto ou restrinxido, sempre que as primeiras sexan conformes ao proxecto base e se incluísen no anuncio do citado procedemento aberto ou restrinxido e computado o seu importe para fixa-la contía total de contrato.<br><br>Unicamente se poderá recorrer a este procedemento durante un período de tres anos a partir da formalización do contrato inicial. | • *Decreto 122/1996, do 8 de febreiro* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| f) Os declarados secretos ou reservados ou cando a súa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais conforme á lexislación vixente ou cando o esixa a protección dos intereses esenciais da seguridade do Estado. | |
| g) Os de orzamento inferior a 10.000.000 de pesetas. | |
| **D.8. INTERVENCIÓN E CONTABILIZACIÓN DO COMPROMISO DE GASTO** | |
| Serán intervidos na forma en que queda determinado na regra 25.3 da Instrucción provisional de contabilidade do gasto público da Comunidade Autónoma de Galicia. | • *Orde do 26 de decembro de 1986* |
| Para os efectos da liquidación dos contratos de obra de carácter plurianual, con excepción dos realizados baixo a modalidade de aboamento total do prezo, efectuarase unha retención adicional de crédito do 10 por 100 do importe da adxudicación no momento en que este se realice. Esta retención aplicarase ao exercicio en que finalice o prazo fixado no contrato para a terminación da obra ou ao seguinte, segundo o momento en que se prevexa realiza-lo pagamento. | • *Disposición adicional 14 TRLCAP* |
| **D.9. PRESTACIÓN DE GARANTÍAS** | |
| Ver epígrafe 2.5 Garantías | |
| **D.10. NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE NAS ADXUDICACIÓNS** | |
| I0.I NOTIFICACIÓN | • *Art.93 TR LCAP* |
| A adxudicación do contrato, unha vez acordada polo órgano de contratación e sexa cal for o procedemento seguido e a forma de adxudicación empregada, será notificada aos participantes na licitación e despois de formalizada comunicarase ao Rexistro Público de Contratos da Comunidade Autónoma de Galicia. | • *Decreto 198/1995, do 16 de marzo* |
| No prazo de 1 mes contado desde a data de formalización do correspondente contrato, o órgano de contratación remitirá unha copia daquel ao Rexistro de Contratos. | |
| Así mesmo, remitiralle unha ficha resumo que conteña a información sobre as características esenciais do contrato segundo modelo que será aprobado pola Consellería de Economía e Facenda. | |
| I0.2 PUBLICIDADE DAS ADXUDICACIÓNS | |
| Cando o importe da adxudicación sexa igual ou superior a 10 millóns de pesetas publicarase no B.O.E. ou nos respectivos Diarios ou Boletíns Oficiais das Comunidades Autónomas e Entidades Locais, | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| nun prazo non superior a corenta e oito días a contar desde a data de adxudicación do contrato, un anuncio no que se dea conta desta adxudicación.<br><br>Nos contratos suxeitos a publicidade obrigatoria no D.O.C.E., deberá enviarse ao citado Diario Oficial e ao B.O.E., no mesmo prazo sinalado, un anuncio no que se dea conta do resultado da licitación, sen que nestes supostos exista a posibilidade de substituí-la publicidade do B.O.E. pola que as Comunidades Autónomas e Entidades Locais poidan realizar nos seus Diarios ou Boletíns Oficiais.<br><br>O órgano de contratación comunicará, excepto nos casos en que se omitise o anuncio de adxudicación, a todo candidato ou licitador rechazado que o solicite, no prazo de quince días, a partir da recepción da solicitude, os motivos do rechazo da súa candidatura ou da súa proposición e as características da proposición do adxudicatario, determinante da adxudicación ao seu favor. | |
| I0.3 EXCEPCIÓN.<br><br>Poderá omitirse o anuncio do resultado da adxudicación cando a divulgación da información relativa á celebración do contrato constitúa un obstáculo para a aplicación da lexislación, sexa contrario ao interese público ou poida prexudica-la competencia leal entre eles e nos declarados secretos ou reservados e cando a execución esixa medidas de seguridade especiais. | • *Art. 24 RD 390/1996 do 1 de marzo e Anexos VI e VII* |
| I0.4 CONTIDO.<br><br>Os anuncios indicativos e os de licitación e adxudicación dos contratos a publicar no B.O.E., D.O.G. ou no DOCE terán o contido que se determine nos modelos que figuran nos anexos VI e VII do RD 390/1996. | |
| **E.- FORMALIZACIÓN.** | |
| **E.I. PRAZO** | |
| O contrato de obras formalizarase dentro do prazo de trinta días a contar desde o seguinte ao da notificación da adxudicación. | • *Art. 54.1 TRLCAP* |
| Cando por causas imputables ao contratista non se puidese formalizar dentro do prazo indicado, a Administración poderá acorda-la resolución deste, sendo trámite necesario a audiencia do interesado e cando se formule oposición polo contratista, o informe do Consello Consultivo. En tal suposto procederá a incautación da garantía provisional e a indemnización dos danos e perdas ocasionados. | • *Art. 54.3 TRLCAP*<br>. |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Se as causas fosen imputables á Administración, indemnizarase ao contratista polos danos e perdas que a demora lle ocasione, con independencia de que poida solicita-la resolución do contrato. | |
| No procedemento de urxencia poderase formalizar a partir da constitución da garantía definitiva. | |
| **E.2. LIMITACIÓNS** | |
| A Administración non poderá inicia-la execución do contrato sen a previa formalización, excepto nos casos de tramitación urxente e de emerxencia. | • *Art. 54.4 TRLCAP* |
| Así mesmo, non poderá contratar verbalmente a execución de obras, salvo que o contrato teña carácter de emerxencia. | • *Art. 55 TRLCAP* |
| **E.3. CLASES DE DOCUMENTOS** | |
| O documento en que se formalice o contrato será, en todo caso, administrativo, constituíndo título suficiente para acceder a calquera rexistro público. | • *Art. 54.1 TRLCAP* |
| Non obstante, formalizaranse en escritura pública os contratos de obras cando o solicite o contratista, sendo á súa custa os gastos derivados do seu outorgamento. | |
| O documento administrativo será subscrito pola autoridade competente e o contratista despois do exame pola Asesoría xurídica e demais asesoramentos regulamentarios, salvo cando se axuste a un modelo-tipo informado favorablemente por ela para ser aplicado con carácter xeral. | • *Art. 123 RCE* |
| **E.4. CONTIDO DO DOCUMENTO** | • *Art. 122 RCE* |
| O documento notarial ou administrativo, segundo os casos, deberá conte-los seguintes requisitos:<br>- Autoridade e empresarios intervenientes, con referencia á súa competencia e capacidade xurídica respectivamente.<br>- Os antecedentes administrativos do contrato seguintes:<br>a) Data de aprobación técnica do proxecto das obras, da contratación do gasto e da súa fiscalización previa.<br>b) Copia da disposición administrativa que autorizou a celebración do contrato e da Orde da súa adxudicación definitiva.<br>- Definición da obra que deba executarse, con referencia ao proxecto correspondente, e mención expresa dos documentos deste que | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| obrigarán ao contratista na execución daquela.<br><br>- Prezo certo que ha de aboa-la Administración con expresión do réxime de pagamento previsto.<br><br>- Prazo total de execución da obra e, se é o caso, os prazos parciais que se establezan e o especial para a comprobación do replaneo e o de garantía.<br><br>- Fianza prestada polo contratista e garantías a prestar por este, se é o caso, durante o desenvolvemento do contrato.<br><br>- As cláusulas que sexan consecuencia das modificacións validamente propostas polo adxudicatario na súa oferta e que fosen aceptadas pola Administración.<br><br>- Indicación de se o prego de cláusulas administrativas particulares contén cláusulas de revisión do prezo estipulado e de penalidades administrativas de especial aplicación.<br><br>- Conformidade do contratista ao prego de cláusulas administrativas particulares, do que se fará consta-la oportuna referencia.<br><br>- Submisión expresa do contratista aos preceptos do Regulamento de Contratación do Estado e ao prego de cláusulas xerais pertinentes no que non estea expresamente derrogado polo prego que conteña as particulares.<br><br>Ao documento público unirase como anexo un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares, que será asinado polo adxudicatario e, segundo os casos, incluído no protocolo ou arquivado.<br><br>**E.5. REMISIÓN DO DOCUMENTO** | |
| 5.I REMISIÓN DO CONTRATO AO CONSELLO DE CONTAS<br><br>Sempre que a contía do contrato exceda de 100 millóns de pesetas, dentro dos tres meses seguintes á súa formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, será remitida polo órgano de contratación ao Consello de Contas copia certificada do documento mediante o que se formalizase o contrato, acompañada dun extracto do expediente do que derive.<br><br>Igualmente, comunicaranse ao Consello de Contas as modificacións, prórrogas ou variacións de prazos e extinción dos contratos indicados.<br><br>En calquera caso o Consello de Contas poderá reclamar ás distintas Administracións Públicas cantos datos, documentos e antecedentes estime pertinentes con relación aos contratos de calquera natureza e | • *Art. 57 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
| --- | --- |
| contía. | |
| 5.2 REMISIÓN DE INFORMACIÓN | • *Arts. 5 e 6 Decreto 198/1995, do 16 de marzo* |
| No prazo dun mes contado desde a data de formalización do correspondente contrato, o órgano de contratación remitirá unha copia daquel ao Rexistro de Contratos. | |
| Así mesmo, remitiralle en duplicado exemplar, unha ficha resumo, segundo o modelo que se aprobará por orde da Consellería de Economía e Facenda que conteña a información sobre as características esenciais do contrato. | |
| O Rexistro de Contratos devolverá ao órgano de xestión un dos exemplares desta ficha resumo que se deberá unir ao primeiro recoñecemento da obrigación do correspondente contrato. | |
| Tamén se informará dos casos de modificación, prórroga ou variación do prazo e extinción normal ou anormal destes. | • *Art. 58 e 118 TRLCAP* |
| **E.6. EFECTOS DA FORMALIZACIÓN** | |
| Simultaneamente coa formalización do contrato, o adxudicatario asinará a súa conformidade naqueles documentos do proxecto das obras que revistan carácter contractual por mención expresa no prego de cláusulas administrativas particulares. O exemplar do proxecto así dilixenciado será custodiado pola Administración. | • *Art. 123 RCE* |
| **F.- EXECUCIÓN** | |
| **F.I. COMPROBACIÓN DO REPLANEO** | |
| A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do replaneo. Para tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a data de formalización salvo casos excepcionais xustificados, o servicio da Administración encargado das obras procederá en presencia do contratista, a efectua-la comprobación do replaneo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas. | • *Art. 142 TRLCAP* |
| **F.2 EXECUCIÓN DAS OBRAS E RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA** | |
| As obras executaranse con estricta suxeición ás estipulacións contidas no prego de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto que serve de base ao contrato e conforme ás instruccións que na interpretación técnica deste,der ó contratista o director facultativo das obras. | • *Art. 143 TRLCAP*<br>• *Art. 144 TRLCAP* |

# 2.2. Certificacións de obra

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. ABOAMENTOS AO CONTRATISTA** | |
| O contratista ten dereito ao aboamento, de acordo cos prezos convidos, da obra que realmente execute con suxeición ao proxecto que serviu de base á licitación, ás súas modificacións aprobadas e ás ordes dadas por escrito pola Administración. | • *Art. 99 TRLCAP*<br>• *Art. 142 RCE*<br>• *Cláusula 49 PCAG* |
| O pagamento do prezo poderá facerse de maneira total ou parcialmente mediante aboamentos a boa conta. | • *Art. 99.2 TRLCAP* |
| **B. EXPEDICIÓN** | |
| 1. A Administración expedirá mensualmente certificacións que correspondan á obra executada durante este período de tempo, salvo prevención en contra no prego de claúsulas administrativas particulares, tomando como base as relacións valoradas, tanto se hai obra a acreditar como se non a hai, debendo, neste caso, aclararse as razóns da certificación de contía cero.<br><br>No caso de que as obras estivesen formalmente suspendidas farase constar esta circunstancia. | • *Art. 145 TRLCAP*<br>• *Claúsula 47 PCAG*<br>• *Resolución de 18 de xuño de 1990, pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta, do 31 de maio de 1990* |
| 2. As certificacións, aínda que concorran varias entidades ao financiamento, numeraranse correlativamente para cada contrato, con independencia de que sexan ordinarias, anticipadas ou de liquidación, conforme ao previsto na lexislación de contratos do Estado.<br><br>As certificacións expediranse, axustadas ao modelo oficial, e deberán unírselle as correspondentes relacións valoradas. | • *Art. 3 da Orde do 5 de decembro de 1984 (MEH)* |
| 3. Deberán incluírse así mesmo, as facturas que os contratistas están obrigados a expedir e entregar, conforme ao disposto no artigo 3º do RD. 2402/1985, do 18 de decembro que regula este deber por parte dos empresarios e profesionais, consignando se é o caso o IVE repercutido. | • *RD. 2402/1985, do 18 de decembro*<br>• *RD. 1624/1992, do 29 de decembro*<br>• *RD. 80/0996, do 26 de xaneiro, que modifica os dous anteriores* |
| 4. Os aboamentos ao contratista resultantes das certificacións expedidas teñen o concepto de pagamentos a boa conta, suxeitos ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supoñer en forma ningunha aprobación e recepción das obras que comprenda. | • *Art. 145.2 TRLCAP* |
| **C. TRAMITACIÓN** | |
| O facultativo da Administración director das obras tramitará a certificación nos dez días seguintes do período ao que correspondan, remitindo ao contratista unha copia desta e da relación valorada correspondente, para os efectos da súa conformidade ou reparos, que o contratista poderá | • *Cláusulas 47 e 48 PCAG*<br>• *Instrucción 3.1.1.2 do acordo do Consello da Xunta do 31 de maio de 1990* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| formular no prazo de quince días desde a recepción dos documentos.<br><br>De non existir e pasado este prazo, ámbolos dous documentos consideraranse aceptados polo contratista. | |
| **D. CONTABILIZACIÓN E FISCALIZACIÓN** | |
| O órgano xestor expedirá documento contable OK e remitirao á oficina de contabilidade. | • *Art. 97.2 LRFP*<br>• *Art. 7.5 do acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999* |
| Na fiscalización previa comprobaranse ademais dos aspectos previstos no art. 97.2 da LRFP., e no apartado segundo do acordo de fiscalización limitada previa, os seguintes:<br><br>- Que existe certificación, autorizada polo facultativo director da obra e coa conformidade dos servicios correspondentes do órgano xestor.<br><br>- Para a primeira certificación, que están constituídas as garantías definitiva, especial ou complementaria e formalizado o contrato.<br><br>- No caso de se efectuaren anticipos, dos previstos no artigo 145.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, comprobar que se prestou a garantía esixida.<br><br>- Que é achegada factura por parte da empresa adxudicataria de acordo co previsto no RD. 2402/1985, do 18 de decembro, sobre obrigación de expedir factura por empresarios e profesionais.<br><br>- Cando a certificación de obra inclúe revisión de prezos, para o seu aboamento comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 104.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e que non estea expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares. | |
| **E. PAGAMENTO** | |
| 1. Prazo | |
| Se a Administración non pagase ao contratista as certificacións dentro dos dous meses seguintes á data de expedición, deberá aboar a este, a partir daquela data, o xuro legal do diñeiro aumentado nun 1,5 puntos das cantidades debidas. | • *Art. 99.4 TRLCAP* |
| Se a demora no pagamento fose superior a catro meses, o contratista | • *Art. 99.5 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| poderá proceder, se é o caso, á suspensión do cumprimento do contrato, debendo comunicar á Administración, cun mes de antelación, tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivar desta suspensión. | |
| Se a demora da Administración fose superior a oito meses, o contratista terá dereito, así mesmo, a resolve-lo contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia desto se orixinen. | • *Art. 99.6 TRLCAP* |
| 2. No pagamento da certificación incluirase:<br>- O importe da obra efectivamente executada no período correspondente.<br>- Os aboamentos a conta de materiais acopiados e de instalacións e equipo, así como a súa posterior deducción nas seguintes certificacións segundo se vaian utilizando os materiais no primeiro caso, e segundo unha porcentaxe do total pagamento a conta no segundo.<br>- A liquidación por revisión de prezos nos casos en que proceda.<br>- Nas certificacións correspondentes á liquidación acreditaranse ademais os xuros de demora, indemnizacións e reintegros nos casos en que así proceda, así como os saldos de liquidación. | • *Instrucción 3112 da Resolución do 18 de xuño de 1990, pola que se acorda a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 31 de maio de 1990* |
| **F. EMBARGO DE CERTIFICACIÓNS** | |
| Sen prexuízo do establecido nas normas tributarias e da Seguridade Social, os aboamentos a conta que procedan pola execución do contrato, só poderán ser embargados nos seguintes supostos:<br>a) Para o pagamento dos salarios devengados polo persoal do contratista na execución do contrato e das cotas sociais derivadas destes.<br>b) Para o pagamento das obrigacións contraídas polo contratista cos subcontratistas e subministradores referidas á execución do contrato. | • *Art. 99.7 TRLCAP* |
| **G. ABOAMENTO TOTAL DO PREZO** | |
| O artigo 147 da Lei 13/1996 habilitou ao Goberno para determina-los supostos de contratos de obra baixo a modalidade de aboamento total. Esta habilitación concretouse no Real Decreto 704/1997, do 16 de maio, | • *Art. 147 Lei 13/1996, do 30 de decembro*<br>• *RD. 704/1997, do 16 de maio* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| no que se establecen, ademais, as particularidades da tramitación do expediente de contratación.<br><br>A modalidade de aboamento total do prezo será de aplicación aos seguintes contratos de obras:<br><br>a) Que teñan por obxecto a construcción de infraestructuras de estradas, ferroviarias, hidráulicas, na costa e medioambientais.<br><br>b) Que o prezo total de licitación do contrato, excluídos os gastos de refinanciamento no caso de aprazamento do pagamento, sexa superior ás seguintes cantidades:<br><br>1ª. Estradas: 4.000.000 de pesetas.<br><br>2ª. Infraestructuras ferroviarias: 3.000.000.000 de pesetas.<br><br>3ª. Infraestructuras hidráulicas: 3.000.000.000 de pesetas.<br><br>4ª. Infraestructuras na costa e medioambientais: 1.000.000.000 de pesetas.<br><br>O contrato de obras baixo a modalidade de aboamento total do prezo non será de aplicación aos contratos de obras de reforma, reparación, conservación ou mantemento e demolición de infraestructuras. | • *Art. 61.5 do TRLGP* |

# 2.3. Liquidacións

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. RECEPCIÓN** | |
| I.I A recepción das obras terá lugar dentro do mes seguinte á súa terminación, ou no prazo que se determine no prego de cláusulas administrativas particulares por razón das características do obxecto do contrato. | • *Art. 110.2 TRLCAP* |
| Poderán ser obxecto de recepción parcial aquelas partes de obra susceptibles de ser executadas por fases que poden ser entregadas ao uso público, segundo o establecido no contrato. | • *Art. 147.5 TRLCAP* |
| I.2 Concorrerán a esta: | • *Art. 147.1 TRLCAP* |
| - Un facultativo designado pola Administración contratante.<br>- O facultativo encargado da dirección das obras. | • *Resolución de 5 de febreiro de 1992, da Secretaría Xeral Técnica e de Patrimonio* |
| - O contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo. | |
| Á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma seralle comunicado o acto, para a súa asistencia potestativa nas súas funcións de comprobación do investimento cando o seu importe exceda de 5 millóns de pesetas. | • *Art. 28. 4 R.D 2188/1995 do 28 decembro* |
| I.3 Cando as obras non se encontren en estado de ser recibidas, farase constar así na acta e o Director destas sinalará os defectos observados e detallará as instruccións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido este prazo o contratista non o efectuase, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato. | • *Art. 147.2 TRLCAP* |
| **B. MEDICIÓN XERAL E CERTIFICACIÓN FINAL** | |
| Recibida-las obras procederase seguidamente á súa medición xeral e definitiva con asistencia do contratista e dun representante seu. | • *Art. 172 RCE* |
| O proxecto de liquidación deberá ser informado pola Oficina de Supervisión de Proxectos. | • *Art.76 RCE* |
| Dentro do prazo de 2 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aproba-la certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato. | • *Art. 147.1 TRLCAP* |
| **C. GARANTÍA** | |
| Se se encontran as obras en bo estado e de acordo coas prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta daraas por recibidas, redactándose a | • *Art. 147.2 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| correspondente acta e comezando entón o prazo de garantía. | |
| O prazo de garantía establecerase no prego de cláusulas administrativas particulares, atendendo á natureza e complexidade da obra e non poderá ser inferior a un ano, salvo casos especiais. | |
| Sempre que por razóns excepcionais de interese público debidamente motivadas no expediente o órgano de contratación acorde a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servicio para o uso público, aínda sen o cumprimento do acto formal de recepción, desde que concorran estas circunstancias produciranse os efectos e consecuencias propias da acta de recepción das obras e nos termos en que regulamentariamente se establezan. | • *Art. 147.6 TRLCAP* |
| Durante o período de garantía o contratista responderá dos danos ou deterioros que poidan producirse na obra, a non ser que probe que estes foron ocasionados polo mal uso que daquela se fixese. Neste suposto terá dereito a ser reembolsado do importe dos traballos que deban realizarse para restablecer na obra as condicións debidas, pero non quedará exonerado da obrigación de levar a cabo os citados traballos. | • *Cláusula 73 PCAG* |
| **D. LIQUIDACIÓN** | |
| Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a pedimento do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no artigo 148, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, se é o caso, das obrigacións pendentes. No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo procederá a dicta-las oportunas instruccións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir ningunha cantidade por ampliación do prazo de garantía. | • *Art. 147.3 TRLCAP*<br>• *Art. 171 RCE* |
| A liquidación das obrigacións pendentes, unha vez que o informe do director facultativo sobre o estado das obras sexa favorable, deberá ser aboada, se é o caso, ao contratista no prazo dos 2 meses seguintes e se se producise demora no pagamento do saldo de liquidación, deberá aboar ao contratista, a partir do incumprimento dese prazo de dous meses, o xuro legal do diñeiro incrementado en 1,5 puntos, das cantidades debidas. | • *Art. 76 RCE.*<br>• *Art. 99.4 e 147.3 TRLCAP*<br>• *Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 31 de maio de 1990* |
| O contratista estará obrigado a expedir e entregar factura completa conforme ao disposto no art. 3º do Real Decreto 2402/85, do 18 de decembro, consignando se é o caso, o IVE repercutido. | |

| *Descrición* | *Referencia Lexislativa* |
|---|---|
| Se o saldo fose favorable á Administración requirirase o reintegro da parte recibida en exceso, sen que se lle devolva a fianza ata que así se faga. | |
| Transcorrido o prazo de garantía sen que se manifestase ningún dano ou perda, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista. | • *Art. 148 TRLCAP* |
| Non obstante, se a obra se arruina no momento da expiración deste prazo por vicios ou defectos ocultos da construcción debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas durante o termo de quince anos a contar desde a recepción. | • *Art. 148 TRLCAP* |
| **E. FISCALIZACIÓN** | |
| Na fiscalización previa comprobaranse ademais dos aspectos previstos no art. 97.2 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e o apartado 2º do Acordo de fiscalización limitada previa, os seguintes:<br>- Que existe informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, se procede.<br>- Que se inclúe certificación ou acta de conformidade da recepción da obra.<br>- Cando se inclúa revisión de prezos, para o seu aboamento, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo art. 104.1 da Lei de Contratos das Administracións Públicas e que non estea expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares.<br>- Que é achegada factura por parte da empresa adxudicataria de acordo co previsto no RD. 2402/85, do 18 de decembro, sobre a obrigación de expedir factura por empresarios e profesionais. | • *Art. 7.6 do acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999* |

# 2.4. Devolución da garantía ou cancelación do aval

*Intervención Xeral*

## 2.4. Devolución da Garantía ou Cancelación do Aval



| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| I. Aprobada a liquidación do contrato, transcorrido o prazo de garantía, devolverase o importe da fianza ou cancelarase o aval, sempre que non estivesen afectos ao cumprimento das responsabilidades seguintes: | • *Art. 47.1 TRLCAP*<br>• *Art. 43 TRLCAP*<br>• *Instrucción 10 da Resolulción do 18 de xuño de 1990 pola que se publica o acordo do Consello da Xunta do 31 de maio de 1990* |
| - Penalidades impostas ao contratista por razón da execución do contrato, cando aquelas non poidan deducirse das certificacións. | • *Art. 43.2. a) TRLCAP* |
| - Obrigacións derivadas do contrato, gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións e dos danos e perdas ocasionados a esta con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento deste sen resolución. | • *Art. 43.2. b) TRLCAP* |
| - Incautación que poida decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co establecido neste ou con carácter xeral na lexislación de contratos das Administracións Públicas. | • *Art. 43.c) TRLCAP* |
| No suposto de recepción parcial só poderá o contratista solicita-la devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía cando así se autorice expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares. | • *Art. 47.2 TRLCAP* |
| Nos casos de cesión de contratos non se procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente ata que non se encontre formalmente constituída a do cesionario. | • *Art. 47.3 TRLCAP* |
| Transcorrido un ano desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se producisen responsabilidades ás que deban responder. | • *Art. 47.4 TRLCAP* |
| Non obstante, se a obra se arruina no momento da expiración dese prazo por vicios ou defectos ocultos da construcción debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas durante o prazo de quince anos a contar desde a recepción. | |
| 2. Acordada a devolución da fianza ou, se é o caso, a resolución que proceda, o órgano de contratación que formalizou o contrato comunicarao á Dirección Xeral do Tesouro. | |
| Para a devolución do depósito os interesados deberán formular expresa petición ante a Dirección Xeral do Tesouro incluíndo a orde da autoridade ou tribunal que dispoña a devolución e lexitimación, os documentos que acrediten a personalidade, o xustificante do depósito e demais documentación xustificativa, entregándolle en substitución do xustificante, recibo acreditativo que recolla as súas características. | • *Art. 20 RD 390/1996, do 1 de marzo* |

# 2.5. Modificados ou reformados

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A.- DELIMITACIÓN** | |
| I O órgano de contratación só poderá introducir modificacións no contrato por razón de interese público, cando sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente. | • *Art.101.1 TRLCAP* |
| 2 Cando, por conte-lo proxecto unidades de obra de difícil determinación en canto ao seu número exacto, se aprobase unha provisión especial para sufraga-lo maior importe que poidan supoñer tales unidades, a súa utilización non terá para ningún efecto o carácter de modificación do contrato, a pesar do aumento do prazo que supoña tal utilización. | • *Art. 151 RCE* |
| Tampouco terá carácter de modificación a alteración do prezo por aplicación de cláusulas de revisión nin afectará ao prazo de execución establecido. | |
| **B.- PROCEDEMENTO** | |
| **B.I. XERAL** | |
| I.I PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO | |
| Cando sexa necesario introducir modificacións no proxecto de obras que rexe o contrato, o director facultativo solicitará ao órgano de contratación autorización para inicia-lo correspondente expediente, que se tramitará con carácter de urxencia. | • *Art. 146.3 TRLCAP* |
| Se as modificacións do proxecto presentan variación en máis ou en menos no orzamento das obras será reaxustado o seu prazo de execución, sen que poida ser aumentado ou diminuído en maior proporción que na que resulte afectado o orzamento. | • *Art. 149 RCE* |
| I.2 AUDIENCIA DO CONTRATISTA | |
| Será necesario este trámite por prazo mínimo de tres días para a aprobación pola Administración das modificacións ao proxecto. | • *Art. 146.3 b) TRLCAP* |
| I.3 INFORME DA OFICINA DE SUPERVISIÓN | |
| Será necesario este para a aprobación pola Administración das modificacións ao proxecto. | • *Cláusula 59 PCAG* |
| I.4 INFORME DA ASESORÍA XURÍDICA | |
| O acordo de modificación do proxecto de obras deberá ser informado polo Servicio xurídico. | • *Art. 128 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| I.5 ACTA DE REPLANEO | |
| Debe existir acta de replaneo previo asinada polo Xefe do servicio correspondente. | • *Art. 81 RCE* |
| I.6 INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE PRESUPOSTOS | |
| Será preceptivo nas modificacións dos contratos, aínda que fosen sucesivas, que impliquen illada ou conxuntamente alteracións en contía igual ou superior ao 10 por 100 do prezo primitivo do contrato, sempre que este sexa igual ou superior a 1.000 millóns de pesetas con exclusión do Imposto sobre o Valor Engadido. | |
| O establecido neste apartado será tamén de aplicación nas modificacións consistentes na substitución de unidades obxecto do contrato por unidades novas, en contratos o importe de adxudicación dos cales sexa igual ou superior a 1.000 millóns de pesetas e as modificacións afecten ao 30 por 100 ou máis do prezo primitivo do contrato. | • *Art. 101.3 c) TRLCAP*<br>• *Disposición final segunda TRLCAP* |
| I.7 DICTAME DO CONSELLO CONSULTIVO | |
| Será preceptivo cando a contía da modificación illada ou conxuntamente sexa superior a un 20 por 100 do prezo primitivo do contrato e este sexa igual ou superior a 1000 millóns de pesetas. | • *Art. 59.3 TRLCAP* |
| I.8 AUTORIZACIÓN, SE É O CASO, DO CONSELLO DA XUNTA | |
| Cando o Consello da Xunta, autorice a celebración do contrato deberá autorizar igualmente a súa modificación cando sexa causa de resolución. | • *Art. 12 TRLCAP*<br>• *Art. 35 Lei 4/2000, do 27 de decembro PXCA* |
| I.9 FISCALIZACIÓN PREVIA | |
| Será realizada pola Intervención Xeral ou a Intervención Delegada segundo as súas competencias e comprobándose ademais dos aspectos previstos no art. 97.2 da LRFP. e no apartado segundo do Acordo de fiscalización limitada previa os seguintes: | |
| - Que existe proxecto, informado pola Oficina de Supervisión de Proxectos. | |
| - Que existe informe da Asesoría xurídica e, se é o caso, dictame do Consello Consultivo. | • *Art. 7.2 Acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999* |
| - Que existe acta de replaneo previo, asinada polo xefe do servicio correspondente. | |
| I.I0 APROBACIÓN | |
| O órgano de contratación aprobará o expediente de modificación e os gastos complementarios precisos. | • *Art. 146.3 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| I.II ADXUDICACIÓN OU RESOLUCIÓN DO CONTRATO | |
| Cando a modificación supoña aumento, reducción ou supresión das unidades de obra ou substitución dunha clase de fábrica por outra sempre que esta sexa unha das comprendidas no contrato, a súa execución será obrigatoria para o contratista salvo que impliquen, illada ou conxuntamente alteracións do prezo do contrato en máis ou menos, en contía superior ao 20% do prezo primitivo do contrato, con exclusión do Imposto sobre o Valor Engadido, ou representen unha alteración substancial do proxecto inicial, casos nos que será potestativa a resolución. | • *Art. 146.1 e 149 e) TRLCAP* |
| No caso de supresión ou reducción de obras, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización ningunha. | |
| I.I2 INTRODUCCIÓN DE NOVAS UNIDADES DE OBRA | |
| Cando as modificacións supoñan a introducción de unidades de obra non comprendidas no proxecto ou as características das cales difiran substancialmente delas, os prezos de aplicación destas serán fixados pola Administración, en vista da proposta do director facultativo das obras e das observacións do contratista a esta proposta en trámite de audiencia, por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalos con outro empresario nos mesmos prezos que fixase ou executalas directamente. A contratación con outro empresario poderá realizarse polo procedemento negociado sen publicidade sempre que o seu importe non exceda do 20 por 100 do prezo primitivo do contrato. | • *Art. 146.2 TRLCAP* |
| I.I3 FORMALIZACIÓN | |
| As modificacións do contrato deberán formalizarse en documento administrativo. | • *Art. 101.2 TRLCAP* |
| **B.2. ESPECIAL** | |
| No suposto de incidencias xurdidas na execución do contrato de obras que esixan a suspensión temporal parcial ou total da execución das obras, a modificación do contrato non esixirá máis trámite que a aprobación polo órgano de contratación despois da audiencia do contratista, da proposta técnica motivada, efectuada polo director facultativo da obra na que se incluirá o importe máximo desta actuación que non poderá ser superior ao 20% do prezo primitivo do contrato e a existencia de crédito axeitado e suficiente. | • *Art. 146.4 TRLCAP* |
| No prazo de seis meses deberá estar aprobado tecnicamente o proxecto e no de oito meses o expediente do modificado. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **C.- EFECTOS DA MODIFICACIÓN** | |
| **C.I. RESOLUCIÓN DO CONTRATO** | |
| A resolución do contrato será potestativa por parte da Administración ou do contratista cando teñan lugar modificacións no orzamento, aínda que fosen sucesivas, que impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do prezo do contrato no momento de aproba-la respectiva modificación, en máis ou en menos, en contía superior ao 20 por 100 do importe primitivo do contrato, con exclusión do Imposto sobre o Valor Engadido ou representen unha alteración substancial do proxecto inicial. | • *Art. 149 e) TRLCAP* |
| Considerarase alteración substancial, entre outras, a modificación dos fins e características básicas do proxecto inicial, así como, a substitución de unidades que afecte, polo menos, ao 30 por 100 do prezo primitivo do contrato, con exclusión do Imposto sobre o Valor Engadido. | • *Art. 150.1 TRLCAP* |
| **C.2. SUSPENSIÓN DAS OBRAS** | |
| 2.I ACORDO DE SUSPENSIÓN | • *Cláusula 61 PCAG* |
| Cando sexa acordada pola Administración a redacción de modificacións do proxecto que impliquen a imposibilidade de continuar executando determinadas partes da obra contratada, deberá acordarse igualmente a suspensión temporal, parcial ou total da obra. | |
| 2.2 ACTA DE SUSPENSIÓN | • *Cláusula 64 PCAG* |
| Sempre que a Administración acorde unha suspensión temporal, parcial ou total da obra ou unha suspensión definitiva, deberá redactarse a correspondente acta de suspensión, que deberá ir asinada polo facultativo da Administración e polo contratista, na que se fará consta-lo acordo da Administración que orixinou a suspensión definíndose concretamente a parte ou partes ou a totalidade da obra afectadas por aquela. | |
| A acta deberá ir acompañada, como anexo e en relación coa parte ou partes suspendidas, da medición tanto da obra executada nesta ou nestas partes como dos materiais acopiados ao pé da obra utilizables exclusivamente nestas. | |
| 2.3 CUALIFICACIÓN DA SUSPENSIÓN | • *Art. 63 PCAG* |
| Se a suspensión temporal só afecta a unha ou varias partes ou clases de obras que non constitúan a totalidade da obra contratada, | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| utilizarase a denominación "suspensión temporal parcial" no texto da acta de suspensión e en toda a documentación que faga referencia a esta; se afecta á totalidade da obra contratada, utilizarase a denominación "suspensión temporal total" nos mesmos documentos. | |
| 2.4 LÍMITES TEMPORAIS | |
| Será causa de resolución do contrato a suspensión das obras por prazo superior a oito meses acordada pola Administración. | • *Art. 149 c) TRLCAP* |
| 2.5 EFECTOS DA SUSPENSIÓN TEMPORAL | |
| No caso de suspensión das obras iniciadas por prazo superior a oito meses, o contratista terá dereito ao 6 por 100 do prezo das obras deixadas de realizar en concepto de beneficio industrial, entendéndose por obras deixadas de realizar as que resulten da diferencia entre as reflectidas no contrato primitivo e as súas modificacións e as que ata a data de notificación da suspensión se executasen. | • *Art. 151.4 TRLCAP* |
| **C.3. INVESTIGACIÓN POR DEFECTOS NO PROXECTO INICIAL** | |
| Cando se fixese precisa a modificación dun proxecto e existisen indicios de que iso se debe a defecto ou imprevisión imputable aos seus autores ou supervisores, poderá ordenarse a práctica dunha investigación co Conselleiro correspondente ou por quen ostente delegación bastante para o efecto, procedéndose de acordo coa Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común. | • *Art. 154 RCE* |
| **C.4. INDEMNIZACIÓNS POR MODIFICACIÓNS NON AUTORIZADAS** | • *Art. 155 RCE* |
| As modificacións non autorizadas nas obras con respecto aos proxectos polos que se rexa a súa realización orixinarán responsabilidades dos funcionarios de acordo coas normas a que se refire o apartado anterior.<br><br>Os empresarios executores destas modificacións, con coñecemento da súa irregularidade, non terán dereito ao aboamento destas; estarán obrigados á súa devolución, se así se lles ordena, e indemnizarán á Administración, en todo caso, polos danos e perdas que a súa conducta ocasione. A responsabilidade directa dos empresarios non será obstáculo para que se esixa a que corresponda ao funcionario encargado da inspección e vixilancia das obras. | |

# 2.6. Obras complementarias

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A.- PROCEDEMENTO XERAL** | |
| As obras accesorias ou complementarias serán obxecto de contrato independente e polo tanto debe seguirse o procedemento xeral do contrato de obras. | • *Art.153 RCE* |
| **B.- ADXUDICACIÓN AO CONTRATISTA INICIAL** | |
| Poderán ser adxudicadas ao contratista inicial as obras complementarias que non figuren no proxecto, nin no contrato, pero que resulte necesario executar como consecuencia de circunstancias imprevistas, de acordo cos prezos que rexen para o contrato primitivo ou que, se é o caso, fosen fixados contradictoriamente, sempre que cumpran os seguintes requisitos respecto do contrato principal:<br><br>1. Que as obras non poidan separarse técnica ou economicamente do contrato primitivo sen causar inconvenientes maiores á Administración ou que, aínda que se poidan separar da execución deste contrato, sexan estrictamente necesarias para a súa execución.<br><br>2. Que as obras complementarias a executar definidas no correspondente proxecto estean formadas, polo menos, nun 50 por 100 do orzamento, por unidades de obra do contrato principal.<br><br>3. Que o importe acumulado das obras complementarias non supere o 20 por 100 do prezo primitivo do contrato. | • *Art. 141 d) TRLCAP* |
| **C.- FISCALIZACIÓN PREVIA** | |
| Na fiscalización previa comprobaranse ademais dos aspectos previstos no art. 97.2 da Lei de réxime financeiro e orzamentario e no apartado segundo do Acordo de fiscalización limitada previa os seguintes:<br><br>- Que existe proxecto, informado pola Oficina de supervisión de proxectos, se procede.<br><br>- No caso de que a obra accesoria ou complementaria supere o 20% do prezo do contrato no momento da aprobación desta obra accesoria ou complementaria ou, sen superalo, se saque a licitación o expediente deberá cumpri-los requisitos previstos pola obra nova. Coa actual redacción do artigo 141 d) do TRLCAP, tratarase do prezo primitivo do contrato, e non do existente no momento de aprobación da obra accesoria ou complementaria.<br><br>- Que existe acta de replaneo previo, asinada polo xefe de servicio correspondente. | • *Art.97.2 TRLRFP*<br>• *Art. 2 e 7.2 do Acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999* |

# 2.7. Revisión de prezos

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A.- APLICACIÓN DAS REVISIÓNS DE PREZOS** | |
| Procederá a revisión de prezos, excepto naqueles contratos nos que mediante resolución motivada e no prego de cláusulas administrativas particulares se estableza a improcedencia desta, sempre que:<br><br>- O contrato se executase no 20 por 100 do seu importe.<br><br>- Transcorrese un ano desde a súa adxudicación.<br><br>Esto implica que, nin a porcentaxe do 20 por 100 nin o primeiro ano de execución, contados desde a adxudicación, poderán ser obxecto de revisión. | • *Art.103.1 TRLCAP*<br>• *Art. 25 do RD 390/1996, do 1 de marzo* |
| En ningún caso terá lugar a revisión de prezos nos contratos o pagamento dos cales se concerte mediante o sistema de arrendamento financeiro ou de arrendamento con opción de compra, nin nos contratos menores.<br><br>O prego de cláusulas administrativas particulares deberá indica-la fórmula de revisión aplicable. | • *Art. 103.2 TRLCAP* |
| O Consello de Ministros, despois do informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, aprobará fórmulas tipo segundo o contido das diferentes prestacións comprendidas nos contratos. | • *Art. 104.1 TRLCAP*<br>. |
| Ata que, de conformidade co disposto no artigo 104, se aproben fórmulas tipo para a revisión de prezos, seguirán aplicándose as aprobadas polo Decreto 3650/1970, do 19 de decembro; polo Real Decreto 2167/1981, do 20 de agosto, polo que se complementa o anterior e polo Decreto 2341/1975, do 22 de agosto, para contratos de fabricación do Ministerio de Defensa.<br><br>O contido desta disposición producirá efectos desde a entrada en vigor da Lei 53/1999, do 28 de decembro. | • *Disposición transitoria segunda da LCAP (Redacción Lei 14/2000, do 29 de decembro)* |
| As fórmulas reflectirán a participación no prezo do contrato da man de obra e dos elementos básicos.<br><br>De entre as fórmulas tipo, o órgano de contratación, no prego de cláusulas administrativas particulares, determinará as que considere máis adecuadas para o respectivo contrato, sen prexízo de que, se ningunha delas coincide coas características do contrato, se propoñan as fórmulas especiais, que deberán ser igualmente aprobadas polo Consello de Ministros.<br><br>Estas fórmulas deberán ser publicadas no “Boletín Oficial do Estado” e serán revisables cada dous anos, como mínimo. | • *Art. 104.2 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| O índice ou fórmula de revisión aplicado ao contrato será invariable durante a vixencia deste e determinará a revisión de prezos en cada data respecto da data final do prazo de presentación de ofertas na poxa e no concurso e da de adxudicación no procedemento negociado. | • *Art. 104.3 TRLCAP* |
| **B.- PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN DE PREZOS** | |
| Cando sexa de aplicación a revisión de prezos levarase a cabo aplicando ás fórmulas tipo aprobadas polo Consello de Ministros, os índices mensuais de prezos aprobados pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. | • *Art. 25 do RD 390/1996, do 1 de marzo* |
| As fórmulas de revisión servirán para calcular mediante a aplicación de índices de prezos, os coeficientes de revisión en cada data respecto da data final do prazo de presentación de ofertas nas poxas e concursos e da de adxudicación no procedemento negociado, aplicándose os seus resultados aos importes líquidos das prestacións realizadas. | • *Art. 105 TRLCAP* |
| Cando a cláusula de revisión se aplique sobre períodos de tempo nos que o contratista incorrese en mora e sen prexuízo das penalidades que fosen procedentes, os índices de prezos que deberán ser tidos en conta serán aqueles que correspondesen ás datas establecidas no contrato para a realización da prestación en prazo, salvo que os correspondentes ao período real de execución produzan un coeficiente inferior, caso en que se aplicarán estes últimos. | • *Art. 107 TRLCAP* |
| **C.- EXPEDIENTE DE GASTOS POR REVISIÓN DE PREZOS** | |
| **C.I. ÓRGANOS COMPETENTES** | |
| As Consellerías e os seus Organismos autónomos deberán efectuar ao comezo de cada exercicio económico a oportuna previsión dos créditos precisos para os maiores gastos que deriven da revisión de prezos dos contratos en curso e a dos novos contratos a formalizar durante a vixencia daquel. | • *Art. 1 RD. 1881/1984, do 30 de agosto* |
| Así mesmo, efectuarán o seguimento desta previsión, procedendo dentro do terceiro trimestre de cada exercicio, ao reaxuste desta cando xurdan insuficiencias ou excesos advertidos na súa dotación. | • *Art. 3 RD. 1881/1984, do 30 de agosto* |
| **C.2. TRAMITACIÓN E APROBACIÓN** | |
| Os órganos de contratación tramitarán de oficio os expedientes de gastos adicionais por cada contrato con dereito a revisión de prezos, acumulándose ao orzamento vixente de cada contrato, na súa totalidade, os importes adicionais correspondentes a cada un deles e imputándose ao propio concepto orzamentario o importe da anualidade do propio exercicio a que esta se refire, tomándose razón, con cargo aos exercicios | • *Art. 2 RD. 1881/1984, do 30 de agosto* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| económicos sucesivos, se é o caso, das súas cantidades respectivas.<br><br>Tales expedientes deberán quedar aprobados economicamente dentro do primeiro semestre de cada exercicio, debendo tramitarse con posterioridade os expedientes de gasto que fosen precisos para a cobertura das desviacións da previsión inicial contida naqueles. Así mesmo deberán tramitarse oportunamente os expedientes adicionais de gasto por revisións de prezos de novos contratos, incorporándose tamén os importes respectivos ao orzamento vixente de cada contrato. | |
| **D.- FISCALIZACIÓN PREVIA** | |
| Na fiscalización previa comprobaranse ademais dos aspectos previstos no art. 97.2 da LRFP e no apartado segundo do acordo de limitada previa que se cumpren os requisitos esixidos polo art. 103 da LCAP ( hoxe art. 104 do TRLCAP) e que non estea expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares. | • *Acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999* |
| **E.- LIQUIDACIÓN DAS REVISIÓNS** | |
| O importe das revisións que procedan farase efectivo mediante o aboamento ou desconto correspondente nas certificacións de obras, ou excepcionalmente, na liquidación do contrato, cando non puidese incluírse nestas certificacións. | • *Art. 108 TRLCAP* |

# 2.8. Reaxuste de anualidades

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. NORMATIVA XERAL** | |
| O financiamento dos contratos pola Administración axustarase ao ritmo requirido na execución da prestación, debendo ser adoptadas para este fin por parte do órgano de contratación as medidas que sexan necesarias ao tempo da programación das anualidades e durante o período de execución. | • *Art. 14.3 TRLCAP* |
| O establecido no apartado anterior non será de aplicación nos contratos o pagamento dos cales se estableza mediante a modalidade de arrendamento financeiro ou de arrendamento con opción de compra, caso en que o límite máximo polo seu pagamento será de 4 anos a partir da adxudicación do contrato, salvo que se acorde outro límite maior cando así sexa autorizado polo Consello da Xunta. | • *Art. 14.4 TRLCAP*<br>• *Disposición final segunda TRLCAP* |
| As anualidades de investimento previstas para as obras estableceranse de acordo co ritmo fixado pola execución destas. | |
| **B. CASOS NOS QUE PROCEDE O AXUSTE** | |
| I Cando por atraso no comezo das obras sobre o previsto ao iniciarse o expediente de contratación, paralizacións autorizadas das obras, prórrogas dos prazos parciais ou do total, modificacións no proxecto ou por calquera outra causa xustificada se producise desaxuste entre as anualidades establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares integrado no contrato e as necesidades reais na orde económica que o normal desenvolvemento dos traballos esixa, a Administración procederá a reaxusta-las citadas anualidades sempre que o permitan os remanentes dos créditos aplicables de que dispoña a Consellería correspondente. | • *Art. 152 RCE* |
| No caso de modificacións no proxecto, o reaxuste de anualidades prodúcese como consecuencia do axuste do prazo de execución determinado no contrato inicial na proporción en que varíe o orzamento das obras. | |
| 2 O contratista poderá desenvolve-los traballos cunha celeridade maior que a necesaria para executa-las obras no tempo prefixado no contrato, salvo que a xuízo da Dirección existisen razóns para estimalo inconveniente. Sen embargo, non terá dereito a percibir en cada ano, sexa cal for o importe do executado ou das certificacións expedidas, unha cantidade maior que a consignada na anualidade correspondente. | • *Cláusula 53 PCAG* |
| 3 Cando, excepcionalmente, a aceleración dos traballos sexa esixida por razóns de interese público, a Administración comunicarallo ao contratista e redactarase, se existe acordo, un novo programa de traballo adaptándoo ás novas circunstancias, coa fixación, se é o caso, do novo prazo total do contrato. | • *Cláusula 53 PCAG* |

| *Descrición* | *Referencia Lexislativa* |
|---|---|
| Neste suposto, a Administración procederá de conformidade co contratista, a un reaxuste de anualidades, sempre que o permitan os remanentes dos créditos aplicables de que dispoña a Consellería correspondente. | |
| **C. CONFORMIDADE DO CONTRATISTA** | |
| Cando se vaia efectuar un reaxuste das anualidades que rexeron o contrato será necesaria a conformidade do contratista para que a Administración poida acordalo. | • *Art. 152 RCE* |
| **D. REVISIÓNS DO PROGRAMA DE TRABALLO** | |
| Como regra xeral, o reaxuste de anualidades esixe a revisión do programa de traballo, adaptándoo ás novas circunstancias. | • *Art. 152 RCE* |
| **E. FISCALIZACIÓN** | |
| Os expedientes de modificación de anualidades serán fiscalizados segundo o disposto no art. 97 da LRFP e Acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999. | |

# 2.9. Xuros de demora

## 2.9. Xuros de demora



| *Descrición* | *Referencia Lexislativa* |
|---|---|
| **A. PRAZO** | |
| O contratista ten dereito ao aboamento dos xuros correspondentes cando a Administración se atrase no pagamento de: | |
| I. Certificacións de obras, a partir dos dous meses seguintes á data de expedición. | • *Art. 99.4 TRLCAP* |
| II. Certificación final da obra aboada a conta da liquidación do contrato: dous meses a partir da súa recepción. | • *Art. 99.4, 110.2 e 147.1 TRLCAP* |
| III. Liquidación, a partir dos dous meses seguintes á data de expedición do documento de liquidación que será expedido unha vez que exista informe favorable sobre o estado das obras, polo director facultativo da obra. | • *Art. 99.4 TRLCAP*<br>• *Art. 147.3 TRLCAP* |
| **B. TIPO DE XURO** | |
| O contratista terá dereito a percibi-lo xuro legal do diñeiro incrementado en 1,5 puntos das cantidades debidas. | • *Art. 99.4 e Art. 148.2 TRLCAP* |
| **C. FISCALIZACIÓN PREVIA** | |
| Na fiscalización previa comprobaranse ademais dos aspectos previstos con carácter xeral no art. 97.2 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no apartado 2º do acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999, os seguintes extremos:<br>- Que exista informe da Asesoría Xurídica.<br>- Que exista liquidación e que o cálculo sexa correcto. | |

# 2.10. Indemnizacións a favor do contratista

*Intervención Xeral*

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. SUPOSTOS** | |
| **A.I DEMORA NA FORMALIZACIÓN DO CONTRATO** | |
| Cando por causas imputables á Administración non se formalizase o contrato dentro dos 30 días contados desde o seguinte ao da notificación da adxudicación, indemnizarase ao contratista polos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar, con independencia de que poida solicita-la resolución do contrato. | • *Art. 54.3 TRLCAP* |
| **A.2 DEMORA NA COMPROBACIÓN DO REPLANEO** | |
| Se non se efectuase a comprobación do replaneo dentro do prazo consignado no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a formalización, salvo casos excepcionais xustificados, deberá indemnizarse ao contratista cunha cantidade equivalente ao 2 por 100 do prezo de adxudicación, sen prexuízo do dereito deste a resolve-lo contrato. | • *Art. 151.2 TRLCAP* |
| **A.3 FORZA MAIOR** | |
| Son indemnizables, sempre que non exista actuación imprudente por parte do contratista, os danos e perdas que se produzan nas obras cando sexan consecuencia dos feitos seguintes:<br><br>a) Os incendios causados pola electricidade atmosférica.<br><br>b) Os fenómenos naturais de efectos catastróficos, como maremotos, terremotos, erupcións volcánicas, movementos do terreo, temporais marítimos, inundacións ou outros semellantes.<br><br>c) Os estragos ocasionados violentamente en tempo de guerra, roubos tumultuosos ou alteracións graves da orde pública. | • *Art. 144 TRLCAP* |
| **A.4 SUSPENSIÓN DAS OBRAS** | |
| A suspensión da iniciación das obras por parte da Administración por tempo superior a seis meses dará dereito ao contratista a percibir unha indemnización do 3 por 100 do prezo de adxudicación, sen prexuízo do seu dereito a resolve-lo contrato. | • *Art. 150.2 TRLCAP* |
| En caso de desistencia ou suspensión das obras iniciadas por prazo superior a oito meses, o contratista terá dereito ao 6 por 100 do prezo das obras deixadas de realizar en concepto de beneficio industrial, entendéndose por obras deixadas de realizar as que resulten da | • *Art. 151.4 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| diferencia entre as reflectidas no contrato primitivo e as súas modificacións e as que ata a data de notificación da suspensión se executasen. | |
| **B. PROCEDEMENTO** | |
| I Con carácter xeral, tramitaranse mediante expediente contradictorio, que comprenderá as seguintes actuacións:<br><br>- Proposta do facultativo director das obras ou petición do contratista.<br><br>- Audiencia do contratista ou informe do citado facultativo, a emitir en ámbolos dous casos nun prazo de quince días.<br><br>- Informe, se é o caso, do Servicio Xurídico e da Intervención Xeral, a emitir no mesmo prazo anterior.<br><br>- Resolución do órgano ou autoridade que celebrase o contrato e notificación ao contratista. | • *Art. 133 e 136 RCE*<br>• *Acordo do Consello da Xunta do 31 de maio de 1990* |
| 2 Antes de dictar resolución do órgano de contratación, fiscalizarase o cumprimento dos requisitos previstos no art. 97.2 LRFP e apartado 2º do Acordo de limitada previa, ademais dos aspectos seguintes:<br><br>- Que existe informe da Asesoría Xurídica.<br><br>- Que existe informe técnico.<br><br>- Que existe liquidación e que o cálculo é correcto. | • *Art. 97.2 LRFP, aptdo. 2º e 7.8 do Acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999* |

# 2.11. Resolución do contrato

## 2.11. Resolución do contrato.



| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. SUPOSTOS** | |
| Son causas de resolución do contrato de obras: | • *Art.111 TRLCAP* |
| a) Morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista. | |
| b) Declaración de quebra, de suspensión de pagamentos, de concurso de acredores ou de insolvente falido en calquera procedemento ou o acordo de quita e espera. | |
| c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista. | |
| d) A falta de prestación polo contratista da garantía definitiva ou das especiais ou complementarias daquela en prazo nos casos previstos na lexislación de contratos e a non formalización do contrato en prazo. | |
| e) A demora no cumprimento dos prazos de execución por parte do contratista e o incumprimento do prazo sinalado no art. 71.2, parágrafo d). | |
| f) A falta de pagamento por parte da Administración no prazo de oito meses, conforme ao art. 99.6. | |
| g) O incumprimento das restantes obrigacións contractuais esenciais. | |
| h) Aqueles que estableza expresamente o contrato. | |
| i) A comprobación do replaneo fóra do prazo consignado no contrato. | • *Art. 149. a) TRLCAP* |
| j) A desistencia ou a suspensión das obras por un prazo superior a oito meses acordada pola Administración. | • *Art. 99.6 e art. 149.c) TRLCAP* |
| k) Os erros materiais que poida conte-lo proxecto ou orzamento elaborado pola Administración que afecten ao orzamento das obras polo menos nun 20%. | • *Art. 149. d) TRLCAP* |
| l) As modificacións no contrato, aínda que fosen sucesivas, que impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do prezo do contrato en contía superior en máis ou menos ao 20 por 100 do prezo primitivo do contrato, con exclusión do Imposto sobre o Valor Engadido, ou que representen unha alteración substancial do proxecto. | • *Art. 149 .c) TRLCAP* |
| m) O atraso do inicio das obras por prazo superior a dous meses en expedientes tramitados de urxencia, salvo que o atraso se debese a | • *Art. 71.2 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| causas alleas á administración contratante e ao contratista e así se fixese constar na correspondente resolución motivada. | |
| n) A suspensión da iniciación das obras por prazo superior a 6 meses por parte da Administración. | • *Art. 149. b) TRLCAP* |
| A declaración de quebra, a de concurso de acredores ou a de insolvente falido en calquera procedemento orixinará sempre a resolución do contrato. | • *Art. 112.2 TRLCAP* |
| Nos restantes casos o dereito para exercitala será potestativo para aquela parte á que non sexa imputable a circunstancia que dese lugar a esta, sen prexuízo de que nos supostos de modificacións en máis do 20 por 100 previstos nos artigos 149 parágrafo e), 192 parágrafo c) e 214 parágrafo c) a Administración tamén poida insta-la resolución. | |
| **B. EFECTOS** | |
| **B.I REGRA XERAL** | |
| A resolución do contrato dará lugar á comprobación, medición e liquidación das obras realizadas de acordo co proxecto, fixando os saldos pertinentes a favor ou en contra do contratista. Será necesaria a citación deste, no domicilio que figure no expediente de contratación, para a súa asistencia ao acto de comprobación e medición. | • *Art. 151.1 TRLCAP* |
| **B.2 REGRAS ESPECIAIS** | |
| I Se por culpa ou neglixencia da Administración se demorase a comprobación do replaneo, dando lugar á resolución do contrato, o contratista só terá dereito a unha indemnización equivalente ao 2 por 100 do prezo de adxudicación. | • *Art. 151.2 TRLCAP* |
| 2 No suposto de suspensión da iniciación das obras por parte da Administración por tempo superior a seis meses, o contratista terá dereito a percibir por tódolos conceptos unha indemnización do 3 por 100 do prezo de adxudicación. | • *Art. 151.3 TRLCAP* |
| 3 No caso de desestimento ou suspensión das obras por prazo superior a oito meses ou decidise a Administración a suspensión definitiva das obras, o contratista terá dereito ao 6 por 100 do prezo das obras deixadas de realizar en concepto de beneficio industrial. | • *Art. 151.4 TRLCAP* |
| **B.3 RESOLUCIÓN POR MUTUO ACORDO** | |
| Cando a resolución obedeza ao mutuo acordo, os dereitos das partes acomodaranse ao validamente estipulado entre a Administración e o contratista. | • *Art. 113.2 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| A Administración só deberá presta-lo seu consentimento á resolución do contrato por mutuo acordo cando, sen existir causas para esta por culpa do contratista, razóns de interese público ou outras circunstancias de carácter excepcional fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato. | • *Art. 166 RCE* |
| **B.4 RESOLUCIÓN POR CAUSAS IMPUTABLES AO CONTRATISTA** | |
| Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá ademais indemnizar á Administración polos danos e perdas ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada. | • *Art. 113.4 TRLCAP* |
| En todo caso o acordo de resolución conterá pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía constituída. | • *Art. 113.5 TRLCAP* |
| **C. PROCEDEMENTO** | |
| **C.I INICIO DO EXPEDIENTE** | |
| O expediente iniciarase de oficio ou a pedimento do contratista. | • *Art. 112.1 TRLCAP* |
| **C.2 AUDIENCIA AO CONTRATISTA** | |
| Unha vez iniciado o oportuno expediente de resolución, darase audiencia ao contratista para que preste a súa conformidade. | • *Art. 59.1 TRLCAP* |
| **C.3 INFORME DA ASESORÍA XURÍDICA** | |
| Requírese informe do Servicio Xurídico respectivo, excepto cando a causa de resolución sexa a falta de constitución da garantía definitiva ou a demora no cumprimento dos prazos de execución por parte do contratista. | • *Art. 59.2TRLCAP* |
| **C.4 DICTAME DO CONSELLO CONSULTIVO** | |
| Será necesario cando o contratista non preste a súa conformidade coa resolución. | • *Art. 59.3 a) TRLCAP.*<br>• *Art. 11 h) Lei 9/1995, do 10 de novembro* |
| **C.5 FISCALIZACIÓN** | |
| Deberá fiscalizarse por parte da Intervención comprobando os aspectos anteriores. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **C.6 ACORDO DE RESOLUCIÓN**<br><br>Será acordado polo órgano de contratación, sendo necesaria a autorización do Consello da Xunta de Galicia cando este órgano autorizase a súa celebración. | • *Art. 12.2 TRLCAP*<br>• *Art. 32 Lei 7/1999, do 29 de decembro PXCA* |
| **C.7 LIQUIDACIÓN**<br><br>A resolución do contrato dará lugar á comprobación, medición e liquidación das obras realizadas de acordo co proxecto, fixando os saldos pertinentes a favor ou en contra do contratista. Será necesaria a citación deste no domicilio que figure no expediente de contratación, para a asistencia ao acto de comprobación e medición.<br><br>A liquidación será fiscalizada pola Intervención. | • *Art. 151.1 TRLCAP* |

# 2.12. Execución de obras pola Administración

*Intervención Xeral*

## 2.12. Execución de obras pola Administración



| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A.- CASOS NOS QUE PROCEDE** | |
| A execución de obras pola Administración poderá ser verificada polos propios servicios desta a través dos seus medios persoais ou reais ou coa colaboración de empresarios particulares, sempre que neste último caso o seu importe sexa inferior a 891.521.645 pesetas (5.358.153 euros equivalentes a 5.000.000 dereitos especiais de xiro), con exclusión do Imposto sobre o Valor Engadido, cando concorra algunha destas circunstancias.<br><br>a) Que a Administración teña montadas fábricas, arsenais, mestranzas ou servicios técnicos ou industriais, suficientemente aptos para a realización da obra proxectada, caso en que deberá normalmente utilizarse este sistema de execución.<br><br>b) Que a Administración posúa elementos auxiliares utilizables na obra e o emprego dos cales supoña unha economía superior ao 5 por 100 do importe do orzamento daquela ou unha maior celeridade na súa execución, xustificándose neste caso, as vantaxes que se sigan desta.<br><br>c) Que non houbese ofertas de empresarios para a execución de obras en licitación previamente efectuada.<br><br>d) Cando se trate da execución de obras que se consideren de emerxencia de acordo co previsto nesta Lei.<br><br>e) Cando se trate da execución de obras nas que, dada a súa natureza, sexa imposible a fixación previa dun prezo certo ou a dun orzamento por unidades simples de traballo.<br><br>f) Cando sexa necesario relevar ao contratista de realizar algunhas unidades de obra por non se ter chegado a un acordo nos prezos contradictorios correspondentes.<br><br>g) As obras de mera conservación e mantemento nos termos definidos no art. 123.5 do TRLCAP.<br><br>h) Excepcionalmente, a execución de obras definidas en virtude dun anteproxecto que polas súas características non sexan susceptibles da redacción dun proxecto.<br><br>i) Cando se resolva o contrato por falta de presentación polo contratista da garantía definitiva ou das especiais ou complementarias daquela en prazo | • *Art 152.1 TRLCAP* |
| **B. ELABORACIÓN DO PROXECTO** | |
| I. Será de aplicación o recollido no procedemento xeral, prescindíndose | • *Art 188 RCE* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| dos aspectos referentes á licitación e ás relacións contractuais entre a Administración e o contratista. | |
| 2. Fóra dos supostos das letras d), g) e h) do apartado A, será inexcusable a redacción do correspondente proxecto. | • *Art 152.2 TRLCAP* |
| Cando se trate de obras nas que pola súa natureza sexa imposible a fixación previa dun prezo certo ou a dun orzamento por unidades simples de traballo, o orzamento de execución será fixado de forma estimativa e a contía adoptada para el servirá de base para a habilitación do crédito correspondente.<br><br>Para as obras nas que sexa necesario relevar ao contratista de realizar algunhas unidades de obra por non se ter chegado a un acordo nos prezos contradictorios correspondentes, o orzamento obterase tomando como base os prezos fixados pola Administración na forma sinalada na lexislación de contratos do Estado. | • *Art 188 RCE* |
| **C. ADQUISICIÓN DE MATERIAIS E ELEMENTOS** | |
| A adquisición de materiais, primeiras materias e, en xeral, de tódolos elementos elaborados que sexan precisos para a execución das obras directamente pola Administración será realizada mediante as formas e procedementos que resulten de aplicación dos establecidos na lexislación para os contratos de subministración. | • *Art 82.5 RCE* |
| **D. AUTORIZACIÓN** | |
| A autorización para a execución de obras por parte da Administración corresponderá ao órgano de contratación a quen competa a aprobación do gasto, despois da fiscalización da existencia de proxecto, se procede, informado pola Oficina de supervisión de proxectos e da acreditación dos medios para realiza-la obra así como da existencia de acta de replaneo previa, asinada polo Xefe do Servicio correspondente, ademais dos aspectos previstos no art. 97.2 da Lei de réxime financeiro e orzamentario e apartados segundo e 7.9 do Acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999. | • *Art 153 TRLCAP*<br>• *Art 190 RCE*<br>• *Art 97.2 LRFP*<br>• *Art 2 e 7.9 do acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999* |
| **E. EXECUCIÓN** | |
| **E.I POLA ADMINISTRACIÓN** | |
| A execución de obras pola Administración poderá ser verificada polos propios servicios desta a través dos seus medios persoais ou reais. | • *Art 152.1 TRLCAP* |
| **E.2 EN COLABORACIÓN** | |
| 2.I. A execución de obras poderá verificarse tamén coa colaboración de empresarios particulares mediante: | • *Artº 191 RCE* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| - Sistema de custos e custas, con dereito do colaborador á percepción económica determinada non superior ao 5 por 100 do custo. | |
| - Elaboración de unidades completas do proxecto a un prezo ou tanto alzado. | |
| 2.2. Estes contratos de colaboración terán natureza administrativa, pero non a de contratos de obras tal como se configuran no Regulamento Xeral de Contratación do Estado, xa que a responsabilidade da execución da obra seguirá recaendo integramente no órgano xestor da Administración, de maneira que ao colaborador non lle alcanzan máis que as derivadas do incumprimento das cláusulas estipuladas no seu contrato ou das instruccións que como complemento ou aclaración delas reciba do Director das obras. O contrato formalizarase en documento administrativo e non será obrigatoria a prestación de fianza. | • *Art. 152.3 TRLCAP*<br>• *Art. 191 RCE* |
| 2.3. A selección do empresario colaborador será efectuada por medio dos procedementos e formas de adxudicación establecidos nos artigos 73 e 74 do TRLCAP. | |
| 2.4. Nos supostos das letras a e b do apartado A non poderá excederse na contratación con colaboradores o 50 por 100 do importe total do proxecto. | • *Art. 152.4 TRLCAP* |
| **F. LIQUIDACIÓN** | |
| I. No caso de obras executadas pola Administración e nas executadas por colaboradores mediante sistema de custo e custas con dereito a percepción determinada non superior ao 5 por 100 do custo, realizarase a liquidación mediante os oportunos xustificantes dos gastos realizados por tódolos conceptos e non de acordo cos prezos que para as distintas unidades de obra poidan figurar no proxecto aprobado. | • *Art. 194 RCE* |
| 2. A liquidación das obras executadas con colaboradores para a elaboración de unidades completas do proxecto a un prezo a tanto alzado, realizarase mediante relacións valoradas, acompañadas do correspondente documento contractual onde figure o prezo concertado. O seu pagamento farase na forma e momento que se sinalen no respectivo contrato. | |
| **G. ESPECIAL REFERENCIA AO RÉXIME DA EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA, SOCIEDADE ANÓNIMA (TRAGSA)** | |
| A empresa TRAGSA e as súas filiais teñen a consideración de medio propio instrumental e servicio técnico da Administración Xeral do Estado e | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
| --- | --- |
| de cada Comunidade Autónoma interesada. | |
| TRAGSA é unha sociedade estatal das previstas no artigo 6º.1.a) da Lei Xeral Orzamentaria, que cumpre servicios esenciais en materia de desenvolvemento rural e conservación do medioambiente. (O seu obxecto defínese con precisión no artigo 88.Tres da Lei 66/1997, do 30 de decembro de 1997 de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social). | • *Art. 88.3 Lei 66/1997, do 30 decembro*<br>• *RD. 371/1999, do 5 de marzo* |
| As actuacións obrigatorias que lles sexan encargadas a TRAGSA ou ás súas filiais estarán definidas, segundo os casos, en proxectos, memorias ou outros documentos técnicos e valoradas no seu correspondente orzamento conforme ao sistema de tarifas a que se refiere o art. 3º do RD 371/1999. | |
| Antes de formula-lo encargo, os órganos competentes aprobarán estes documentos e realizarán os preceptivos trámites técnicos, xurídicos, orzamentarios e de control e aprobación do gasto. | |
| De acordo con RCE a autorización para a execución de obras pola Administración corresponde á autoridade a quen competa a aprobación do gasto, despois do informe da Asesoría Xurídica e fiscalización daquel pola intervención. | • *Art. 190 RCE* |
| Se se trata de obras das recollidas no apartado 12.A.a) a aprobación do gasto e da forma de execución pola autoridade competente basearase, atendendo á índole dos traballos, no oportuno informe técnico, sen que sexa preceptivo o asesoramento xurídico previo. | |
| O encargo de cada actuación obrigatoria será comunicado formalmente pola administración a TRAGSA ou ás súas filiais, facendo constar, ademais dos antecedentes que procedan, a denominación desta, o prazo de realización, o seu importe, a partida orzamentaria correspondente e, se é o caso, as anualidades en que se financie coas súas respectivas contías así como o Director designado para a actuación que se vai realizar. Tamén será facilitado o documento en que se defina esta actuación, co seu orzamento detallado. | |
| A comunicación encargando unha actuación a TRAGSA ou ás súas filiais suporá a orde para iniciala. | |
| TRAGSA e as súas filiais realizarán as súas actuacións conforme ao documento de definición que o órgano ordenante lle facilite e seguindo as indicacións do Director designado para cada actuación. | |
| Mensualmente, o director da actuación expedirá a certificación ou o documento acreditativo que corresponda ao avance dos traballos con expresión das unidades realizadas desde o seu comezo e a súa correspondente valoración, de acordo coas tarifas aplicables. O importe | |

| *Descrición* | *Referencia Lexislativa* |
|---|---|
| dos traballos realizados en cada período, unha vez aprobada a súa valoración, será aboado polo órgano pagador a TRAGSA ou ás súas filiais no prazo dos dous meses seguintes á data da aprobación da certificación ou documento que acredite a realización total ou parcial da actuación de que se trate. | |

# 2.13. Contratos menores de obras

*Intervención Xeral*

## 2.13. Contratos menores de obras



| *Descrición* | *Referencia Lexislativa* |
|---|---|
| **A. CONCEPTO** | |
| Terán a consideración de contratos menores de obras aqueles a contía dos cales non exceda de 5 millóns de pesetas. | • *Art. 121 TRLCAP* |
| Estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos. | • *Art. 56 TRLCAP* |
| **B. ADXUDICACIÓN** | |
| Na adxudicación destes contratos poderase utiliza-lo procedemento negociado sen publicidade previa. | • *Art. 141.g)TRLCAP* |
| **C. TRAMITACIÓN** | |
| A tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación a este da factura correspondente, que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e o orzamento das obras, sen prexuízo da existencia de proxecto cando as normas específicas así o requiran. | • *Art. 56 TRLCAP* |
| **D. FISCALIZACIÓN PREVIA** | |
| A aprobación de expedientes de gasto que correspondan a contratos menores estará sometida a fiscalización previa, excepto nos casos en que a súa contía non exceda de 1.100.000 pts, suposto en que unicamente será necesaria para a súa tramitación a existencia de crédito adecuado e suficiente e o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 57 da Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das Administraciónes Públicas. | • *Art. 97.1 TRLCAP* |

*Descrición*

## CONTRATO DE OBRAS

**ESQUEMA PROCEDEMENTO**



*Descrición*

ADXUDICACIÓN



## *Descrición*


FORMALIZACIÓN
COMPROBACIÓN DO REPLANEO
1º mes
Medición y relación valorada
Certificación de obra
Posibles adicionais
Modificados ou reformados
Obras complementarias
Revisións de prezos
RECEPCIÓN (1 mes entrega/prego)
MEDICIÓN FINAL (en 2 meses da recepción)
CERTIFICACIÓN FINAL
LIQUIDACIÓN
DEVOLUCIÓN FIANZA

# 3. Contratos de xestión de servicios públicos

# 3.1. Características do contrato

*Intervención Xeral*

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. DEFINICIÓN DO CONTRATO** | |
| É aquel contrato mediante o que as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servicio público, regulándose polo TRLCAP e polas disposicións especiais do respectivo servicio. | • *Art. 154 TRLCAP* |
| Non será de aplicación o disposto no TRLCAP, Título II "Contratos de xestión de servicios públicos", aos supostos en que a xestión do servicio público se efectúe mediante a creación de entidades de Dereito Público destinadas a este fin, nin a aqueles en que esta se atribúa a unha sociedade de Dereito privado no capital da cal sexa exclusiva a participación da Administración ou dun ente público desta. | |
| A Administración poderá xestionar indirectamente, mediante contrato, os servicios da súa competencia, sempre que se cumpran as seguintes condicións: | • *Art. 155.1 TRLCAP* |
| a) Ter un contido económico que os faga susceptibles de explotación por empresarios particulares. | |
| b) En ningún caso poderán ser prestados por xestión indirecta os servicios que impliquen exercicio da autoridade inherente aos poderes públicos. | |
| c) Antes de proceder á contratación dun servicio público deberá terse determinado o seu réxime xurídico básico que atribúa as competencias administrativas, que determine o alcance das prestacións a favor dos administrados e que declare expresamente que a actividade de que se trata queda asumida pola Administración respectiva como propia. | • *Art. 155.2 TRLCAP* |
| d) En todo caso, a Administración conservará os poderes de policía necesarios para asegura-la boa marcha dos servicios de que se trate. | • *Art. 155.3 TRLCAP* |
| e) O contrato expresará con claridade o ámbito da xestión, tanto na orde funcional, como na territorial. | • *Art. 155.4 TRLCAP* |
| O contrato de xestión de servicios públicos non poderá ter carácter perpetuo ou indefinido, fixándose necesariamente no prego de cláusulas administrativas particulares a súa duración e a das prórrogas de que poida ser obxecto. O prazo total incluídas as prórrogas non pode ser superior a: | • *Art. 157 TRLCAP* |
| a) Cincuenta anos nos contratos que comprendan a execución de obras e a explotación de servicio público. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| b) Vintecinco anos nos contratos que comprendan a explotación dun servicio público non relacionado coa prestación de servicios sanitarios. | |
| c) Dez anos nos contratos que comprendan a explotación dun servicio público o obxecto do cal consista na prestación de servicios sanitarios sempre que non estean comprendidos na letra a). | |

## B. MODALIDADES DA CONTRATACIÓN

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| A contratación de xestión de servicios públicos pode adopta-las modalidades seguintes: | • *Art. 156 TRLCAP* |
| *I. Concesión*. | |
| É a forma máis corrente neste tipo de contratos. O empresario xestiona o servicio ao seu propio risco e ventura, sendo aplicable neste caso o previsto para o contrato de concesión de obras públicas no artigo 130.3, en canto a que sen prexuízo do establecido para a capacidade, solvencia e prohibicións de contratar cos empresarios, os que concorran, individualmente ou conxuntamente con outros, á licitación dunha concesión de obra pública poderán facelo co compromiso de constituír unha sociedade, que será a titular da concesión, no prazo e cos requisitos e condicións que estableza o prego de cláusulas administrativas particulares, sen serlle de aplicación os límites establecidos no artigo 282 do texto refundido da Lei de Sociedades Anónimas, aprobado por Real Decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro e no artigo 185 do Código de Comercio. | |
| Na concesión administrativa de servicios o órgano da Administración poderá delegar facultades de policía no empresario, pero sen que iso prexudique os poderes xerais de inspección e vixilancia que incumban a aquel (a Administración). | • *Art. 203 RCE* |
| Contra os actos dictados polas empresas exercendo tales facultades poderá recorrerse en todo caso ante a Administración concedente. | |
| *2. Xestión interesada.* | |
| Na virtude da cal a Administración e o empresario participarán nos resultados da explotación do servicio na proporción que se estableza no contrato. | |
| Poderase estipular un beneficio mínimo a favor de calquera das partes asociadas atendendo aos resultados da explotación. | • *Art. 204 RCE* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Determinarase no contrato o réxime obrigacional da xestión e en especial das responsabilidades que incumben ao empresario. | |
| 3. *Concerto.* | |
| Acordo ou concerto con persoa natural ou xurídica que veña realizando prestacións análogas ás que constitúen o servicio público de que se trate. | |
| Utilizarase naqueles supostos nos que para o desempeño ou maior eficacia dun servicio público conveña á Administración contrata-la actividade privada de particulares que teñan análogo contido ao do respectivo servicio. | • *Art. 205 RCE* |
| É un réxime excepcional, a duración do cal terá un prazo máximo de oito anos. | |
| 4. *Creación dunha sociedade de economía mixta.* | |
| Sociedade de economía mixta na que a Administración participe, por si ou por medio dunha entidade pública, en concorrencia con persoas naturais ou xurídicas. | |
| **C. RÉXIME XURÍDICO** | |
| Os contratos de xestión de servicios públicos regularanse polo disposto na TRLCAP, salvo o establecido nos artigos 95 "Demora na execución", no 96 "Resolución por demora e prórroga dos contratos", no 102 "Suspensión dos contratos", e no 110 "Cumprimento dos contratos e recepción" e polas disposicións especiais do respectivo servicio, mentres non se opoñan a ela. | • *Art.155.5 TRLCAP* |

# 3.2. Procedemento

| Descrición | Referencia Lexislativa |
| --- | --- |
| **A. ACTUACIÓNS PREPARATORIAS DO CONTRATO** | |
| Todo contrato de xestión de servicios públicos irá precedido da aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e do de prescricións técnicas, especificando o réxime xurídico básico regulador do servicio en canto aos poderes da Administración e ámbito do contrato, regulado no artigo 155 e nos regulamentos especiais reguladores deste, así como os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo e, se é o caso, as tarifas que deban percibirse dos usuarios, os procedementos para a súa revisión e o canon ou participación que deba satisfacerse á Administración, cando así procedese. | • *Art. 158 TRLCAP* |
| Nos contratos que comprendan a execución de obras, a tramitación de expediente irá precedida da elaboración e aprobación administrativa do anteproxecto de explotación e das obras precisas, con especificación das prescricións técnicas relativas á súa realización. En tal suposto serán de aplicación os preceptos establecidos nesta lei para a concesión de obras públicas. | • *Art. 130 e seguintes TRLCAP*<br>• *Art. 209 e 210 RCE* |
| Nos contratos relativos á prestación de asistencia sanitaria motivada por supostos de urxencia, por importe inferior a 2.000.000 ptas.(12.020,24 euros), as disposicións desta lei non serán de aplicación á preparación e adxudicación do contrato. | |
| Para acredita-la existencia dos contratos a que se refire este apartado, bastará, ademais da xustificación da urxencia a cubrir, a determinación do obxecto da prestación, a fixación do prezo a satisfacer por esta e a designación polo órgano de contratación da empresa que efectuará a correspondente prestación. | |
| **A.1 PREGO DE CLÁUSULAS DE EXPLOTACIÓN OU CLÁUSULAS ADMINISTRATIVA PARTICULARES** | |
| I. Será redactado polo Servicio competente o prego de cláusulas de explotación a que deba acomodarse a explotación do servicio, nos seus aspectos xurídicos, económicos e administrativos. | • *Art. 209.2 RCE* |
| 2. Os pregos de cláusulas de explotación deberán contempla-los seguintes puntos:<br>- Servicio obxecto do contrato e características daquel.<br>- Obras e instalacións que deba realiza-lo empresario para a debida explotación, expresando as que deberán pasar ao Estado no momento da terminación do contrato, se é o caso.<br>- Medios auxiliares que proporcione a Administración, entendéndose por tales toda clase de obras e bens. | • *Art. 211 RCE* |

| *Descrición* | *Referencia Lexislativa* |
|---|---|

- Tarifas máximas e mínimas que deban percibirse dos usuarios, con descomposición dos seus factores constitutivos, e procedementos para a súa revisión.

- Clase, contía, prazos e formas de entrega da subvención ao empresario, se a houbese.

- Canon ou participación que deba satisfacerse á Administración, se é o caso, ou beneficio mínimo que corresponda a algunha das partes.

- Prazo do contrato e prórrogas posibles, determinando con precisión a data en que o contrato comece a produci-los seus efectos.

- Expresa obrigación do xestor de manter en bo estado as obras e instalacións, e indicación das obrigacións e dereitos da Administración e do xestor.

- Se é o caso, fianza provisional e definitiva a prestar polo empresario.

- Sancións por incumprimento de calquera das cláusulas do contrato.

- Supostos especiais de extinción do contrato.

- Calquera outros que sexan precisos segundo a modalidade do contrato e o obxecto deste.

- Expresa submisión ao Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e remisión ao prego de cláusulas xerais, se o houber, mentres non fose derrogado polo prego de cláusulas de explotación do respectivo contrato, de conformidade co establecido no regulamento de contratación.

- Mención dos Regulamentos especiais reguladores do servicio que sexan de aplicación.

## A.2 TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE GASTO. FISCALIZACIÓN PREVIA

Normalmente neste tipo de contrato non se efectúa a tramitación do expediente de gasto, pois non se xera gasto ningún con cargo aos Orzamentos Xerais.

Non procede pois, retención de crédito, fiscalización nin aprobación do gasto.

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| No caso de que sexa así, por existir algún tipo de axuda ou subvención a cargo do Orzamento, aprobarase o gasto correspondente unha vez expedido o documento RC que acredite a existencia e retención do crédito e unha vez que se fiscalizase previamente a autorización do gasto. | |
| Tramitación e resolución do expediente de contratación, con aprobación do Prego de Cláusulas de explotación a que deba acomodarse a do servicio, nun aspecto xurídico, económico e administrativo, e, se é o caso, do gasto correspondente. | • *Art. 209.2 RCE*<br>• *Art.68 LC.* |
| **B. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN** | |
| Os contratos de xestión de servicios públicos poderán ser adxudicados por procedemento aberto ou restrinxido, mediante concurso ou por un procedemento negociado. | • *Art. 159 TRLCAP* |
| **B.I CONCURSO** | |
| Os contratos de xestión de servicios públicos ordinariamente serán adxudicados por procedemento aberto ou restrinxido, mediante concurso. | • *Art. 159.1TRLCAP* |
| **B.2 PROCEDEMENTO NEGOCIADO** | |
| O procedemento negociado só poderá ter lugar, despois da xustificación razoada no expediente e acordo do órgano de contratación, nos supostos seguintes: | • *Art. 159.2 TRLCAP* |
| a) Aqueles servicios con respecto aos que non sexa posible promover concorrencia na oferta. | |
| b) Cando unha imperiosa urxencia, resultante de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación e non imputables a este, demande unha pronta execución que non poida lograrse polo procedemento de urxencia regulado no art. 1 do TRLCAP. | |
| c) Os declarados secretos ou reservados ou cando a súa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais conforme á lexislación vixente ou cando o esixa a protección dos intereses esenciais da seguridade do Estado. Nestes casos será necesario que o servicio non poida ser realizado directamente pola Administración e, no último suposto, na Administración Xeral do Estado, os seus Organismos Autónomos, Entidades Xestoras e Servicios comúns da Seguridade Social e demais Entidades públicas estatais, requirirase declaración expresa de que concorre tal requisito correspondendo realizala ao titular do Departamento ministerial respectivo, sen que para estes efectos esta competencia poida ser delegada. | • *Art. 93.4 TRLCAP*<br>• *Disposición final primeira.1 TRLCAP* |

| *Descrición* | *Referencia Lexislativa* |
|---|---|
| d) Os de xestión de servicios o orzamento de gastos de primeiro establecemento dos cales se prevexa inferior a 5.000.000 ptas.(30.050,61 euros), e o seu prazo de duración sexa inferior a cinco anos. | |
| e) Os anunciados a concurso que non chegasen a adxudicarse por falta de licitadores ou porque as proposicións presentadas non se declarasen admisibles, sempre que non se modifiquen en forma substancial as condicións orixinais do contrato e a adxudicación se efectúe por prezo non superior ao que fose obxecto da licitación primeira, sen prexuízo do establecido na letra b) deste apartado. | |
| f) Os relativos á prestación de asistencia sanitaria concertada con medios alleos, derivados dun convenio de colaboración entre as Administracións Públicas ou dun contrato marco, sempre que este fose adxudicado con suxeición ás normas desta lei. | |
| **B.3 PUBLICIDADE** | |
| No procedemento aberto ou restrinxido do concurso cumpriranse os prazos para a publicidade das licitacións establecidas no art. 78 do TRLCAP. | • *Art. 159TRLCAP* |
| Nos procedementos abertos a publicación efectuarase cunha antelación mínima de quince días ao sinalado como o último para a admisión de proposicións. | |
| Nos procedementos restrinxidos o prazo será de dez días anteriores ao último para a recepción das solicitudes de participación e o prazo para a presentación de proposicións será de quince días desde a data do envío da invitación escrita. | |
| Estes contratos, non teñen que publicarse no Diario Oficial da Comunidade Europea, soamente no BOE ou no Diario Oficial das Comunidades Autónomas segundo se expón no art. 78 TRLCAP. | • *Art. 78.3 TRLCAP* |
| **B.4 GARANTÍAS PROVISIONAIS OU DEFINITIVAS** | |
| I. Nos contratos de xestión de servicios públicos o importe das garantías provisionais ou definitivas será fixado en cada caso polo órgano de contratación no prego de cláusulas administrativas, en vista da natureza, importancia e duración do servicio que se trate. | • *Art. 38 TRLCAP Disposición final primeira* |
| 2. Nestes contratos, o Consello de Ministros queda facultado para acordar, en casos especiais, a exención das correspondentes garantías. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **C. FORMALIZACIÓN** | |
| O contrato de xestión de servicios públicos, así o solicite o contratista, sendo a sús costa os gastos derivados do seu outorgamento. | • *Art. 55 TRLCAP*<br>• *Art. 215 RCE* |
| Nos restantes casos formalizarase en documento administrativo, que constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público. | |
| O documento notarial ou administrativo deberá conter polo menos os seguintes requisitos: | |
| - Autoridade administrativa e empresario interveniente con referencia á súa competencia e capacidade xurídica, respectivamente. | • *Art. 216 RCE* |
| - Exposición detallada do servicio que deba ser prestado polo empresario e definición das obras que, se é o caso, deban executarse con referencia aos respectivos proxectos, os cales obrigarán ao empresario na explotación do servicio e na execución das obras. | |
| - Tarifas máxima e mínimas que ten dereito a percibi-lo empresario e procedemento para a súa revisión, así como canon que, se é o caso, se estableza en beneficio do Estado ou subvención que este conceda a aquel. | |
| - Prazo de duración do contrato, con indicación do que dispón o empresario para o comezo do servicio. | |
| - Garantías especiais prestadas ou a prestar polo empresario. | |
| - Dereitos e obrigacións das partes. | |
| - Calquera outra cláusula que a Administración estime en cada caso establecer, de conformidade co prego de cláusulas de explotación do servicio, e en especial as penalidades en que pode incorre-lo empresario xestor. | |
| - Submisión expresa do empresario aos preceptos do Texto Refundido da Lei de Contratos do Estado e o seu Regulamento, así como ao prego de cláusulas xerais, se o houber, no que non estea expresamente derrogado polo prego de cláusulas de explotación do respectivo contrato. | |
| Ao documento notarial ou administrativo, que deberá outorgarse dentro dos trinta días seguintes á notificación da adxudicación, unirase o prego de cláusulas de explotación que rexa na xestión do servicio. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato, para o exercicio da función fiscalizadora, será remitida polo órgano de contratación ó Consello de Contas unha copia certificada do documento de formalización do contrato, acompañado dun extracto do expediente do que derive, sempre que a contía do contrato exceda de 100.000.000 ptas. (601.012,10 euros), así como das modificacións, prórrogas e variacións de prazos e extinción do contrato. | • *Art. 57 TRLCAP* |
| **D. INTERVENCIÓN E CONTABILIZACIÓN DO COMPROMISO DE GASTO, SE É O CASO** | |
| No caso de que exista gasto xerado con cargo aos Orzamentos da Comunidade Autónoma o documento soporte será intervido na forma que determina a regra 47 da Instrucción Provisoria de Contabilidade do gasto público da Comunidade Autónoma de Galicia. | • *Orde do 26 de decembro de 1986* |
| **E. PUBLICIDADE DAS ADXUDICACIÓNS** | |
| Para os contratos de xestión de servicios públicos, a publicidade das adxudicacións no Boletín Oficial do Estado ou no Diario Oficial de Galicia será obrigatoria cando o orzamento de gastos de primeiro establecemento sexa igual ou superior a 10.000.000 ptas. (60.101,21 euros) ou o seu prazo de duración exceda de cinco anos. | • *Art. 93.3 TRLCAP* |
| Excepcionalmente poderá omitirse o anuncio do resultado da adxudicación cando a divulgación da información relativa á celebración do contrato constitúa un obstáculo para a aplicación da lexislación, sexa contraria ao interese público, prexudique os intereses comerciais lexítimos de empresas públicas ou privadas ou poida prexudica-la competencia legal entre elas e nos casos previstos no artigo 159.2.c) do TRLCAP, xustificando debidamente esta circunstancia no expediente. | • *Art. 93.4 TRLCAP* |
| **F. EXECUCIÓN** | |
| ***I. Execución do contrato*** | |
| O contratista está obrigado a organizar e presta-lo servicio con estricta suxeición ás características establecidas no contrato e dentro dos prazos sinalados neste, e,se é o caso, á execución das obras conforme ao proxecto aprobado polo órgano de contratación. | • *Art. 160 TRLCAP* |
| ***2. Obrigacións xerais do contratista*** | |
| Con carácter xeral o contratista estará suxeito ao cumprimento das seguintes obrigacións: | • *Art. 161 TRLCAP* |
| a) Presta-lo servicio coa continuidade convida e garantir aos particulares o dereito a utilizalo nas condicións que fosen | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| establecidas e mediante o aboamento, se é o caso, das contraprestacións económicas comprendidas nas tarifas aprobadas. | |
| b) Coida-la boa orde do servicio, podendo dicta-las oportunas instruccións, sen prexuízo dos poderes de policía correspondentes á Administración, en canto a este tipo de contratos, segundo se recolle no artigo 155 TRLCAP. | |
| c) Indemniza-los danos que causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servicio, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración. | |
| d) Respecta-lo principio de non discriminación por razón de nacionalidade, respecto das empresas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio, nos contratos de subministracións consecuencia do de xestión de servicios públicos. | • *Acordo do 15 de abril de 1994, ratificado por Instrumento do 30 de decembro de 1994*<br>• *Disposición transitoria quinta TRLCAP* |
| ***3. Prestacións económicas*** | |
| - O contratista ten dereito ás contraprestacións económicas previstas no contrato e á revisión destas, se é o caso, nos termos que o propio contrato estableza. | • *Art. 162 TRLCAP* |
| - No caso de non facerse efectiva por parte da Administración a contraprestación económica, ou de non entregarse as subvencións ou axudas ou os medios auxiliares establecidos no contrato, no prazo previsto e non procedese a resolución do contrato ou non fose solicitada polo contratista, este ten dereito ao xuro legal das cantidades ou valores económicos que signifiquen, de conformidade co establecido no art. 99 do TRLCAP. | • *Art. 165 TRLCAP* |
| ***4. Incumprimento do contratista*** | |
| Se do incumprimento por parte do contratista derivase perturbación grave e non reparable por outros medios no servicio público e a Administración non decidise a resolución do contrato, poderá acorda-la intervención deste ata que aquela desapareza. En todo caso, o contratista deberá aboar á Administración os danos e perdas que efectivamente lle irrogase. | • *Art. 166 TRLCAP* |
| ***5. Modificación do contrato e os seus efectos*** | |
| - A Administración poderá modificar por razóns de interese público as características do servicio contratado e as tarifas que han de ser | • *Art. 163 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| aboadas polos usuarios. | |
| - Cando as modificacións afecten ao réxime financeiro do contrato, a Administración deberá compensar ao contratista de maneira que se manteña o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato. | |
| - No caso de que os acordos que dicte a Administración con respecto ao desenvolvemento do servicio carezan de transcendencia económica o contratista non terá dereito a indemnización por razón destes. | |
| - A modificación do contrato deberá ser acordada polo órgano de contratación competente, despois da autorización do Consello da Xunta, naqueles casos en que sexa necesario acordo deste para a celebración do contrato. | • *Art. 221 RCE* |
| **G. SUBCONTRATACIÓN** | |
| No contrato de xestión de servicios públicos, a subcontratación só poderá recaer en prestacións accesorias | • *Art. 170 TRLCAP* |
| **H. EXTINCIÓN** | |
| **H.I CUMPRIMENTO DO CONTRATO. REVERSIÓN** | |
| O contrato extínguese polo cumprimento deste polas partes. | |
| Cando finalice o prazo contractual, o servicio reverterá á Administración, debendo o contratista entrega-las obras e instalacións a que estea obrigado de acordo co contrato e no estado de conservación e funcionamento adecuados. | • *Art. 164 TRLCAP* |
| Durante un período prudencial anterior á reversión, que deberá fixarse no prego, o órgano competente da Administración adoptará as disposicións encamiñadas a que a entrega dos bens se verifique nas condicións convidas. | |
| **H.2 RESOLUCIÓN DO CONTRATO** | |
| ***1. Causas de Resolución*** | |
| Son causas de resolución do contrato de xestión de servicios públicos, ademais das xerais establecidas no art. 111 do TRLCAP. coa excepción das súas letras e) e f), as seguintes: | • *Art. 167 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| a) A demora superior a 6 meses por parte da Administración na entrega ao contratista da contraprestación ou dos medios auxiliares a que se obrigou segundo o contrato. | |
| b) O rescate do servicio pola Administración. | |
| c) A supresión do servicio por razóns de interese público. | |
| d) A imposibilidade da explotación do servicio como consecuencia de acordos adoptados pola Administración con posterioridade ao contrato. | |
| ***2. Aplicación das causas de Resolución*** | |
| Cando a causa de resolución sexa a morte ou incapacidade sobrevida do contratista, a Administración poderá acorda-la continuación do contrato cos seus herdeiros ou sucesores, salvo disposición expresa en contra da lexislación específica do servicio. | • *Art. 168TRLCAP* |
| Por razóns de interese público a Administración poderá acorda-lo rescate do servicio para xestionalo directamente. | |
| ***3. Efectos da Resolución*** | |
| a) O incumprimento por parte da Administración ou do contratista das obrigacións do contrato producirá os efectos que segundo as disposicións específicas do servicio poidan afectar a estes contratos. | • *Art. 169 TRLCAP* |
| b) A Administración aboará ao contratista o prezo das obras e instalacións que, executadas por este, deban pasar á propiedade daquela, tendo en conta o seu estado e o tempo que restase para a reversión. | |
| c) No suposto da demora por parte da Administración na entrega da contraprestación ou medios auxiliares establecidos por un prazo superior a seis meses, o contratista terá dereito ao aboamento do xuro legal das cantidades debidas ou valores convidos, a partir do vencemento do prazo previsto para a súa entrega, así como dos danos e perdas sufridos. | |
| d) Nos casos de rescate do servicio, supresión deste por razóns de interese público ou imposibilidade de explotación do servicio como consecuencia de acordos adoptados pola Administración con posterioridade ao contrato, a Administración indemnizará ao contratista dos danos e perdas que se lle irroguen, incluídos os beneficios futuros que deixe de percibir, atendendo aos resultados | |

| *Descrición* | *Referencia Lexislativa* |
|---|---|
| da explotación no último quinquenio e á perda do valor das obras e instalacións que non deban reverter a aquela, dado o seu grao de amortización. | |

*Descrición*

**CONTRATO DE XESTION DE SERVICIOS PUBLICOS**

EXPEDIENTE DE CONTRATACION



*Descrición*

ADXUDICACION



*Descrición*



# 4. Contratos de subministracións

*Intervención Xeral*

# 4.1. Delimitación

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A.- CONCEPTO** | |
| Enténdese legalmente por contrato de subministración o que ten por obxecto a compra, o arrendamento financeiro, o arrendamento con ou sen opción de compra, ou a adquisición de productos ou bens mobles, salvo os relativos a propiedades incorporais e valores negociables que se rexerán pola lexislación patrimonial das Administracións Públicas aplicable a cada caso. | • *Art 171 TRLCAP* |
| En todo caso, consideraranse contratos de subministracións os seguintes: | • *Art. 172 TRLCAP* |
| 1. Aqueles nos que o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrarse o contrato por estar subordinadas as entregas ás necesidades da Administración. | |
| 2. A adquisición e o arrendamento de equipos e sistemas para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas e a cesión do dereito de uso destes últimos, así como de equipos e sistemas de telecomunicacións, tal e como se definen no art. 173 do TRLCAP. | |
| 3. Os de fabricación cando os productos a entregar polo empresario deban ser elaborados conforme a características peculiares fixadas previamente pola Administración, aínda cando esta se obrigue a proporcionar total ou parcialmente os materiais precisos. | |
| A pesar do disposto anteriormente, a adquisición de programas de ordenador á medida non se considerará contrato de subsministracións, senón de servicios. | |
| Terán tamén a consideración de contratos de subministracións os que teñan por obxecto o mantemento de equipos e sistemas para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas, cando se contraten conxuntamente na adquisición ou o arrendamento. | |
| Nos contratos de arrendamento o arrendador ou empresario asumirá a obrigación do mantemento do obxecto deste durante o prazo de vixencia do contrato. | • *Art. 174.1 TRLCAP* |
| Nos contratos de arrendamento non se admitirá a prórroga tácita, e a prórroga expresa non poderá estenderse a un período superior á metade do contrato inmediatamente anterior. | • *Art. 174.2 TRLCAP* |
| Dentro dos contratos de subministracións terán a consideración de contratos menores aqueles nos que a súa contía non sexa superior a 2.000.000 de pesetas (12.020,24euros), coa excepción dos bens de adquisición centralizada comprendidos no art. 183.1 do TRLCAP. | • *Art. 176 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
| --- | --- |
| **B. RÉXIME XURÍDICO** | |
| O contrato de subministracións rexirase polas normas contidas no título III do TRLCAP. | |
| Os contratos de fabricación que teñan a consideración de subsministracións rexeranse polas normas xerais e especiais do contrato de obras que se determine no correspondente prego de cláusulas administrativas, excepto as relativas á súa publicidade que se acomodarán ao disposto para os contratos de subministracións. | • *Art. 175 TRLCAP* |
| Cando esta clase de contratos se celebre con empresas estranxeiras de estados non pertencentes á Comunidade Europea e o seu obxecto se fabrique ou proceda de fóra do territorio nacional rexeranse pola lexislación de contratos das Administracións Públicas, sen prexuízo do que se conveña entre as partes de acordo coas normas e usos vixentes no comercio internacional. | |

# 4.2. Procedemento xeral

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN** | |
| 1. Aos contratos a adxudicación dos cales se rexe pola presente Lei precederá a tramitación do expediente de contratación que será iniciada polo órgano de contratación xustificando a necesidade desta. Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas particulares que deban rexe-lo contrato, con precisión do prazo de duración do contrato e, cando estiver prevista, da súa posible prórroga e alcance desta que, en todo caso, deberá de ser expresa, sen que poida prorrogarse o contrato por consentimento tácito das partes.<br><br>2. Ao expediente incorporaranse, sempre que o contrato orixine gastos para a Administración, o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, a fiscalización da Intervención e a aprobación do gasto, salvo no suposto excepcional previsto no artigo 85.a), (aqueles dos que os seus proxectos ou orzamentos non puidesen ser establecidos previamente pola Administración e deban ser presentados polos licitadores). | • *Art. 67 TRLCAP* |
| **A.1. ORDE DE INICIACIÓN DO EXPEDIENTE** | |
| O órgano de contratación iniciará o expediente mediante unha orde na que determine a necesidade da adquisición, ben por figurar esta en planos previamente autorizados ou ben por estimarse singularmente precisa. | • *Art. 241.1. RCE* |
| **A.2. INFORME DO SERVICIO PROMOTOR** | |
| O servicio que promove a adquisición unirá un informe razoado expoñendo:<br>▪ A necesidade da adquisición.<br>▪ Características.<br>▪ Importe calculado da adquisición.<br>▪ Orde de preferencia dos bens, en caso de obterse no concurso un prezo inferior ao orzamento. | • *Art. 241.2 RCE* |
| **A.3. CERTIFICADO DE EXISTENCIA DE CRÉDITO** | |
| Ao expediente deberá unirse, sempre que o contrato orixine gastos para a Administración, o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. | • *Art. 67.2 TRLCAP*<br>• *Art. 241.3 RCE* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A.4. PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS** | |
| 4.1. Prego de cláusulas administrativas xerais.<br><br>Axustándose no seu contido ao disposto no TRLCAP e as disposicións que o desenvolvan, por iniciativa das Consellerías interesadas e por proposta da de Economía e Facenda, o Consello da Xunta poderá aprobar, despois do dictame do Consello Consultivo, pregos de cláusulas administrativas xerais para a Administración da Comunidade Autónoma e os seus Organismos Autónomos. | • *Art. 48 TRLCAP*<br>• *Art. 242 RCE*<br>• *Disposicións adicionais primeira e segunda TRLCAP* |
| 4.2. Prego de cláusulas administrativas particulares | • *Art. 49 TRLCAP* |
| Deberá establecerse con precisión o prazo de duración do contrato e, cando estiver prevista, da súa posible prórroga e alcance desta que, en todo caso, deberá ser expresa, sen que poida prorrogarse o contrato por consentimento tácito das partes. | • *Art. 67.1 TRLCAP* |
| 4.3. Prego de prescricións técnicas.<br><br>Con anterioridade á autorización do gasto elaboraranse os pregos e documentos que conteñan as prescricións técnicas particulares que deban rexer na execución da prestación, de conformidade co establecido na Lei. A súa aprobación corresponderá ao órgano de contratación competente. | • *Art. 51 TRLCAP*<br>• *Art. 67.1 TRLCAP* |
| As prescricións técnicas serán definidas, sen prexuízo das instruccións e regulamentos técnicos nacionais obrigatorios e sempre e cando sexan compatibles co dereito comunitario, por referencia a normas nacionais que traspoñan normas europeas,a documentos de idoneidade técnica europeos ou especificacións técnicas comúns. Fixaranse regulamentariamente os casos nos que se poida prescindir destas.<br><br>A falta das anteriores, as normas técnicas poderán definirse por referencia a normas nacionais que adapten normas internacionais, a normas nacionais ou a outras normas.<br><br>Salvo xustificación polo obxecto do contrato non poderán incluírse no prego especificacións técnicas que mencionen productos de fabricación ou procedencia específicas ou procedementos especiais que teñan por efecto favorecer ou eliminar determinada empresa ou producto.<br><br>En especial non se indicarán marcas, patentes, nin tipos, nin se aludirá a orixe ou producción determinada.<br><br>Admitiranse tales indicacións cando non haxa posibilidade de defini-lo obxecto do contrato a través de especificacións suficientemente precisas; | • *Art. 52 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| neste caso acompañaranse as palabras "ou equivalente". | |
| No contrato de subministracións, non poderán concorrer ás licitacións empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas relativas a estes contratos, sempre que esta participación poida provocar restriccións á libre concorrencia ou supoñer un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras. | • *Art. 52.3 TRLCAP* |
| **A.5. FISCALIZACIÓN PREVIA** | |
| Na fiscalización limitada previa comprobaranse os aspectos previstos no Art. 97.2 do Decreto lexislativo 1/99 e Apartados Primeiro e Segundo da Resolución do 31 de Marzo de 1999 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 18 de Marzo de 1999, no que se dá aplicación á previsión do artigo 97 da Lei 11/92, do 7 de Outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, con respecto ao exercicio da fiscalización limitada previa. | • *Art. 97 TRLRFP* |
| Adicionalmente na fase de aprobación do gasto comprobarase: | • *Aptdo. 8º do acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999* |
| a) Que existe prego de cláusulas administrativas particulares informado pola Asesoría Xurídica e, se é o caso, prego de prescricións técnicas da subministración | |
| b) Cando se utilice prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, verificar que o contrato a celebrar é de igual natureza ao informado pola Asesoría Xurídica e aprobado polo órgano de contratación. | |
| c) Cando se propoña como forma de adxudicación o concurso, comprobar que o prego de cláusulas administrativas particulares establece criterios obxectivos para a adxudicación do contrato. | |
| d) Cando se propoña como procedemento de adxudicación o negociado, comprobar que concorren as circunstancias previstas nos artigos 181 e 182 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (Apartado C.5.3), e, se é o caso, que se cumpren os requisitos do art. 3 e seguintes do Decreto 122/96 do 8 de febreiro. | |
| Cando se trate de expedientes de tramitación ordinaria o prazo para o seu despacho é de 10 días contados a partir do seguinte á data de recepción. Cando os expedientes fosen cualificados como de urxente tramitación ou se aplique o réxime especial de fiscalización do art. 97.2 disporá dun prazo máximo de cinco días para o seu despacho. | • *Art. 97.2 TRLRFP* |
| Cando a Intervención faga uso da facultade a que se refire o artigo 95.2.b) do Decreto lexislativo 1/99, (solicitude de asesoramento xurídico ou informes técnicos que sexan precisos), suspenderase o prazo mencionado anteriormente, debendo dar conta ao órgano xestor que propuxo o gasto. | • *Art. 98.3 TRLRFP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| A tramitación de expedientes de emerxencia seguirá o procedemento especial sinalado no art. 72 do TRLCAP. | |
| **A.6. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN** | |
| Unha vez completado o expediente de contratación, o órgano competente mediante resolución motivada aprobará este expediente, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. | • *Art. 69.1 TRLCAP* |
| Esta resolución comprenderá tamén a aprobación do gasto salvo naqueles contratos os proxectos ou orzamentos dos cales non puidesen ser establecidos previamente pola Administración, ou cando as normas de desconcentración, se é o caso, establecesen o contrario. | |
| Poderanse aproba-los expedientes de contratación incluso coa adxudicación do contrato e a súa formalización, aínda cando se inicie no exercicio seguinte e a súa execución se realice nunha ou varias anualidades. Para estes efectos poderán comprometerse créditos coas limitacións que sinalen as normas orzamentarias. | • *Orde do 11 de febreiro de 1998* |
| Cando os contratos se formalicen no exercicio anterior ao do inicio da execución, o prego de cláusulas administrativas particulares, deberá somete-la adxudicación á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financia-las obrigacións derivadas do contrato no exercicio correspondente. | |
| O órgano de contratación necesitará a autorización do Consello da Xunta nos casos expostos no epígrafe correspondente. | |
| **A.7. INTERVENCIÓN E CONTABILIZACIÓN** | |
| Aprobado o gasto polo órgano de contratación rexístrase contablemente mediante o documento A.<br>A intervención do documento contable soporte da operación, supoñerá a comprobación da existencia de fiscalización previa á proposta de gasto e á posterior autorización deste pola autoridade competente | • *Orde do 26 de decembro de (Regras 18 e 46.2)*<br>• *Aptos. I e III.b) da Circular 6/1986 IXCA* |
| **B. TRAMITACIÓN** | |
| Os expedientes de contratación poderán ser de tres clases:<br>a) Tramitación Ordinaria<br>b) Tramitación Urxente<br>c) Tramitación de Emerxencia | • *Art. 70.1 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **B.I. TRAMITACIÓN ORDINARIA** | |
| A tramitación ordinaria é a desenvolvida no apartado anterior. | |
| **B.2. TRAMITACIÓN URXENTE** | |
| Os expedientes de contratos a necesidade dos cales sexa inaprazable ou a adxudicación dos cales sexa preciso acelerar por razóns de interese público, poderán ser obxecto de tramitación urxente. | • *Art. 71 TRLCAP* |
| A tramitación dos expedientes de urxencia seguirá o mesmo procedemento dos ordinarios coas particularidades seguintes: | |
| a) Preferencia para o seu despacho polos distintos órganos administrativos, fiscalizadores e asesores que participen na tramitación previa, que dispoñerán dun prazo de cinco días para emiti-los respectivos informes. | |
| Cando calquera causa xustificada impida o despacho no prazo indicado, este quedará prorrogado ata dez días. | |
| b) Acordada a apertura do procedemento de adxudicación, os prazos establecidos para a licitación e adxudicación do contrato reduciranse á metade. Non obstante cando deban publicarse os anuncios no Diario Oficial das Comunidades Europeas, observaranse os prazos establecidos no TRLCAP. | |
| c) A Administración poderá acorda-lo comezo da execución do contrato, aínda que non se formalizase este, sempre que se constituíse a garantía definitiva correspondente. | |
| d) O prazo de inicio da execución do contrato non poderá ser superior a dous meses desde a data de adxudicación, quedando resolto o contrato en caso contrario, salvo que o atraso se debese a causas alleas á Administración contratante e ao contratista e así se fixese constar na correspondente resolución motivada. | |
| **B.3. TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA** | |
| Cando a Administración teña que actuar de maneira inmediata a causa de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional, a tramitación seguirá un réxime excepcional coas características seguintes: | • *Art. 72 TRLCAP* |
| a) O órgano de contratación competente, sen obrigación de tramitar expediente administrativo, poderá ordena-la execución do necesario para remedia-lo acontecemento producido, satisface-la necesidade | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| sobrevida ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso o da existencia de crédito suficiente. O acordo correspondente acompañarase da oportuna retención de crédito ou documentación que xustifique a iniciación do expediente de modificación de crédito. Do acordo correspondente darase conta ao Consello da Xunta, no prazo máximo de 60 días. | |
| b) Simultaneamente, pola Consellería de Economía e Facenda, se se trata da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, ou polos representantes legais dos Organismos Autónomos, será autorizado o libramento dos fondos precisos para facer fronte aos gastos, con carácter para xustificar. | |
| c) Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, procederase a realiza-los trámites necesarios para a fiscalización e aprobación do gasto. | |
| O resto da actividade necesaria para completa-lo obxectivo proposto pola Administración pero que xa non teña carácter de emerxencia contratarase seguindo o procedemento ordinario. | |
| **C. PROCEDEMENTOS E FORMAS DE ADXUDICACIÓN** | |
| A adxudicación dos contratos poderá levarse a cabo por procedemento aberto, restrinxido ou negociado. | • *Art. 73 TRLCAP* |
| ▪ No procedemento aberto, todo empresario interesado poderá presentar unha proposición. | |
| ▪ No procedemento restrinxido, só poderán presentar proposicións aqueles empresarios seleccionados expresamente pola Administración, despois da solicitude destes.<br><br>No procedemento restrinxido aplicaranse as normas xerais do TRLCAP coas especialidades sinaladas no Art. 91 desta. | |
| ▪ No procedemento negociado, o contrato será adxudicado ao empresario xustificadamente elixido pola Administración, despois da consulta e negociación dos termos do contrato cun ou varios empresarios. | |
| Tanto no procedemento aberto como no restrinxido a adxudicación poderá facerse por poxa ou concurso. | • *Art. 74 TRLCAP* |
| En todo caso, deberá xustificarse no expediente a elección do procedemento e forma utilizados. | • *Art. 75.2 TRLCAP* |
| Tódolos prazos establecidos nesta lei entenderanse referidos a días naturais, salvo que nesta se indiquen que son días hábiles. | • *Art. 76 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| No importe ou contía dos contratos considerarase incluído o IVE, salvo indicación expresa en contra. | • *Art. 77 TRLCAP* |

## C.I. PUBLICIDADE NOS CONTRATOS DE SUBMINISTRACIÓNS

### *I. Publicidade nos Diarios Nacionais.*

Tódolos procedementos para a adxudicación dos contratos, con excepción dos procedementos negociados, anunciaranse no Boletín Oficial do Estado. Estes últimos tamén serán obxecto de anuncio nesta publicación cando por razón da súa contía estean suxeitos a publicidade no Diario Oficial das Comunidades Europeas. Non obstante, a Comunidade Autónoma e os seus Organismos autónomos e entidades de dereito público, cando se trate de contratos que pola súa contía non deban publicarse no Diario Oficial das Comunidades Europeas, poderán substituí--la publicidade no Boletín Oficial do Estado pola que realicen nos respectivos Diarios ou Boletíns Oficiais.

- *Art. 78 TRLCAP*
- *Art. 24 RD 390/1996, do 1 de marzo*

### *2. Publicidade no ámbito da Comunidade Europea*

1. Os órganos de contratación darán a coñecer, mediante un anuncio indicativo, os contratos totais por grupos de productos o importe dos cales, con exclusión do Imposto sobre o Valor Engadido, sexa igual ou superior a 124.789.500 pesetas (750.000 euros), e que teñan previsto celebrar durante os doce meses seguintes.

   Este anuncio enviarase o antes posible, a partir da súa programación, á Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas e, para que produza o efecto de reducción de prazos previstos nos artigos 178 e 179 do TRLCAP, deberá terse enviado á citada Oficina cunha antelación mínima de cincuenta e dous días e máxima de doce meses a partir da data do envío do anuncio do contrato ao "Diario Oficial das Comunidades Europeas".

   - *Art. 177.1 TRLCAP*

2. Ademais, nos casos de procedemento aberto, restrinxido ou negociado do artigo 181 do TRLCAP (con publicidade comunitaria), deberá publicarse un anuncio no Diario Oficial das Comunidades Europeas cando a contía do contrato de subministración, con exclusión do Imposto sobre o Valor Engadido, sexa igual ou superior a 35.660.846 ptas. (214.326 euros). Non obstante, non terán que publicarse no citado Diario os contratos que sexan consecuencia da aplicación das disposicións do artigo 296 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea (armamento, municións e demais material de guerra).

   - *Art. 177.2 TRLCAP*

3. O envío do anuncio ao Diario Oficial das Comunidades Europeas deberá preceder a calquera outra publicidade. En todo caso esta última publicidade deberá indica-la data daquel envío e non conter indicacións distintas ás incluídas neste anuncio.

   O contido dos anuncios no DOCE poderá ser substituído polos formularios establecidos para tal efecto pola Comisión da Comunidade Europea.

   - *Art. 78.3 TRLCAP*
   - *Art. 24 RD 390/1996, do 1 de marzo*

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|

## C.2. PRAZOS DE RECEPCIÓN DE SOLICITUDES E/OU PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

### 1. Procedemento aberto. Prazos de presentación

- *Art. 78.2 e 71.2 TRLCAP*

| Tramitación Ordinaria | Prazo | A Contar | Referencia Lexislativa |
|---|---|---|---|
| No BOE ou DOG | 15 días | Data de publicación no BOE ou DOG. | • *Art. 78.2 TRLCAP*<br>• *Art. 178 TRLCAP* |
| No DOCE | 52 días | Data de envío á Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas. | • *Art. 177.2 TRLCAP* |

Importe superior a 214.326 euros ou 35.660.846 ptas, con exclusión do IVE

| | | |
|---|---|---|
| Se se publicou o anuncio indicativo a que se refire o artigo 177.1 | 36 días, como norma xeral, sen que, en ningún caso, esta reducción poida ser inferior a 22 días. | • *Art. 178.2 TRLCAP*<br>• |
| **Tramitación Urxente** | Mesmos prazos para publicación no DOCE. Redúcense á metade os do BOE ou DOG. | • *Art. 71.2 b) TRLCAP* |

### 2. Procedemento restrinxido. Prazos de recepción de solicitudes e de proposicións

- *Art. 78.2 TRLCAP*

| Tramitación Ordinaria | Prazo | A Contar |
|---|---|---|
| No BOE ou DOG | | |
| a)Solicitude para participar no procedemento | 10 días | Data de publicación no BOE |
| b)Presentación de proposicións | 15 días | Data de envío da invitación escrita |

No DOCE (igual contía que o aberto)

- *Art. 179.1 e 2 TRLCAP*

| | | |
|---|---|---|
| a)Solicitude para participar no procedemento | 37 días | Data de envío do anuncio ao DOCE |
| b)Presentación de proposicións | 40 días | Data de envío da invitación escrita |
| Se se publicou o anuncio indicativo do art. 177.1 | 26 días | |

| Descrición | | | Referencia Lexislativa |
|---|---|---|---|
| **Tramitación Urxente** | **Prazo** | **A Contar** | |
| No BOE ou DOG os prazos reduciranse á metade | | | • *Art. 71.2.b, TRLCAP* |
| No DOCE (igual contía que o aberto) | | | • *Art. 179.3 TRLCAP* |
| a) Solicitude para participar no procedemento | 15 días | Data de envío á Oficina de Publicacións da CE | |
| b) Presentación de proposicións | 10 días | Data de envío da invitación escrita | |

**3. Procedemento Negociado con publicidade. Prazos de recepción de solicitudes.**

- Non é aplicable para a compra de armamento.

| **Tramitación Ordinaria** | **Prazo** | **A Contar** | |
|---|---|---|---|
| No DOG | 10 días | Data de publicación no DOG | • *Decreto 122/1996, do 8 de febreiro* |
| No BOE e no DOCE (cando a contía sexa superior a 214.326 euros ou 35.660.846 ptas.) | 37 días | Data de envío á Oficina de Publicacións Oficiais da C.E. | • *Art. 78.2 TRLCAP*<br>• *Art. 181.2 TRLCAP* |
| **Tramitación urxente** | 15 días para a publicación no BOE e DOCE | | |

**C.3. PROPOSICIÓNS DOS INTERESADOS**

As proposicións serán secretas e suxeitaranse ao modelo que se estableza no prego de cláusulas administrativas particulares. A súa presentación presume a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade destas cláusulas sen ningunha salvidade. (• *Art. 79 TRLCAP e Arts. 4 a 13 do RD 390/1996, do 1 de marzo.*)

Deberán ir acompañadas, en sobre á parte, dos seguintes documentos: (• *Art. 79.2 TRLCAP*)

a) Os que acrediten a personalidade xurídica do empresario e, se é o caso, a súa representación.

b) Os que acrediten a clasificación da empresa, se é o caso, ou xustifiquen os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional e unha declaración responsable de non estar incursa en prohibición de contratar, conforme aos artigos 15 a 20.

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| A declaración responsable a que se refire o parágrafo anterior comprenderá expresamente a circunstancia de encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba esixirse antes da adxudicación aos que vaian resultar adxudicatarios do contrato, para o efecto do cal se lles concederá un prazo máximo de cinco días hábiles. | |
| c) O xustificante acreditativo da garantía provisional, equivalente ao 2 por 100 do orzamento do contrato, entendéndose por tal o establecido pola Administración como base da licitación, salvo nos supostos en que non se fixese previa fixación do orzamento, nos que será determinada estimativamente polo órgano de contratación. | • *Art. 35 TRLCAP* |
| Nos contratos de contía inferior a 214.326 euros (35.660.846 pesetas) a esixencia de garantía provisional será potestativa para o órgano de contratación. | |
| A garantía provisional será devolta aos interesados inmediatamente despois da proposta de adxudicación do contrato nos casos nos que a forma de adxudicación sexa a poxa, ou da adxudicación cando aquela sexa por concurso. A garantía será retida ao empresario incluído na proposta de adxudicación ou ao adxudicatario e incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación. | • *Art. 20 do RD 390/1996, do 1 de marzo*<br>• *Art. 35.2 TRLCAP* |
| d) Para as empresas estranxeiras a declaración de someterse á xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante. | |
| Cando sexa necesaria a presentación doutros documentos conforme a esta lei deberá mencionarse no prego de cláusulas administrativas particulares e no correspondente anuncio de licitación. | • *Art. 79.3 TRLCAP* |
| Se durante a tramitación dos procedementos abertos e restrinxidos e antes da adxudicación se producise a extinción da personalidade xurídica dunha empresa licitadora ou candidata por fusión, escisión ou pola transmisión do seu patrimonio empresarial, sucederá na súa posición no procedemento a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente do patrimonio, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar e acredite a solvencia e clasificación nas condicións esixidas no prego de cláusulas administrativas particulares para poder participar no procedemento de adxudicación. | • *Art. 79.4 TRLCAP* |
| Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo do disposto no artigo 87 da presente lei sobre admisibilidade de variantes. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión | • *Art. 80 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas. | |
| **C.4. SOLVENCIA TÉCNICA NOS CONTRATOS DE SUBMINISTRACIÓNS** | • *Art. 18 TRLCAP* |
| Nos contratos de subministracións a solvencia técnica dos empresarios será acreditada por medio dun ou varios dos seguintes medios: | |
| a) Por relación das principais subministracións efectuadas durante os tres últimos anos, indicándose o seu importe, datas e destino público ou privado, á que se incorporarán os correspondentes certificados sobre estes. | |
| b) Descrición do equipo técnico, medidas empregadas polo subministrador para asegura-la calidade e os medios de estudio e investigación da empresa. | |
| c) Indicación dos técnicos ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente daqueles encargados do control de calidade, así como, se é o caso, grao de estabilidade no emprego do persoal integrado na empresa. | |
| d) Mostras, descricións e fotografía dos productos a subministrar. | |
| e) Certificacións establecidas polos institutos ou servicios oficiais ou homologados encargados do control de calidade e que acrediten a conformidade de artigos ben identificados con referencia a certas especificacións ou normas. | |
| f) Control efectuado pola Administración ou no seu nome por un organismo oficial competente do Estado no cal o empresario está establecido, sempre que medie acordo deste organismo, cando os productos a subministrar sexan complexos ou a título excepcional deban responder a un fin particular; este control versará sobre as capacidades de producción e, se fose necesario, de estudio e investigación do empresario,así como sobre as medidas empregadas por este último para controla-la calidade. | |
| **C.5. MESA DE CONTRATACIÓN** | • *Art. 81 TRLCAP* |
| Salvo nos supostos previstos no art. 12.4 (Xuntas de contratación), o órgano de contratación para a adxudicación dos contratos por procedemento aberto ou restrinxido estará constituído por unha Mesa de Contratación. | |
| A Mesa de Contratación estará constituída por un Presidente, un mínimo de 3 vocais e un Secretario, designados polo órgano de contratación, o | • *Disposición final primeira TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| último entre funcionarios deste ou, no seu lugar, entre o persoal ao seu servicio. | |
| No procedemento negociado, a constitución da Mesa será potestativa para o órgano de contratación. | |
| Entre os vocais deberá figurar necesariamente un funcionario de entre os que teñan legal ou regulamentariamente atribuído o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un Interventor. | • *Art. 22 RD 390/1996, do 1 de marzo* |
| No procedemento negociado formarase a Mesa de Contratación, se é o caso, cun representante do servicio propoñente, así como un representante da Intervención Xeral e outro da Asesoría Xeral da Xunta de Galicia. | • *Art. 4, Decreto 122/1996, do 8 de febreiro* |
| A Mesa de Contratación procederá, unha vez abertas as proposicións, á súa valoración de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, e formulará, conforme con este, a proposta de adxudicación que corresponda. | |
| O órgano de contratación procederá á adxudicación do contrato, que deberá ser motivada no caso de que non coincida coa proposta da Mesa. | |
| **C.6. FORMAS DE ADXUDICACIÓN** | |
| Tanto no procedemento aberto como no restrinxido a adxudicación poderá efectuarse por poxa ou por concurso. | • *Art. 74.1 TRLCAP* |
| Por regra xeral o contrato de subministracións adxudicarase por concurso. | • *Art. 180.2 TRLCAP* |
| ***1. Poxa*** | |
| A poxa versará sobre un tipo expresado en diñeiro con adxudicación ao licitador, que, sen exceder daquel, oferte o prezo máis baxo | • *Art. 74.2 TRLCAP* |
| A poxa como forma de adxudicación do contrato de subministración só poderá utilizarse naquelas adquisicións de escasa contía nas que os productos a adquirir estean perfectamente definidos por estar normalizados e non ser posible varia-los prazos de entrega nin introducir modificacións de ningunha clase nos contratos, sendo o prezo o único factor determinante da adxudicación. | • *Art. 180.1 TRLCAP* |
| ***2. Concurso*** | |
| No concurso a adxudicación recaerá no licitador que, no seu conxunto, faga a proposición máis vantaxosa, segundo os criterios establecidos nos pregos, sen ter en conta, exclusivamente, o prezo desta e sen prexuízo | • *Art. 74.3 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| do dereito da Administración a declaralo deserto. | |
| **3. *Procedemento negociado*** | |
| No procedemento negociado, o contrato será adxudicado ao empresario xustificadamente elixido pola Administración, despois da consulta e negociación dos termos do contrato cun ou varios empresarios, de conformidade co establecido no artigo 92.3 | • *Art. 73.4 TRLCAP* |
| Cando se utilice o procedemento negociado será necesario solicita-la oferta de empresas capacitadas para realiza-lo obxecto do contrato, sen que o seu número sexa inferior a tres, sempre que iso sexa posible, fixando coa seleccionada o prezo deste e deixando constancia de todo iso no expediente. | • *Art. 92.1 TRLCAP* |
| **Procedemento negociado con publicidade** | |
| Poderá utilizarse este procedemento: | |
| Cando as proposicións ou ofertas económicas nos procedementos abertos ou restrinxidos fosen irregulares ou inaceptables, sempre que non se modifiquen substancialmente as condicións orixinais do contrato. | • *Art. 2.2, Decreto 122/1996, do 8 de febreiro*<br>• *Art. 181.1 TRLCAP* |
| Neste suposto, deberá publicarse no DOCE anuncio de licitación se o importe do contrato é igual ou superior a 35.660.846 pesetas (214.326 euros equivalente a 200.000 dereitos especiais de xiro. | |
| Se se inclúen no procedemento negociado tódolos licitadores que fosen admitidos a licitación con ocasión do inicial procedemento aberto ou restrinxido non se publicará o anuncio de licitación. | • *Art. 181.1 TRLCAP* |
| Con independencia da publicidade comunitaria que proceda segundo o sinalado anteriormente, deberá publicarse no DOG o anuncio de licitación como mínimo con dez días naturais de anticipación á data mínima de límite de presentación de proposicións nos seguintes casos: | |
| a) Cando as proposicións ou ofertas económicas nos procedementos abertos ou restrinxidos fosen irregulares ou inaceptables, sempre que non se modifiquen substancialmente as condicións orixinais do contrato.<br>b) Cando non se presenten proposicións en resposta a un procedemento aberto ou restrinxido, sempre que non se modifiquen as condicións orixinais do contrato, salvo o prezo, que non poderá ser aumentado en máis dun 10 por 100.<br>c) Cando os productos de que se trate se fabriquen exclusivamente para fins de experimentación, estudios ou desenvolvemento e non co obxecto de establece-la viabilidade comercial do producto ou de recupera-los custos de investigación ou desenvolvemento. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| A apertura de proposicións será pública e realizaraa unha Mesa de Contratación designada polo órgano de contratación. Formarán parte dela, en todo caso, unha representación do servicio propoñente, así como un representante da Intervención Xeral e outro da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia | • *Art. 4. Decreto 122/1996 do 8 de febreiro.* |
| No procedemento negociado, a constitución da Mesa será potestativa para o órgano de contratación | • *Art. 81.1 TRLCAP* |
| **Procedemento negociado sen publicidade:** | • *Art. 182 TRLCAP* |

Poderá utilizarse o procedemento negociado sen publicidade previa cando concorran algunhas das seguintes circunstancias, que deberán xustificarse no expediente:

a) Cando non se presenten licitadores en resposta a un procedemento aberto ou restrinxido ou os presentados non fosen admitidos a licitación, sempre que non se modifiquen as condicións orixinais do contrato, salvo o prezo, que non poderá ser aumentado en máis dun 10 por 100. Neste suposto remitirase un informe á Comisión da Comunidade Europea a pedimento desta cando a contía do contrato sexa igual ou superior aos límites sinalados no Art. 177.2 do TRLCAP (214.326 euros ou 35.660.846 ptas.).

b) Cando os productos de que se trate se fabriquen exclusivamente para fins de experimentación, estudio ou desenvolvemento, non aplicándose esta condición á producción en serie destinada a establece-la viabilidade comercial do producto ou recupera-los custos de investigación e desenvolvemento.

c) Cando, a causa da súa especificidade técnica ou artística, ou por razóns relacionadas coa protección de dereitos exclusivos, tan só se poida encomenda-la fabricación ou subministración do producto en cuestión a un único provedor.

d) Cando unha imperiosa urxencia, resultante de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación e non imputables a este, demande unha pronta execución que non poida lograrse polo procedemento de urxencia regulado no Art. 71 do TRLCAP ou por aplicación dos prazos de publicidade no Diario Oficial das Comunidades Europeas previstos para os casos de urxencia.

e) As entregas complementarias efectuadas polo provedor inicial que constitúan, ou ben unha reposición de subministracións ou instalacións de uso corrente ou ben unha extensión das subministracións ou instalacións existentes, cando un cambio de provedor obrigaría á Administración a adquirir material que posúa características técnicas diferentes, dando lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso e mantemento desproporcionadas.

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| A duración de tales contratos así como a dos contratos renovables non poderá, como regra xeral, ser superior a tres anos. | |
| f) Os que sexan consecuencia da aplicación das disposicións do art. 296 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, que deba celebra-lo Ministerio de Defensa con empresas estranxeiras, cando non existan empresas nacionais capacitadas para executalo. | |
| g) Os que se refiren a bens a uniformidade dos cales fose declarada necesaria para a súa utilización común pola Administración, sempre que a adopción do tipo de que se trate se efectuase, previa e independentemente, en virtude de concurso, de acordo co previsto no Título III do TRLCAP | |
| Neste suposto terase en conta para a Administración Xeral do Estado, os seus Organismos autónomos, Entidades xestoras e Servicios comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais que a uniformidade a que este se refire deberá ser declarada pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, excepto cando se trate de bens de utilización específica polos servicios dun determinado Departamento ministerial, caso en que lle corresponderá efectualo a este, despois do informe da indicada Dirección Xeral. | • *Disposición final primeira TRLCAP* |
| h) Os declarados secretos ou reservados ou cando a súa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais, conforme á lexislación vixente ou cando así o esixa a protección dos intereses esenciais da seguridade do Estado. Neste último suposto, na Administración Xeral do Estado, os seus Organismos autónomos, Entidades xestoras e Servicios comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais requirirase declaración expresa de que concorre tal requisito, correspondendo realizala ao titular do Departamento ministerial respectivo, sen que para estes efectos esta competencia poida ser delegada. | • *Disposición final primeira TRLCAP* |
| i) Os de bens de contía inferior a 5.000.000 de pesetas (30.050,61euros), límite que se eleva a 8.000.000 de pesetas (48.080,97 euros), para os supostos comprendidos no artigo 172.1.c) do TRLCAP (os de fabricación) | |
| j) A adquisición de bens mobles que integran o Patrimonio Histórico Español, despois da súa valoración pola Xunta de Cualificación, Valoración e Exportación de Bens do Patrimonio Histórico Español ou organismo recoñecido para o efecto das Comunidades Autónomas, que se destinen a museos, arquivos ou bibliotecas. | |
| k) Os de adquisición de productos consumibles, perecedoiros ou de fácil deterioración, de contía inferior a 10.000.000 de pesetas. | |
| l) Nas adxudicacións dos contratos que sexan consecuencia dun acordo ou contrato marco, sempre que este último fose adxudicado con suxeición ás normas desta lei. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **C.7. FISCALIZACIÓN, INTERVENCIÓN E CONTABILIDADE DO COMPROMISO DO GASTO** | |
| Comprobaranse ademais dos aspectos do Art. 97.2 do Decreto lexislativo 1/99 e Apto. Primeiro e Oitavo do Acordo de Fiscalización Limitada Previa, os adicionais seguintes: | |
| a) Comprobar que se adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa de Contratación e, en caso contrario, que existe decisión motivada do órgano de contratación. | • *Apto. 8.1.1.B) Resolución do 31 de marzo de 1999, pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999* |
| b) Cando o empresario proposto como adxudicatario non presentase na licitación a certificación de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias, coa Seguridade Social, e non ter débedas coa Comunidade, por non ter sido expedidas en prazo, segundo o establecido no artigo 9.3 do Real Decreto 390/1997, do 1 de marzo, ou esta caducase segundo o artigo 10.3, comprobar que este se encontra ao corrente destas obrigacións. | |
| O documento soporte "D" será expedido e autorizado na forma que determinan os Aptos. II e III b) da circular 6/86 da Intervención Xeral sobre tramitación de documentos contables e Regras 19, 47 e 48 da Orde do 26 de decembro de 1986 pola que se aproba a Instrucción provisoria de contabilidade do gasto público. | • *Orde do 26 de decembro de 1986*<br>• *Circular 6/1986 da IXCA* |
| **C.8. CONSTITUCIÓN DA GARANTÍA** | |
| ***1. Garantías Provisionais*** | |
| Nos contratos de contía inferior a esixencia de garantía provisional será potestativa para o órgano de contratación. | |
| A garantía provisional será devolta aos interesados inmediatamente despois da adxudicación ou da proposta de adxudicación, segundo fose a forma de adxudicación por concurso ou poxa respectivamente. A garantía será retida ao empresario adxudicatario ou incluída na proposta de adxudicación e incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación. | |
| A garantía provisional responderá do mantemento das proposicións presentadas polos licitadores ata a adxudicación e da proposición do adxudicatario ata a formalización do contrato. | • *Art. 43.1 TRLCAP* |
| ***2. Garantías Definitivas*** | • *Art. 36 TRLCAP* |
| *(Ver apartado correspondente)* | |
| ***3. Excepcións á Constitución de Garantías*** | |
| Non será necesaria a constitución de garantías nos seguintes contratos de subministración: | • *Art. 39 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| a) Os concertados con empresas concesionarias de servicios públicos referentes a subministracións da clase sinalada no art. 172.1.a) do TRLCAP (Entregas de pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario). | |
| b) Aqueles nos que o contratista entregue inmediatamente os bens consumibles ou de fácil deterioración antes do pagamento do prezo, salvo que exista prazo de garantía, e nos de arrendamento e as súas modalidades de arrendamento financeiro e arrendamento con opción de compra, sempre que non vaian unidos ao mantemento dos bens obxecto do contrato. | |
| c) Cando a empresa subministradora sexa estranxeira e garanta o cumprimento do contrato de acordo coas prácticas comerciais internacionais. | |
| Ademais dos casos precedentes están exceptuadas do requisito de constitución de garantía as entidades que o teñan recoñecido por leis estatais ou disposicións autonómicas, dentro do ámbito de aplicación correspondente. | • *Art. 40 TRLCAP* |
| **4. *Constitución de garantías*** | • *Art. 41.1 TRLCAP* |
| O adxudicatario deberá acreditar no prazo de quince días, contados desde que se lle notifique a adxudicación do contrato, a constitución da garantía definitiva. De non cumprirse este requisito por causas imputables ao adxudicatario, a Administración declarará resolto o contrato. | |
| **C.9. NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DAS ADXUDICACIÓNS** | • *Art. 93 TRLCAP* |
| **1. *Notificación*** | |
| Unha vez acordada a adxudicación polo órgano de contratación e calquera que sexa o procedemento seguido e a forma de adxudicación empregada, será notificada aos licitadores e no prazo dun mes desde a formalización do contrato, débese remitir unha copia ao rexistro de contratos da Comunidade Autónoma de Galicia. | • *Decreto 198/1995 do 16 de marzo* |
| **2. *Publicidade das adxudicacións*** | |
| Cando o importe da adxudicación sexa igual ou superior a 10 millóns de pesetas publicarase no BOE ou nos respectivos Diarios ou boletíns Oficiais das Comunidades Autónomas e Entidades Locais, en prazo non superior a corenta e oito días a contar desde a data de adxudicación do contrato, un anuncio no que se dea conta desta adxudicación. | |
| Nos contratos suxeitos a publicidade obrigatoria no DOCE, deberá enviarse ao citado Diario Oficial e ao BOE, no mesmo prazo sinalado, un anuncio no que se dea conta do resultado da licitación, sen que nestes | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| supostos exista a posibilidade de substituí-la publicidade do BOE, pola que as Comunidades Autónomas e Entidades Locais poidan realizar nos seus Diarios ou Boletíns Oficiais. | |
| O órgano de contratación comunicará, excepto nos casos en que se omitise o anuncio de adxudicación, a todo candidato ou licitador rechazado que o solicite, no prazo de quince días a partir da recepción da solicitude, os motivos do rechazo da súa candidatura ou da súa proposición e as características da proposición do adxudicatario determinante da adxudicación ao seu favor. | |
| **EXCEPCIÓN:** | |
| Poderá omitirse o anuncio do resultado da adxudicación cando a divulgación da información relativa á celebración do contrato constitúa un obstáculo para a aplicación da lexislación, sexa contrario ao interese público ou poida prexudica-la competencia leal entre eles, nos declarados secretos ou reservados e cando a execución esixa medidas de seguridade especiais. | • *Art. 24 RD 390/1996, do 1 de marzo e Anexos VI e VII*<br>• *Art. 93.4 TRLCAP* |
| **CONTIDO:** | |
| Os anuncios indicativos e os de licitación e adxudicación dos contratos a publicar no BOE, DOG ou no DOCE terán o contido que se determine nos modelos que figuran nos anexos VI e VII do RD 390/1996. | |

## D. PERFECCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓNS

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **D.I. FORMALIZACIÓN** | |
| Con carácter xeral, os contratos de subministracións formalizaranse en documento administrativo dentro do prazo de trinta días a contar desde o seguinte á adxudicación. | • *Art. 54 TRLCAP* |
| Formalizaranse en escritura pública cando o solicite o contratista, sendo á súa custa os gastos derivados do seu outorgamento. | |
| Para a formalización dos contratos será requisito necesario a prestación pola empresa das garantías previstas nesta lei. | |
| Cando por causa imputable ao empresario non poida formalizarse o contrato dentro do prazo estipulado, a Administración pode resolvelo, procedendo á incautación da garantía provisional e á indemnización polos danos e perdas ocasionados. | |
| Se as causas fosen imputables á Administración deberase indemnizar ao contratista con independencia do dereito a solicita-la resolución do contrato. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| A Administración non poderá contratar verbalmente, salvo que o contrato teña carácter de emerxencia. | • *Art. 55 TRLCAP* |
| **D.2. REMISIÓN DE DOCUMENTOS** | |
| **1. *Remisión do contrato ao Consello de Contas*** | |
| Sempre que a contía do contrato exceda de 75 millóns de pesetas, dentro dos tres meses seguintes á súa formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, será remitida polo órgano de contratación ao Consello de Contas unha copia certificada do documento mediante o que se formalizase o contrato, acompañada dun extracto do expediente do que derive. | • *Art. 57 TRLCAP* |
| Igualmente comunicaranse ao Consello de Contas as modificacións, prórrogas ou variacións de prazos e extinción dos contratos indicados. | |
| En calquera caso o Consello de Contas poderá reclamar cantos datos, documentos e antecedentes estime pertinentes con relación aos contratos de calquera natureza e contía. | |
| **2. *Remisión de Información*** | |
| No prazo dun mes contado desde a data de formalización do correspondente contrato, o órgano de contratación remitirá unha copia deste ao Rexistro de Contratos. | • *Art. 5. Decreto 198/1995, do 16 de marzo* |
| Así mesmo, remitirá, en duplicado exemplar, unha ficha resumo, segundo modelo que se aprobará por orde da Consellería de Economía e Facenda, que conterá información sobre as características esenciais do contrato. | |
| O Rexistro de Contratos devolverá ao órgano xestor un dos exemplares da ficha resumo, que se deberá unir ao primeiro recoñecemento da obrigación do correspondente contrato. | |
| Os actos administrativos de modificación, prórroga, resolución, suspensión, conclusión ou calquera outra incidencia que afecte aos contratos inscribibles será comunicada ao Rexistro de Contratos polo órgano que os acorde. Esta comunicación consistirá no envío dunha copia do correspondente acto administrativo e terá lugar no prazo dun mes contado desde a súa adopción. | • *Art. 6. Decreto 198/1995, do 16 de marzo* |
| **E. EXECUCIÓN DO CONTRATO** | |
| **E.1. CUMPRIMENTO DO CONTRATO** | |
| O contrato considerarase cumprido polo contratista cando este realizase, | • *Art. 110 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
| --- | --- |
| de acordo cos termos deste e a satisfacción da Administración, a totalidade do seu obxecto. | |
| En calquera caso, o cumprimento do contrato esixe por parte da Administración un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á entrega dos bens obxecto do contrato ou no prazo que se determine no prego de cláusulas administrativas particulares por razón das características do obxecto do contrato. | |
| Á Intervención da Administración correspondente seralle comunicado cando sexa preceptivo (cando o importe do investimento supere os 5 millóns) o acto da recepción para a súa asistencia potestativa co fin de verifica-lo investimento. | • *Art. 28 do RD 2188/1995 do 28 de decembro* |
| ***Recepción*** | |
| ▪ O contratista estará obrigado a entrega-los bens obxecto da subministración no tempo e lugar fixados no contrato e de conformidade coas prescricións técnicas e cláusulas administrativas. | • *Art.185 TRLCAP* |
| A mora do contratista non precisará de previa intimación por parte da Administración. | |
| ▪ Por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Administración, o adxudicatario non terá dereito a indemnización, a non ser que aquela incorrese en demora ao recibilos. | |
| ▪ Cando o acto formal da recepción dos bens sexa posterior á súa entrega, a Administración será responsable da custodia destes durante o tempo que medie entre unha e outra. | |
| Salvo pacto en contra, os gastos de entrega e transporte da subministración serán por conta de contratista. | • *Art. 190 TRLCAP* |
| Se os bens non se encontran en estado de ser recibidos farase constar así na acta de recepción e daranse as instruccións precisas ao contratista para a reparación dos defectos ou para proceder a unha nova subministración. | |
| Unha vez efectuada a recepción, subscrita polo Interventor se procede, e expedida a factura polo contratista, o expediente de recoñecemento da obrigación remítese á Intervención para efectua-la intervención formal do investimento. | • *Art. 29 do RD 2188/1995 do 28 de decembro* |
| ***Prazo de Garantía*** | |
| Fixarase no contrato un prazo de garantía a contar desde a data de | • *Art. 191 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| recepción ou conformidade, durante o cal a Administración terá dereito a reclamar ao contratista a reposición ou reparación dos que resulten inadecuados. | |
| Terminado o prazo establecido na Lei sen que se formalizasen os reparos ou demandas, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens subministrados. | |
| **E.2. PAGAMENTO DO PREZO** | |
| • O contratista terá dereito ao aboamento das subministracións efectivamente entregadas e formalmente recibidas pola Administración nos termos establecidos na lei e no contrato, conforme ao prezo convido. | • *Art. 186 TRLCAP* |
| • O pagamento poderá facerse de maneira total ou parcialmente mediante aboamentos a conta. | • *Art. 99.2 TRLCAP* |
| • O aboamento do prezo terá lugar dentro dos dous meses seguintes á realización total ou parcial do contrato. | |
| • A demora no aboamento obrigará á Administración a aboa-lo xuro legal do diñeiro incrementado en 1'5 puntos das cantidades debidas ao contratista, á suspensión ou resolución do contrato e ao resarcimento dos prexuízos causados, en función dos prazos de demora. | |
| • Razóns técnicas ou económicas debidamente xustificadas permitirán que no prego de cláusulas administrativas particulares se estableza que o pagamento do prezo total dos bens a subministrar poida consistir en parte na entrega doutros bens da mesma clase, sen que o importe destes poida supera-lo 50% do prezo total. O compromiso do gasto limitarase nestes casos ao importe que non se satisfaga cos bens. | • *Art. 187 TRLCAP* |
| • O contratista está obrigado a expedir e entrega-la factura, cubrindo segundo se dispón no Art. 3° do R.D. 2402/85 do 18 de decembro, consignando se é o caso, o IVE repercutido. | |
| • Sen prexuízo do establecido nas normas tributarias e da Seguridade Social, os aboamentos a conta que procedan pola execución do contrato, só poderán ser embargados nos seguintes supostos: | • *Art. 99.7 TRLCAP* |
| a) Para o pagamento dos salarios devengados polo persoal do contratista na execución do contrato e das cotas sociais derivadas destes. | |
| b) Para o pagamento das obrigacións contraídas polo contratista cos | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| subcontratistas e subministradores referidas á execución do contrato. | |
| **E.3. FISCALIZACIÓN E CONTABILIZACIÓN** | |
| Serán verificados pola Intervención, ademais dos aspectos previstos no art. 97.2 do Decreto lexislativo 1/99 e Acordo fiscalización limitada Previa (Aptdo. Segundo.3), os aspectos adicionais seguintes: | |
| ***Aboamentos a conta*** | |
| a) No primeiro aboamento a conta, que se constituíu a garantía definitiva, especial ou complementaria e que se formalizou o contrato. | • *Aptdo. 8º.1.4.2, Acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999* |
| b) Que existe a conformidade dos servicios competentes coa subministración realizada ou fabricada | |
| c) Que sexa achegada factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 2402/1985, do 18 de decembro, sobre obrigación de expedir factura por empresarios e profesionais. | |
| d) Cando no aboamento se inclúa revisión de prezos, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 103.1 da Lei de Contratos das Administracións Públicas (execución dun 20% e transcurso de seis meses desde a adxudicación) e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares. | |
| e) No caso de se efectuaren anticipos, dos previstos no artigo 100.3 da Lei de Contratos das Administracións Públicas (aboamentos a conta de operacións preparatorias da execución do contrato e que estean comprendidas no obxecto deste), comprobar que se prestou a garantía esixida. | • *Art. 265 RCE* |
| ***Aboamento total ou pagamento da liquidación se existisen aboamentos a conta*** | |
| a) Que se inclúe certificación ou acta de conformidade da recepción da subministración. | • *Aptdo. 8º.1.4.2, do Acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999* |
| b) Que sexa achegada factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 2402/1985, do 18 de decembro, sobre obrigación de expedir facturas por empresarios e profesionais | |
| c) Cando se inclúa revisión de prezos, para o seu aboamento, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 103.1 do Texto | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (executado o 20% do seu importe e que transcorrese 1 ano desde a súa adxudicación) e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión de prezos no prego de cláusulas administrativas particulares.<br><br>En ningún caso terá lugar a revisión de prezos en contratos o pagamento dos cales se concerte mediante o sistema de arrendamento financeiro ou de arrendamento con opción de compra, nin nos contratos menores. | |
| **F. DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA E CANCELACIÓN DO AVAL** | |
| Aprobada a liquidación do contrato e non resultando responsabilidades que deban exercitarse sobre a garantía, unha vez transcorrido o prazo desta dictarase acordo de devolución daquela ou de cancelación do aval. | • *Art. 47 TRLCAP* |
| Nos casos de recepción parcial só poderá solicitarse a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía cando así se dispoña expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares.<br><br>Transcorrido un ano desde a data do contrato sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase á devolución ou cancelación das garantías sempre que non se producisen as responsabilidades a que se refire o artigo 43 do TRL.C.A.P. | • *Art. 20 RD 390/1996, do 1 de marzo* |
| **G.MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓNS** | |
| Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razón do interese público nos elementos que o integran, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificándoo debidamente. | • *Art. 101 TRLCAP* |
| Se como consecuencia das modificacións do contrato de subministracións se producise aumento, reducción ou supresión das unidades de bens que o integran, ou se substituísen uns bens por outros, sempre que estea contemplado no contrato, esta modificación será obrigatoria para o contratista sen que teña dereito a reclamar ningunha indemnización salvo cando as modificacións, aínda que fosen sucesivas, impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do prezo do contrato, en máis ou menos, en contía superior ao 20% do importe inicial ou supoñan unha alteración substancial da prestación inicial.<br><br>A modificación do contrato debe formalizarse de igual forma que o contrato en si, conforme ao disposto no artigo 54 TRLCAP. | • *Art. 189 TRLCAP* |
| Para os efectos da fiscalización limitada previa examinarase como aspecto adicional que existe informe da Asesoría Xurídica e, se é o caso, do Consello Consultivo | • *Aptdo. 8º.1.3 do Acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **Revisión de prezos (aprobación do gasto)** | |
| a) Que se cumpran os requisitos esixidos no artigo 103.1 da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (Que se executase o 20% do seu importe e transcorrese 1 ano desde a súa adxudicación). En ningún caso terá lugar a revisión de prezos nos contratos o pagamento dos cales se concerte mediante o sistema de arrendamento financeiro ou de arrendamento con opción de compra, nin nos contratos menores. | • *Aptdo. 8º.1.2 do Acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999*<br>• *Art. 103 TRLCAP* |
| b) Que non estea expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares. | |
| Ata que, de conformidade co disposto no artigo 104 do TRLCAP, se aproben fórmulas tipo para a revisión de prezos, seguirán aplicándose as aprobadas polo Decreto 3650/1970, do 19 de decembro; polo Real Decreto 2167/1981, do 20 de agosto, polo que se complementa o anterior, e polo Decreto 2341/1975, do 22 de agosto, para contratos de fabricación do Ministerio de Defensa. O contido desta disposición producirá efectos desde a entrada en vigor da Lei 53/1999 do 28 de decembro. | • *Disposición transitoria segunda, TRLCAP (Redacción da Lei 14/2000, do 29 de decembro* |
| **I. XUROS DE DEMORA** | |
| 1. Cando o pagamento ao contratista se demorase máis alá do prazo dos dous meses seguintes á data da expedición dos documentos acreditativos da realización total ou parcial do contrato, deberase aboar ao contratista, o xuro legal do diñeiro incrementado en 1,5 puntos, das cantidades debidas. | • *Art. 99.4 TRLCAP* |
| 2. Se a demora no pagamento fose superior a catro meses, o contratista poderá proceder, se é o caso, á suspensión do cumprimento do contrato, debendo comunicar á Administración, cun mes de antelación, tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivar desta suspensión. | • *Art. 99.5 TRLCAP* |
| 3. Se a demora fose superior a oito meses, o contratista terá dereito, así mesmo, a resolve-lo contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia disto se lle orixinasen. | • *Art. 99.6 TRLCAP* |
| Na fiscalización previa comprobarase, ademais dos aspectos previstos con carácter xeral no artigo 97.2 do TRLRFP, que exista informe da Asesoría Xurídica e que exista liquidación e que o cálculo é correcto. | • *Apto. 8º.1.5 do Acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999* |
| **J. INDEMNIZACIÓNS** | |
| 1. Será obrigación do contratista indemnizar polos danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. | • *Art. 97 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| 2. Cando tales danos e perdas fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas leis. Tamén será a Administración responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto elaborado por ela mesma nos contratos de subministración de fabricación. | |
| 3. Os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, ao órgano de contratación que , oído o contratista, se pronuncie sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición da acción civil. | |
| 4. A reclamación daqueles formularase, en todo caso, conforme ao procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto. | |
| Na fiscalización previa comprobaranse ademais dos aspectos previstos con carácter xeral no artigo 97.2 do TRLRFP, que existe informe da Asesoría Xurídica, que existe informe técnico e que existe liquidación e que o cálculo é correcto. | • *Apto. 8º.1.6 do Acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999* |
| **K. RESOLUCIÓN DO CONTRATO** | |
| Os contratos extinguiranse por cumprimento ou por resolución | • *Art. 109 TRLCAP* |
| **K.I. CAUSAS DE RESOLUCIÓN** | • *Art. 111 TRLCAP* |
| a) A morte por incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista. | |
| b) A declaración de quebra, de suspensión de pagamentos, de concurso de acredores ou de insolvente falido en calquera procedemento ou o acordo de quita e espera. | |
| c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista. | |
| d) A falta de prestación polo contratista da garantía definitiva ou das especiais ou complementarias daquelas en prazo nos casos previstos na Lei e a non formalización do contrato en prazo. | |
| e) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista e o incumprimento do prazo sinalado no artigo 71.2.d) do TRLCAP. | |
| f) A falta de pagamento por parte da Administración no prazo de oito meses, conforme ao artigo 99.6 do TRLCAP. | |
| g) O incumprimento das restantes obrigacións contractuais esenciais. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| h) A suspensión, por causa imputable á Administración, da iniciación da subministración por prazo superior a seis meses, a partir da data sinalada no contrato para a entrega, salvo que no prego se sinale outro menor. | • *Art. 192 TRLCAP* |
| i) A desistencia ou a suspensión da subministración por un prazo superior ao ano acordada pola Administración, salvo que no prego se sinale outro menor. | |
| j) As modificacións da subministración, aínda que fosen sucesivas, que impliquen illada ou conxuntamente, alteracións do prezo do contrato en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por 100 do prezo primitivo do contrato, con exclusión do Imposto sobre o Valor Engadido, ou representen unha alteración substancial da prestación inicial. | |
| k) Aquelas que se establezan expresamente no contrato. | |
| **K.2. ACORDO DE RESOLUCIÓN** | • *Art. 112 TRLCAP* |
| A resolución do contrato será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou a pedimento do contratista, se é o caso, mediante procedemento na forma que regulamentariamente se determine.<br><br>As causas previstas na letra b) do epígrafe anterior orixinarán sempre a resolución do contrato.<br><br>Nos restantes casos de resolución do contrato, o dereito para exercitala será potestativo para aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dese lugar a esta, sen prexuízo de que nos supostos de modificacións en máis do 20 por 100 previstos nos artigos 149.e) e 192.c) do TRLCAP a Administración tamén poida insta-la súa resolución.<br><br>Cando a causa de resolución sexa a morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual, a Administración poderá acorda-la continuación do contrato cos seus herdeiros ou sucesores.<br><br>A resolución por mutuo acordo só poderá ter lugar cando non concorra outra causa de resolución imputable ao contratista e sempre que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato.<br><br>Se a causa de resolución fose a falta de prestación de garantías complementarias, a resolución afectará á totalidade do contrato.<br><br>No suposto de demora a que se refire a letra e) do artigo anterior, se as penalidades a que dese lugar a demora no cumprimento do prazo por parte do contratista alcanzasen un múltiplo do 5 por 100 do importe do contrato, estarase ao disposto no artigo 95.4 | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| O incumprimento das obrigacións derivadas do contrato por parte da Administración orixinará a resolución daquel só nos casos previstos nesta Lei.<br><br>O acordo será fiscalizado polo Interventor Delegado co informe de servicio xurídico, antes de que se dicte a resolución. | |
| **K.3. EFECTOS DA RESOLUCIÓN** | • *Art. 193 TRLCAP* |
| A resolución do contrato dará lugar á recíproca devolución dos bens e do importe dos pagamentos realizados e cando non fose posible ou conveniente para a Administración, deberá aboar esta o prezo dos efectivamente entregados e recibidos de conformidade.<br><br>No suposto de suspensión da iniciación da subministración por tempo superior a seis meses, só terá dereito o contratista a percibir unha indemnización do 3 por 100 do prezo da adxudicación.<br><br>No suposto de suspensión da iniciación da subministración por tempo superior a seis meses, só terá dereito o contratista a percibir unha indemnización do 6 por 100 do prezo da adxudicación. | |

# 4.3. Subministracións menores

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A.-DELIMITACIÓN DOS CONTRATOS MENORES** | |
| Terán a consideración de contratos menores aqueles que pola súa contía non excedan de 2.000.000.-ptas., con excepción daqueles a que se refire o art. 183.1 (contratación centralizada). | • *Art. 176 TRLCAP* |
| **B. ADXUDICACIÓN** | |
| Na adxudicación dos contratos menores poderá utilizarse o procedemento negociado sen publicidade previa. | • *Art. 182 TRLCAP* |
| **C. FORMALIZACIÓN** | |
| A tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación a este da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos.<br><br>Estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos. | • *Art. 56 TRLCAP* |
| **D. FISCALIZACIÓN PREVIA** | |
| Segundo o artigo 97. 1 do TRLRFP non están suxeitos a fiscalización previa os gastos ou adquisicións de bens e servicios inferiores a 1.100.000 pesetas. | • *Art. 97.1 TRLRFP ( Redacción Lei 5/2000, do 28 de decembro)*<br>• *Lei 4/2000, do 27 de decembro PXCA* |

# 4.4. Contratos de fabricación

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A.-CONTRATOS DE FABRICACIÓN** | |
| A Lei defíneos como aqueles nos que a cousa ou cousas que han de ser entregadas polo empresario deben ser elaboradas conforme a características peculiares fixadas previamente pola Administración, aínda cando esta se obrigue a proporcionar, total ou parcialmente, as materias precisas. | • *Art. 172.1.c) TRLCAP* |
| Na fiscalización previa verificaranse os puntos establecidos no punto 7º do Acordo do 18 de marzo de 1999 para os contratos de obras cando no prego de cláusulas particulares se determine a aplicación destas normas (cando o contrato de obras sexa o elemento principal atendendo ao prazo de execución e á porcentaxe no prezo total ou en función da especialidade ou dificultade das obras). Noutro caso, aplicaranse os aspectos especificados para as subministracións en xeral. | |
| Neste tipo de contratos, poderá utilizarse o procedemento negociado sen publicidade cando os productos de que se trate se fabriquen exclusivamente para fins de experimentación,estudios ou desenvolvemento e non co obxecto de comercializa-lo producto ou de recupera-los custos de investigación ou desenvolvemento. | • *Art. 2.2.c) Decreto 122/1996 do 8 de febreiro*<br>• *Art. 182.b) TRLCAP* |

# 4.5. Bens de adquisición centralizada

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A.-DELIMITACIÓN DOS BENS DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA** | |
| No ámbito da Administración Xeral do Estado, os seus Organismos autónomos, Entidades xestoras e Servicios comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais, o Ministro de Economía e Facenda poderá declarar de adquisición centralizada o mobiliario, material e equipo de oficina e outros bens. En relación cos citados bens, a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado celebrará os concursos para a adopción de tipo e, se é o caso, os acordos ou contratos marco. Regulamentariamente fixarase o procedemento para a adquisición dos referidos bens.<br><br>A adquisición de equipos e sistemas para o tratamento da información e os seus elementos complementarios ou auxiliares corresponderá á Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, oídos os Departamentos ministeriais en canto ás súas necesidades, coas excepcións previstas nesta Lei e as que se fixen regulamentariamente.<br><br>Ás Entidades xestoras e Servicios comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais tamén lles será aplicable esta centralización, exercida pola Dirección Xeral do Patrimonio, tal como indica a orde do 30 de xullo de 1998 en aplicación do artigo 183 do TRLCAP. | • *Art. 183 TRLCAP*<br>• *Orde do 30 de xullo de 1998.(MEH)*<br>• *Acordo do Consello Ministros do 6 de xuño de 1997* |
| Neste sentido foron declarados de adquisición e de contratación centralizada, no ámbito definido no art. 183 e 199 do TRLCAP, os bens e servicios informáticos destinados á adaptación dos equipos e sistemas de tratamento da información ao Euro/efecto ano 2000.<br><br>A adquisición destes bens realizarase a través do Servicio Central de Subministracións. | • *Punto segundo da Orde do 30 de xullo de 1998.* |
| 1. As Comunidades Autónomas, Entidades locais, os seus Organismos autónomos e entes públicos poderán adherirse ao sistema de contratación centralizada establecido nos artigos 183.1 e 199, para a totalidade ou para categorías de bens e servicios, mediante acordos coa Dirección Xeral de Patrimonio do Estado.<br><br>2. Para os efectos establecidos no parágrafo segundo do artigo 182, letra g), e no parágrafo segundo do artigo 210, letra f), a declaración de uniformidade dos bens e servicios de utilización específica por algún Departamento ministerial habilitará para que outros órganos de contratación, mantendo as súas competencias de contratación, poidan adherirse aos contratos que se formalicen en virtude dos concursos para a determinación de tipo que se celebren.<br><br>As Comunidades Autónomas e as Entidades locais poderán adherirse a tales contratos, mantendo as súas competencias mediante acordos co Ministerio que declarase a uniformidade de tales bens e adxudique o contrato derivado do correspondente concurso para a determinación de tipo. | • *Disposición adicional décima TRLCAP* |

| *Descrición* | *Referencia Lexislativa* |
| --- | --- |
| 3. Tamén, mediante os correspondentes acordos, as Comunidades Autónomas e as Entidades locais poderán adherirse a sistemas de adquisición centralizada doutras Comunidades Autónomas e Entidades locais. | |

*Descrición*

**CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓNS**
**EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN**



## *Descrición*


PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN
ABERTO
RESTRINXIDO
NEGOCIADO
POXA
CONCURSO
POXA
CONCURSO
CON PUBLICIDAD
SEN PUBLICIDAD
Publicidade do Anuncio
Presentación de documentación e proposicións económicas
Exame documentación e apertura de proposicións pola Mesa de Contratación
Publicidade do Anuncio
Solicitude participación no procedemento e envío documentación administrativa
Exame documentación por Mesa de Contratación e envío de invitación escrita
Presentación de proposicións económicas
Apertura de proposicións por Mesa de Contratacións
Publicación do anuncio
Solicitude participación procedemento
Selección de candidatos (mínimo 3 empresas)
Consulta ou negociación
Mesa de Negociación
Selección de candidatos .(mínimo 3 empresas)
Consulta ou negociación
Proposta de Adxudicación
Fiscalización Previa
ADXUDICACIÓN

*Descrición*


ADXUDICACIÓN
Publicidade adxudicación
Se > 5.000.000
Constitución garantía (4%)
Intervención e contabilización do compromiso do gasto. Documento "D"
FORMALIZACIÓN DO CONTRATO
Publicidade da adxudicación
Execución do contrato
Cumprimento do contrato
Recepción
Asistencia representante Intervención
Prazo de garantía
Fiscalización previa e contabilización
Pagamento do prezo
Total ou parcial
Devolución da garantía

# 5. Contratos de consultoría e asistencia

*Intervención Xeral*

# 5.1. Características do contrato

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. OBXECTO DO CONTRATO** | |
| Son contratos de consultoría e asistencia aqueles que teñan por obxecto:<br><br>I. Estudiar e elaborar informes, estudios, planos, anteproxectos, proxectos de carácter técnico, organizativo, económico ou social, así como a dirección, supervisión e control da execución e mantemento de obras, instalacións, e da implantación de sistemas organizativos.<br><br>2. Levar a cabo, en colaboración coa Administración e baixo a súa supervisión, as seguintes prestacións:<br><br>- Investigación e estudios para a realización de calquera traballo técnico.<br><br>- Asesoramento para a xestión de bens públicos e organización de servicios do mesmo carácter.<br><br>- Estudio e asistencia na redacción de proxectos, anteproxectos, modificación duns e doutros, dirección, supervisión e control da execución e mantemento de obras e instalacións e da implantación de sistemas organizativos.<br><br>- Calquera outras prestacións directa ou indirectamente relacionadas coas anteriores e nas que tamén predominen as prestacións de carácter intelectual, en particular, os contratos que a Administración celebre con profesionais, en función da súa titulación académica, así como os contratos para o desenvolvemento de actividades de formación do persoal das Administracións Públicas. | • *Art.196.2 TRLCAP* |
| **B. RÉXIME XURÍDICO** | |
| Os contratos de consultoría e asistencia rexeranse en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción pola Lei de Contratos para as Administracións Públicas e as súas disposicións de desenvolvemento. Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu lugar, as normas de Dereito privado.<br><br>A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolve-las controversias que xurdan entre as partes nos contratos administrativos. | • *Art. 7 TRLCAP* |
| **C. REQUISITOS DAS EMPRESAS** | |
| I. Ademais dos requisitos xerais esixidos nos artigos 15 ao 19 do | • *Art. 197.1 TRLCAP* |

| *Descrición* | *Referencia Lexislativa* |
|---|---|
| TRLCAP., as empresas adxudicatarias deberán ser persoas físicas ou xurídicas a finalidade ou actividade das cales teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras da fundación e se acredite debidamente e dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato. | |
| 2. Os contratos de consultoría e asistencia que teñan por obxecto a vixilancia, supervisión, control e dirección da execución de obras e instalacións, salvo que os pregos dispoñan expresa e xustificadamente o contrario, non poderán adxudicarse ás mesmas empresas adxudicatarias dos correspondentes contratos de obras nin ás empresas a estas vinculadas, no sentido en que son definidas no artigo 134 do TRLCAP. | • *Art. 197.2 TRLCAP* |
| **D. VIXENCIA DO CONTRATO** | |
| I. Os contratos de consultoría e asistencia non poderán ter un prazo de vixencia superior a dous anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións Públicas, aínda que poderá preverse no mesmo contrato a súa modificación e a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de catro anos, nin estas poidan ser concertadas, illada ou conxuntamente, por un prazo superior ao fixado orixinariamente. | • *Art. 198.1 TRLCAP*<br>• *Art. 58 TRLRFP* |
| 2. A pesar do disposto anteriormente, os contratos de consultoría, asistencia e de servicios que sexan complementarios de contratos de obras ou de subministracións poderán ter un prazo superior de vixencia que, en ningún caso, excederá do prazo de duración do contrato principal, salvo nos contratos que comprenden traballos relacionados coa liquidación do contrato principal, o prazo final dos cales excederá ao deste no tempo necesario para realizalos. A iniciación do contrato complementario quedará en suspenso, salvo causa xustificada derivada do seu obxecto e contido, ata que comece a execución do correspondente contrato de obras.<br><br>Soamente terán o concepto de contratos complementarios aqueles o obxecto dos cales se considere necesario para a correcta realización da prestación ou prestacións obxecto do contrato principal. | • *Art. 198.2 TRLCAP* |
| 3. Os contratos para a defensa xurídica e xudicial da Administración terán a duración precisa para atender adecuadamente as súas necesidades. | • *Art.198.4 TRLCAP* |
| **E. SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL** | |
| Nos contratos de consultoría e asistencia, de servicios regulados pola | • *Art. 19 TRLCAP* |

| *Descrición* | *Referencia Lexislativa* |
| --- | --- |
| LCAP, a solvencia técnica ou profesional dos empresarios deberá apreciarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que poderá acreditarse, segundo o obxecto do contrato, por un ou varios dos medios seguintes:<br><br>a) As titulacións académicas e profesionais dos empresarios e do persoal de dirección da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.<br><br>b) Unha relación dos principais servicios ou traballos realizados nos últimos tres anos, que inclúa importe, datas e beneficiarios, públicos ou privados, destes.<br><br>c) Unha descrición do equipo técnico e unidades técnicas participantes no contrato, estean ou non integrados directamente na empresa do contratista, especialmente, dos responsables do control de calidade.<br><br>d) Unha declaración que indique a media anual de persoal, con mención, se é o caso, do grao de estabilidade no emprego e o cadro de persoal do persoal directivo durante os últimos tres anos.<br><br>e) Unha declaración do material, instalacións e equipo técnico de que dispoña o empresario para a realización do contrato.<br><br>f) Unha declaración das medidas adoptadas polos empresarios para controla-la calidade, así como dos medios de estudio e de investigación de que dispoñan.<br><br>g) Cando se trate de servicios ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou en nome deste por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, co acordo deste organismo sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudio e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade. | |
| En relación á capacidade e solvencia das empresas que participan nos contratos de consultoría e asistencia e de servicios, de contía igual ou superior á sinalada no artigo 203.2 deberá prescindirse do informe sobre reciprocidade a que se refire o artigo 23 en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio. | • *Art. 23.1 TRLCAP* |

# 5.2. Procedemento

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN** | |
| O expediente de contratación conterá os elementos seguintes: | • *Art.67 TRLCAP* |
| - Orde de iniciación expedida polo órgano de contratación, xustificando a necesidade desta. | |
| - Prego de cláusulas administrativas particulares que deban rexe-lo contrato informado previamente pola Asesoría Xurídica. Nel establecerase o sistema de determinación do prezo dos contratos, que poderá consistir en prezos referidos a compoñentes da prestación, unidades de obra, unidades de tempo ou en aplicación de honorarios por tarifas, nun tanto alzado cando non sexa posible ou conveniente a súa descomposición ou nunha combinación de varias destas modalidades, con precisión do prazo de duración do contrato e, cando estivese prevista, da súa posible prórroga e alcance desta que, en todo caso, deberá ser expresa, sen que poida ser prorrogado o contrato por consentimento tácito das partes. | • *Art. 49 TR LCAP*<br>• *Art. 202.2 TRLCAP* |
| - Retención do crédito: certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa sempre que o contrato orixine gastos para a Administración. | |
| - Aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e do gasto polo órgano de contratación. Os pregos aprobaranse, previa ou conxuntamente coa autorización do gasto e sempre antes da perfección e, se é o caso, licitación do contrato. | • *Art. 49 TRLCAP* |
| - As prescricións técnicas ás que deba axustarse a execución do contrato, que serán elaboradas con anterioridade á autorización do gasto, e serán aprobadas polo órgano de contratación competente. | • *Art. 51 TRLCAP* |
| - Deberá incorporarse un informe do servicio interesado na celebración do contrato, no que se xustifique debidamente a insuficiencia, a falta de adecuación ou a conveniencia de non ampliación dos medios persoais e materiais con que conta a Administración para cubri-las necesidades que se tratan de satisfacer a través do contrato. | • *Art. 202.1TRLCAP* |
| - Fiscalización do gasto pola Intervención e aprobación do gasto, salvo no suposto excepcional previsto nas normas orzamentarias no artigo 85 a) TRLCAP nos termos previstos. | • *Acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999* |
| - No prego de cláusulas administrativas particulares establecerase o sistema de valoración dos traballos efectuados destes contratos que poderá consistir en: | • *Art. 202.2TRLCAP*<br>• *Acordo do Consello da Xunta de 31 de maio de 1990* |
| 1) Tanto alzado.- Sobre a totalidade ou aquelas partes deste que fosen obxecto de entrega parcial por estar así previsto no correspondente prego. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| 2) Prezos unitarios.- Aplicando prezos de cada unha das unidades base do traballo ao número de unidades executadas.<br><br>3) Administración.- Aplicando os prezos por unidade de tempo fixados para cada clase de empregado nos prazos que o contratista os utilizase na realización do traballo incrementado na porcentaxe ou cantidade alzada establecida no prego para atende-los gastos xerais e beneficios.<br><br>4) Tarifas.- Aplicando as tarifas fixadas no contrato na forma e contía establecidas no prego para a totalidade do traballo ou para as partes deste que foron obxecto de entrega parcial, por estar así previsto no correspondente prego.<br><br>Para os sistemas de "tanto alzado" e "tarifas" o prego de cláusulas administrativas particulares poderá autoriza-lo sistema de aboamentos a conta antes de que se produza a entrega parcial, e o contratista garantise o seu total importe mediante aval bancario. | |
| **B. TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE** | |
| Os expedientes de contratación poderán ser de tres clases:<br><br>a) Tramitación ordinaria.<br><br>b) Tramitación urxente.<br><br>c) Tramitación de emerxencia.<br><br>O seu contido e características expóñense nos artigos 71 ao 72 do TRLCAP. | • *Art. 70 TRLCAP* |
| **C. PROCEDEMENTOS E FORMAS DE ADXUDICACIÓN** | |
| Os contratos de consultoría e asistencia serán adxudicados polos procedementos aberto, restrinxido ou negociado, este último unicamente nos supostos sinalados nos artigos 209 e 210 TRLCAP. que se expoñen nos epígrafes C.4 deste capítulo.<br><br>**C.I PUBLICIDADE NOS CONTRATOS DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA** | • *Art. 208.1 TRLCAP* |
| ***I. Publicidade no DOG ou BOE.***<br><br>Tódolos procedementos para a adxudicación dos contratos, con | • *Art. 78 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| excepción dos procedementos negociados, anunciaranse no Boletín Oficial do Estado (BOE). Estes últimos serán obxecto de anuncio no BOE, cando por razón da súa contía estean suxeitos a publicidade no Diario Oficial das Comunidades Europeas.<br><br>A Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos e entidades de dereito público, cando se trate de contratos que pola súa contía non deban publicarse no Diario Oficial das Comunidades Europeas, poderá substituí-la publicidade no Boletín Oficial do Estado pola que realicen nos respectivos Diarios ou Boletíns oficiais, no noso caso, no Diario Oficial de Galicia.<br><br>***2. Publicidade no ámbito da Comunidade Europea.*** | • *Art. 24 RD. 390/1996, do 1 de marzo* |
| Anuncio indicativo.<br><br>No ámbito da Comunidade Europea, os órganos de contratación darán a coñecer mediante un anuncio indicativo os contratos que teñan proxectado celebrar durante os doce meses seguintes, en cada unha das categorías 1 a 16 do artigo 206 do TRLCAP, sempre que o seu importe, con exclusión do IVE, sexa igual ou superior a 124.789.500 pesetas (750.000 euros). Estes contratos son os seguintes:<br><br>1. Mantemento e reparación.<br>2. Transporte por vía terrestre, excluído o transporte por ferrocarril e incluídos os furgóns blindados e servicio de transportes excepto o transporte por correo.<br>3. Transporte aéreo de pasaxeiros e carga excepto transporte por correo.<br>4. Transporte de correo por vía terrestre e aérea excepto transporte por ferrocarril.<br>5. Telecomunicación.<br>6. Servicios financeiros. | • *Art. 203 e 206 TRLCAP*<br>• *Orde do 10 de febreiro de 2000, (MEH)* |
| a) Servicios de seguros.<br>b) Servicios bancarios e de investimentos. | |
| 7. Informática e servicios conexos. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| 8. Investigación e desenvolvemento.<br>9. Contabilidade, auditoría e teneduría de libros.<br>10. Investigación de estudios e enquisas de opinión pública.<br>11. Consultoría de dirección e conexos, excepto arbitraxe e conciliación.<br>12. Arquitectura, enxeñería, planificación urbana e arquitectura paisaxística. Consultoría en ciencia e tecnoloxía. Ensaios e análises técnicas.<br>13. Publicidade.<br>14. Limpeza de edificios e administración de bens inmobles.<br>15. Edición e imprenta.<br>16. Rede de sumidoiros e eliminación de desperdicios. Saneamento e similares. | |
| Este anuncio deberá enviarse o antes posible, a partir da súa programación, á Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas e, para que produza o efecto de redución de prazos previsto no artigo 207, apartado 1 e 3, deberá terse enviado á citada oficina cunha antelación mínima de 52 días e máximo de 12 meses a partir da data de envío do anuncio do contrato ao "Diario oficial das Comunidades Europeas (DOCE)" | |
| <u>Anuncio de licitación.</u> | |
| Nos casos de adxudicacións por procedemento aberto, restrinxido ou negociado con publicidade comunitaria que estean incluídos nas categorías 1 a 16 do art. 206 do TRLCAP deberá publicarse un anuncio no Diario Oficial das Comunidades Europeas, sempre que a súa contía, excluído o IVE, sexa igual ou superior ás seguintes cifras: | • *Art. 203.2 TRLCAP* |
| a) 33.277.200 ptas.(200.000 euros) nos contratos da categoría 8 e nos contratos da categoría 5 consistentes en servicios de difusión de emisións de televisión e de radio, en servicios de conexión e en servicios integrados de telecomunicacións. | • *Orde do 10 de febreiro de 2000 (MEH)* |
| b) 23.179.566 ptas.(130.000 dereitos especiais de xiro equivalente a 139.312 euros) nos restantes contratos das categorías 1 a 16 do artigo 206, cando deban ser adxudicados polos órganos de contratación da Administración Xeral do | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Estado, incluídos os dous seus Organismos Autónomos. | |
| c) 35.660.846 ptas.(200.000 dereitos especiais de xiro equivalente a 214.326 euros) no mesmo suposto da letra b), cando deban ser adxudicados polos restantes órganos de contratación. | |
| <u>División por lotes.</u> | |
| Cando exista división en varios lotes e cada lote constitúa un contrato, o importe de cada un terase en conta para a determinación da contía para os efectos da publicidade. Non obstante, cando o importe acumulado dos lotes sexa igual ou superior á cifra indicada no artigo 203.2 TRLCAP aplicaranse a tódolos lotes, para os efectos da publicidade, as disposicións deste. | • *Art. 204 TR LCAP*<br>• *Art. 136 TRLCAP* |
| Sen embargo, o órgano de contratación poderá considerar soamente o importe individualizado de cada lote cando sexa inferior a 13.310.880 ptas (80.000 euros), con exclusión do IVE, sempre que o importe acumulado destes lotes non sexa superior ao 20 por 100 do importe acumulado de tódolos lotes nos que estea dividida a obra. | • *Art. 204 TRLCAP*<br>• *Orde do 10 de febreiro de 2000 (MEH)* |
| <u>Excepción de publicidade comunitaria.</u> | |
| Non será obrigatoria a publicación do anuncio indicativo nin do anuncio de licitación no Diario Oficial das Comunidades Europeas, sexa cal for a súa contía, nos seguintes contratos: | • *Art. 205 TR LCAP* |
| a) Os relativos ao desenvolvemento, producción de programas e tempo de difusión en medios audiovisuais e os de telefonía de voz, télex, radiotelefonía móbil, buscapersoas e comunicación por satélite. | |
| b) Os de investigación e desenvolvemento remunerados integramente polo órgano de contratación, sempre que os seus resultados non se reserven exclusivamente para a utilización no exercicio da actividade do propio órgano de contratación. | |
| c) Os que sexan consecuencia da aplicación das disposicións do artigo 296 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea. | |
| O contido dos anuncios no "Diario Oficial das Comunidades Europeas" poderá ser substituído polos formularios establecidos para o efecto pola Comisión da Comunidade Europea. | • *Art. 24.2 RD. 390/1996, dO 1 de marzo* |
| **C.2. PRAZOS DE RECEPCIÓN DE SOLICITUDES E/OU PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS** | |
| ***I. <u>Procedemento aberto</u>. Prazos de presentación de proposicións.*** | |

| Descrición | | | Referencia Lexislativa |
|---|---|---|---|
| **Tramitación Ordinaria** | **Prazo** | **A Contar** | |
| No BOE ou DOG | 15 días | Data de publicación no DOG. | • *Art. 78.2 TRLCAP* |
| No DOCE — Categorías 1 a 16 do artigo 206 cando maior ou igual a contía art. 203.2 TRLCAP. | 52 días | Data de envío á Oficina de publicacións oficiais das Comunidades Europeas do anuncio indicativo. | • *Art. 203.1 e 207.1 do TRLCAP* |
| se se publicou o anuncio indicativo | 36 días (non poderá ser inferior a 22 días) | | |
| **Tramitación Urxente** | Mesmos prazos para publicación no DOCE, redúcense á metade os do BOE ou DOG. | | • *Art. 71.2.b) TRLCAP* |

**2.** ***Procedemento restrinxido. Prazos de recepción de solicitudes e de proposicións.*** • *Art. 78.2 e 207 TRLCAP*

| **Tramitación Ordinaria** | **Prazo** | **A Contar** | |
|---|---|---|---|
| No DOG ou BOE. | | | |
| a) Solicitude para participar no procedemento | 10 días | Data de publicación no DOG. | • *Art. 78.2 TRLCAP* |
| b) Presentación de proposicións | 15 días | Data de envío da invitación escrita. | |
| No DOCE (igual contía que o aberto) | | | • *Art. 207.2 e 3 TRLCAP* |
| a) Solicitude para participar no procedemento | 37 días | Data de envío do anuncio á Oficina de publicacións da UE. | |
| b) Presentación de proposicións | 40 días | Data de envío da invitación escrita. | |
| se se publicou o anuncio indicativo | 26 días | | |

| **Tramitación Urxente** | **Prazo** | **A Contar** | |
|---|---|---|---|
| No DOG ou BOE. | | | |
| a) Solicitude para participar no procedemento | 5 días | Data de publicación no DOG ou BOE. | • *Art. 71.2.b) TRLCAP* |
| b) Presentación de proposicións | 8 días | Data de envío da invitación escrita. | |

| Descrición | | | Referencia Lexislativa |
|---|---|---|---|
| No DOCE.<br>(igual contía que o aberto)<br>a) Solicitude para participar no procedemento | 15 días | Data de envío á Oficina de publicacións das Comunidades Europeas. | • *Art. 207.4 TRLCAP* |
| b) Presentación de proposicións | 10 días | Data de envío da invitación escrita. | |

***3. <u>Procedemento negociado con publicidade</u>. Prazos de recepción de solicitudes.*** • *Art. 209 TR LCAP*

| Tramitación Ordinaria | Prazo | A Contar | Referencia Lexislativa |
|---|---|---|---|
| No DOG ou BOE.<br>Solicitude para participar no procedemento | 37 días | Data de publicación no DOG ou BOE. | • *Art. 78.2 TRLCAP* |
| No DOCE. | 37 días | Data de envío á Oficina de publicacións das Comunidades Europeas. | • *Art. 207.2 e 209.2 TRLCAP* |
| **Tramitación Urxente** | 15 días | | |

**C.3. PROPOSICIÓNS DOS INTERESADOS**

As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento da licitación pública. Suxeitaranse ao modelo que se estableza no prego de cláusulas administrativas particulares acompañado dos documentos que se determinen de acordo co disposto na LCAP., en caso de que se teñan que presentar outros documentos de acordo con esta lei deberán mencionarse no prego de cláusulas administrativas particulares e no correspondente anuncio de licitación. • *Art. 79 TRLCAP*

Os documentos a presentar polos interesados, en sobre a parte, coa proposición son:

a) Os que acrediten a personalidade xurídica do empresario e, se é o caso, a súa representación.

b) Os que acrediten a clasificación da empresa, se é o caso, ou xustifiquen os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional e unha declaración responsable de non estar incursa en prohibición de contratar, conforme aos arts. 15 a 20.

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| A declaración responsable a que se refire o parágrago anterior comprenderá expresamente a circunstancia de encontrarase ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e non ter débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba esixirse antes da adxudicación aos que vaian resultar adxudicatarios do contrato, para o efecto do cal se lles concederá un prazo máximo de cinco días hábiles. | |
| c) Xustificante acreditativo da garantía provisional cando esta sexa esixible conforme aos preceptos da LCAP. | |
| d) Para as empresas estranxeiras, a declaración de someterse á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante. | |
| Se durante a tramitación dos procedementos abertos e restrinxidos e antes da adxudicación se producise a extinción da personalidade xurídica dunha empresa licitadora ou candidata por fusión, escisión ou pola transmisión do seu patrimonio empresarial, sucederá na súa posición no procedemento a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente do patrimonio, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar e acredite a solvencia e clasificación nas condicións esixidas no prego de cláusulas administrativas particulares para poder participar no procedemento de adxudicación. | |
| A súa presentación presume a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade destas cláusulas sen salvidade ningunha. | |
| **C.4. PROCEDEMENTOS DE ADXUDICACIÓN** | |
| Tanto no procedemento aberto como no restrinxido, a adxudicación poderá efectuarse por poxa ou concurso. | • *Art. 74.1 TRLCAP* |
| ***I. Poxa.*** | |
| A poxa versará sobre un tipo expresado en diñeiro con adxudicac ión ao licitador que, sen exceder daquel, oferte o prezo máis baixo. | • *Art. 74.2 TRLCAP* |
| A poxa como forma de adxudicación nos contratos de consultoría e asistencia e de servicios só poderá utilizarse en contratos de escasa contía nos que o seu obxecto estea perfectamente definido | • *Art. 208.2 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| tecnicamente e non sexa posible introducir modificacións de ningunha clase neste, quedando o prezo como único factor determinante da adxudicación. | |
| ***2. Concurso.*** | |
| O concurso é a forma normal de adxudicación destes contratos, salvo cando se aplique o procedemento negociado, segundo os supostos sinalados nos artigos 210 e 211 LCAP (ver apartados C.4.3 e C.4.4). | • *Art. 208.3 TRLCAP* |
| No concurso a adxudicación recaerá no licitador que, no seu conxunto, faga a proposición máis vantaxosa, tendo en conta os criterios que se establecesen nos pregos, sen ter en conta, exclusivamente, o prezo desta e sen prexuízo do dereito da Administración a declaralo deserto. | • *Art. 74.3 TRLCAP* |
| ***3. Procedemento negociado e publicidade comunitaria.*** | |
| O órgano de contratación poderá acorda-la aplicación do procedemento negociado cando nos contratos concorra algunha das circunstancias seguintes, que deberán estar suficientemente xustificadas no expediente: | • *Art. 209 TRLCAP* |
| a) Cando as proposicións ou ofertas económicas no procedemento aberto ou restrinxido sexan irregulares ou inaceptables, sempre que non se modifiquen substancialmente as condicións orixinais do contrato. | |
| Neste caso o órgano de contratación non publicará o anuncio de licitación se se inclúen no procedemento negociado tódolos licitadores que participaron no anterior procedemento aberto ou restrinxido e a contía do contrato, con exclusión do IVE, sexa igual ou superior ás cantidades fixadas no artigo 203, segundo categorías e órganos de contratación. | . |
| b) Cando a natureza do contrato, especialmente nos de carácter intelectual e os de servicios financeiros, non permita establece-las súas condicións para adxudicalo por procedemento aberto ou restrinxido. | |
| c) En casos excepcionais, cando se trate de contratos a natureza ou riscos dos cales non permitan determinar previamente o prezo global. | |
| Nos supostos anteriores cando a contía do contrato, con exclusión do IVE, sexa igual ou superior ás contías fixadas no artigo 203 TRLCAP, segundo categorías e órganos de contratación, o órgano de contratación deberá publicar un anuncio no Diario Oficial das | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Comunidades Europeas, aplicándose os prazos previstos no artigo 207.2 (ve-lo punto C.2 deste apartado). | |
| ***4. Procedemento negociado sen publicidade.*** | |
| Poderá utilizarse o procedemento negociado sen publicidade previa nos seguintes supostos que deberán ser xustificados debidamente no expediente: | • *Art. 210 TRLCAP* |
| a) Cando o contrato non chegase a ser adxudicado nun procedemento aberto ou restrinxido por falta de licitadores ou porque os presentados non fosen admitidos a licitación, sempre que non se modifiquen as condicións orixinais do contrato, salvo o prezo que non poderá ser aumentado en máis dun 10%. Neste suposto remitirase un informe á Comisión das Comunidades Europeas, a pedimento desta, cando a contía do contrato sexa igual ou superior aos límites sinalados no artigo 203.2 TRLCAP | |
| b) Cando por razóns técnicas ou artísticas ou relacionadas coa protección de dereitos exclusivos tan só poida encomendarse o obxecto do contrato a un único empresario. | |
| c) Cando unha imperiosa urxencia, resultante de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación e non imputables a este, demande unha pronta execución que non poida lograrse polo procedemento de urxencia regulado no artigo 71 ou por aplicación dos prazos de publicidade no Diario Oficial das Comunidades Europeas previstos para os casos de urxencia. | |
| d) Os estudios, servicios ou traballos complementarios que non figuren no proxecto nin no contrato, pero que resulte necesario executar como consecuencia de circunstancias imprevistas, e a súa execución se confíe ao contratista principal de acordo cos prezos que rexen para o contrato inicial, ou, se é o caso, fosen fixados contradictoriamente. | |
| Será requisito para a aplicación do parágrafo anterior que: | |
| 1. Os estudios, servicios ou traballos non poidan separarse tecnica ou economicamente do contrato principal sen causar graves inconvenientes á Administración ou que, aínda que se poidan separar da execución do contrato inicial, sexan estrictamente necesarios para as fases ulteriores. | |
| 2. Que o importe acumulado dos estudios, servicios ou traballos complementarios non supere o 20 por 100 do importe do contrato primitivo. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Os demais estudios, servicios ou traballos que non reúnan os requisitos esixidos nos parágrafos precedentes deberán ser obxecto de contratación independente. | |
| e) Cando se trate da repetición de estudios, servicios ou traballos similares a outros adxudicados por procedementos aberto ou restrinxido, sempre que os primeiros se incluísen no anuncio do citado procedemento aberto ou restrinxido e computado o seu importe para fixa-la contía total do contrato.<br>Unicamente se poderá recorrer a este procedemento durante un período de tres anos a partir da formalización do contrato inicial. | |
| f) Os que se refiren a contratos de servicios a uniformidade dos cales fose declarada necesaria para a súa utilización común pola Administración, sempre que a adopción do tipo de que se trate se efectuase, previa e independentemente, en virtude de concurso, de acordo co previsto no Título IV do TRLCAP. | |
| Neste suposto terase en conta para a Administración Xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade social e demais entidades públicas estatais, que a uniformidade a que el mesmo se refire, deberá ser declarada pola Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, excepto cando se trate de servicios de utilización específica polos dun determinado departamento ministerial, caso en que corresponderá efectuala a este, despois do informe da indicada Dirección Xeral. | • *Disposición final primeira TRLCAP.* |
| g) Os declarados secretos ou reservados ou cando a súa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais de acordo con disposicións legais ou regulamentarias ou cando o esixa a protección dos intereses esenciais da seguridade do Estado. Neste último suposto na Administración Xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade social e demais entidades públicas estatais requirirase declaración expresa de que concorre tal requisito, correspondendo realizala ao titular do departamento ministerial respectivo, sen que para estes efectos esta competencia poida ser delegada. | • *Disposición final primeira TRLCAP.* |
| h) Os de orzamento inferior a 5.000.000 ptas.(30.050,61 euros) | |
| i) Os que sexan consecuencia da aplicación das disposicións do artigo 296 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, que deba celebra-lo Ministerio de Defensa con empresas estranxeiras, cando non existan empresas nacionais capacitadas para exercitalo.<br>Estes contratos rexeranse pola presente lexislación, sen prexuízo do que se conveña entre as partes de acordo coas normas e usos vixentes no comercio internacional. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **C.5. CONSTITUCIÓN DA GARANTÍA** | |
| ***I. Garantía provisional.*** | |
| Ver apartado correspondente. | |
| ***2. Garantía definitiva.*** | |
| Os adxudicatarios dos contratos de consultoría e asistencia estarán obrigados a constituír unha garantía definitiva por importe do 4% do importe de adxudicación, nas condicións determinadas no TRLCAP, a disposición do órgano de contratación. | • *Art. 36 TRLCAP*<br>• *Art. 18.3 do RD. 390/1996, do 1 de marz.* |
| Cando o prezo do contrato se determine en función de prezos unitarios, o importe da garantía a constituír será do 4 por 100 do orzamento base de licitación. | |
| Nos contratos de consultoría e asistencia e nos de servicios a garantía definitiva poderá levarse a cabo en forma de retención do prezo. | • *Art. 41.3 TRLCAP*<br>• *Resolución do 6 de novembro de 1996 (IGAE)* |
| Nos contratos de consultoría e asistencia e nos de servicios, a garantía definitiva poderá ser dispensada cando así o dispoña o órgano de contratación no prego de cláusulas administrativas particulares, debendo motivarse no expediente de contratación as causas de tal dispensa. | • *Art. 37 TRLCAP* |
| A garantía definitiva responderá do cumprimento polo adxudicatario das súas obrigacións, polos conceptos establecidos no artigo 43 do TRLCAP.: | • *Art. 43.2 TRLCAP* |
| a) Das penalidades impostas ao contratista en razón da execución do contrato, en especial as comprendidas no artigo 95, cando non poidan deducirse das certificacións. | |
| b) Das obrigacións derivadas do contrato, dos gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións e dos danos e perdas ocasionados a esta con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento deste, sen resolución. | |
| c) Da incautación que poida decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co establecido neste ou con carácter xeral nesta Lei. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **D. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO** | |
| Os contratos formalizaranse en documento administrativo dentro do prazo de trinta días, a contar desde o seguinte ao da notificación da adxudicación, constituíndo este documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. | • *Art. 54 TR LCAP* |
| O contrato pode elevarse a escritura pública cando o solicite o contratista, sendo a cargo deste os gastos derivados do seu outorgamento. | |
| Dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato, o órgano de contratación remitirá unha copia certificada do documento ó Consello de Contas, órgano de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, cando a contía do contrato exceda de 25.000.000 ptas (150.253,03 euros) | • *Art. 57 TRLCAP* |
| No prazo de 1 mes contado desde a data de formalización do contrato, o órgano de contratación remitirá unha copia ao Rexistro de Contratos, adscrito á Secretaría Xeral e do Patrimonio. | • *Decreto 198/1995, de 16 de marzo* |
| **E. EXECUCIÓN DO CONTRATO** | |
| **E.I. EXECUCIÓN** | |
| O contrato executarase con suxeición ás cláusulas deste e de acordo coas instruccións que para a súa interpretación dese o contratista á Administración. | • *Art. 211.1TRLCAP* |
| **E.2. RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA** | |
| O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servicios realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato. | • *Art. 211.2 TRLCAP* |
| Nos contratos de consultoría, de asistencia, e de servicios fixarase un prazo de garantía a contar desde a data de recepción ou conformidade, transcorrido o cal sen obxeccións por parte da Administración quedará extinguida a responsabilidade do contratista. | • *Art. 110.3 TRLCAP* |
| Poderase excepcionar do prazo de garantía naqueles contratos que pola súa natureza ou características, non resulte necesario, o que deberá xustificarse debidamente no expediente de contratación, consignándoo expresamente no prego. | |
| **E.3. CUMPRIMENTO DO CONTRATO E RECEPCIÓN DA PRESTACIÓN** | |
| O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e | • *Art. 213 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| cumprimento, requirindo, se é o caso, a realización das prestacións contratadas e a reparación dos defectos observados con ocasión da súa recepción. Se os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, poderá rechazala, quedando exento da obrigación de pagamento ou tendo dereito, se é o caso, á recuperación do prezo satisfeito. | |
| Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a súa corrección. | |
| Terminado o prazo de garantía sen que a Administración formalizase ningún dos reparos ou a denuncia a que se refiren os apartados anteriores, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada, sen prexuízo do establecido nos artigos 217, 218 e 219 do TRLCAP. | |
| O contratista terá dereito a coñecer e ser oído sobre as observacións que se formulen en relación co cumprimento da prestación contratada. | |
| O contrato considerarase cumprido polo contratista cando este realizase, de acordo cos termos deste e a satisfacción da Administración, a totalidade do seu obxecto. | • *Art. 110 TRLCAP* |
| A súa constatación esixirá por parte da Administración, un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á entrega ou realización do obxecto do contrato, ou no prazo que se determine no prego de cláusulas administrativas particulares por razón das características do obxecto do contrato. | |
| Á Intervención Xeral da Administración Autonómica seralle comunicado, cando esta comunicación sexa preceptiva, o acto da recepción para a súa asistencia potestativa a este nas súas funcións de comprobación do investimento. | • *Art. 28 do RD 2188/1995, do 28 de decembro* |
| Dentro do prazo dun mes, a contar desde a data da acta de recepción, deberá acordarse e ser notificada ao contratista a liquidación correspondente do contrato e aboárselle, se é o caso, o saldo resultante. Se se producise demora no pagamento do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibi-lo xuro legal do diñeiro incrementado en 1,5 puntos, a partir dos dous meses seguintes á liquidación. | • *Art. 110.4 TRLCAP* |
| Os órganos xestores deberán solicitar da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma a designación de delegado para a súa asistencia á comprobación material do investimento cando o importe deste exceda de cinco millóns de pesetas. | • *Art. 28.4 do Real Decreto 2188/1995, do 28 de decembro* |
| Os Interventores Delegados da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, respecto ás recepcións na administración receptora | • *Resolución do 1 de marzo de 1988* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| na que están destacados, poderán nomear representante da Intervención Xeral na intervención do investimento, así como nomear facultativo que os asista entre os habilitados para o efecto pola Dirección Xeral de Patrimonio, podendo recaer sobre este a representación de Intervención. | |
| Non obstante, cando non sexa posible un acto formal de entrega, non serán necesarias a solicitude nin a designación do representante referido anteriormente. | • *Apartado 3.3.2 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 31 de maio de 1990* |
| Nos casos nos que a comprobación do investimento non sexa preceptiva ou non sexa acordada pola Intervención Xeral, será substituída por unha certificación expedida polo Xefe do Centro, Dependencia ou Organismo a quen corresponda recibir ou acepta-los servicios, na que se expresará terse executado o servicio de acordo coas condicións xerais e particulares que, en relación con el, fosen previamente establecidas debendo unirse unha factura expedida polo empresario conforme ao disposto no Real Decreto 2402/1985, do 18 de decembro. | |
| **E.4. PAGAMENTO DO PREZO** | |
| No prego de cláusulas administrativas particulares establecerase o sistema de determinación do prezo destes contratos que poderá consistir en prezos referidos a compoñentes da prestación, unidades de obra, unidades de tempo ou en aplicación de honorarios por tarifas, nun tanto alzado cando non sexa posible ou conveniente a súa descomposición ou nunha combinación de varias destas modalidades. | • *Art. 202.2 TRLCAP* |
| Non obstante, o prego de cláusulas administrativas particulares poderá autorizar para os sistemas de "Tanto alzado" e "Tarifas", valoracións parciais por traballos efectuados antes de que se produza a entrega parcial destes, neste caso as certificacións consecuencia destas valoracións só poderán tramitarse cando o contratista garantise o seu total importe mediante a prestación do aval bancario. | • *Apartado 3.3) 1.3) do Acordo do Consello da Xunta do 31 de maio de 1990* |
| A tramitación de pagamentos ou aboamentos ao contratista será iniciada polo órgano de contratación nos cinco días hábiles seguintes a partir da recepción do traballo. | • *Apartado 3.3.2 do Acordo do Consello da Xunta do 31 de maio de 1990* |
| O pagamento único ou liquidación definitiva se houbo aboamentos a conta, realizarase unha vez recibidos e valorados os traballos realmente executados. | |
| No suposto de que houbese aboamentos a conta ao contratista, formarán parte da liquidación definitiva as cantidades cobradas como consecuencia das certificacións extinguidas ao seu favor. | • *Apartado 3.3.2.2.) do Acordo do Consello da Xunta do 31 de maio de 1990* |
| Na liquidación incluiranse tamén, se é o caso, as indemnizacións a que teña dereito o contratista e descontaranse as penalizacións a que se fixese acredor. | • *Apartado 3.3.2.2.) do Acordo do Consello da Xunta do 31 de maio de 1990* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| O contratista estará obrigado a entregar factura, conforme ao disposto no artigo 3º do RD. 2402/1985, do 18 de decembro, incluíndo, se é o caso, o IVE repercutido. | • *Apartado 3.3.2.1.) do Acordo do Consello da Xunta do 31 de maio de 1990* |
| Procederase, se é o caso, a practica-la retención correspondente por IRPF,cando se trate de actividades artísticas ou profesionais. | • *Real Decreto 214/1999, do 5 de febreiro.* |
| Cando os rendementos sexan contraprestación dunha actividade profesional, aplicarase o tipo de retención do 18 por 100 sobre os ingresos íntegros satisfeitos. | |
| O tipo será do 9 por 100 no período impositivo de inicio de actividades e nos dous seguintes, sempre e cando non exercesen ningunha actividade profesional no ano anterior á data de inicio das actividades. | |
| O contribuínte deberá comunicar ao pagador dos rendementos a concorrencia desta circunstancia, quedando obrigado o pagador a conserva-la comunicación debidamente asinada. | |
| **F. DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA E CANCELACIÓN DO AVAL** | |
| I. Realizada a recepción e aprobada a liquidación final do contrato, e transcorrido o prazo de garantía, se é o caso, dictarase acordo de devolución da fianza ou de cancelación de aval, sempre que non resultasen responsabilidades que deban ser exercidas sobre as garantías (ver apartado “garantías”). | • *Art. 47.1 TRLCAP*<br>• *Acordo do Consello da Xunta do 31 de maio de 1990. Apartado 10* |
| 2. No suposto de recepción parcial só poderá o contratista solicita-la devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía cando así se autorice expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares. | • *Art. 47.2 TRLCAP*<br>• *Art. 20 do RD. 390/1996, do 1 de marzo* |
| 3. Nos casos de cesión de contratos non se procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente ata que non se encontre formalmente constituída a do cesionario. | • *Art. 47.3 TRLCAP* |
| 4. Transcorrido un ano desde a data de terminación do contrato en que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías sempre que non se producisen as responsabilidades referidas no artigo 43 TRLCAP. | • *Art. 47.4 TRLCAP* |
| **G. MODIFICACIÓN DO CONTRATO** | |
| Cando como consecuencia das modificacións do contrato de servicios de mantemento se produzan aumento, reducción ou supresión de equipos a manter ou a substitución duns equipos por outros, sempre que estes estean contidos no contrato, estas modificacións serán obrigatorias para o contratista, sen que teña dereito ningún en caso de supresión ou reducción de unidades ou clases de equipos a reclamar indemnización | • *Art. 212 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| por estas causas, sen prexuízo do establecido na letra c) do artigo 214 do TRLCAP., é dicir, cando as modificacións no contrato, aínda que fosen sucesivas, impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do prezo do contrato de contía superior, en máis ou menos, ao 20 por 100 do prezo primitivo, con exclusión do Imposto sobre O Valor Engadido, ou representen unha alteración substancial deste. | |

## H. RESOLUCIÓN

### H.I. CAUSA DE RESOLUCIÓN

Son causas xerais de resolución dos contratos de consultoría e asistencia e dos de servicios as establecidas no artigo 111 do TRLCAP. con carácter xeral.

Son causas de resolución específicas destes contratos as seguintes: *(• Art. 214 TRLCAP)*

a) A suspensión por causa imputable á Administración da iniciación do contrato por prazo superior a seis meses a partir da data sinalada neste para o seu comezo, salvo que no prego se sinale outro menor.

b) A desistencia ou a suspensión do contrato por prazo superior a un ano acordada pola Administración, salvo que no prego se sinale outro menor.

c) As modificacións no contrato, aínda que fosen sucesivas, que impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do prezo do contrato, en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por 100 do prezo primitivo do contrato, con exclusión do IVE, ou representen unha alteración substancial deste.

d) Os contratos complementarios a que se refire o artigo 198.2 quedarán resoltos, en todo caso, cando se resolva o contrato principal.

### H.2. EFECTOS DA RESOLUCIÓN

a) A resolución do contrato dará dereito ao contratista, en todo caso, a percibi-lo prezo dos estudios, informes, proxectos, traballos ou servicios que efectivamente realizase de acordo co contrato e que fosen recibidos pola Administración. *(• Art. 215 TRLCAP)*

b) No suposto de suspensión da iniciación do contrato por tempo superior a seis meses, o contratista só terá dereito a percibir unha indemnización do 5 por 100 do prezo daquel.

c) No caso de desistencia ou suspensión do contrato por prazo superior a un ano acordada pola Administración, salvo que no prego se sinale outro menor, o contratista terá dereito ao 10 por 100 do prezo dos estudios, informes, proxectos ou traballos pendentes de

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| realizar en concepto de beneficio deixado de obter. | |
| **I. FISCALIZACIÓN PREVIA** | |
| A fiscalización previa verificará o cumprimento do disposto no artigo 97.2 do Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e aqueloutros aspectos contidos no Acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999, que son os seguintes: | • *Art. 97 TRLRFP* |
| - A existencia de crédito orzamentario e que o proposto sexa o adecuado á natureza do gasto ou da obrigación que se propón contraer.<br><br>Nos casos en que se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 58 do Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. | • *Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 18 de marzo de 1999* |
| - Que as obrigacións ou gastos sexan xerados por órgano competente. | |
| - Os aspectos do apartado noveno do Acordo do Consello da Xunta: | |
| *I. Expediente inicial:* | |
| A) <u>Aprobación do gasto:</u> | |
| a) Que existe prego de cláusulas administrativas particulares e con informe da Asesoría Xurídica e, se é o caso, prego de prescricións técnicas do contrato. | |
| b) Que o obxecto e prezo do contrato estean perfectamente definidos, de maneira que permita a comprobación do exacto cumprimento das obrigacións por ámbalas dúas partes. | |
| c) Cando se utilice o prego-tipo de cláusulas administrativas, comprobar que o do contrato que se vai subscribir é da mesma natureza que aquel do que emitiu informe a Asesoría Xurídica. | |
| d) Informe detallado e razoado, emitido polo servicio interesado na celebración do contrato, no que se xustifiquen debidamente os aspectos recollidos no artigo 202.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, (Insuficiencia de medios). | |
| e) De propoñer como forma de adxudicación o concurso, comprobar que o prego de cláusulas administrativas particulares establece criterios obxectivos para a adxudicación do contrato. Cando se propoña como procedemento de | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| adxudicación o negociado, comprobar que concorren as circunstancias previstas nos artigos 209 e 210 do TRLCAP.<br>f) Cando o obxecto do contrato sexa a edición, impresión, deseño e comercialización de publicacións, deberá consta-la aprobación regulamentaria da Comisión Permanente de Publicacións (Artigo 9 do Decreto 316/1990). | • *Decreto 316/1990, do 8 de xuño*<br>• *Orde 20 de setembro de 1999 (Consellería da Presidencia e Administración Pública)* |
| B) Compromiso do gasto:<br>a) Comprobar que o contrato se adxudica de acordo coa proposta formulada pola Mesa de Contratación e en caso contrario, que existe decisión motivada do órgano de contratación. | |
| b) Cando o empresario proposto como adxudicatario non puidese presentar na licitación a certificación de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias, e coa Seguridade Social e de non ter débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia, por non ser expedidas en prazo, segundo o establecido no artigo 9.3 do Real Decreto 390/1996, do 1 de marzo, ou estas estivesen caducadas segundo o artigo 10.3º, comprobar que aquel se encontra ao día destas obrigacións. A acreditación de encontrarse ao corrente das obrigacións tributarias, coa Seguridade Social e non ter débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia debe esixirse antes da adxudicación ou aqueles que vaian resultar adxudicatarios, polo que será na fase previa ao compromiso do gasto cando haberá que comprobar esta acreditación.<br>c) Conformidade, cando proceda, da clasificación concedida ao contratista que se propón como adxudicatario coa esixida no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 25 TRLCAP) e, nos contratos que se adxudiquen a persoas físicas, que a titularidade académica que posúen as faculta para a realización do obxecto do contrato e estén inscritas no correspondente colexio profesional.<br>*2. Modificación do contrato:*<br>Que existe informe da Asesoría Xurídica e , se é o caso, do Consello Consultivo.<br>*3. Revisión de prezos (Aprobación do gasto):*<br>Que se cumpran os requisitos esixidos no artigo 103.1 e 2 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e que non estea expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares.<br>*4. Aboamentos a conta:*<br>a) No primeiro aboamento a conta, que se constituiu a garantía | |

| *Descrición* | *Referencia Lexislativa* |
|---|---|
| definitiva, excepto que se leve a cabo en forma de retención do prezo, caso no que se comprobará a proposta de retención.<br><br>b) Que existe certificación do órgano correspondente pola que se avalie o traballo parcial executado.<br><br>c) Que presente factura a empresa adxudicataria, de acordo co previsto no Real Decreto 2402/1985, de 18 de decembro, sobre a obrigación de expedir factura por empresarios e profesionais.<br><br>d) Cando no aboamento se inclúa revisión de prezos, comprobar que se cumpren os requisitos do artigo 103.1º e 2º do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares.<br><br>e) No caso de se efectuaren anticipos, dos previstos no artigo 99.3º do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, comprobar que se prestou a garantía esixida.<br><br>5. *Aboamento total ou pagamento da liquidación se existisen aboamentos a conta:*<br><br>a) Que se inclúa certificación ou acta de conformidade da recepción dos traballos.<br><br>b) Que presente factura a empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 2402/1985, de 18 de decembro, sobre a obrigación de expedir factura por empresarios e profesionais.<br><br>c) Cando se inclúa revisión de prezos, para o seu aboamento, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 103.1º do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión de prezos no prego de cláusulas administrativas particulares.<br><br>6. *Expedientes relativos a servicios informáticos. Mantemento de equipos informáticos e programas realizados a medida.*<br><br>Que exista informe da Comisión de Informática. | <br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br><br>• *Decreto 290/1992, do 8 de outubro* |

# 5.3. Contrato que teña por obxecto a investigación e desenvolvemento tecnolóxico

| Descrición | Referencia Lexislativa |
| --- | --- |
| A investigación é un campo multidisciplinar que afecta ao ámbito competencial de diferentes organismos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que convén establecer, para consegui-las desexables coordinación e eficacia e ao amparo dos artigos 49.2º, 52 e 81 do TRLCAP, as regras tendentes a homoxeneiza-las actuacións encamiñadas á contratación administrativa neste campo, que posibiliten a función coordinadora encomendada á Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento e que con carácter xeral serán aplicables aos contratos de consultoría e asistencia, mediante o sistema de concurso ou procedemento negociado. | • *Decreto 350/1997, do 10 de decembro*<br>• *Decreto 12/1998, do 8 de xaneiro* |
| O Consello da Xunta por proposta da Consellería de Economía e Facenda acordará as instruccións e regras de obrigado cumprimento entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para un determinado tipo de contrato administrativo, o de consultoría e asistencia que teñan por obxecto a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico. | • *Resolución do 25 de maio de 1998, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 22 de maio de 1998.* |
| Caracterízanse polo obxecto do contrato. | |
| Procedemento de adxudicación: | |
| - Concurso. | |
| - Negociado. | |
| **INSTRUCCIÓNS** | |
| Os órganos de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia aplicarán aos expedientes de contratación de consultoría ou asistencia que mediante concurso ou procedemento negociado intenten celebrar e que teñan por obxecto a investigación ou o desenvolvemento tecnolóxico, as seguintes instruccións: | |
| I. Os pregos de cláusulas administrativas particulares que elaboren os órganos de contratación para a adxudicación deste tipo de contratos deberán incluír, na composición das Mesas de Contratación, un representante da Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento, que será designado polo responsable do mencionado Centro Directivo. | |
| 2. Os pregos de cláusulas administrativas particulares incluirán nas súas cláusulas a constitución dun relatorio técnico que, con carácter de asesor, informe á Mesa de Contratación sobre as diferentes propostas que presenten os licitadores. | |
| Este relatorio técnico estará composto por tres vocais, dos que un deles será designado polo Secretario Xeral de Investigación e | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| | |

Desenvolvemento, e os outros dous serán nomeados en representación do organismo contratante.

3. Elaborado o prego de cláusulas administrativas particulares, con anterioridade á súa aprobación e anuncio de convocatoria de licitación, remitirase á Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento para o seu coñecemento e observacións, se procedese.

   No prazo de 10 días naturais, a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento notificaralle ao organismo contratante a súa conformidade ou as observacións que considere conveniente realizar e procederá, nesta notificación, a designa-los vocais que, na súa representación, actuarán na Mesa de Contratación e no relatorio técnico mencionado.

   De non producirse a citada notificación, entenderase que o expediente conta coa conformidade da Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento e que non designará representante na Mesa de Contratación nin no relatorio técnico, seguindo o organismo contratante a tramitación ordinaria do expediente.

4. Os pregos de prescricións técnicas que rexan na contratación, deberán incluír nas súas cláusulas, a esixencia de que os licitadores manifesten expresa e claramente as súas ofertas en relación cos seguintes aspectos:

   - Composición do grupo que pretende levar a cabo o traballo, indicando a persoa responsable.
   - Curriculum vitae actualizado de cada un dos membros do grupo.
   - Horas semanais que cada un dos membros do grupo se compromete a dedicar á realización do traballo.
   - Metodoloxía que se vai utilizar e medios dos que dispón para a realización do traballo.
   - Plano de traballo.
   - Prazo de execución do traballo.
   - Orzamento e a súa xustificación.
   - Características do informe final contendo os resultados do traballo e a súa valoración.

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| ➢ Autorización para a realización do traballo por parte do centro, departamento ou institución competente.<br><br>Estes aspectos figurarán independizados do resto das prescricións técnicas que o órgano de contratación considere necesario incluír no prego. | |
| 5. As Asesorías Xurídicas dos correspondentes órganos de contratación deberán comprobar que os pregos de cláusulas administrativas particulares e os pregos de prescricións técnicas que lles sexan sometidos para informe se adapten ás instruccións desta Resolución, condicionando este informe ao cumprimento daquelas. | |

# 5.4. Contratos menores de consultoría e asistencia

*Intervención Xeral*

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. DELIMITACIÓN** | |
| Os contratos menores definiranse exclusivamente pola súa contía. | • *Art. 56 TRLCAP* |
| - Terán a consideración de contratos menores os contratos de consultoría e asistencia e de servicios, cando a súa contía non exceda de 2.000.000 de ptas.(12.020,24 euros), salvo nos contratos a que se refire o artigo 196.3, concertados con empresas de traballo temporal nos que non existirá esta categoría de contratos. | • *Art. 201 TRLCAP* |
| - Nos contratos que teñan por obxecto a prestación de actividades docentes en centros do sector público desenvolvidas en forma de cursos de formación ou perfeccionamento do persoal ao servicio da Administración, ou cando se trate de seminarios, coloquios, mesas redondas, conferencias, colaboracións ou calquera outro tipo de actividade similar, sempre que estas actividades sexan realizadas por persoas físicas, as disposicións desta Lei non serán de aplicación á preparación e adxudicación do contrato. | • *Art. 200 TRLCAP* |
| Nesta clase de contratos poderá establecerse o pagamento parcial anticipado, despois da constitución de garantía por parte do contratista, sen que poida autorizarse a súa cesión. | |
| Para acredita-la existencia destes contratos bastará a designación ou nomeamento pola autoridade competente. | |
| **B. TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE** | |
| A tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación a este da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos. | • *Art. 56 TRLCAP* |
| Estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos. | |
| **C. FISCALIZACIÓN PREVIA** | |
| A aprobación de expedientes de gasto que correspondan a contratos menores está sometida a fiscalización limitada previa, excepto cando pola súa contía non exceda de 1.100.000 ptas. | • *Art. 97 TRLRFP*<br>• *Art. 32 Lei 4/2000, do 27 de decembro PXCA* |
| No caso de contrato menor, unicamente será necesario para a súa tramitación a existencia de crédito adecuado e suficiente así como o cumprimento dos requisitos establecidos no art. 56 do Texto Refundido da Lei de Contratos da Administración Pública. | • *Art. 56 e 201 TRLCAP* |

# 5.5. Contratos de elaboración de proxectos de obras

*Intervención Xeral*

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. ESPECIALIDADES NOS CONCURSOS DE PROXECTOS CON INTERVENCIÓN DE XURADO** | |
| **A.I. CONCEPTO** | |
| Considéranse concursos de proxectos os procedementos caracterizados pola intervención dun Xurado composto exclusivamente por persoas físicas independentes dos participantes e que, con ou sen asignación de premios, teñan por obxecto, mediante a correspondente licitación, elaborar planos ou proxectos principalmente nos campos da ordenación territorial, o urbanismo, a arquitectura, a enxeñería e o procesamento de datos. | • *Art. 216.1 TRLCAP* |
| O Xurado adoptará as súas decisións ou dictames con total independencia, sobre a base de proxectos que lle sexan presentados de maneira anónima e atendendo unicamente aos criterios indicados no anuncio da celebración do concurso. | |
| **A.2. PUBLICIDADE** | |
| Cando a contía do concurso, determinada polo importe total dos premios e pagamentos aos participantes, sexa igual ou superior ás cifras que figuran no artigo 203.2, segundo as categorías de servicios e órganos de contratación, estes últimos publicarán un anuncio do concurso no Diario Oficial das Comunidades Europeas, aplicándose o previsto no artigo 207 en canto aos prazos no procedemento aberto, restrinxido e negociado. | • *Art. 216.2 TRLCAP* |
| Así mesmo, cando a celebración do concurso do proxecto se anunciase no Diario Oficial das Comunidades Europeas, deberá así mesmo publicarse neste Diario o seu resultado, a máis tardar, corenta e oito días despois da súa resolución. | • *Art.216.5 TR LCAP* |
| O contido dos anuncios no “Diario Oficial das Comunidades Europeas” poderá ser substituído polos formularios establecidos para o efecto pola Comisión da Comunidade Europea. | • *Art. 24 do RD. 390/1996, do 1 de marzo* |
| **A.3. SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN** | |
| Se o número de participantes é limitado, a súa selección levarase a cabo mediante criterios obxectivos, claros e non discriminatorios, indicados no anuncio e no prego que defina as características e regras do concurso. | • *Art.216.3 TRLCAP* |
| A adxudicación de contratos ao gañador dun concurso de proxectos, sempre que supoña unha continuidade do concurso e estea previsto nas súas condicións, poderá realizarse por procedemento negociado sen publicidade. Se existisen varios gañadores deberase invitar a todos a | • *Art. 216.4 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| participar na negociación. | |

## B. RESPONSABILIDADES DO CONTRATISTA

### B.I. RESPONSABILIDADES NA ELABORACIÓN DO PROXECTO

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| I. Cando o contrato de consultoría e asistencia consista na elaboración íntegra dun proxecto de obra, o órgano de contratación esixirá a corrección polo contratista dos defectos, insuficiencias técnicas, erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios que lle sexan imputables, outorgándolle para o efecto o correspondente prazo que non poderá exceder de dous meses. | • *Art. 217 TRLCAP* |
| 2. Se transcorrido este prazo as deficiencias non fosen corrixidas, a Administración poderá, atendendo ás circunstancias concorrentes, optar pola resolución do contrato ou por conceder un novo prazo ao contratista. | |
| 3. No primeiro caso procederá a incautación da garantía e o contratista incorrerá na obrigación de aboar á Administración unha indemnización equivalente ao 25 por 100 do prezo do contrato. | |
| 4. No segundo caso o novo prazo concedido para corrixi-las deficiencias non corrixidas será dun mes improrrogable, incorrendo o contratista nunha penalidade equivalente ao 25 por 100 do prezo do contrato. | • *Art. 21 TRLCAP* |
| 5. De producirse un novo incumprimento procederá a resolución do contrato con obrigación por parte do contratista de aboar á Administración unha indemnización igual ao prezo pactado con perda da garantía. | |
| 6. Cando o contratista, en calquera momento antes da concesión do último prazo, renunciase á relación do proxecto deberá aboar á Administración unha indemnización igual á metade do prezo do contrato con perda da garantía. | |

### B.2 INDEMNIZACIÓNS

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Para os casos en que o orzamento de execución da obra prevista no proxecto se desviase en máis dun 20 por 100, tanto por exceso como por defecto, do custo real desta como consecuencia de erros ou omisións imputables ao contratista consultor, a Administración poderá establecer, no prego de cláusulas administrativas particulares,un sistema de indemnizacións consistente nunha minoración do prezo do contrato de elaboración do proxecto, en función da porcentaxe de desviación, ata un máximo equivalente á metade daquel. | • *Art. 218 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| O baremo de indemnizacións será o seguinte: | |
| a) No suposto de que a desviación sexa de máis do 20 por 10 e menos do 30 por 100, a indemnización correspondente será do 30 por 100 do prezo do contrato. | |
| b) No suposto de que a desviación sexa de máis do 30 por 100 e menos do 40 por 100, a indemnización correspondente será do 40 por 100 do prezo do contrato. | |
| c) No suposto de que a desviación sexa de máis do 40 por 100, a indemnización correspondente será do 50 por 100 do prezo do contrato. | |
| O contratista deberá aboa-lo importe desta indemnización no prazo dun mes a partir da notificación da resolución correspondente, que se adoptará, despois da tramitación de expediente con audiencia do interesado. | |
| **B.3 RESPONSABILIDADES NA EXECUCIÓN DO PROXECTO** | |
| Con independencia do previsto no punto anterior, o contratista responderá dos danos e perdas que durante a execución ou explotación das obras se causen tanto á Administración como a terceiros, por defectos e insuficiencias técnicas do proxecto ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios no que este incorrese, imputables a aquel. | • *Art. 219.1 TRLCAP* |
| A indemnización derivada da responsabilidade esixible ao contratista por danos e perdas causados durante a execución ou explotación da obra, por defectos e insuficiencias técnicas do proxecto ou por erros, omisións ou infraccións daquel, alcanzará o 50 por 100 do importe dos danos e perdas causados, ata un límite máximo de cinco veces o prezo pactado polo proxecto e será esixible dentro do termo de dez anos, contados desde a recepción deste pola Administración, sendo a cargo desta última, se é o caso, o resto desta indemnización cando deba ser satisfeita a terceiros. | • *Art. 219.2 TRLCAP* |

# 5.6 Contratos de actividades docentes

| *Descrición* | *Referencia Lexislativa* |
|---|---|

## CONCEPTO E RÉXIME XURÍDICO

| | |
|---|---|
| Nos contratos que teñan por obxecto a prestación de actividades docentes en centros do sector público desenvolvidas en forma de cursos de formación ou perfeccionamento do persoal ao servicio da Administración, ou cando se trate de seminarios, coloquios, mesas redondas, conferencias, colaboracións ou calquera outro tipo de actividade similar, sempre que estas actividades sexan realizadas por persoas físicas, as disposicións desta Lei non serán de aplicación á preparación e adxudicación do contrato.<br><br>Nesta clase de contratos poderá establecerse o pagamento parcial anticipado, despois da constitución de garantía por parte do contratista, sen que poida autorizarse a súa cesión.<br><br>Para acredita-la existencia destes contratos bastará a designación ou nomeamento pola autoridade competente. | • *Art. 200 TRLCAP* |

*Descrición*

**CONTRATO DE CONSULTORÍA, ASISTENCIA E DE SERVICIOS**

ESQUEMA PROCEDEMENTO



*Descrición*

ADXUDICACION



***Descrición***


EXECUCION
RECEPCIÓN
MODIFICACIÓN DO CONTRATO
SISTEMA DE ABOAMENTOS
A CONTA OU PAGAMENTO ÚNICO
FISCALIZACIÓN
LIQUIDACIÓN
DEVOLUCIÓN FIANZA

# 6. Contratos de servicio

# 6.1. Características do contrato e procedemento

*Intervención Xeral*

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. DELIMITACIÓN** | |
| Son contratos de servicios aqueles nos que a realización do seu obxecto sexa: | • *Art. 196.3 TRLCAP* |
| a) De carácter técnico, económico, industrial, comercial ou calquera outro de natureza análoga, sempre que non se encontren comprendidos nos contratos de consultoría e asistencia ou nalgún dos regulados noutros Títulos do TRLCAP. | |
| b) Complementario para o funcionamento da Administración. | |
| c) De mantemento, conservación, limpeza e reparación de bens, equipos e instalacións | |
| d) Os programas de ordenador desenvolvidos á medida para a Administración, que serán de libre utilización por esta. | |
| A adquisición de programas de ordenador á medida considérase contratos de servicios. | • *Art. 172.2 TRLCAP* |
| e) A realización de enquisas, tomas de datos e outros servicios análogos. | |
| **B. CARACTERÍSTICAS E PROCEDEMENTO** | |
| As características e o procedemento de xestión dos contratos de servicios son similares ás descritas para os contratos de consultoría e asistencia, coas especialidades seguintes: | |
| - A establecida para a modificación dos contratos de servicios de mantemento, nos que o contratista terá a obrigación de admiti-las modificacións que estean contidas no contrato, que supoñan aumento e reducción, ou supresión de equipos a manter, ou substitución duns equipos por outros, sempre que estes estean contidos no contrato, sen que teña en ningún caso dereito a reclamar ningunha indemnización , sen prexuízo do disposto no artigo 214.c) do TRLCAP no caso de que as modificacións no contrato aínda que fosen sucesivas, impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións no prezo do contrato, representen unha alteración dos prezos en contía superior, en máis ou en menos, ao 20% do prezo primitivo do contrato, con exclusión do Imposto sobre o Valor Engadido ou representen unha alteración substancial do contrato que constituirá causa de resolución. | • *Art. 212 TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| - Especialidades respecto da clasificación: | |
| Para contratar coas Administracións Públicas a execución de contratos de servicios con orzamento de contía igual ou superior aos 20.000.000 de pesetas será requisito indispensable que o empresario obtivese previamente a correspondente clasificación. Non será necesario para as seguintes categorías de servicios: | • *Art. 25 TRLCAP* |
| • Servicios financeiros: -Servicios de seguros. | |
| -Servicios bancarios e de investimentos. | |
| • Servicios xurídicos. | |
| • Lecer, culturais, deportivos (categoría 26), os contratos que teñan por obxecto a creación e interpretación artística e literaria e os de espectáculos. | |
| - Especialidades respecto da garantía definitiva: | |
| Poderase dispensa-la esixencia de garantía definitiva, cando así se faga constar no prego de cláusulas administrativas particulares, debendo motivarse no expediente de contratación as causas de tal dispensa. | • *Art. 37 TRLCAP* |
| A garantía definitiva nos contratos de servicios poderá levarse a cabo en forma de retención do prezo. | • *Art. 41.3 TRLCAP* |
| - A duración: | • *Art. 198 TRLCAP* |
| Non poderán ter un prazo de vixencia superior a 2 anos coas condicións e límites das normas orzamentarias das Administracións Públicas, aínda que poderá preverse no mesmo contrato a súa modificación e a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sen que a duración total do contrato incluídas as prórrogas, poida exceder de catro anos, nin estas poidan ser concertadas, illada ou conxuntamente, por un prazo superior ao fixado orixinariamente. | • *Art. 58 TRLRFP* |
| Os contratos de servicios que consistan na realización de enquisas, toma de datos e servicios análogos e que se celebren con empresas de traballo temporal non poderán supera-lo prazo de seis meses, extinguíndose ao seu vencemento sen posibilidade de prórroga. | • *Art. 198.3 do TRLCAP* |
| Non poderán celebrarse contratos de servicios con empresas de traballo temporal, salvo no suposto da realización de enquisas, | • *Art. 198.3 do TRLCAP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| tomas de datos e outros servicios análogos e só cando se precise a posta a disposición da Administración de persoal con carácter eventual. En tal suposto, vencido o prazo dos seis meses, non poderá producirse a consolidación como persoal das Administracións Públicas das persoas que, procedentes das citadas empresas, realicen os traballos que constitúan o obxecto do contrato, sen que sexa de aplicación, para tal efecto, o establecido no artigo 7.2 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal. | |
| - Dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato, para o exercicio da función fiscalizadora, será remitida polo órgano de contratación ao Consello de Contas, unha copia certificada do documento mediante o que se formalizase o contrato, acompañada dun extracto do expediente do que derive, sempre que a contía do contrato exceda de 25.000.000 ptas.<br><br>Así como de modificación, prórrogas ou variacións de prazos e extinción dos contratos. | • *Art. 57 TRLCAP*<br>• *Disposición adicional primeira TRLCAP* |
| - Fiscalización limitada previa: Comprobaránse os extremos sinalados para os contratos de consultoría e asistencia. | • *Apartado 9 do Acordo do Consello da Xunta, do 18 de marzo de 1999* |

# 6.2. Procedemento

## 6.2. Contratos para o mantemento de equipos informáticos e execución de programas á medida



| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. DELIMITACIÓN** | |
| Son contratos de servicios aqueles nos que a realización do seu obxecto sexa:<br>- Os programas de ordenador desenvolvidos á medida para a Administración, que serán de libre utilización por esta. | • *Art. 196.3.d) TRLCAP*<br>• *Art. 172.2 TRLCAP.* |
| - O mantemento de equipos e sistemas para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas, sempre e cando non se contrate conxuntamente coa adquisición ou o arrendamento, caso en que se trataría dun contrato de subministración. | • *Art. 196.3.c)TRLCAP*<br>• *Art. 172.3 TRLCAP* |
| **B. REQUISITOS** | |
| É preceptivo, que se coñeza e informe, antes da súa aprobación polo órgano competente, de toda clase de propostas e prego de prescricións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, por parte da Comisión de Informática da Xunta de Galicia. | • *Decreto 290/1992, do 8 de outubro* |
| **C. FISCALIZACIÓN LIMITADA PREVIA** | |
| Como extremo particular comprobarase a existencia do informe da Comisión de Informática. | • *Apartado noveno punto 6 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 18 de marzo de 1999* |

# 6.3. Contrato de mantemento de equipos informáticos e execución de programas a medida

*Intervención Xeral*

## 6.3. Contratos de servicios mediante contratación centralizada



| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. DELIMITACIÓN** | |
| Os contratos de servicios poderán ser declarados de contratación centralizada na Administración Xeral do Estado, os seus Organismos Autónomos, Entidades Xestoras e Servicios comúns da Seguridade Social e demais Entidades Públicas estatais.<br><br>Para iso, o Ministro de Facenda deberá declara-los servicios aos que afecta esta contratación centralizada. | • *Art. 199 TRLCAP*<br>• *Disposición final primeira TRLCAP* |
| **B. PROCEDEMENTO** | |
| - O procedemento seguirá os trámites dos contratos de subministración de adxudicación centralizada. | • *Art. 199 TRLCAP*<br>• *Art. 183.1 TRLCAP* |
| - A Dirección Xeral de Patrimonio celebrará os concursos e fixará o procedemento para contrata-los servicios. | |
| - Poderá, así mesmo, ser levado a cabo o servicio pola propia Administración coa colaboración de empresas, aplicándose, o disposto no art. 194 do TRLCAP. | • *Art. 199 TRLCAP* |
| En calquera caso, no ámbito da Comunidade Autónoma non se desenvolveu aínda o procedemento, nin se estableceron os servicios aos que poida afectar. | |
| A Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos e entes públicos poderán adherirse ao sistema de contratación centralizada establecido no artigo 199, para a totalidade ou para categorías de servicios, mediante acordos coa Dirección Xeral do Patrimonio do Estado. | • *Disposición adicional décima TRLCAP* |

# 7. Contratos de concesión de obras públicas

*Intervención Xeral*

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. DELIMITACIÓN** | |
| O contrato de concesión de obras públicas é aquel no que, sendo o seu obxecto algún dos que corresponda ao contrato de obras (Art. 120 TRLCAP.), a contraprestación a favor do adxudicatario consista no dereito a explota-la obra ou neste dereito acompañado do de percibir un prezo. | • *Art. 130.1 TRLCAP* |
| **B. RÉXIME XURÍDICO** | |
| O contrato de concesión de obras públicas queda suxeito ás normas de publicidade dos contratos de obras, coas especialidades previstas no art. 139 do TRLCAP e sen prexuízo do disposto no artigo 6 do TRLCAP "contratos mixtos". | • *Art. 130.2 TRLCAP* |
| Nas concesións de obras públicas, no procedemento restrinxido, o prazo para a presentación de candidaturas non poderá ser inferior a cincuenta e dous días desde a data do envío do anuncio. | • *Art. 139 TRLCAP* |
| Nos contratos celebrados polos concesionarios de obras públicas que non sexan a Administración, aos que se refire o artigo 133, tamén no procedemento restrinxido, o prazo de recepción das solicitudes de participación non será inferior a trinta e sete días e o de recepción das ofertas de corenta días a partir da data do envío do anuncio ou da invitación a presentar unha oferta, respectivamente. | |
| En canto ao concesionario, deberá axustarse na explotación da obra ao disposto para os contratos de xestión de servicios públicos (Art. 161 TRLCAP.), en canto ás obrigacións xerais. | |
| Sen prexuízo do disposto en canto á capacidade das empresas, a solvencia económica e financeira, técnica ou profesional e prohibicións de contratos dos empresarios, os que concorran, individualmente ou conxuntamente con outros, á licitación dunha concesión de obra pública poderán facelo co compromiso de constituír unha sociedade, que será a titular da concesión, no prazo e cos requisitos e condicións que estableza o prego de cláusulas administrativas particulares, sen serlle de aplicación os límites establecidos no artigo 282 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro e no artigo 185 do Código de Comercio. | • *Art. 130.3 TRLCAP* |
| No caso particular de concesión de construcción e explotación de obras hidráulicas rexeranse pola Lei 13/1996, do 30 de decembro, e no seu lugar polo previsto no TRLCAP. | • *Art. 173 da Lei 13/1996, do 30 de decembro* |

| *Descrición* | *Referencia Lexislativa* |
|---|---|
| **C. ESPECIALIDADES DO CONTRATO** | |
| **C.I SUBCONTRATACIÓN PARCIAL** | |
| No contrato de concesión de obras públicas, a Administración poderá impoñer ao concesionario que subcontrate con terceiros unha porcentaxe dos contratos de obras con obxecto da concesión que represente, polo menos, un 30 por 100 do valor total destas obras, debendo preverse que os licitadores poidan incrementalo facendo consta-la súa cifra no contrato. Alternativamente, poderán invitar a estes para que sinalen nas súas ofertas a porcentaxe mínima que vaian subcontratar con terceiros. | • *Art. 131 TRLCAP* |
| **C.2 AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMO CONCESIONARIOS** | |
| No contrato de concesión de obras públicas, cando o concesionario sexa algunha das Administracións Públicas deberá, para aquelas obras que han de ser executadas por terceiros, acomodarse integramente ao disposto no TRLCAP. | • *Art. 132 TRLCAP.* |
| **C.3 CONCESIONARIOS PARTICULARES** | |
| O concesionario dun contrato de obras públicas deberá somete-los contratos que celebre cun terceiro ás normas de publicidade establecidas no art. 135.2 do TRLCAP., salvo cando mediar calquera das circunstancias seguintes: | • *Art. 133 TRLCAP.* |
| a) Que o prezo do contrato sexa inferior a 891.521.645 ptas. (5.358,153 euros, equivalente a 5.000.000 de dereitos especiais de xiro), con exclusión do Imposto do Valor Engadido. | • *Orde do 10 de febreiro de 2000* |
| b) Que o procedemento utilizado para a súa adxudicación sexa o negociado sen publicidade. | |
| Para estes efectos non se considerarán terceiros aquelas empresas que se agrupasen para obte-la concesión, nin as empresas vinculadas a elas. | |
| Enténdese por empresas vinculadas aquelas nas que o concesionario poida exercer, directa ou indirectamente, unha influencia dominante ou aquelas que poidan sobre el ou que, do mesmo xeito que o concesionario, estean sometidas á influencia dominante doutra empresa por razón de propiedade, participación financeira ou normas que a regulen. | • *Art. 134 TRLCAP* |
| Presumirase que existe influencia dominante cando unha empresa, directa ou indirectamente, con relación a outra: | |
| a) Estea en posesión da maioría do capital subscrito. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| b) Dispoña da maioría dos votos inherentes ás participacións emitidas polas empresa.<br><br>c) Poida designar máis da metade dos membros do órgano de administración, dirección ou control da empresa.<br><br>As empresas que presenten ofertas para a concesión e que se atopen nas circunstancias expresadas anteriormente deberán acompañar a aquelas unha lista exhaustiva das empresas vinculadas. | |

# 8. Contratos patrimoniais

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Enténdese por contratos patrimoniais aqueles contratos regulados pola Lei 3/1985, do 12 de abril, de Patrimonio da Comunidade Autónoma Galega e no Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o regulamento para a súa execución. | |
| **I. Natureza** | |
| Os contratos patrimoniais son, por regra xeral, contratos privados. O TRLCAP, no artigo 5.3 sinala que terán a consideración de contratos privados "os contratos de compravenda, donación, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmobles, propiedades incorporais e valores negociables". | • *Art. 5.3 TRLCAP* |
| Esta enumeración non exclúe a existencia doutros contratos de carácter privado, en tanto non sexan administrativos típicos ou especiais, que deban rexerse pola Lei de patrimonio, e o seu regulamento, por constituír esta a norma administrativa especial. Este é o caso do alleamento de bens mobles propiedade da Comunidade Autónoma. | • *Art. 9 TRLCAP* |
| **2. Réxime xurídico** | |
| Os contratos privados patrimoniais réxense: | • *Art. 9.3 TRLCAP* |
| a) En canto a súa preparación e adxudicación polas normas da Lei e Regulamento do Patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, e no seu defecto polas normas do TRLCAP e as súas disposicións de desenvolvemento. | |
| b) En canto os seus efectos e extinción, polas normas de dereito privado. | |
| **3. Contido** | |
| O contido da guía está integrado polos seguintes contratos. | |
| 1. Adquisicón de bens inmobles | |
| 2. Arrendamento de bens inmobles | |
| 3. Alleamento de bens inmobles | |
| 4. Cesións gratuítas de bens inmobles | |
| 5. Permuta de bens inmobles | |

| *Descrición* | *Referencia Lexislativa* |
|---|---|
| 6. Adquisición, alleamento e cesións de bens inmobles<br><br>7. Particularidades da adquisición, arrendamento e adscrición de bens inmobles en organismos autónomos. | |

# 8.1. Adquisición de bens inmobles

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. ACTUACIÓNS PREPARATORIAS** | |
| **I. Proposta de adquisición** | • *Art. 72 TRLRFP* |
| Formularase pola consellería interesada á Secretaría Xeral e do Patrimonio, achegando unha proposta que deberá conter os seguintes datos:<br>- Programa de necesidades no que se xustifique en base á ampliación dos servicios existentes, carencias dos mesmos ou instalacións de novos servicios a adquisición facendo constar neste a situación, superficie, custo máximo e demais caracterísiticas que permitan convoca-lo concurso ou acorda-la adquisición directa para a posterior recepción de ofertas e selección.<br>- Documento de retención de crédito polo importe estimado da adquisición. | • *Acordo do Consello da Xunta do 12 de novembro de 1992* |
| **2. Autorización do gasto**<br>Pola consellería interesada, logo da fiscalización, unha vez comprobado-los extremos previstos no artigo 97 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999. | • *Apartado décimo 1.A) do Acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999* |
| **B. MODALIDADES DE SELECCIÓN DO VENDEDOR** | |
| I. A adquisición desta clase de inmobles terá lugar, con carácter xeral, mediante concurso público. | • *Art. 40 RPCA* |
| 2. Non obstante, por pedimento da consellería interesada, e por proposta da Dirección Xeral do Patrimonio, a Consellería de Economía e Facenda poderá prescindir do trámite do concurso e autoriza-la adquisición por adxudicación directa cando así o requiran as peculiaridades dos bens, as necesidades do servicio ou función que se vai satisfacer, a urxencia extrema da adquisición e afectación ou as limitacións do mercado inmobiliario na localidade onde estean situado-los inmobles que se sometan a adquisición, sempre atendendo ós principios de igualdade, publicidade e concorrencia, reducindo a casos verdaderamente excepcionais de peculiaridade do ben as adquisicións sen estes requisitos. | • *Art. 46 RPCA*<br>• *Acordo do Consello da Xunta do 12 de novembro de 1992* |
| **B. I. CONCURSO PÚBLICO** | |
| **I. Remisión do expediente á Consellería de Economía e Facenda.**<br>O expediente remítese á Secretaría Xeral e do Patrimonio | |
| Nota: Tratarase de adquisicións a título oneroso. As adquisicións a título gratuíto regúlanse no artigo 17 da Lei, 34 e concordantes do regulamento. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **2. Redacción do Prego de condicións do concurso.** | • *Art. 41 RPCA* |
| Será elaborado pola Secretaría Xeral e do Patrimonio ou no seu defecto incorporará o que redactase a consellería que propuxese a adquisición. O prego deberá contar co informe da Asesoría Xurídica Xeral. | |
| **3. Fiscalización complementaria do expediente de contratación.** | • *Acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999 apartado décimo 1.A)* |
| Polo interventor delegado na Consellería de Economía e Facenda (Secretaría Xeral e do Patrimonio), comprobándose que existe prego de condicións do concurso con informe da Asesoría Xurídica da Xunta. | |
| **4. Convocatoria do concurso.** | • *Art. 42 RPCA* |
| Pola Secretaría Xeral e do Patrimonio. | |
| Publicarase no *Diario Oficial de Galicia.* | |
| **5. Apertura de plicas pola Mesa de Contratación.** | • *Art. 44 RPCA* |
| A Mesa estará constituída da seguinte forma: | |
| • Secretario xeral e do Patrimonio ou funcionario deste centro no que delegue, que actuará como presidente.<br>• Un letrado da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.<br>• Un representante da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.<br>• Un representante da consellería interesada na adquisición, designado polo seu titular.<br>• Un funcionario da Secretaría Xeral e do Patrimonio, designado polo seu titular que actuará como secretario con voz e voto. | |
| **6.Adxudicación provisional do concurso.** | • *Art. 45 RPCA* |
| Realizarase pola Mesa de Contratación á proposición que obtivese maior número de votos, decidindo en caso de empate o do presidente. | |
| Existe a posibilidade de votos reservados contra o dito acordo. | |
| A Secretaría Xeral e do Patrimonio someterá a acta de sesión, as proposicións presentadas e, se é o caso, o voto ou votos reservados á resolución do Conselleiro de Economía e Facenda. | |
| **7. Acordo de adquisición.** | • *Art. 39 RPCA* |
| A adquisición a título oneroso de inmobles acordarase pola Consellería de | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| Economía e Facenda ou autoridade en quen teña delegada a competencia, calquera que sexa o valor dos ditos inmobles e a consellería a iniciativa da que se realiza ou á que se deban adscribir. | |
| Nota: Deberá terse en conta a seguinte excepción:<br>Cando a adquisición se leve a cabo ó amparo do procedemento expropiatorio, respectaranse as súas normas específicas, sen embargo, unha vez concluído o expediente de expropiación, o organismo que a realizara dará conta á Secretaría Xeral e do Patrimonio da adxudicación efectuada. | • *Art. 36 e 39 RPCA* |
| **B. 2. ADQUISICIÓN DIRECTA** | |
| **I. Remisión do expediente á Consellería de Economía e Facenda** | |
| Remítese o expediente á Secretaría Xeral e do Patrimonio. | |
| **2. Fiscalización complementaria** | • *Acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999, apartado décimo 1.A)* |
| Comprobarase que concorren os requisitos establecidos no artigo 46.1º do RPCA para autoriza-la contratación directa. | |
| **3. Autorización da adquisición directa** | • *Art. 39 RPA* |
| Corresponde á Consellería de Economía e Facenda, por pedimento da consellería interesada coa proposta do secretario xeral e do Patrimonio, excepto para adquisicións que superen os 300 millóns que requirirá autorización do Consello da Xunta. | |
| **C. INTERVENCIÓN E CONTABILIZACIÓN DO COMPROMISO DO GASTO** | |
| Na fiscalización limitada previa, a intervención delegada da consellería comprobará que existe resolución de adxudicación da Consellería de Economía e Facenda. | • *Acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999, apartado décimo 1.B)* |
| Os documentos soporte de operacións do orzamento de gastos serán intervidos na forma que queda determinada na Instrucción de contabilidade. | • *Orde do 26 de decembro de 1986, Instrucción provisoria de contabilidade* |
| **D. LIBRAMENTO DE FONDOS PARA O PAGO** | |
| Libraranse fondos a xustificar a favor do Caixeiro Pagador da consellería adquirinte para que se efectúe o pago. | • *Art. 77 TRLRFP* |
| Existe a posibilidade de pago diferido, na adquisición directa, cando o | • *Art. 58 TRLRFP* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| importe excede de 350 millóns de pesetas, sen que o desembolso inicial á sinatura da escritura poida ser inferior ó 30 por 100 do prezo, puidendo distribuir libremente o resto ata en catro anualidades sucesivas ós respectivos vencementos, coas limitacións do artigo 58 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. | |
| **E. FORMALIZACIÓN NOTARIAL E INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE** | |
| A Secretaría Xeral e do Patrimonio, sexa calquera o procedemento de adquisición utilizado e o destino dos bens adquiridos, realizará os trámites pertinentes para a formalización notarial dos oportunos contratos.<br><br>Unha vez adquiridos os inmobles, a Secretaría Xeral e do Patrimonio procederá a inscribi-los no Rexistro da Propiedade. | • *Art. 48 e 167 RPCA* |
| **F. AFECTACIÓN DO INMOBLE E ADSCRICIÓN Á CONSELLERÍA INTERESADA** | |
| A Secretaría Xeral e do Patrimonio, que tamén realizará a anotación no Inventario Xeral de Bens e Dereitos, procederá a realiza-los trámites oportunos para a súa afectación á Consellería interesada. | • *Art. 11 ó 15 RPCA* |

## Descrición

ACTUACIÓNS PREPARATORIAS



*Descrición*

FORMALIZACIÓN, INSCRICIÓN E AFECTACIÓN



# 8.2. Arrendamento de bens inmobles

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. ACTUACIÓNS PREPARATORIAS** | |
| **I. Competencia para tomar en arrendamento.** | |
| Compételle á Consellería de Economía e Facenda concerta-los arrendamentos de bens inmobles necesarios para o funcionamento dos servicios da Comunidade Autónoma. | • *Art. 54 RPCA* |
| **2. Proposta de arrendamento.** | |
| A Consellería ou Organismo interesado elevará a proposta xustificada e detallada á Secretaría Xeral e do Patrimonio, que deberá conte-los seguintes datos: | • *Acordo do 12 de novembro de1992 do Consello da Xunta* |
| - Programa de necesidades no que se xustifique en base á ampliación dos servicios existentes, carencias dos mesmos ou instalacións de novos servicios o aluguer, facendo constar no mesmo a situación, superficie, custo máximo e demais características que permitan convoca-lo concurso ou acorda-la contratación directa para a posterior recepción de ofertas e selección. | |
| - Documento de Retención de crédito polo importe estimado do aluguer. | |
| **B. MODALIDADES DE CONCERTO** | |
| Os arrendamentos concertaranse mediante concurso público, con carácter xeral. Non obstante, a Consellería de Economía e Facenda poderá autoriza-la contratación directa do arrendamento cando o requiran as peculiaridades dos bens, as necesidades do servicio ou función que se vai satisfacer, a urxencia extrema de adquisición e afectación ou as limitacións do mercado inmobiliario na localidade onde aqueles estean situados, sempre atendendo ós principios de igualdade, publicidade e concorrencia, reducindo a casos verdaderamente excepcionais de peculiaridade do ben as contratacións sen estes requisitos. | • *Art. 54 e 55 RPCA*<br>• *Acordo do Consello da Xunta do12 de novembro de 1992* |
| **B. I. CONCURSO PÚBLICO** | |
| **I. Redacción do Prego de condicións.** | |
| Pola Secretaría Xeral e do Patrimonio, informado pola Asesoría Xurídica. | • *Art. 54.2 RPCA* |
| **2. Autorización do gasto e fiscalización previa do expediente de contratación.** | • *Art. 72 TRLRFP* |
| A autorización do gasto realizarase pola Consellería de Economía e Facenda por se-la competente para xestiona-lo programa do gasto. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| A fiscalización corresponderálle á Intervención Delegada na devandita consellería, a cal comprobará os extremos previstos con carácter xeral no punto primeiro e, se é o caso, segundo o Acordo. Así mesmo fiscalizará as actuacións levadas a cabo pola Secretaría Xeral e do Patrimonio mediante a comprobación da existencia de prego con informe da Asesoría Xurídica. | • *Acordo do Consello da Xunta do18 de marzo de 1999, apartados décimo 2.A. a) e b)* |
| **3. Convocatoria do concurso.** | |
| Pola Secretaría Xeral e do Patrimonio, mediante anuncio no *Diario Oficial de Galicia.* | • *Art. 54 RPCA* |
| O concurso suxeitarase ó procedemento establecido nos artigos 43 a 47 do Regulamento para a adquisición de bens inmobles, coa peculiaridade de que o secretario xeral e do Patrimonio substituirá ó conselleiro de Economía e Facenda. | |
| **4. Apertura de plicas pola Mesa de Contratación.** | • *Art. 44 RPCA* |
| A Mesa constituirase coa composición prevista para os procedementos de adquisición de bens inmobles. | |
| **5. Adxudicación provisional do concurso.** | • *Art. 45 RPCA* |
| Outorgarase con carácter provisional á proposición que obteña maior número de votos, sendo de calidade o voto do presidente. | |
| Existe a posibilidade de votos reservados contra o dito acordo. | |
| A acta da sesión, as proposicións presentadas e, se é o caso, o voto ou votos reservados, serán sometidos á resolución do secretario xeral e do Patrimonio. | |
| **B. 2. CONTRATACIÓN DIRECTA** | |
| **I. Autorización da contratación directa.** | • *Art. 55 RPCA* |
| Corresponde á Consellería de Economía e Facenda (mediante Resolución da Secretaría Xeral e do Patrimonio). | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **2. Actuacións que deben incorporarse ó expediente.**<br><br>- Oferta da propiedade (con IVE se é o caso).<br>- Taxación pericial. Informe do Servicio Técnico e de Inventario.<br>- Proxecto da Resolución da Secretaría Xeral e do Patrimonio na que se acorde a contratación directa.<br>- Cláusulas contractuais informadas pola Asesoría Xurídica.<br>- Informe proposta da Secretaría Xeral e do Patrimonio. | |
| **3. Autorización do gasto e fiscalización previa do expediente de contratación.** | • *Art. 72 TRLGPA* |
| A autorización do gasto realizarase pola Consellería de Economía e Facenda por se-la competente para xestiona-lo programa de gasto. A fiscalización corresponderálle á Intervención Delegada na devandita consellería, a cal comprobará os extremos previstos con carácter xeral no punto primeiro e, se é o caso, segundo o Acordo. Así mesmo, segundo o exposto para o concurso, comprobará a existencia de informe da Asesoría Xurídica sobre os aspectos xurídicos da contratación. | • *Apartados décimo 2. A. a) e b) do Acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999* |
| **4. Acordo de contratación.**<br><br>Por Resolución da Secretaría Xeral e do Patrimonio. | |
| **C. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO** | |
| Corresponde ó secretario xeral de do Patrimonio formalizar, por si ou por funcionario en quen delegue, o correspondente contrato. | • *Art. 56 RPCA* |
| **D. FISCALIZACIÓN PREVIA** | |
| A Intervención Delegada na Consellería de Economía e Facenda comprobará adicionalmente:<br><br>a) Que existe resolución do secretario xeral e do Patrimonio de adxudicación do arrendamento, se foi adxudicado mediante concurso.<br><br>b) Que existe Resolución da Secretaría Xeral e do Patrimonio pola que se acorda a contratación directa, se a selección se efectuara mediante este procedemento. | • *Apartado décimo 2. B. a) e b) do Acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **E-INTERVENCIÓN E CONTABILIZACIÓN DO COMPROMISO DE GASTO** | |
| Pola Intervención Delegada na Consellería interesada, o documento soporte (“D”) que se xustifica con dúas copias do contrato, será intervido na forma que determina a regra 47 da Instrucción Provisoria de Contabilidade do gasto público. | • *Orde da Consellería de Economía e Facendo do 26 de decembro de 1986* |
| **E. EFECTOS ULTERIORES** | |
| **I. Resolución do contrato.** | • *Art. 58 RPCA* |
| É competencia exclusiva da Secretaría Xeral e do Patrimonio, a resolución voluntaria dos contratos de arrendamento de inmobles a favor da Comunidade Autónoma. | |
| **2. Desaloxo do inmoble.** | |
| Cando o servicio que ocupe o inmoble arrendado deixe de necesitalo para os seus propios fins, porão en coñecemento da Secretaría Xeral e do Patrimonio, antes de desaloxa-lo inmoble, para os efectos que procedan. | |
| **3. Pagos correspondentes a exercicios sucesivos.** | • *Art. 97 TRLRFP* |
| O gasto correspondente a exercicios sucesivos, durante a vixencia do contrato orixinal, non estará sometido a fiscalización previa, por ser fiscalizado o gasto correspondente ó período inicial do que derive ou as súas modificacións. | |
| Ó inicio do exercicio, o servicio respectivo formulará un documento “AD” polo importe anual de tódolos contratos en vigor, realizándose os subseguintes documentos “OK” periódicos de acordo cos termos do contrato, que serán intervidos na forma que determine a Instrucción Provisoria de Contabilidade do gasto público. | |

## 8.2. Esquema do procedemento



*Descrición*



## 8.2. Esquema do procedemento



***Descrición***



# 8.3. Alleamento de bens inmobles

*Intervención Xeral*

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. ACTUACIÓNS PREPARATORIAS** | |
| **I. Desafectación.** | |
| A desafectación dos bens que non sexan precisos para o cumprimento dos fins determinantes da súa afectación realizarase mediante resolución do Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Economía e Facenda. A dita resolución adoptará a forma de Decreto. | • *Art. 24 RPCA* |
| A desafectación esixe norma con categoría de lei ou resolución do Parlamento cando os actos de afectación revestiran tales formalidades. | • *Art. 25 RPCA* |
| **2. Declaración de alienabilidade.** | |
| O alleamento ou gravame por calquera título de bens inmobles do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia ou de dereitos impostos sobre estes require a previa declaración da súa alienabilidade, que será acordada polo Conselleiro de Economía e Facenda, a proposta do Secretario Xeral e do Patrimonio, logo do informe da Consellería interesada. | • *Art. 60 RPCA* |
| **B. INICIO E TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE** | |
| **I. Incorporación da ficha do Inventario.** | |
| Unirase ó expediente, con carácter previo á taxación pericial, confeccionándose a ficha se por calquera circunstacia non figurara incluído o inmoble no Inventario Xeral de Bens e Dereitos. | • *Art. 62 RPCA* |
| **2. Taxación pericial.** | |
| O expediente de venda iniciarase coa taxación do inmoble efectuado polo perito nomeado pola Secretaría Xeral e do Patrimonio. Á vista dos datos contidos na ficha, o perito procederá sobre o terreo que se vai verifica-las características físicas, facendo referencia delas na folla de taxación que formule. | |
| A taxación pericial será sometida a aprobación da Secretaría Xeral e do Patrimonio e servirá para determina-la competencia do acordo de alleamento e, se é o caso, do tipo de poxa que se vai celebrar con respecto ó prezo do mercado. | • *Art. 14 TRLCAP* |
| **3. Depuración situación física e xurídica. Deslinde. Inscrición no Rexistro da Propiedade.** | |
| Antes de iniciarse os trámites conducentes ó alleamento dun inmoble, procederase a depura-la situación física e xurídica deste, practicándose o seu deslinde, se fose necesario, e inscribíndoo no Rexistro da Propiedade | • *Art. 61 RPCA*<br>• *Art. 167  e 170 RPCA* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| se non estivese inscrito. | |
| Non poderá promoverse a venda dos bens que se encontrasen en litixio, e se suscitase despois de iniciado o procedemento de alleamento, este quedará provisionalmente suspendido. | • *Art. 61 RPCA* |
| **4. Proposta de alleamento pola Secretaría Xeral e do Patrimonio** | • *Art. 62 RPCA* |
| A Secretaría Xeral e do Patrimonio proporá á autoridade competente o alleamento e a subseguinte venda en pública poxa, ou por alleamento directo, se é o caso. | |
| **C. ACORDO DE ALLEAMENTO** | |
| Correspóndelle á Consellería de Economía e Facenda acorda-lo alleamento cando o valor dos bens e dereitos, segundo a declaración de alienabilidade, non exceda de 25.000.000 de pesetas; ó Consello da Xunta, por proposta da citada consellería, cando sobrepase a dita cantidade; e ó Parlamento, mediante lei, se excedese de 250.000.000 de pesetas. | • *Art. 63 RPCA* |
| **D-MODALIDADES DE SELECCIÓN DO COMPRADOR** | |
| O alleamento dos bens inmobles realizarase mediante poxa pública, agás que se acorde a venda por alleamento directo. | • *Art. 64 RPCA* |
| **D.I. POXA PÚBLICA** | |
| **I. Anuncio da poxa.** | • *Art. 66 RPCA* |
| Acordada a venda, anunciarase esta no DOG e nun dos xornais de maior divulgación de Galicia, cunha antelación mínima de vinte días á data sinalada para a súa celebración debendo constar nos anuncios os extremos sinalados no artigo 66 do Regulamento. | |
| **2. Celebración ante a Mesa da Poxa.** | • *Art. 68 RPCA* |
| A Mesa estará presidida polo Secretario Xeral e do Patrimonio ou funcionario en quen delegue e serán vocais: | |
| a) Un letrado da Asesoría Xurídica Xeral. | |
| b) Un representante da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| c) Un funcionario da Secretaría Xeral e do Patrimonio, designado polo Secretario Xeral e do Patrimonio que actuará con voz e voto. | |
| **3. Depósito ou consignación.** | • *Art. 67 RPCA* |
| É indispensable consignar ante a Mesa ou acreditar que se depositou na Tesourería Xeral da Xunta ó dispor da Secretaría Xeral e do Patrimonio, o 20 por cento da cantidade que sirva de tipo á poxa. | |
| **4. Aprobación da poxa (adxudicación).** | • *Art. 70 RPCA* |
| Nos cinco días seguintes á celebración de poxa, a Secretaría Xeral e do Patrimonio elevará ó conselleiro de Economía e Facenda a correspondente proposta de aprobación en unión da acta da poxa. | |
| **5. Notificación persoal ó adxudicatario.** | |
| Advertirase que no prazo de 15 días a partir da notificación deberá realiza-lo pagamento do prezo total de alleamento. | |
| **D.2.ALLEAMENTO DIRECTO** | |
| **I. Autorización motivada do alleamento directo:** | • *Art. 64 RPCA* |
| Ata 25 millóns: conselleiro de Economía e Facenda. | |
| Nos demais casos, o Consello da Xunta a proposta do conselleiro de Economía e Facenda. | |
| **2. Notificación do prezo de venda, aceptación e depósito previo.** | • *Art. 65.1 RPCA* |
| O prezo de venda debe ser igual polo menos ó de taxación do ben. A taxación notificarase ó solicitante pola Secretaría Xeral e do Patrimonio. | |
| Aceptada a taxación, o solicitante achegará xustificante de ter depositado na Caixa de Depósitos o 25 por cento do prezo en concepto de fianza. | |
| **3. Informes da Asesoría Xurídica da Consellería e da Intervención Xeral.** | • *Art. 65.2 RPCA* |
| Previamente ó acordo, a Asesoría Xurídica da consellería e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma informarán as propostas de alleamento directo que formule a Secretaría Xeral de do Patrimonio, sobre as que decidirá o Conselleiro de Economía e Facenda. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **4. Acordo de adxudicación.**<br><br>Polo conselleiro de Economía e Facenda, a proposta da Secretaría Xeral e do Patrimonio.<br><br>**5. Notificación ó interesado.**<br><br>O acordo de alleamento directo será notificado ó adxudicatario advertíndolle de que no prazo de 15 días deberá realiza-lo pagamento total do prezo.<br><br>**D.3. ALLEAMENTO A ESTREMEIROS** | |
| **I. Adquisición directa por estremeiros.**<br><br>Os propietarios estremeiros poden adquirir directamente con preferencia a calquera outro solicitante e polos prezos que resulten da taxación, as parcelas sobrantes os terreos inedificables e as fincas rústicas que non alcancen unha superficie economicamente explotable, ou non sexan susceptibles de prestar utilidade acorde coa súa natureza.<br><br>Para determina-la preferencia na adquisición, aplicaranse os criterios contidos no artigo 75 do Regulamento.<br><br>**2. Notificación ós estremeiros do prezo de taxación.**<br><br>Acordado o alleamento, a Secretaría Xeral e do Patrimonio, notificará ós estremeiros o prezo de taxación, outorgándolles un prazo de vinte días para que manifesten por escrito a súa decisión ó respecto. | • *Art. 75 RPCA* |
| **3. Aceptación do prezo e depósito previo.**<br><br>Se aceptaran a proposta, xuntarán xustificante acreditativo de que depositaron na Caixa Xeral de Depósitos o 25% do prezo de taxación. | • *Art. 76 RPCA* |
| **4. Acordo de venda.**<br><br>Pola Consellería de Economía e Facenda, a proposta da Secretaría Xeral e do Patrimonio e logo de informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral. | • *Art. 76 RPCA* |
| **E. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO** | |
| A venda será formalizada en escritura pública.<br><br>Formalizada a venda, devolveranse os depósitos constituídos, a excepción do correspondente ó adxudicatario que se aplicará ó pagamento do prezo da venda e realizarase a correspondente baixa no inventario. | • *Art. 76.4 RPCA* |

# 8.4. Cesións gratuitas de bens inmobles pola Comunidade Autónoma

*Intervención Xeral*

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. SUPOSTOS DE CESIÓN DE BENS INMOBLES** | |
| **I. Suposto xeral** | • *Art. 83.1 RPCA* |
| Cesión gratuita de bens inmobles do Patrimonio da Comunidade Autónoma dos que non se xulgue previsible a súa afectación demanial ou aproveitamento pola propia Administración, a favor de institucións e corporacións públicas ou sen ánimo de lucro que deberán destinalos a fíns de utilidade pública ou interese social. | |
| **2. Suposto particular** | • *Art. 84 RPCA* |
| Se a cesión fose só de uso poderá outorgarse por un prazo máximo de dez anos, prorrogables por períodos sucesivos de igual duración. | |
| A prórroga outorgarase por acordo do Consello da Xunta, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, logo de petición do cesionario con anterioridade ó vencemento de período anterior. | |
| **B. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA** | |
| I. A cesión gratuita terán que solicitala da Consellería de Economía e Facenda os lexítimos representantes de entidades interesadas na adquisición dos bens. | • *Art. 85.1 RPCA*<br>• *Art. 85.2 RPCA* |
| 2. A documentación que se terá que presentar coa solicitude será: | |
| - A que acredite a personalidade ou representación de quen actúa. | |
| - A demostrativa de utilidade pública ou interese social do fin expresado na solicitude. | |
| - Sinalar que contan con medios precisos para acada-lo fin proposto. | |
| **C. INMOBLES PROCEDENTES DE EXPROPIACIÓN** | |
| Se o inmoble pertence á Comunidade Autónoma en virtude de expropiación, deberase comunica-la operación de cesión ós antigos propietarios para efecto, se é o caso, do dereito de reversión dos artigos 54 e 55 da Lei de expropiación forzosa. | • *Art. 54 e 55 LEF (Redacción Lei 38/1999, do 5 de novembro)* |
| **D. INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE** | |
| Realizarase pola Secretaría Xeral e do Patrimonio, na cal deberá constar, logo do informe da consellería competente por razón de materia, se se | • *Art. 85.3 RPCA* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| considerase oportuno:<br><br>- Características físicas e xurídicas do ben inmoble.<br><br>- Adecuación á finalidade de utilidade pública ou interese social para a cal se solicita.<br><br>- Se a entidade solicitante vén realizando ou pode realizar esa finalidade.<br><br>- Se se xulga ou non previsible a afectación demanial ou aproveitamento pola propia Administración do ben en cuestión.<br><br>A Secretaría Xeral e do Patrimonio elevará o expediente á Consellería de Economía e Facenda. | |
| **E. ACORDO DE CESIÓN** | |
| É competencia do Consello da Xunta, a proposta do conselleiro de Economía e Facenda. | • *Art. 83 RPCA* |
| O acordo de cesión, que adoptará a forma de decreto, expresará a finalidade concreta á que as entidades beneficiarias deben destina-los bens, así como as súas condicións. | • *Art. 86.1 RPCA* |
| **F. FORMALIZACIÓN DO ACORDO** | |
| Corresponde á Secretaría Xeral e do Patrimonio a formalización da cesión mediante escritura pública, na que deberá constar o acordo de cesión e a aceptación do cesionario. | • *Art. 86.2 RPCA* |
| **G. INSPECCIÓN E CONTROL DOS BENS CEDIDOS** | |
| A Consellería de Economía e Facenda ten facultades permanentes de control do cumprimento das obrigas que leven implícita a cesión. | • *Art. 87.2 RPCA* |
| **H. REVERSIÓN Ó ESTADO DOS BENS CEDIDOS** | |
| 1. Poderán reverter á Comunidade Autónoma os bens cedidos ó fin sinalado dentro do prazo previsto ou por deixar de selo posteriormente, se se descoidasen ou se utilizasen con grave quebrantamento ou se incumprisen as condicións de o acordo.<br><br>2. A Comunidade Autónoma ten dereito a percibir, logo da taxación | • *Art. 87.1 RPCA* |

| *Descrición* | *Referencia Lexislativa* |
|---|---|
| pericial, o valor dos detrimentos ou deterioracións experimentados polos bens. | |
| **I. DECLARACIÓN DA REVERSIÓN** | |
| A resolución será declarada polo Consello da Xunta por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, logo da instrucción do expediente polo secretario xeral e do Patrimonio. | • *Art. 87.3 RPCA* |

# 8.5. Permuta de bens inmobles

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. INICIO E TRAMITACIÓN** | |
| **I. Declaración de alleamento e taxación pericial** | |
| Os bens inmobles da Comunidade Autónoma poderán ser permutados, unha vez declarados alleables e logo da taxación pericial. | • *Art. 77 RPCA* |
| **2. Inicio** | |
| Toda solicitude de permuta de bens inmobles dirixirase á Consellería de Economía e Facenda e requirirá a iniciación e tramitación do correspondente expediente por parte da Secretaría Xeral e do Patrimonio, no que se deberá acredita-la conveniencia da operación. | • *Art. 78 RPCA* |
| Cando os bens dos que trate a permuta estean aínda no dominio público, o expediente iniciarase na consellería, ente público ou órgano estatutario que os teña adscritos, que achegará as actuacións, informe acerca da conveniencia e valor económico da operación, e a descrición física e xurídica, tanto dos bens da Comunidade Autónoma como dos alleos ofrecidos a cambio. Se resultase acreditada a conveniencia da permuta, remitirá o expediente a Secretaría Xeral e do Patrimonio; se polo contrario, discrepara desta última, resolverá quen fora competente para autoriza-la permuta. | • *Art. 79 RPCA* |
| **3. Instrucción do expediente** | |
| A Secretaría Xeral e do Patrimonio á vista dos antecedentes e cantos datos considere oportuno incorporar, incluído a taxación dos bens, elevará, se procede, a proposta de permuta, logo do informe da Intervención Xeral, á Consellería de Economía e Facenda, para que resolva, ou se é o caso, someta ó Consello da Xunta o proxecto de acordo ou anteproxecto de lei, segundo a autoridade que resulte competente. | • *Art. 80 RPCA*<br>• *Art. 63 RPCA* |
| **B. AUTORIZACIÓN DA PERMUTA** | |
| Corresponde autoriza-la permuta a quen, por razón de contía fose competente para acorda-lo alleamento. | • *Art. 77.2 RPCA* |
| Ata 25 millóns: conselleiro de Economía e Facenda.<br>Ata 250 millóns: Consello da Xunta.<br>Superiores: Parlamento. | • *Art. 63 RPCA* |
| A permuta poderá ser autorizada sempre que da taxación resulte que a diferencia no seu valor non fose superior ó 50 por 100 do que o teña máis | • *Art. 77.1 RPCA* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| alto. Se, dentro deste límite, houbese diferencia de valoración entre ámbolos dous bens, procederá a súa compensación en metálico.<br>A disposición que autorice a permuta levará implícita, se é o caso, a desafectación do inmoble e a declaración de alienabilidade. | |
| **C. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO** | |
| Correspóndelle á Secretaría Xeral e do Patrimonio a realización dos trámites conducentes á formalización dos correspondentes contratos, así como o inventario dos bens adquiridos e a súa inscrición no Rexistro da Propiedade.<br><br>En representación da Comunidade Autónoma concorrerá á sinatura o secretario xeral e do Patrimono ou o funcionario en quen delegue. | • *Art. 82 RPCA* |

# 8.6. Adquisición, alleamento e cesións de bens inmobles

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. ADQUISICIÓN** | |
| A compra, o arrendamento financeiro, o arrendamento, con ou sen opción de compra, a adquisición de productos ou bens mobles, agás os relativos a propiedades incorporales e valores negociables, consideraranse contratos de subministracións, polo que se rexerán polas normas contidas no Titulo III do TRLCAP, e no seu defecto, polas normas xerais contidas na mesma lei.<br><br>Os negocios xurídicos que teñan por obxecto propiedades incorporales e valores negociables rexeranse polas normas da lei e regulamento do Patrimonio da Comunidade. | • *Art. 171 TRLCAP* |
| **B. ALLEAMENTO** | |
| **I. Competencia**<br><br>A competencia para acorda-lo alleamento corresponderá, segundo a contía que resulte da taxación pericial, ou a natureza dos bens:<br><br>- Ó titular da consellería, cando non excedese de 10 millóns de pesetas.<br><br>- Ó Consello da Xunta, a proposta do conselleiro de Economía e Facenda, e logo de pedimento da consellería que os viñera utilizando, cando se superase esa cantidade, así como ó dos bens calificados de interese tecnolóxico ou informático.<br><br>- Ó Parlamento, mediante lei, cando se trate de obras de arte ou de obxectos de interese arqueolóxico, histórico ou artístico cun valor que exceda de 50 millóns de pesetas.<br><br>O acordo de alleamento implicará en todo caso a desafectación dos bens de que se trate. | • *Art. 94 RPCA* |
| **2. Procedemento**<br><br>*Modalidades de alleamento* | |
| O alleamento levarase a efecto mediante poxa pública polo procedemento previsto para os inmobles, en canto sexa aplicable. | • *Art. 95 RPCA* |
| Non obstante, poderá aplicarse o procedemento de contratación directa cando o autoricen, mediante acordo motivado, a consellería que os viñera utilizando, se o valor é inferior a 10 millóns de pesetas ou o Consello da Xunta nos demais casos, a proposta do conselleiro de Economía e Facenda. | • *Art. 96 RPCA* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| *Tramitación* | |
| O expediente será tramitado pola consellería que veña usando os bens, cando o valor destes non exceda de 10 millóns de pesetas, ou pola Secretaría Xeral e do Patrimonio se superase a dita cantidade. Deberá quedar xustificada a conveniencia de venda e practicase a correspondente taxación pericial. | • *Art. 95 RPCA* |
| A celebración de poxas poderase demorar se a contía dos bens que se van allear non aconsellase a súa realización de modo inmediato. | |
| **C. CESIÓN GRATUÍTA** | |
| **I. Supostos de cesión** | • *Art. 96 bis RPCA* |
| *Suposto xeral* | |
| Cesión gratuíta de bens mobles a entidades públicas no marco de relacións de colaboración, cooperación e coordinación para seren destinados a fins de utilidade pública ou interese social. | |
| *Suposto particular* | |
| Se a cesión fose só de uso poderá outorgarse por un prazo máximo de 5 anos, prorrogable por períodos sucesivos de igual duración, por acordo da consellería cedente, logo de petición do cesionario con anterioridade ó vencemento do período anterior. | |
| **2. Competencia** | |
| Corresponderalle á consellería que adquirise ou tivese adscritos bens mobles da Comunidade Autónoma de Galicia, logo de informe da Consellería de Economía e Facenda. | |
| O acordo de cesión, que adoptará a forma de orde, publicarase no DOG, expresando a finalidade concreta á que deban destinarse os bens e as condicións de cesión. | |
| Este acordo, se é o caso, levará implícita a desafectacións dos bens. | |
| **3. Formalización** | |
| Mediante acta subscrita polo secretario xeral da consellería ou funcionario en quen delegue, debendo constar nela o acordo de cesion e a aceptación do cesionario. | |

| *Descrición* | *Referencia Lexislativa* |
|---|---|
| **4. Inspección e control dos bens cedidos e reversión**<br><br>As facultades de control, vixilancia e, se é o caso, a resolución dos expedientes de reversión corresponderálle á consellería cedente. | |

# 8.7. Adquisición, arrendamento e adscrición de bens inmobles en Organismos Autónomos

*Intervención Xeral*

## 8.7. Adquisición, arrendamento e adscrición de bens inmobles en organismos autónomos



| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. BENS PROPIOS E ARRENDADOS** | |
| **I. Adquisición e arrendamento** | |
| Os Organismos autónomos poderán en todo caso adquirir a título oneroso ou gratuíto, posuír e arrendar bens e dereitos de calquera clase, segundo o previsto nas súas normas de creación. | |
| **Réxime de contratación** | |
| Os Organismos autónomos axustaranse ó disposto na lexislación de contratos das Administracións Públicas, xa que logo, resultaranlles de aplicación as normas contidas na lei e regulamento do Patrimonio para a adquisición e arrendamento de bens inmobles. | • *Art. 1 TRLCAP* |
| **Fiscalización previa** | |
| Os extremos que deberán comprobarse, ademais dos contidos nos apartados primeiro e segundo do Acordo serán: | • *Acordo do 18 de maio de 1999, do Consello da Xunta* |
| *Adquisición de bens inmobles* | |
| Proposta de adquisición e autorización do gasto: | |
| a) Que existe informe da Asesoría Xurídica, sobre os aspectos xurídicos da contratación. | |
| b) Que existe informe favorable da Secretaría Xeral e do Patrimonio no suposto de adquisición en réxime de leasing. | |
| *Arrendamento de bens inmobles* | |
| Proposta de arrendamento e autorización do gasto: | |
| a) Que existe informe da Asesoría Xurídica sobre os aspectos xurídicos da contratación. | |
| b) Que existe informe da Secretaría Xeral e do Patrimonio no suposto de contratación directa. | |
| Recoñecemento da obriga. | |
| Os mesmos requisitos que para a Administración da Xunta de Galicia. | |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **2. Suposto de que non sexan necesarios para o cumprimento dos seus fins**<br><br>Aqueles bens inmobles propiedade dos Organismos autónomos, integrados por tanto nos seus respectivos patrimonios, que non sexan necesarios para o cumprimento directo dos fins atribuídos á súa específica competencia, incorporaranse ó Patrimonio da Comunidade Autónoma. A entrega dos ditos bens farase por conducto da consellería da que dependan os respectivos Organismos.<br><br>É dicir, prohíbese o alleamento dos bens inmobles dos Organismos autónomos que non sexan necesarios para o cumprimento directo dos seus fins, ou sexa, cando deixen de cumpri-la finalidade para a que foron asignados na lei de creación do Organismo ou foron adquiridos con posterioridade.<br><br>**3. Alleamento**<br><br>Exceptúanse, non obstante, da incorporación ó Patrimonio da Comunidade Autónoma e, en consecuencia, poderán ser alleados polos Organismos autónomos, os seguintes:<br><br>Os bens adquiridos polos Organismos autónomos, co propósito de devolvelos ó tráfico xurídico, de acordo cos seus fins peculiares, así como os bens adquiridos para garanti-la rendibilidade das reservas que teñan que constituír en cumprimento das disposicións polas que se rexen. | • *Art. 93 RPCA* |
| **B. ADSCRICIÓN** | |
| Os bens patrimoniais da Comunidade Autónoma poderán ser adscritos a organismos autónomos ou outros entes públicos dependentes da Xunta de Galicia para o cumprimento dos fins específicos que determine o acordo de adscrición.<br><br>As entidades que reciban os ditos bens non adquirirán a propiedade e terán que utilizalos exclusivamente para o cumprimento dos fins que determine a adscrición, ben sexa en forma directa, ben mediante a percepción das súas rendas ou froitos. | • *Art. 88 RPCA* |
| **I. Procedemento de adscrición**<br><br>O pedimento dos bens dirixirase polo Organismo autónomo á Secretaría Xeral e do Patrimonio, por conducto da consellería da que dependa o Organismo. | • *Art. 89 RPCA* |
| **2. Acordo de adscrición**<br><br>Os acordos de adscrición adoptaraos o Consello da Xunta en virtude de | • *Art. 90 RPCA* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| ponderación das razóns aducidas pola entidade solicitante. | |
| **3. Reversión dos bens adscritos** | |
| Corresponde ó conselleiro de Economía e Facenda, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, vixia-la aplicación dos bens inmobles adscritos ós Organismos autónomos ó fin para o que foron cedidos polo Patrimonio da Comunidade Autónoma e promover, se é o caso, a incorporación a este. | |
| Serán de aplicación ás adscricións de bens inmobles ós Organismos autónomos as normas contidas no artigo 87 do Regulamento do patrimonio da Comunidade Autónoma, referentes á reversión dos bens cedidos que non fosen destinados ó uso previsto. | |
| **4. Inventario de bens e dereitos** | • *Art. 150 e 152 RPCA* |
| A Consellería de Economía e Facenda, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio deberá leva-lo Inventario Xeral do Patrimonio da Comunidade Autónoma que comprenderá, entre outros bens e dereitos, os atribuídos a organismos autónomos ou entes públicos, dependentes da Comunidade Autónoma, coa única excepción dos que se adquiran para garanti-la rendibilidade das reservas legais que teñan que se constituír ou co propósito de devolvelos ó tráfico xurídico patrimonial de acordo cos seus fins particulares. | • *Resolución do 3 de xaneiro de 1990, da Dirección Xeral do Patrimonio sobre formación do inventario xeral*<br>• *Resolución do 5 de febreiro de 1992, da Secretaría Xeral e do Patrimonio sobre habilitación de facultativos para a asistencia ás recepcións provisionais de obras* |
| Para os efectos da formación e actualización do Inventario Xeral do Patrimonio da Comunidade Autónoma, as consellerías remitirán á Secretaría Xeral e do Patrimonio copia da acta de recepción das obras públicas contratadas, así como cantos datos e características destas sexan requiridas por aquela. | |

# 8.8. Adquisición de valores negociables

*Intervención Xeral*

## 8.8. Adquisición de valores negociables



| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. CONCEPTO E RÉXIME XURÍDICO** | |
| Exclúense do ámbito da aplicación da LCAP os contratos relacionados coa compravenda e transferencia de valores negociables ou doutros instrumentos financeiros. | • *Art. 3.1.k) TRLCAP* |
| Estes contratos teñen carácter privado e rexeranse pola lexislación patrimonial da Comunidade Autónoma, en canto a súa preparación e adxudicación, e no seu lugar polo TRLCAP e as súas normas de desenvolvemento. En canto os seus efectos e extinción rexeranse polas normas do dereito privado. | • *Art. 5.3 e 171 TRLCAP* |
| O TRLCAP e a LPCA non definen o que se entende por valor negociable. Na lexislación sectorial, a Lei 24/1998, do 28 de xullo, reguladora do mercado de valores tampouco contén un concepto destes, nembargantes, o Real decreto do 27 de marzo de 1992, de emisións e ofertas públicas de valores os define como "dereitos de contido patrimonial calquera que sexa a denominación que se lles dea, que, pola súa configuración xurídica propia e o seu réxime de transmisión, sexan susceptibles de tráfico xeneralizado e impersoal nun mercado de índole financeira." | • *Art. 2.1.f) R.D. do 27 de marzo de 1992* |
| **B. COMPETENCIA** | |
| A adquisición a título oneroso de cotas, partes alícuotas ou títulos representativos do capital de empresas constituídas consonte o dereito privado será realizada mediante compra ou subscrición polo Consello da Xunta a proposta do conselleiro de Economía e Facenda, oída a consellería competente por razón da materia, e logo do informe da Secretaría Xeral e do Patrimonio. | • *Art. 52 RPCA* |
| **C. PROCEDEMENTO** | |
| Correspóndelle a Secretaría Xeral e do Patrimonio a tramitación do oportuno expediente. | |
| Cando se trate de empresas mercantís, a participación resultante da adquisición non poderá ser inferior ó 10% do importe do capital social, e, no caso de adquisicións de títulos acreditativos de débeda convertible se esixirá que aseguren, na eventual circunstancia da súa conversión, unha porcentaxe de participación no capital social non inferior ó 10% deste. | |
| Agás o disposto en normas especiais, a participación da Xunta non será superior ó 50% do capital social das sociedades ou empresas. | • *Art. 113 RPCA* |
| **D. FORMALIZACIÓN E CUSTODIA** | |
| Corresponderá á Secretaría Xeral e do Patrimonio a formalización dos actos de adquisición en nome da Comunidade Autónoma e a custodia dos títulos ou resgardos. | • *Art. 53 RPCA* |

# 8.9. Adquisición de propiedades incorporais

*Intervención Xeral*

## 8.9. Adquisición de propiedades incorporais



| Descrición | Referencia Lexislativa |
|---|---|
| **A. CONCEPTO E RÉXIME XURÍDICO** | |
| Trátase de produtos ou creacións intelectuais do espírito humano, configurados polo ordenamento xurídico como obxecto de dereitos subxectivos.<br><br>Entre eles encóntranse:<br><br>As reguladas na Lei de patentes de invención e modelos de utilidade, do 20 de marzo de 1986.<br><br>1. As reguladas na Lei de marcas, do 10 de novembro de 1988.<br><br>2. As reguladas no texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado por Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril. | |
| Os negocios xurídicos sobre estas propiedades réxense pola Lei e Regulamento de Patrimonio da Comunidade Autónoma. | • *Art. 5. 3º TRLCAP* |
| Debe distinguirse o tráfico xurídico destas propiedades incorporais do das propiedades ou dereitos que teñan por obxecto cousa material a que se incorporan. No primeiro caso, o réxime xurídico é o determinado na lexislación patrimonial sen prexuízo de que a adquisición dos bens mobles que constitúen o seu soporte material, poida ser cualificada como contrato administrativo de subministración e rexerse polas súas normas. | • *Art. 171 TRLCAP*<br>• *Art. 3 LPI* |
| **B. COMPETENCIA** | |
| A adquisición de propiedades incorporais correspóndelle ó Consello da Xunta, a proposta do conselleiro de Economía e Facenda. | • *Art. 53 RPCA* |
| **C. PROCEDEMENTO** | |
| É competencia da Secretaría Xeral e do Patrimonio a tramitación dos respectivos expedientes, logo do informe da consellería competente por razón da materia. | • *Art. 53.2 RPCA* |
| **D. EN PARTICULAR, ADQUISICIÓNS DE DEREITOS DE PROPIEDADE INTELECTUAL NAS QUE O SOPORTE MATERIAL SEXA UN BEN MOBLE** | |
| Os dereitos da propiedade intelectual son independentes, compatibles e anulables coa propiedade e outros dereitos que teñan por obxecto a causa material á que se atopa incorporada a creación intelectual. | • *Arts. 9, 171 e 206 TRLCAP*<br>• *Arts. 3 e 56 LPI* |

| Descrición | Referencia Lexislativa |
| --- | --- |
| O adquirinte da propiedade do soporte ó que se incorporase a obra non terá por este so título, ningún dereito de explotación sobre esta última, coas salvidades indicadas na Lei de Propiedade Intelectual.<br><br>Á vista do exposto, nas adquisicións que versen sobre dereitos de propiedade intelectual nas que o soporte material desta sexa un ben moble, habería que tramitar dous expedientes de contratación:<br><br>a) Un contrato administrativo de subministración rexido polo TRLCAP.<br><br>b) Un contrato privado rexido pola Lei de patrimonio para os actos separables e polo dereito privado para os seus efectos e extinción. | |

# INDICE CRONOLÓXICO DE CONTRATACIÓN

## NORMAS XERAIS E CONTRATOS DE OBRAS

LEI 230/1963, do 28 de decembro, Xeral Tributaria (BOE nº 313 do 31-12-63).

DECRETO LEI 2/1964, do 4 de febreiro, sobre revisión de prezos nos contratos do Estado e Organismos Autónomos.

ORDE do 28 de marzo de 1968 (Ministerio de Facenda), pola que se dictan normas complementarias para a clasificación de contratistas de obras do Estado (BOE nº 78 do 30-3-68) (Rectificación BOE nº 93 do 17-4-68). Modificado pola ORDE do 28 de xuño de 1991 (BOE nº 176 do 24-7-91).

DECRETO 461/1971, do 11 de marzo, sobre a inclusión de cláusulas de revisión de prezos (BOE nº 71 do 24-3-71).

ORDE do 16 de novembro de 1972 (Ministerio de Facenda), pola que se regula a aplicación do sistema de clasificación definitiva dos contratistas de obras do Estado e dos seus Organismos Autónomos (BOE nº 277 do 18-11-72).

DECRETO 3410/1975, do 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Contratación do Estado (BOE nº 311 e 312 do 27 e 28 de decembro de 1975).

LEI 1/1983, do 22 de febreiro, sobre normas reguladoras da Xunta de Galicia e o seu Presidente (DOG nº 23 do 21-3-83). Derogado parcialmente por LEI 12/1989 do 4 de outubro (DOG nº 195 do 10-10-89) e modificado por LEI 11/1988 do 20 de outubro (DOG nº 208 do 28-10-98).

REAL DECRETO 1881/1984, do 30 de agosto, de medidas complementarias sobre revisión de prezos na contratación administrativa (BOE nº 256 do 25-10-84).

ORDE do 5 de decembro de 1984 (Ministerio de Economía e Facenda), pola que se desenvolve o Real Decreto 1881/1984 do 30 de agosto, de medidas complementarias sobre revisión de prezos (BOE nº 305 do 21-12-84).

LEI 50/1984, do 30 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para 1985 (BOE nº 313 do 31-12-84).

LEI 16/1985, do 25 de xuño, sobre regulación do Patrimonio Histórico Español (BOE nº 155 do 29-6-85) (Rectificación BOE nº 296 do 11-12-85).

REAL DECRETO 2402/1985, do 18 de decembro, polo que se regula o deber de expedición e entrega de factura por empresarios e profesionais (BOE nº 312 do 30-12-85) (Rectificación BOE nº 20 do 23-1-86). Modificado polo REAL DECRETO 80/1996, do 26 de xaneiro (BOE nº 27 do 31-1-96) (Rectificación BOE nº28 do 1-2-96).

REAL DECRETO 111/1986, do 10 de xaneiro, Patrimonio Histórico Español. Desenvolve parcialmente a Lei 16/1985, do 25 de xuño (BOE nº 24 do 28-1-86) (Rectificación BOE nº53 do 3-3-86).

REAL DECRETO LEXISLATIVO 1302/1986, do 28 de xuño, sobre avaliación do impacto ambiental (BOE do 30-6-86).

REAL DECRETO 2528/1986, do 28 de novembro, polo que se modifica o Regulamento Xeral de Contratación do Estado para adaptalo ó Real Decreto Lexislativo do 2 de maio de 1986 e ás Directivas da Comunidade Económica Europea (BOE 2-12-1986).

CIRCULAR 6/1986, do 28 de novembro (Intervención Xeral da Comunidade Autónoma), sobre tramitación de documentos contables e exercicio da función interventora (DOG nº 10 do 16-1-87).

ORDE do 26 de decembro de 1986 (Consellería de Economía e Facenda), pola que se aproba a Instrucción provisoria de contabilidade do gasto público da Comnidade Autónoma de Galicia (DOG nº 8 do 14-1-87).

ORDE do 12 de xaneiro de 1987 (Consellería de Economía e Facenda), sobre constitución de depósitos e fianzas nas Delegacións da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 31 do 16-2-87).

ORDE do 3 de marzo de 1987 (Consellería de Economía e Facenda), sobre actualización e conservación do ficheiro de terceiros e sobre realización de pagamentos por transferencia bancaria (DOG nº 53 do 18-3-87).

REAL DECRETO 1550/1987, do 18 de decembro, polo que se estende ás Entidades Públicas o deber de presentar unha declaración ou relación anual de operacións con terceiras persoas (BOE nº 303 do 19-12-87). Modificado por REAL DECRETO 80/1996 do 26 de xaneiro (BOE nº 27 do 31-1-96) (Rectificación BOE nº 28 do 1-2-96).

LEI 33/1987, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 1988 (BOE nº 307 do 24-12-87).

RESOLUCIÓN do 1 de marzo de 1988, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, sobre delegación e nomeamentos en materia de contratación a favor dos Interventores Delegados da mesma (DOG nº 66 do 8-4-88).

REAL DECRETO LEXISLATIVO 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral Presupostaria (BOE do 29-9-88).

DECRETO 87/1990, do 15 de febreiro, sobre desconcentración de competencias en materia de contratación administrativa nos delegados provinciais das consellerías da Xunta de Galicia (DOG nº 35 do 19-2-90).

DECRETO 88/1990, do 15 de febreiro, sobre desconcentración de competencias para a concesión de axudas e subvencións nos delegados provinciais ou territoriais da Xunta de Galicia (DOG nº 35 do 19-2-90).

RESOLUCIÓN do 18 de xuño de 1990 da Consellería de Economía e Facenda, pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta do 31 de maio de 1990, no que se aproba a Instrucción reguladora do réxime xeral de pagamentos a contratistas por razón de contratos de obra, subministracións, servicios, asistencia e traballos específicos e non habituais (DOG nº 138 do 16-7-90).

DECRETO 442/1990, do 13 de setembro, sobre avaliación do impacto ambiental (DOG nº 188 do 25-9-90) (Rectificación DOG nº 236 do 30-11-90).

REAL DECRETO 52/1991, do 25 de xaneiro, polo que se modifican determinados preceptos relativos á contratación administrativa (BOE do 29-1-91).

DECRETO 327/1991, do 4 de outubro, sobre sometemento a declaración de efectos ambientais de proxectos públicos ou privados de execución de obras, instalacións ou actividades contempladas nas diferentes lexislacións sectoriais (DOG nº 199 do 15-10-91).

LEI 12/1991, do 14 de novembro, sobre dotación artística de obras e camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 222 do 26-11-91).

DECRETO 4/1992, do 16 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 12/1991, do 14 de novembro, de traballos de dotación artística nas obras públicas e nos camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia para efectos do establecido nas súas disposicións transitorias (DOG nº 15 do 23-1-92).

RESOLUCIÓN do 23 de xaneiro de 1992, da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, pola que se fai pública a Circular da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre modelos de normalización

dos anuncios do contrato de obra e de subministracións a publicar no Diario Oficial das Comunidades Europeas (BOE nº 30 do 4-2-92).

RESOLUCIÓN do 5 de febreiro de 1992, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio para a habilitación de facultativos para asistencia ás recepcións provisionais de obras (DOG nº 35 do 20-2-92).

DECRETO 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público (DOG nº 159 do 17-8-92) (Rectificacións DOG nº 170 do 1-9-92 e DOG nº 181 do 16-9-92).

LEI 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DOG nº 200 do 14-10-92) (Corrección de erros DOG nº 220 do 11-11-92). Modificada polas Leis 14/1992 do 29 de decembro (DOG nº 254 do 31-12-92), Lei 1/1994 do 30 de marzo (DOG nº 63 do 4-4-94), Lei 11/1995 do 28 de decembro (DOG nº 249 do 30-12-95) de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 1993, 1994 e 1996 respectivamente, Lei 2/1998 do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión (DOG nº 68 do 9-4-98), Lei 7/1998 do 30 de decembro (DOG nº 252 do 31-12-98) e polo Decreto Lexislativo 1/1999 do 7 de outubro (DOG nº 214 do 5-11-99).

DECRETO 286/1992, do 8 de outubro, de accesibilidade e eliminación de barreiras (DOG nº 205 do 21-10-92)

LEI 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (BOE nº 285 do 27-11-92). Modificada por Lei 4/1999 do 13 de xaneiro (BOE nº 12 do 14-1-99) (Rectificación BOE nº 16 di 19-1-99 e BOE nº 30 do 4-2-99).

REAL DECRETO 1624/1992, do 29 de decembro, (BOE nº 314 do 31-12-92) (Rectificación BOE nº 33 do 8-2-93) polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre o Valor Engadido e modifica o Real Decreto 1041/1990 do que regula as declaracións censais que teñen que presentar a efectos fiscais os empresarios,os profesionais e outros obrigados tributarios, o Real Decreto 338/1990 que regula a composición e a forma de utilización do número de identificación fiscal, o Real Decreto 2402/1985 que regula o deber de expedir e entregar factura por empresarios e profesionais, e o Real Decreto que establece o procedemento de aplicación das Directivas da CEE sobre intercambio de información tributaria.

CIRCULAR do 13 de abril de 1993, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, sobre retencións en pagamentos a terceiros.

| 4.9.3 Pagas extraordinarias (D.3.9.). | |
| **D.5.XUSTIFICACION DOCUMENTAL DA NOMINA** | |
| De cumprimento das instruccións dictadas para os efectos do réxime de incompatibilidades. | • *Art. 7, R.D. 598/1985, do 30 de abril* |
| 5.I *Obrigación do órgano xestor.* | |
| Os directores xerais dos que dependan as habilitacións estarán obrigados a remitir anualmente á Inspección Xeral de Servicios da Administración pública o soporte magnético ou a copia da nómina de | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|

retribucións correspondente ao mes que se determine conforme ás instruccións que dicte para o efecto.

5.2 *Obrigación da intervención.*
Os interventores delegados comprobarán ao fiscaliza-las nóminas do terceiro mes seguinte ao que se sinale que, entre os documentos que as acompañan, figura xustificante de ter remitido ou presentado as citadas nóminas na Inspección Xeral de Servicios da Administración pública ou escrito deste centro no que se admita a demora na presentación.

## D.6.CLASIFICACION PARA OS EFECTOS DO ESTADO XUSTIFICATIVO DA NOMINA

- *Orde do 6 de xuño de 1988, pola que se dictan instruccións sobre confección e xustificación de nóminas de retribucións de persoal ao servicio da Comunidade Autónoma.*
- *Orde do 2 de maio de 1990, que modifica a anterior*

Detállanse a continuación, clasificados de acordo cos criterios da norma da referencia, os distintos supostos de xustificación documental anteriormente considerados. A codificación e denominacións remiten á súa posición na presente guía.

6.I *Altas definitivas (AA).*

D.3.I.I Funcionarios de novo ingreso.

D.3.I.2 Funcionarios reingresados ao servicio activo.

D.3.I.3 Funcionarios declarados excedentes forzosos, procedentes doutras situacións administrativas.

D.3.I.4 Funcionarios en comisión temporal de servicios.

D.3.1.5 Cambios de posto de traballo.

D.3.2.1 Reincorporación á xornada normal de funcionarios autorizados a prestar xornada reducida.

D.3.2.2 Reincorporación de funcionarios procedentes de licencias para asuntos propios.

D.3.2.3 Idem con licencia de estudios.

D.3.2.4 Idem con licencia por enfermidade (prórrogas). – Funcionarios non afiliados ao réxime xeral da Seguridade Social.

D.3.7 Modificación de nivel e/ou complemento específico asignado ao posto de traballo.

6.2 *Modificacións definitivas (ID).*

D.3.4.1 Recoñecemento de trienios.

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| D.3.4.2 Prestación familiar por fillo a cargo. | |
| D.3.6 Modificacións dispostas pola Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. | |
| D.3.8 Melloras financiadas con fondos orzamentarios, con distribución negociada coas centrais sindicais. | |
| 6.3 *Modificacións transitorias (IT).* | |
| D.3.5 Asignación de retribucións por unha soa vez. | |
| D.3.9 Pagas extraordinarias (Nóminas dos meses de xuño e decembro). | |
| D.3.I.0 Pagamento de haberes devengados e non percibidos. | |
| 6.4 *Baixas definitivas (BB)* | |
| D.4.1 Cambio de posto de traballo. | |
| D.4.2 Cesamento no servicio activo por pasar a outra situación administrativa. | |
| D.4.3 Xubilación. | |
| D.4.4 Separación do servicio. | |
| D.4.5 Perda da condición de funcionario. | |
| D.4.7 Supresión de posto de traballo. | |
| D.4.8.I Pasar a realizar xornada reducida por razón de garda legal. | |
| D.4.8.2 Pasar a realizar unha xornada inferior á norma. | |
| D.4.8.3 Desfrute de licencias non retribuídas, excepto a causa de incapacidade laboral transitoria ou invalidez provisional e licencias para realizar estudios. | |
| 6.5 *Modificacións definitivas (DD).* | |
| D.4.6 Absorción de retribucións persoais que se vaian extinguir. | |
| 6.6 *Modificacións transitorias (DT).* | |
| D.4.8.6 Por exercicio do dereito de folga. | |
| D.4.9 Baixas de haberes devengadas por unha soa vez na nómina do mes anterior. | |
| **D.7.DESCONTOS FORMALIZABLES** | |
| 7.I De carácter xeral. | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| 7.I.I. Imposto sobre a renda das persoas físicas. | • *Lei 40/1998, do 9 de decembro*<br>• *RD 2717/1998, do 18 de decembro*<br>• *Resolución do 28 de decembro do Departamento de Xestión Tributaria da AET* |
| 7.I.2 Supostos de funcionarios incluídos nos réximes especiais da Seguridade Social dos funcionarios públicos regulados polas leis 28/1975 e 29/1975, ambas do 27 de xuño. | |
| 7.I.2.I Cota de dereitos pasivos. | • *Art. 23, RD L 670/1987, do 30 de abril*<br>• *Anexo VII, Resolución do 28 de decembro de 1994, SEH*<br>• *Lei de orzamentos xerais do Estado para cada ano* |
| 7.I.2.I.I Importe mensual: $\frac{\text{* Haber regulador x 3,86}}{100 \text{ x } 14}$ | |
| * O haber regulador fíxase cada ano na Lei de orzamentos xerais do Estado. | |
| 7.I.2.I.2 As cotas correspondentes ás pagas extraordinarias reduciranse na mesma proporción en que se minoren estas pagas como consecuencia de aboarse estas en contía proporcional ao tempo de servicios efectivamente prestados, sexa cal sexa a data do seu devengo. | |
| 7.I.2.2 Cota de MUFACE e MUGEJU. | • *Lei de orzamentos xerais para cada ano* |
| 7.I.2.2.I Base de cotización: O haber regulador para os efectos de cotización de dereitos pasivos. | |
| 7.I.2.2.2 Tipo de cotización: O que sexa fixado polo Goberno, por proposta conxunta dos Ministerios de Economía e Facenda e Ministerio para as Administracións públicas. Actualmente 1,69 %. | • *Disposición transitoria dos RR.DD., 1405/1984, do 18 de xullo e 1571/85, do 1 de agosto* |
| 7.I.2.2.3 Cotas mensuais. | |
| 7.I.2.2.4 As cotas correspondentes ás pagas extraordinarias experimentarán análoga reducción á sinalada no precedente apartado 5.I.2.I.2. | • *Anexo IV, Resolución do 28 de decembro de 1990, SEH*<br>• *Último parágrafo do artigo 33, Lei 33/1987, do 23 de decembro* |
| 7.I.2.2.5 Devolución de cotas indebidamente descontadas. | |
| 7.I.3 Suposto de funcionarios incluídos no réxime xeral da Seguridade Social. | • *RDL 1/1994, do 20 de xuño, que aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social* |
| 7.I.3.I Bases de cotización para as continxencias e situacións comprendidas na acción protectora.* | |
| 7.I.3.2 Bases de cotización para as continxencias de accidentes | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|

de traballo e enfermidades profesionais.*

7.I.3.3 Tipos de cotización ao réxime xeral da Seguridade Social:*

| | Empresa | Traballador |
|---|---|---|
| a) Continxencias comúns | 23,6 | 4,7 |
| b) Continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais. | Aplicarase reducida nun 10% a tarifa de primas aprobadas polo RD 2930/1979, do 29 de decembro, a cargo exclusivo da empresa. | |

* As bases e os tipos fíxanse cada ano na Lei de orzamentos xerais do Estado.

7.I.3.4 Cotización adicional por horas extraordinarias.

7.I.3.4.I Base de cotización: A totalidade das retribucións por este concepto, aínda cando o seu importe, sumado ás demais retribucións computables para os efectos de base de cotización sexa superior ao que lle corresponda ao traballador de acordo co grupo ou categoría profesional a que pertenza.

7.I.3.4.2 Tipos de cotización.

- *Lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano*

| | Empresa | Traballador |
|---|---|---|
| -Horas motivadas por causa de forza maior. | 12,0 | 2,0 |
| -Horas restantes | 23,6 | 4,7 |

7.I.3.5 Cotización ao desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional.

7.I.3.5.I. Base: A correspondente ás continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

7.I.3.5.2 Tipos:

| | Empresa | Traballador |
|---|---|---|
| a) Desemprego | | |
| b) Fondo de Garantía Salarial. | | |
| c) Formación profesional | 0,6 | 0,1 |

7.I.3.6 Exclusións de cotización para funcionarios.

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| 7.I.3.6.I Funcionarios procedentes da extinguida administración do movemento. | |
| Exentos das continxencias de: | |
| - Protección familiar. | |
| - Incapacidade temporal. | |
| - Asistencia sanitaria. | |
| - Asistencia farmacéutica. | |
| - Desemprego. | |
| - Formación profesional. | |
| - Fondo de Garantía Salarial. | |
| 7.I.3.6.2 Persoal procedente da Administración local. | • *RD 480/1993, do 2 de abril* |
| Exentos das continxencias de: | |
| - Incapacidade temporal (Só para os efectos de cotización). | |
| - Asistencia sanitaria (Concertada). | • *Orde 15-1-99 Cota total a cargo da Empresa.* |
| - Asistencia farmacéutica. | |
| - Desemprego. | |
| - Fondo de Garantía Salarial. | |
| 7.I.3.6.3 Funcionarios en servicio militar. | |
| Exentos das continxencias de: | |
| - Incapacidade temporal. | |
| - Desemprego. | |
| - Fondo de Garantía Salarial. | |
| Os coeficientes reductores para aplicar nos tres apartados anteriores en referencia lexislativa. | • *Orde 15-1-99* |
| 7.I.4 Reintegro de anticipos. | • *Art. 15, RD L do 16-12-29.* |
| Os descontos practicados deben xustificarse coa liquidación que se detalla na norma da referencia. | |
| 7.2 *De carácter parcial.* | • *Art. 3, Orde do 31 de xullo de 1991* |
| 7.2.I Suposto de funcionarios que teñen a condición de socios de | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| número do Colexio para Orfos de Funcionarios do Ministerio de Facenda.<br><br>A cota non poderá exceder do 1% das cantidades íntegras de tódalas retribucións que teñan asignadas os respectivos funcionarios. Na actualidade, estase aplicando o 0,50% | |
| **D.8.PAGAMENTO DA NOMINA** | |
| 8.I *Proposta* | |
| Utilización de documentos “AD” e “OK”, de acordo cos supostos que se contemplan nas normas da referencia. | • *Circular nº 6/1986, do 28 novembro, da Intervención Xeral*<br>• *Orde do 6 de xuño de 1988* |
| Imputación orzamentaria adecuada aos créditos definidos polos códigos correspondentes ás clasificacións orgánica, por programas e económica. | |
| Disposición do crédito acomodado ao Plano de disposición de fondos do Tesouro. | |
| O prazo de entrega das nóminas e as propostas do seu pagamento terminan os días 18 e 22 do mes ao que correspondan. | • *Art. 1, Norma 5.1.3 e 5.14 da Orde do 6 de xuño de 1988* |
| 8.2 *Documento de pagamento.* | |
| Tanto as nóminas, os seus estados xustificativos e documentos contables “OOKK” obteranse por medios informáticos no CIXTEC. | |
| 8.3 *Situación, aplicación e xustificación dos fondos librados.* | • *Orde do 6 de xuño de 1988* |
| Regúlase pola orde da referencia. | |
| 8.4 *Actuación das Intervencións.* | |
| É de aplicación a norma da referencia.<br><br>Para a fiscalización do proceso xeral da nómina comprobaranse os aspectos de comprobación obrigatoria, de conformidade co Acordo do Consello do día 18 de marzo de 1999, polo que se aproba a fiscalización limitada previa (Resolución do conselleiro de Economía publicada no DOG n°82, do 30 de abril de 1999). | |

# 9.3. Funcionarios en prácticas

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| **A.- NACEMENTO DA OBRIGACIÓN** | |
| **A.I. SELECCIÓN** | |
| I.I Aprobación polo Consello da Xunta da Oferta de emprego público, logo da proposta formulada polo conselleiro da Presidencia e Administración Pública e do informe favorable do conselleiro de Economía e Facenda. | • *Arts. 12.8 e 13 , Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia e art. 5, Decreto 95/1991, do 20 de marzo*<br>• *Art. 29.6, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modif. pola Lei 3/1995* |
| I.2 Publicación da Oferta de emprego público. | |
| I.3 Convocatoria de probas selectivas de acceso para as prazas vacantes previstas na Oferta de emprego público. | • *Art. 13.2.8, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia e art. 3, Decreto 95/1991, do 20 de marzo* |
| I.4 Publicación da convocatoria e as súas bases no Diario Oficial de Galicia. | • *Art. 31, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia e art. 6, Decreto 95/1991, do 20 de marzo* |
| I.5 Achega polos aspirantes aprobados polo tribunal das probas selectivas dos documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria. | • *Art. 15, Decreto 95/1991, do 20 de marzo* |
| I.6 Suficiencia do D.N.I. para acredita-los requisitos de idade e nacionalidade. | |
| **A.2. NOMEAMENTO** | |
| Cando a convocatoria establecese un período de prácticas ou un curso selectivo, a autoridade que efectuase a convocatoria nomeará funcionarios en prácticas aos aspirantes propostos. | • *Art. 41, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia*<br>• *Art. 16, Decreto 95/1991, do 20 de marzo* |
| **A.3. INCORPORACIÓN AO CURSO SELECTIVO** | |
| Formación na Escola Galega de Administración Pública ou nunha unidade administrativa. | • *Art. 41, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| **A.4. INSCRICIÓN NO REXISTRO CENTRAL DE PERSOAL** | |
| Modelo da dilixencia de incorporación estendida en modelo de acordo coa orde da referencia. | • *Orde do 10 de novembro de 1998* |
| **A.5. NOMEAMENTO** | |
| Realizado pola autoridade que efectuou a convocatoria | • *Art. 16, Decreto 95/1991, do 20 de marzo* |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| **B.- MODIFICACIÓN DA OBRIGACIÓN** | |
| 1. Nomeamento outorgado polo órgano competente para desempeñar durante o período de prácticas posto de traballo. | • *Art. 16.2 ,Decreto 95/1991, do 20 de marzo* |
| 2. Posible asignación do complemento de productividade cando as prácticas se realicen desempeñando un posto de traballo e estea autorizada a aplicación deste complemento aos funcionarios de carreira que desempeñen análogos postos de traballo. | |
| **C.- EXTINCIÓN DA OBRIGACIÓN** | |
| 1. Nomeamento e toma de posesión como funcionario de carreira. | • *Art. 17, Decreto 95/1991, do 20 de marzo* |
| 2. Terminación do proceso selectivo sen telo superado. | • *Art. 16.1, Decreto 95/1991, do 20 de marzo* |
| 3. Terminación do proceso selectivo téndoo superado, pero quedando en “expectativa de nomeamento”. | |
| 4. Renuncia. | |
| 5. Perda da nacionalidade española. | |
| 6. Pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público. | |
| 7. Sanción disciplinaria por falta moi grave. | • *Art. 9.1, Decreto 94/1991, do 20 de marzo* |
| **D.- CUMPRIMENTO DA OBRIGACIÓN** | |
| **D.I. LEGALIDADE ORZAMENTARIA** | |
| O gasto que derive do réxime de escola requirirá a existencia de crédito orzamentario no programa que inclúa a función docente desta; o que sexa consecuencia do período selectivo poderá ser imputado aos programas dotados para o efecto, excepto cando consistan no desempeño dun posto de traballo que afectará ao programa de gasto en que figure este posto. | |
| **D.2. HABILITACIÓN PAGADORA** | |
| 2.I Funcionarios en prácticas que non desempeñen un posto de traballo.<br>A habilitación adecuada é a da consellería á que se encontre adscrito funcionalmente o corpo ou escala no que aspiren a ingresar os funcionarios en prácticas e que asuma o pagamento das retribucións do persoal administrativo destinado na propia escola ou centro responsable do curso. | |
| 2.2 Funcionarios en prácticas que desempeñen un posto de traballo. | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| Neste caso, os funcionarios en prácticas deben incorporarse á nómina das unidades administrativas nas que realicen as prácticas. | |

## D.3. RETRIBUCIÓNS

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| 3.I Réxime propio dos funcionarios en prácticas. | • *Art. 16.2, Decreto 95/1991, do 20 de marzo* |
| 3.I.I Sen desempeñar posto de traballo. | |
| Retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo en que estea clasificado o corpo ou escala no que aspiren a ingresar. | |
| 3.I.2 Desempeñando o posto de traballo. | • *Art. 5, Lei orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 1999.* |
| Ademais da sinalada no punto 3.I.I., as retribucións complementarias correspondentes ao posto de traballo que se desempeña: Complemento de destino, complemento específico do posto, se o tivese e, se é o caso, o complemento de productividade. | |
| 3.2 Réxime dos funcionarios en prácticas que se encontraban prestando servicios remunerados á Administración. | • *Art. 16.3, Decreto 95/1991, do 20 de marzo* |
| Exercicio do dereito de opción entre percibir: | |
| a) Unha remuneración por igual importe da que lles correspondería no posto de traballo de orixe, ou | |
| b) A que proceda segundo o réxime sinalado como propio dos funcionarios en prácticas (apdo. 3.I) | |

## D.4. DEVENGO DE RETRIBUCIÓNS

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| 4.I Retribucións que se devenguen con carácter fixo e periodicidade mensual. | • *Art. 34, Lei 33/1987, do 23 de decembro e Orde anual que dicta instruccións sobre confección de nóminas* |
| Devénganse e aboanse por mensualidades completas, salvo nos seguintes casos, en que se liquidarán por días: | |
| a) No mes de incorporación ao curso selectivo ou á realización do período de prácticas. | |
| b) No mes de toma de posesión como funcionario de carreira. | |
| c) No mes de terminación do curso selectivo nos supostos de non telo superado ou de terse quedado en “expectativa de nomeamento”. | |
| d) No mes en que se produza calquera outro feito ou acto que implique a perda da condición de funcionario en prácticas, salvo que sexa por falecemento, se o interesado está suxeito a calquera réxime de pensións públicas que se devenguen por mensualidades completas desde o primeiro día do mes seguinte ao do nacemento do dereito. | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|

4.2 Pagas extraordinarias.

Deben aboarse en contía proporcional ao tempo de asistencia ao curso selectivo ou ao período de prácticas, cando non alcance a totalidade dos seguintes períodos:

| Pagas extraordinarias | Períodos |
|---|---|
| Xuño | Desde o 1 de decembro inmediato anterior ata o 31 de maio seguinte |
| Decembro | Desde o 1 de xuño inmediato anterior ata o 30 de novembro seguinte |

O importe da paga reducirase proporcionalmente, computando cada día de servicios prestados no importe resultante de dividi-la contía da paga extraordinaria que na data de devengo lle correspondese polo período completo dos 6 meses entre cento oitenta e dous días, cento oitenta e tres en anos bisestos respectivamente. Se o cesamento se produce durante o mes de decembro, a liquidación realizarase de acordo coas contías das retribucións vixentes neste.

Cando os funcionarios prestasen unha xornada de traballo reducida durante os seis meses inmediatos anteriores aos meses de xullo ou decembro, o importe da paga extraordinaria experimentará a correspondente reducción proporcional.

4.3 Retribucións que non reúnan os caracteres de fixeza e/ou periodicidade.

Datas que procedan segundo regulación das correspondentes retribucións

## D.5. XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL DA NÓMINA

5.I Altas:

- Resolución pola que se dispón o nomeamento (apartado A.2.).
- Dilixencia de incorporación ao curso selectivo ou ao período de prácticas (apartado A.3 e 4).
- Nomeamento como titular dun posto de traballo, outorgado polo órgano competente (no suposto de que as prácticas se realicen desempeñando un posto de traballo).
- Resolución ou acordo sobre asignación, se é o caso, do complemento de productividade (B.2).

Ademais, no caso daqueles que xa prestaban servicios remunerados á Administración:

a) Declaración na que se exerza o dereito de opción.

Referencia lexislativa:

- *Art. 33, Lei 33/1987, do 23 de decembro*
- *Art. 23.b), Lei 31/1991, do 30 de decembro*

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| b) Certificación regulamentaria de baixa de haberes, expedida pola habilitación que lle aboaba as súas retribucións. | |
| E no caso de opción dunha remuneración equivalente da que lles correspondese no posto de traballo de orixe: Certificación expedida polo habilitado correspondente acreditativa da contía e condicións de devengo da expresada remuneración. | |
| A inclusión en nómina das pagas extraordinarias xustificarase con certificación acreditativa do período computable, expedida pola habilitación á que correspondese o aboamento das retribucións durante este período. | |
| 5.2 Baixas. | |
| Dilixencia acreditativa da toma de posesión como funcionario de carreira, xa que durante o prazo posesorio continuarán os interesados percibindo as mesmas retribucións que lles fosen acreditadas como funcionarios en prácticas. | • *Art. 16.4, Decreto 95/1991, do 20 de marzo* |
| Certificación outorgada polo órgano competente, pola que se acredita a posible circunstancia daqueles funcionarios que finalizaron o curso sen superalo ou que, téndoo superado, han de quedar en "expectativa de nomeamento". | • *Art. 17, Decreto 95/1991, do 20 de marzo* |
| Certificación outorgada polo órgano administrativo competente nos restantes supostos de extinción da obrigación, tendo en conta que no caso de falecemento, a liquidación de haberes debe realizarse pola mensualidade completa do mes en que se produza o óbito; e nos outros casos (perda da nacionalidade ou renuncia), por días no mes en que teñan lugar. | |
| **D.6. DESCONTOS FORMALIZABLES EN NÓMINA** | |
| a) Funcionarios en prácticas de corpos do Estado incluídos no réxime de clases pasivas. | • *RD 506/1986, do 7 de marzo* |
| - Imposto sobre a renda das persoas físicas. | • *RD 2717/1998, do 18 de decembro* |
| - Dereitos pasivos. | • *Art. 23, RDL, 670/1987, do 30 de abril* |
| - Muface e Mugeju. | • *Lei de orzamentos xerais de cada ano* |
| b) Funcionarios de corpos incluídos en réximes do sistema da Seguridade Social. | • *RDL 1/1994, do 20 de xuño* |
| - Imposto sobre a renda das persoas físicas. | • *RD 2717/1998, do 18 de decembro* |
| - Cota do traballador de seguros sociais. | • *Lei de orzamentos do Estado de cada ano* |

| Descrición | Referencia lexislativa |
| --- | --- |
| **D.7. PAGAMENTO DA NÓMINA**<br><br>O concepto orzamentario específico é o seguinte:<br><br>Concepto 124.- “Retribucións de funcionarios en prácticas”. | • *Orde do 6 de xuño de 1998* |

# 9.4. Funcionarios eventuais

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| É persoal eventual o que en virtude de libre nomeamento polos conselleiros e con carácter non permanente ocupa un posto de traballo considerado de confianza ou asesoramento especial non reservado a funcionarios, e que con este carácter figura nas "relacións de postos de traballo".<br><br>Só poderán exercer funcións expresamente cualificadas de confianza ou asesoramento especial, non reservadas a funcionarios.<br><br>A súa prestación de servicios á Administración ten carácter transitorio e nunca poderá ser considerada como mérito para o acceso a funcionario. | • *Art. 6, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| Corresponde ao Consello da Xunta fixa-lo número de postos reservados a este tipo de persoal, coas súas características e retribucións, dentro do crédito orzamentario consignado para o efecto. | • *Art. 6.3, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| Aos funcionarios eventuais seralles aplicable por analoxía, e en canto sexa adecuado á súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira, con excepción do dereito á permanencia na función, a niveis de remuneración determinados ou ao réxime de clases pasivas. | • *Art. 8, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| En todo caso, os postos de traballo correspondentes han de figurar nas relacións de postos de traballo. | • *Art. 6 , Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modif. pola Lei 3/1995* |

## A.- NACEMENTO DA OBRIGACIÓN

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| **A.I. NOMEAMENTO** | |
| I.I. Órgano competente.<br><br>Os funcionarios eventuais serán de libre nomeamento dos conselleiros. | • *Art. 6, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| I.2. Modelo de documento.<br><br>Non existe. | |
| I.3. Determinación do posto de traballo.<br><br>O posto de traballo ha de ser conferido polo conselleiro que o nomease, de entre os que figuren adscritos a funcionarios eventuais na relación de postos de traballo. | |
| I.4. Requisitos xerais.<br><br>O nomeamento é libre: Non hai requisitos adicionais de titulación, persoais, selección, etc. | • *Disposición adicional, Decreto 93/1991* |
| **A.2. XURAMENTO OU PROMESA** | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| **A.3. TOMA DE POSESIÓN** | |
| 3.I. Órgano competente.<br>A dilixencia corresponde outorgala aos secretarios xerais. | |
| 3.2. Modelo de documento. | • *Orde do 10 de novembro de 1994* |
| 3.3. Cumprimento normativa sobre incompatibilidades. | • *Disposición adicional oitava, Lei 4/1988, da función pública de Galicia, modif. pola Lei 3/1995* |
| **A.4. INSCRICIÓN NO REXISTRO CENTRAL DE PERSOAL** | |
| Modelo de documento. | • *Orde do 10 de novembro de 1994* |
| **A.5. POSIBLE DEVENGO DE DETERMINADOS CONCEPTOS RETRIBUTIVOS, DESPOIS DO RECOÑECEMENTO POLO ÓRGANO COMPETENTE** | |
| - Complemento de productividade. | • *Art. 64.3.c), Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia*<br>• *Art. 15.Tres, Lei 6/1998, de orzamentos xerais da Comunidade para 1999* |
| - Prestación económica da Seguridade Social por fillo a cargo menor de 18 anos, non afectado por minusvalía (A.5.3). | • *Lei 26/1990, do 20 de decembro*<br>• *Real Decreto 356/1991, do 15 de marzo* |
| - Prestación familiar por fillo minusválido (A.5.4). | • *Arts. 167 ao 171 da Lei xeral da Seguridade Social, na declaración dada polo art. 3 da Lei 26/1990, do 20 de decembro* |
| - Gratificacións por servicios extraordinarios realizados fóra da xornada normal. | |
| - Así mesmo, os funcionarios en servicios especiais terán dereito á percepción dos trienios que puidesen ter recoñecidos como funcionarios. | • *Art. 53.1, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modif. pola Lei 3/1995 e Lei 8/1999, de medidas*<br>• *Art. 5.15 e), Decreto 92/1991* |
| **B.- MODIFICACION DA OBRIGACIÓN** | |
| I. Suspensión da relación de servicios.<br>A relación de servicios dos funcionarios de emprego queda suspendida cando cese a autoridade á que presta a súa función de confianza. | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| 2. Reducción de xornada (B.I.I.2). | • *Art. 70.e) e 71, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modif. pola Lei 3/1995 e*<br>• *Art. 4, Decreto 5/1987* |
| 3. Licencia por asuntos propios (B.I.I.4). | |
| 4. Prórrogas mensuais das licencias por enfermidade, devengando só o soldo e o complemento familiar. Só funcionarios da Administración do Estado. | • *Art. 69.2, LAFCE* |
| 5. Licencias para realizar estudios sobre materias directamente relacionadas coa función pública, con dereito ao percibo do soldo e complemento familiar. (B.I.I.5). | • *Art. 68.5, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| **C.- EXTINCION DA OBRIGACIÓN** | |
| I. Cesamento automático cando cesa a autoridade á que presta a súa función de confianza e asesoramento. | • *Art. 6.4, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| 2. Acto de libre disposición outorgado pola autoridade competente para o seu nomeamento. | |
| 3. Outras causas: Renuncia á condición de funcionario eventual, perda da nacionalidade española, sanción disciplinaria de separación do servicio e pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público. | • *Art. 46, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modif. pola Lei 3/1995* |
| **D.- CUMPRIMENTO DA OBRIGACIÓN** | |
| **D.I. LEGALIDADE ORZAMENTARIA** | |
| Créditos orzamentarios específicos na Lei de orzamentos de cada exercicio. | • *Art. 65.2, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| **D.2. RETRIBUCIÓNS** | |
| As que determine o Consello da Xunta para cada posto cualificado de confianza ou asesoramento especial, normalmente a través dos catálogos orgánicos e/ou relacións de postos de traballo. | • *Art. 6.3 , Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| 2.I Devengo de retribucións. | |
| 2.I.I De contía fixa e vencemento periódico. | |
| 2.I.2 De contía variable e aperiódicas: Cando sexan recoñecidas polo órgano competente. | • *Art. 64, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modif. pola Lei 3/1995* |
| 2.2 Contías. | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| - Soldo e pagas extraordinarias.<br><br>- Segundo contías fixadas anualmente a través da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. | • *Art. 6.3, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| - Posibilidade de complemento de productividade. | • *Art. 64, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia*<br>• *Art. 5º, Lei orzamentos xerais da Comunidade para 1999* |
| - Posibilidade de prestación económica da Seguridade Social.<br><br>- Posibilidade de trienios, no suposto de funcionarios eventuais que teñen a condición de funcionarios de carreira en situación de servicios especiais. | |

## D.3. XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL DA NÓMINA

3.l Altas.

- Nomeamento para o posto que se vaia desempeñar e asimilación de retribucións de conformidade co anexo de persoal da Lei de orzamentos xerais.
- Dilixencia acreditativa da toma de posesión.
- Dilixencia acreditativa da inscrición no rexistro central de persoal.
- Autorización das cantidades asignadas, se é o caso, polo órgano competente, con respecto a:
    - Complemento de productividade.
    - Prestación familiar por fillo a cargo (véxase A.5.3 e A.5.4 de Funcionarios de carreira).
    - Trienios recoñecidos a funcionarios de carreira.

3.2 Baixas.

- Acordo outorgado por parte da autoridade competente pola que sexa disposto o cesamento.
- Dilixencia de cesamento.
- Dilixencia acreditativa da anotación do cesamento no rexistro central de persoal.
- Acordo da autoridade competente pola que se autorice a suspensión da relación de servicio.

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| **D.4. DESCONTOS FORMALIZABLES EN NÓMINA** | |
| - Imposto sobre a renda das persoas físicas. | • *RD 2717/1998, do 18 de decembr* |
| - Cota de seguros sociais. | • *RDL 1/1994, do 20 de xuño* |
| Están incluídos no réxime xeral da Seguridade Social. | |
| - Cotas de dereitos pasivos e mutualidades xerais (Muface, Isfas). | • *RD 1683/1987, do 30 de decembro* |
| Afecta aos que teñan a condición de funcionarios de carreira en situación de servicios especiais. | • *Art. 23, RDL 670/1987, do 30 de abril* |
| **D.5. PAGAMENTO DA NÓMINA** | |
| O pagamento das nóminas impútase ao concepto orzamentario 110, “Retribucións e outras remuneracións do persoal eventual de gabinetes”. | |
| O complemento de productividade impútase ao concepto 150 e as gratificacións ao 151. | |
| **D.6. ACTUACIÓN INTERVENTORA** | |
| En canto aos nomeamentos de funcionarios eventuais cabe opoñer por vía de intervención, ademais de que sexan outorgados pola autoridade competente, que o posto a que se refira o nomeamento figure detallado nos respectivos catálogos. | |
| A resolución acreditativa do nomeamento, a dilixencia administrativa da toma de posesión, así como a verificación de que as retribucións están de acordo co anexo de persoal, son aspectos de comprobación obrigatoria na fase de fiscalización limitada previa. (Apartados primeiro e cuarto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 18 de marzo de 1999, publicado no DOG nº 82 , do 30 de abril de 1999. | • *Resolución do 31 de marzo de 1999, Consellería de Economía e Facenda* |

# 9.5. Funcionarios interinos

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| **A.- NACEMENTO DA OBRIGACIÓN** | |
| Son aqueles funcionarios que, con carácter transitorio por razón de necesidade ou urxencia, ocupan prazas de cadro de persoal en tanto non sexan provistas por funcionarios de carreira. | • *Art. 7, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| Aos funcionarios interinos seralles aplicable por analoxía e en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira, con excepción do dereito á permanencia na función, ou a niveis de remuneración determinados. | • *Art. 8, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| O persoal transferido do Estado, tanto en réxime de contratación administrativa como interino e o persoal interino do Decreto 57/1983 poderán acceder á condición de funcionario mediante participación en concurso-oposición libre. | • *Disposición transitoria décima, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| O persoal que non supere as probas terá dereito á valoración dos servicios prestados noutras dúas convocatorias consecutivas.<br><br>O que non supere o concurso-oposición nas tres convocatorias permanecerá prestando servicios na Comunidade Autónoma coa condición de laboral fixo. | • *Disposición transitoria décimo primeira , Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| **A.I SELECCIÓN** | |
| I.I Anuncio no Diario Oficial de Galicia salvo no caso de “substitucións” ou de vacantes producidas trala publicación da oferta ou de prazas que continúen vacantes unha vez concluídos os correspondentes procesos selectivos. | • *Art.7, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia*<br>• *Art.19, Decreto 95/1991, do 20 de marzo* |
| I.2 Convocatoria de provisión de postos de traballo con persoal funcionario interino e correspondentes procesos selectivos. | • *Decreto 89/1997, do 10 de abril, modif. polo Decreto 70/2000*<br>• *Art.7, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia*<br>• *Art.19, Decreto 95/1991, do 20 de marzo.- Regulamento de selección de persoal* |
| **A.2 REQUISITOS PERSOAIS** | |
| 2.I Titulación e requisitos de acceso propios da vacante que se cubre.<br>2.2 Superación das probas de aptitude, reunión das condicións esixidas. | • *Art. 3, Decreto 89/1997, do 10 de abril, modificado polo Decreto 70/2000* |
| **A.3 NOMEAMENTOS** | |
| 3.I Funcionario interino.<br>3.I.I Órgano competente: Conselleiro competente en materia de función pública, excepto persoal docente, de investigación ou | • *Art. 13.2.9, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| sanitario.<br><br>3.I.2 Modelo de documento:<br><br>3.I.3 Inscrición no rexistro de persoal.<br><br>3.2 Nomeamento para o posto de traballo concreto, outorgado polo órgano competente ou, no seu lugar, asignación de posto de nivel mínimo do corpo ou escala vacante. | • *Art. 19, Decreto 95/1991, do 20 de marzo*<br>• *Orde do 10 de novembro de 1994*<br>• *Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| **A.4 TOMA DE POSESIÓN** | |
| 4.I Órgano competente: Os conselleiros, por delegación os secretarios xerais ou delegados provinciais, segundo destinos nos servicios centrais, ou servicios periféricos, respectivamente. | • *Art. 15, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| 4.2 Documento no que se reflicte a dilixencia outorgada con motivo da toma de posesión.<br><br>Anexo I da orde da referencia. | • *Art. 3, Orde do 10 de novembro de 1994* |
| 4.3 Na dilixencia de toma de posesión deberá facerse consta-la manifestación do interesado de que non incorre en ningún suposto de incompatibilidade. | • *Art. 13.1, RD 598/1985, do 30 de abril* |
| 4.4 Se o interesado vén desempeñando outro posto ou actividade no sector público, procederase como determina o art. 10 da Lei 53/1984. | • *Art. 13.2, RD 598/1985, do 30 de abril* |
| 4.5 Se realizase actividades privadas, procederase segundo se indica no real decreto da referencia. | • *Decreto 165/1989, do 27 de xullo*<br>• *Arts. 13.3 e 13.4, RD 598/1985, do 30 de abril*<br>• *Disposición adicional oitava, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, engadida pola Lei 3/1995.* |
| 4.6 Dilixencia de anotación no rexistro de persoal da toma de posesión, estendida en modelo de acordo coa orde da referencia. | • *Orde do 10 de novembro de 1994* |
| **A.5 POSIBLE DEVENGO DE DETERMINADOS CONCEPTOS RETRIBUTIVOS, DESPOIS DO RECOÑECEMENTO POLO ÓRGANO COMPETENTE** | |
| - Complemento persoal e transitorio de funcionarios interinos nomeados con anterioridade ao 01.01.85. | • *Art. 16.3, Lei 21/1986, do 23 de decembro* |
| - Complemento de productividade. | • *Art. 5.Tres, Lei de orzamentos xerais do Estado para 1999* |
| - Prestación económica da Seguridade Social por fillos a cargo (pode ser devengada polos funcionarios interinos que ocupen vacantes en escalas | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| de funcionarios de organismos autónomos). (Véxase A.5.3 e A.5.4 de Funcionarios de carreira). | |
| - Gratificacións por servicios extraordinarios realizados fóra da xornada normal. | • *Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma* |
| **B.- MODIFICACIÓN DA OBRIGACIÓN** | |
| **B.I REDUCCIÓN OU INTERRUPCIÓN DA PRESTACIÓN LABORAL** | |
| I.I Funcionarios que realizan a xornada de traballo reducida nun medio ou nun tercio, por razón de garda legal (véxase B.I.I.I de Funcionarios de carreira). | |
| I.2 Funcionarios con xornada inferior á normal excluída a razón de garda legal (véxase B.I.I.2 de Funcionarios de carreira). | |
| I.3 Exercicio do dereito de folga (véxase B.I.8 de Funcionarios de carreira). | |
| I.4 Suspensión provisional de funcións (véxase B.2.7 de Funcionarios de carreira). | |
| **B.2 MODIFICACIÓN DE RETRIBUCIÓNS PERSOAIS E DE PRESTACIÓNS SOCIAIS.** | |
| 2.I Complemento persoal e transitorio, absorción con cargo a melloras retributivas (véxase B.I.2.I de Funcionarios de carreira). | |
| 2.2 Axuda económica da Seguridade Social por fillos minusválidos. | |
| 2.3 Prestación económica da Seguridade Social por fillos a cargo (véxase A.5.3 e A.5.4 de Funcionarios de carreira).<br>Variación anual ou novos recoñecementos de dereitos. | |
| **B.3 MODIFICACIÓN DE RETRIBUCIÓNS DE CARÁCTER XERAL** | |
| 3.I Variación reflectida para cada exercicio orzamentario na correspondente Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. | |
| **C.- EXTINCIÓN DA OBRIGACIÓN** | |
| I. Cesamento automático, ao cubrirse a vacante.<br>(Toma de posesión polo funcionario de carreira). Procederase de oficio á cancelación da súa inscrición no rexistro central de persoal. | • *Art. 7.3, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| 2. Decisión unilateral da Administración. | |
| 3. Perda da condición de funcionario (véxase C.2 e C.3 de Funcionarios de carreira).<br>3.I Renuncia. | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| 3.2 Perda da nacionalidade española. | |
| 3.3 Sanción disciplinaria de separación do servicio. | |
| 3.4 Pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público. | |
| 3.5 Falecemento. | |
| 4. Anotación no rexistro de persoal. | • *Art. 22, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| 5. Prescrición do dereito ao recoñecemento ou á esixencia do pagamento da obrigación liquidada. | • *Art. 27, texto refundido da Lei de réxime financiero e orzamentario de Galicia* |
| **D.- CUMPRIMENTO DA OBRIGACIÓN** | |
| **D.I LEGALIDADE ORZAMENTARIA** | |
| I.I Crédito orzamentario adecuado e suficiente (o correspondente ao persoal funcionario de carreira a vacante do cal se cubre). | • *Arts. 56 e 57, texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia* |
| I.2 Vacante no catálogo e/ou relación de postos de traballo. | • *Art. 7, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| **D.2 RETRIBUCIÓNS** | |
| 2.I Devengo. | |
| 2.I.I De carácter fixo e vencemento periódico. | • *Art. 64, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| 2.I.2 De contía variable e aperiódicas. | |
| - Cando sexan recoñecidas polo órgano competente. | |
| - Complemento de productividade (pagamentos por unha soa vez). Asignación individual. | • *Art. 5.Tres, Lei de orzamentos xerais para 1999* |
| - Prestación económica da Seguridade Social. | |
| - Gratificacións por servicios extraordinarios. | |
| - Autorización polo Consello da Xunta por proposta da consellería onde prestan servicios os interesados. | • *Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de cada ano* |
| 2.2 Contías, referidas ás dos funcionarios de carreira: | • *Art. 15.Dous, Lei 6/1998, de orzamentos xerais para 1999* |
| 100% das retribucións básicas (excluídos trienios). | |
| 100% das retribucións complementarias: | |

| *Descrición* | *Referencia lexislativa* |
|---|---|
| • Complemento de destino. | |
| • Complemento específico. | |
| • Complemento persoal e transitorio, de funcionarios interinos nomeados con anterioridade ao 01.01.85. | |
| • Complemento de productividade. | • *Art. 15.Tres, Lei 6/1998, de orzamentos xerais para 1999* |
| • Prestación económica da Seguridade Social por fillo a cargo. | |
| **D.3 XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL DA NÓMINA** | |
| 3.I Altas. | |
| 3.I.I Nacemento da obrigación. | |
| - Nomeamento (ver puntos A.3.I.I e A.3.2). | |
| - Modelo de documento (ver punto A.3.I.2). | |
| - Dilixencia de toma de posesión (ver punto A.4.2). | |
| - Inscrición no rexistro central de persoal (ver punto A.4.6). | |
| - Prestación económica da Seguridade Social por fillo a cargo. | |
| 3.I.2 Modificación da obrigación. | |
| - Cesamento na prestación de xornada reducida. | |
| Xustificante: Comunicación do xefe da unidade de persoal acreditativa do feito que orixina o cambio de situación. | |
| - Cesamento na suspensión provisional de funcións con pronunciamento favorable para o interesado. | • *Arts. 17.2 e 20.2, Decreto 94/1991* |
| Xustificante: Acordo do secretario xeral da consellería en que estea destinado o funcionario (ver B.2.7 de Funcionarios de carreira). | |
| 3.2 Baixas. | |
| 3.2.I Extinción da obrigación. | |
| - Causa orixinaria (ver apartado C). | • *Art. 7.3, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| - Outras causas: | |
| Xustificantes: Copia da comunicación rendida ao rexistro central de funcionarios para os efectos de anotación da perda da condición de funcionario. | • *Orde do 10 de novembro de 1994* |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| Modelo anexo orde da referencia. | |
| 3.2.2 Modificación da obrigación. | |
| - Autorización para realizar xornada reducida por razón de garda legal.<br>Xustificante: Documento (ver B.I.I. de Funcionarios de carreira). | |
| - Autorización para realizar xornada inferior á normal, excluída como causa a garda legal.<br>Xustificante: Concesión outorgada polo órgano competente. | • *Art. 70.e e 71, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modif. pola Lei 3/1995*<br>• *Art. 4, Decreto 5/1987* |
| - Exercicio do dereito de folga.<br>Xustificante: Certificado do órgano competente no que se determinen os funcionarios de folga e o tempo da súa duración. | • *Art. 36.6, Lei 33/1987, do 23 de decembro* |
| - Suspensión de funcións.<br>Xustificante: Acordo do secretario xeral da consellería en que preste os seus servicios o interesado. | |
| - Absorción do complemento persoal e transitorio.<br>Xustificante: Liquidación do habilitado de persoal explicativa das melloras computadas para determina-la cantidade absorbida. | |
| **D.4 DESCONTOS FORMALIZABLES** | |
| De carácter xeral. | |
| - Imposto sobre a renda das persoas físicas. | • *RD 2717/1998, do 18 de decembro*<br>• *Resolución do 28 de decembro do Departamento de Xestión Tributaria da AET* |
| - Seguridade Social de funcionarios interinos de corpos e escalas da Administración do Estado:<br>a) Réxime xeral da Seguridade Social, excepto a continxencia de "Fondo de Garantía Salarial". | • *OM do 28 de abril de 1967 (Presidencia do Goberno), Art. 14.1, Lei 31/1965, do 4 de maio.* |
| b) Os funcionarios interinos nomeados con anterioridade ao 01.01.1965, que percibisen soldo detallado nos orzamentos xerais do Estado con cargo a persoal quedan incluídos nos campos de aplicación de clases pasivas do Estado e do mutualismo administrativo e suxeitos polo tanto ao desconto das correspondentes cotas. | • *Art.1, DL 10/1965, do 23 de setembro; Art. 3.1, Lei 29/1975, do 27 de xuño* |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| - Seguridade Social de funcionarios interinos de organismos autónomos.<br><br>Réxime xeral, excepto a continxencia de “Fondo de Garantía Salarial”. | |
| **D.5 PAGAMENTO DA NÓMINA** | |
| A nómina será aboada con cargo ás dotacións orzamentarias establecidas para os funcionarios de carreira. | |
| Utilización de documentos “AD” e “OK” de acordo cos supostos que contemplan as normas de referencia. | • *Circular nº 6 /1986, do 28 de novembro, da Intervención Xeral* |
| O procedemento de pagamento será o establecido no Decreto 680/1974, do 28 de febreiro. | • *Decreto 680/1974, do 28 de febreiro* |
| **D.6 ACCIÓN INTERVENTORA** | |
| O acordo de nomeamento, documento ou dilixencia de toma de posesión e verificación de que as retribucións están de acordo co grupo e posto de traballo son aspectos de comprobación obrigatoria na fase de fiscalización limitada previa, apartado cuarto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 18 de marzo de 1999, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 31 de marzo de 1999 publicada no DOG do 30 de abril (DOG nº 82). | • *Resolución do 31 de marzo de 1999, Consellería de Economía e Facenda* |

# 9.6. Persoal laboral fixo

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| **A.- NACEMENTO DA OBRIGACIÓN** | |
| **A.I. REQUISITOS OBXECTIVOS** | |
| I.I. Definición. É persoal laboral o que en virtude dun contrato de natureza laboral, que deberá formalizarse, en todo caso por escrito, ocupe postos de traballo clasificados como tales na relación de postos de traballo. | • *Art. 9, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| I.2. Condicións das prazas que se vaian cubrir:<br>a) Figurar detalladas nas relacións de postos de traballo.<br>b) Estar dotadas orzamentariamente (figurar en cadro de persoal). | • *Arts. 9 e 25, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| I.3. Para a elaboración dos postos de traballo terase en conta o disposto no artigo 25 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 4/1991.<br>A proposta de relación de postos de traballo é formulada polo conselleiro competente en materia de función pública (art. 13.2.5 da Lei da función pública de Galicia). | • *Art. 25, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| I.4. As relacións de postos de traballo adscritos a persoal lab oral en cada órgano ou dependencia, expresan a categoría profesional e o réxime xurídico aplicable, as características esenciais e o nivel de retribucións. | • *Art. 6, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| **A.2. PROCESO SELECTIVO** | |
| 2.I. Obrigacións empresariais previas á contratación. | |
| 2.I.I. Os postos de traballo que, segundo as correspondentes relacións de postos de traballo, deban ser desempeñados por persoal laboral, serán provistos polos procedementos sinalados no artigo da referencia. | • *Art. 7, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| 2.I.2. O acceso ás distintas categorías de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia realizarase logo da convocatoria pública realizada para o efecto.<br>Unha vez concluído o proceso selectivo para os aspirantes que o superasen, publicada a lista no DOG e achegada a documentación esixida na convocatoria, procederase ao seu nomeamento e o adxudicatario dun posto de traballo poderá tomar posesión do seu destino. | • *Art. 8, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| 2.2. Regras administrativas | |
| 2.2.I. As necesidades de recursos humanos de carácter administrativo serán desempeñadas por funcionarios públicos.<br>Exceptúanse: | • *Arts. 25.2 e 29.6, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |

| *Descrición* | *Referencia lexislativa* |
|---|---|
| a) Aqueles postos de natureza non permanente e aqueles as actividades dos cales se dirixan a satisfacer necesidades de carácter periódico e discontinuo. | |
| b) Actividades propias de oficios. | |
| c) (Ver artigo 25.2 da referencia lexislativa). | |
| 2.2.2. Os procedementos de selección e acceso do persoal á Administración do Estado rexeranse polas bases da convocatoria respectiva, que se axustarán en todo caso ao disposto no III Convenio Colectivo, leis que resulten aplicables e Regulamento de selección de persoal. | • *Art. 10, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| 2.2.3 Tódolos procedementos de selección e acceso do persoal laboral realizaranse mediante convocatoria pública e a través dos sistemas legalmente establecidos nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade. | • *Art. 9.2, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| 2.2.3. As convocatorias de probas selectivas do persoal laboral, xa se trate de probas de ascensos ou libres, requirirán o informe favorable do conselleiro de Economía e Facenda respecto da existencia de dotación orzamentaria e a autorización do conselleiro competente en materia de función pública. | • *Arts. 13.2.13 e 14, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| 2.2.4. A selección do persoal laboral fixo, previa á súa contratación, realizarase polo sistema de concurso-oposición. | • *Art. 8, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| 2.2.6. Os sistemas de promoción interna e cambio de categoría do persoal laboral que non sexa de novo ingreso rexeranse polas normas do convenio en vigor. | • *Art. 9, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| **A.3. FISCALIZACIÓN DO GASTO** | |
| Procedemento alternativo: | |
| 3.I. Planos de contratación. | |
| 3.2. Contratos illados. | |
| **A.4. CELEBRACIÓN DO CONTRATO** | |
| 4.I. Capacidade do contratado. | • *Art. 7, ET* |
| 4.2. Órgano administrativo competente: Conselleiro competente en materia de función pública. | • *Art. 13.2.3, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| 4.3. Forma. Os contratos celebraranse por escrito. Incluirán, en todo caso, expresión do convenio colectivo ao que queda acollida a relación laboral, así como a categoría profesional para a que se contrata o traballador e o período de proba. Deberá incluírse cláusula relativa ao coñecemento das obrigacións derivadas da normativa sobre incompatibilidades. | • *Art. 13.2, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| **A.5. TOMA DE POSESIÓN DO POSTO DE TRABALLO** | |
| 5.I. Adecuación do acto aos termos e prazos sinalados pola convocatoria con base na cal accede o traballador ao posto. Disporá dun mes para tomar posesión no seu destino. | • *Art. 13.1, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| 5.2. Cumprimento da normativa sobre incompatibilidades. | • *Art. 5, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia*<br>• *Art. 13.2, RD 598/1985, do 30 de abril* |
| 5.2.I. Se o interesado viñese desempeñando outro posto ou actividade no sector público, procederase como determina o artigo 10 da Lei 53/1984. | • *Disposición adicional oitava, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia*<br>• *Arts. 13.3 e 13.4, RD 598/1985* |
| 5.2.2. Se realizase actividades privadas, procederase segundo se indica no real decreto. | • *Disposición adicional oitava, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia* |
| 5.2.3. Dilixencia de inscrición no rexistro de persoal da toma de posesión, estendida en modelo de acordo coa orde da referencia. | • *Orde do 10 de novembro de 1994* |
| **A.6. ADQUISICIÓN DA CONDICIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO** | |
| Pola superación do período de proba (condición resolutoria do contrato).<br><br>Durante o período de proba o traballador terá os dereitos e obrigacións correspondentes ao posto de traballo que desempeñe, como se fose do cadro de persoal, excepto os derivados da resolución da relación laboral, que poderá producirse, a instancia de calquera das partes, durante o seu transcurso. A invalidez provisional interrompe o período de proba.<br><br>O tempo dos servicios prestados durante o período de proba é computable na antigüidade do traballador. | • *Art. 14, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| **A.7. TRABALLADORES INDEFINIDOS TEMPO PARCIAL ORDINARIO** | |
| Durante os catro anos seguintes á entrada en vigor do Real decreto lei 8/1997, do 16 de maio, poderá concertarse o contrato de traballo para o fomento da contratación indefinida que se regula na disposición adicional primeira da norma da referencia e nas condicións previstas nesta. | • *Lei 63/1997, do 26 de decembro*<br>• *RDL 5/2001, do 2 de marzo* |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| O contrato a tempo parcial está definido no artigo 4 do Real decreto lei 18/1993, do 3 de decembro de 1993 e poderá concertarse por tempo indefinido ou por duración determinada.<br><br>Se os traballos que se vaian realizar son fixos e periódicos, que se repiten en datas certas, debe terse en conta seguinte apartado A.8. | • *Art. 4, RDL 18/1993, do 3 de decembro*<br>• *Art. 1, RDL 5/2001, do 2 de marzo* |
| **A.8. TRABALLADORES A TEMPO PARCIAL – FIXOS DISCONTINUOS** | |
| Aspectos diferenciais respecto dos traballadores fixos a xornada completa.<br><br>8.I. Modalidades: | |
| 8.I.I. Cando o traballador preste os seus servicios durante un determinado número de horas ao día, á semana, ao mes ou ao ano, inferior ao considerado como habitual na actividade de que se trate nestes períodos de tempo (fixo discontinuo). | • *Art. 12.1 e 2 do ET, modificado polo RDL 5/2001*<br>• *Art. 4, Lei 10/1994* |
| 8.I.2. Traballadores contratados para completa-los equipos necesarios durante un ou máis días á semana, cando se trata de empresas que pola natureza da súa actividade realicen o traballo en réxime de quendas, incluídos os domingos e días festivos (de relevo). | • *Art. 12.3 do ET, modificado polo RDL 5/2001*<br>• *Art. 4, Lei 10/1994* |
| 8.2. Forma do contrato.<br><br>Deberá formalizarse por escrito, no modelo que figura anexo ao real decreto da referencia, debendo rexistrarse na correspondente oficina de emprego, onde quedará depositado un exemplar. | • *Art. 8.2 do ET, modificado polo art. 1, RDL 5/2001*<br>• *Arts. 5.1 e 5.2, RD 2317/1993* |
| 8.3. Remuneración.<br><br>Será proporcional á establecida por lei ou convenio colectivo para o traballador da mesma categoría que ocupe un posto de traballo a tempo completo, tendo en conta a duración do traballo e a súa antigüidade na empresa. | • *Art. 2.2, RD 1991/1984, do 31 de outubro*<br>• *Orde de confección de nóminas de cada ano* |
| 8.4. Cómputo da antigüidade.<br><br>A antigüidade determinarase computando o tempo traballado desde o ingreso na empresa, como se se tratase dun traballador a tempo completo. | • *Art. 2.3, RD 1991/1994, do 31 de outubro* |
| 8.5. Horas extraordinarias.<br><br>O número de horas extraordinarias que se poderán realizar será o legalmente previsto en proporción á xornada pactada. | • *Art. 2.4., RD 1991/1994, do 31 de outubro* |
| **B.- MODIFICACIÓN DA OBRIGACIÓN** | |
| **B.I. PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA** | |
| I.I. Nas convocatorias de acceso reservarase un mínimo do 50% das vacantes ofertadas para a promoción interna. | • *Art. 9, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| I.2. Para participar nesta convocatoria os interesados deberán reunir certos requisitos, de acordo coa normativa de referencia. | |
| I.3. Os aspirantes de promoción interna serán eximidos dalgunhas das probas de quenda libre. | |
| **B.2. PROMOCIÓN ECONÓMICA DO TRABALLADOR** | |
| O complemento salarial por antigüidade terá efectos económicos desde o primeiro día do mes seguinte a aquel no que se perfeccione, excepto se se cumpre na primeira quincena do mes, xa que, neste caso, os efectos serían desde o primeiro día do mes de cumprimento. | • *Art. 27.b), III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| **B.3. CLASIFICACIÓN PROFESIONAL** | |
| 3.I. A clasificación profesional ten por obxecto a determinación, ordenación e definición das diferentes categorías profesionais que poden ser asignadas aos traballadores de acordo coas tarefas que efectivamente desempeñen. | • *Art. 22, ET; Epígrafe IV, Acordo marco 31-1-86; Art. 28.3, Lei 33/1987, do 23 de decembro* |
| 3.2. No anexo ao III Convenio colectivo único do persoal da Xunta de Galicia figuran as categorías que integran cada grupo.<br><br>Aquelas categorías profesionais non incluídas no anexo II por omisión ou calquera outra causa, serán integradas despois de estudio e acordo.<br><br>As modificacións retributivas que puidesen derivar dos procesos de reclasificación profesional deberán respecta-los límites de crecemento da masa salarial que se establezan nas sucesivas leis de orzamentos. | • *Art. 6, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia e disposicións transitorias segunda e terceira* |
| **B.4. POLO DESEMPEÑO TEMPORAL DE FUNCIÓNS DE SUPERIOR OU INFERIOR CATEGORÍA** | • *Art. 39.4, ET e art. 15, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| 4.I. Requírese autorización expresa da Dirección Xeral da Función Pública, dando conta ao comité intercentros para o desempeño de funcións de categoría superior. | |
| 4.2. A duración máxima desta función será de seis meses consecutivos ou dez meses alternos. | • *Art. 39.4, ET e art. 15, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| 4.3. O traballador só poderá realizar traballos de categoría inmediatamente inferior á súa durante un período non superior a 30 días consecutivos durante un ano. | |
| 4.4. O traballador só terá dereito á diferencia retributiva entre a categoría asignada e a función que efectivamente realice. | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| **B.5. POR DETERMINADAS MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO** | • *Arts. 41 e 50, ET* |
| Terán a consideración de modificacións substanciais das condicións de traballo, entre outras, as que afecten ás seguintes materias:<br>a) Xornada de traballo<br>b) Horario<br>c) Réxime de traballo por quendas<br>d) Sistema de remuneración<br>e) Sistema de traballo e rendemento<br>f) Funcións, cando excedan dos límites que para a mobilidade funcional prevé o artigo 39 do ET.<br><br>As modificacións substanciais poderán ser de carácter individual ou colectivo. A decisión de carácter individual deberá ser xustificada ao traballador ou ao seu representante legal cunha antelación mínima de 30 días á data da súa efectividade.<br><br>Se o traballador resultase prexudicado polas modificacións expresadas en a), b) e c), e sen prexuízo do establecido no art. 50 apdo. I a), terá dereito a rescindi-lo seu contrato e a percibi-la indemnización de 20 días de salario por ano de servicio, rateándose por meses os períodos inferiores a un ano e cun máximo de 9 meses. | |
| **B.6. REDUCCIÓN DA XORNADA DE TRABALLO** | |
| Quen por razóns de garda legal teña ao seu coidado directo algún menor de seis anos, un anciano ou un diminuído físico ou psíquico que non desempeñe outra actividade retribuída ou non perciba ingresos superiores ao salario mínimo interprofesional, terá dereito a unha reducción da xornada de traballo dun máximo de 3 horas, coa diminución proporcional do salario. | • *Art. 37.5, ET*<br>• *Art. 23.1, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia*<br>• *Orde de confección de nóminas de cada ano* |
| **B.7. INTERRUPCIÓNS NON RETRIBUÍDAS DA XORNADA DE TRABALLO** | |
| O persoal que cumprise polo menos un ano de servicio efectivo poderá solicitar licencia sen soldo por un prazo non inferior a 15 días nin superior a seis meses. Estas licencias seranlle concedidas dentro dos 15 días seguintes ao de solicitude, sempre que o permitan as necesidades do servicio. A duración acumulada destas licencias non poderá exceder de seis meses cada dous anos.<br><br>Así mesmo, contémplase a posibilidade de solicitar unha licencia sen soldo, por un tempo máximo dun ano nun período mínimo de 2 anos, para aqueles colectivos para os que polas súas especiais características e funcións así se considere aconsellable. | • *Art. 23.2, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |

| *Descrición* | *Referencia lexislativa* |
|---|---|
| **B.8. MOBILIDADE XEOGRÁFICA** | |
| 8.I. A mobilidade do persoal laboral que poida producirse como consecuencia das necesidades do servicio, sempre que non supoña unha modificación substancial das condicións de traballo ou non implique cambios de residencia, non terá a consideración de mobilidade xeográfica aínda que supoña cambio de unidade administrativa. | • *Art. 45, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| 8.2. A norma legal da referencia regula a mobilidade xeográfica no sentido de que os cambios de residencia requirirán a existencia de razóns económicas, técnicas, organizativas ou de producción que os xustifiquen ou ben contratacións referidas á actividade empresarial que deberán ir precedidas dun período de consultas a apertura do cal se notificará á autoridade laboral. | • *Art. 45.2, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| 8.3 Unha vez autorizado o traslado, o traballador terá dereito a optar entre o traslado, percibindo unha compensación por gastos, ou a extinción do contrato, mediante a indemnización de 20 días de salario por ano de servicio, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e cun máximo de doce mensualidades. Cando se considere urxente e inaprazable a provisión dun posto, poderá ser provisto mediante adscrición, que terá unha duración máxima dun ano prorrogable por outro máis se persisten as mesmas circunstancias. | • *Art. 45.1, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| **B.9. POR CAMBIO DE SITUACIÓN ADMINISTRATIVA** | |
| 9.I. Excedencia forzosa. | |
| 9.I.I. Será concedida pola designación ou elección para un cargo público que imposibilite a asistencia ao traballo. Dá dereito á conservación do posto e ao cómputo da antigüidade da súa vixencia. | • *Art. 26.3, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| 9.I.2. O reingreso deberá efectuarse no prazo máximo de 30 días a partir do cesamento no cargo, tendo efectos inmediatos. | |
| 9.2. Excedencia voluntaria. | |
| 9.2.I. Poderá ser solicitada polos traballadores fixos con dous anos, polo menos, de antigüidade no servicio do departamento ou organismo. A súa duración non poderá ser inferior a un ano nin superior a dez. | • *Art. 26.2, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| 9.2.2. O traballador que, como consecuencia da normativa sobre incompatibilidades, deba optar por un posto de traballo, quedará no que cese en situación de excedencia voluntaria, aínda cando non cumprise un ano de antigüidade no servicio. Permanecerá nesta situación un ano como mínimo e conservará indefinidamente o dereito preferente ao reingreso. | • *Art. 10, Lei 53/1984, do 26 de decembro* |
| 9.2.3. Reingreso. | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| 9.2.3.I. O traballador excedente voluntario que solicite a súa reincorporación terá dereito a ocupa-la primeira vacante que se produza con carácter provisional no seu grupo ou categoría. O reingreso producirase por orde de antigüidade na solicitude. | • *Art. 46.5, ET e art. 26, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| 9.2.3.2. O traballador excedente voluntario por aplicación da normativa sobre incompatibilidades conservará indefinidamente o dereito preferente ao reingreso en vacante de igual ou similar categoría á súa no departamento ministerial ou organismo en que se encontre excedente. | |
| 9.3. Excedencia para o coidado de fillos. | |
| 9.3.I.Nos supostos de que se solicite para atende-lo coidado dun fillo, tanto cando o sexa por natureza, como por adopción a contar desde a data do nacemento deste, o período de excedencia non poderá ser superior a tres anos e a iniciación dun novo período de excedencia por un novo fillo poñerá fin, se é o caso, ao que se viñese desfrutando. Cando o pai e a nai traballen, só un deles poderá exercitar este dereito. | • *Art. 46.3, ET e art. 26.1, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| 9.3.2.Durante o desfrute da excedencia para o coidado de fillos naturais e durante o primeiro ano para os adoptados, a partir do inicio de cada situación de excedencia, o traballador terá dereito á reserva do seu posto de traballo. Transcorrido este prazo, a reserva quedará referida a un posto de traballo do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente e a que o citado período sexa computado para os efectos de antigüidade. | |
| **B.10. SUPOSTOS DE SUSPENSIÓN DO CONTRATO CON RESERVA DO POSTO DE TRABALLO** | |
| O contrato de traballo poderá suspenderse polas seguintes causas: | • *Arts. 45.1 e 48, ET* |
| 10.I. Incapacidade temporal dos traballadores. | • *Art. 32, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| 10.I.I.No caso de baixa por incapacidade laboral, a Xunta de Galicia incrementará o subsidio económico da Seguridade Social ata alcanza-la contía igual á base de cotización do mes anterior a aquel en que se produza a baixa.<br><br>O posto de traballo, cando a duración previsible sexa dun mes ou superior, será cuberto por contratos de interinidade mentres dure a situación. | |
| 10.2 Maternidade da muller traballadora e adopción ou acollemento de menores de 5 anos. | • *Art. 48.4, ET* |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| A suspensión terá unha duración máxima de 16 semanas ininterrompidas, ampliable a dúas semanas máis por cada fillo a partir do segundo, distribuídas a opción da interesada sempre que seis semanas sexan inmediatamente posteriores ao parto. Igual duración terá no caso de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente, de menores de ata 6 anos. | |
| No caso de falecemento da nai, o pai poderá facer uso da totalidade, ou, se é o caso, da parte que reste de suspensión. | |
| 10.3 Cumprimento do servicio militar ou servicio social substitutivo e exercicio de cargo público representativo. Se ten familiar ao seu cargo percibirá o 50% do salario base. Se non se dá esta circunstancia percibirá soamente as pagas extraordinarias. | • *Art. 25, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| Deberá reincorporarse no prazo máximo do 30 días naturais a partir da cesación do servicio. | • *Art. 48.3, ET* |
| A suspensión do contrato de traballo por servicio militar será considerada, para os efectos da acción protectora derivada da Seguridade Social, como situación asimilada á de alta. | |
| 10.4. Privación de liberdade do traballador, mentres non exista sentencia condenatoria. | |
| 10.5. Suspensión de emprego e soldo por razóns disciplinarias | • *Art. 58, ET; art. 15, Lei 4/1988, do 26 de maio, de función pública de Galicia e art. 49, III Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia* |
| Os traballadores poderán ser sancionados polos conselleiros ou polos cargos que determinen, mediante a resolución correspondente, en virtude de incumprimentos laborais, de acordo coa graduación de faltas e sancións que se establecen no IIII Convenio colectivo único da Xunta de Galicia , entre as que figuran as seguintes: | |
| a) Por faltas leves:<br>Suspensión de emprego e soldo de ata 2 días | |
| b) Por faltas graves:<br>Suspensión de emprego e soldo de dous a quince días.<br>Suspensión do dereito de concorrer a probas selectivas ou concursos por un período dun ano. | |
| c) Por faltas moi graves:<br>Suspensión de emprego e soldo de dezaseis días a seis meses.<br>Inhabilitación para ascensos por un período de ata dous anos.<br>Despedimento. | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| 10.6. Exercicio do dereito de folga. | • *Art. 28.2, Constitución*<br>• *Art. 26.2, RDL 17/1977, do 4 de marzo, con modificacións introducidas pola Sentencia do Tribunal Constitucional do 8 de abril de 1981.* |
| Reincorporación ao posto de traballo reservado. Ao cesa-las causas legais de suspensión, o traballador terá dereito á reincorporación ao posto de traballo reservado. No suposto de incapacidade temporal, cesará o dereito de reserva se o traballador é declarado en situación de invalidez permanente total ou absoluta ou grande invalidez de acordo coas leis vixentes sobre Seguridade Social. Nos supostos de suspensión por prestación do servicio militar ou substitutivo, exercicio de cargo público representativo ou funcións sindicais de ámbito provincial ou superior, o traballador deberá reincorporase no prazo máximo do 30 días naturais a partir da cesación no servicio, cargo ou función. | |
| **B.11. SUPOSTOS DE SUSPENSIÓN DO CONTRATO SEN RESERVA DO POSTO DE TRABALLO, SALVO PACTO EN CONTRARIO** | |
| 11.I. Mutuo acordo das partes. | • *Art. 45.1.a) e b), ET* |
| 11.2. As causas consignadas validamente no contrato.<br>O exame de tal validez debe realizarse conforme ás disposicións que se citan na referencia. | • *Art. 1258, Código civil*<br>• *Art. 3, ET* |
| **B.12. MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓNS RETRIBUTIVAS** | |
| 12.I. Requisitos de carácter xeral.<br>- 12.I.I. Será preciso informe favorable emitido conxuntamente polas Consellerías da Presidencia e Administración Pública e de Economía e Facenda para realizar calquera das seguintes actuacións:<br>a) Sinatura de convenios colectivos así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a estes.<br>b) Aplicación de convenios colectivos de ámbito sectorial, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a estes.<br>c) Fixación de retribucións mediante contrato individual, xa se trate de persoal fixo ou contratado por tipo determinado, cando non estean reguladas en todo ou en parte mediante convenio colectivo.<br>d) Outorgamento de calquera clase de melloras salariais de tipo unilateral, con carácter individual ou colectivo, aínda que deriven da aplicación extensiva do réxime retributivo dos funcionarios públicos. | • *Articulado da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para cada ano* |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| - 12.I.2. Con carácter previo ao comezo das negociacións de convenios ou acordos colectivos, deberá solicitarse da Consellería de Economía e Facenda a correspondente autorización da masa salarial que cuantifique o límite máximo das obrigacións que fosen contraerse como consecuencia destes pactos.<br><br>12.2. Limitación do incremento da masa salarial autorizada e forma de realiza-lo correspondente cálculo. | • *Articulado da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para cada ano* |
| **C.- EXTINCIÓN DA OBRIGACIÓN** | |
| **C.I. SUPOSTOS DE EXTINCIÓN DO CONTRATO** | |
| I.I. Por mutuo acordo das partes. | • *Art. 49.1), ET* |
| I.2. Polas causas consignadas validamente no contrato, salvo que estas constitúan abuso de dereito manifesto por parte do empresario | |
| Se resultase nula só unha parte do contrato de traballo, este permanecerá válido nas restantes, e entenderase completado cos preceptos xurídicos adecuados conforme ao disposto no art. 3.I do Estatuto dos traballadores. | • *Art. 9.1, ET* |
| I.3. Por expiración do tempo convido ou realización da obra ou servicio do contrato. | |
| I.4. Por demisión do traballador, debendo mediar preaviso. | |
| I.5. Por morte, grande invalidez ou invalidez permanente total ou absoluta do traballador, sen prexuízo do disposto no artigo 48.2 do Estatuto dos traballadores. | |
| I.6. Por xubilación do traballador. | |
| I.6.I. Xubilación por idade. | |
| A xubilación será obrigatoria ao cumprir o traballador a idade de 65 anos, sen prexuízo de que poida completar, se é o caso, os períodos de carencia na cotización á Seguridade Social. | • *Art. 36, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| I.6.2. Xubilación especial | |
| A xubilación aos 64 anos está prevista no art. 36.1.b) do III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia nos termos e coas condicións establecidas no real decreto que se cita na referencia, no cal se condiciona o nacemento do dereito á pensión de xubilación ao cesamento efectivo no traballo do xubilado e á simultánea contratación doutro que os substitúa. | • *RD 1994/1985, do 17 de xullo* |
| I.7. Xubilación forzosa. | |
| Para o persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, terá carácter forzoso a xubilación ao cumprir o traballador/a a idade de 65 anos. | • *Art. 36.1, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| Aqueles traballadores/as que, ao chegar a esta idade, non teñan cumprido o período mínimo de cotización á Seguridade Social para causar dereito á prestación de xubilación, poderán continuar prestando servicios ata que completen este período de cotización, momento no que causarán baixa inmediata. | |
| I.8. Xubilación voluntaria. | |
| O persoal laboral poderá xubilarse voluntariamente de acordo cos requisitos establecidos no réxime da Seguridade Social ao que pertenza. | |
| No momento da xubilación, o persoal laboral percibirá unha gratificación consistente en tres mensualidades do salario. | |
| I.9. Por morte ou xubilación nos casos previstos no réxime correspondente da Seguridade Social, sen prexuízo do establecido no art. 48.2 do Estatuto dos Traballadores. | • *Art. 51.12, ET* |
| I.I0. Por forza maior que imposibilite definitivamente a prestación de traballo, sempre que a súa existencia fose debidamente constatada. | • *Art. 51.12, ET* |
| A resolución da autoridade laboral que autorice a extinción producirá, en todo caso, os seus efectos desde a data do feito causante da forza maior. | |
| A autoridade laboral poderá acordar que a totalidade ou unha parte da indemnización que corresponda aos traballadores afectados sexa satisfeita polo Fondo de Garantía Salarial sen prexuízo do dereito de resarcirse do empresario. | • *Art. 51.12, ET* |
| I.II. Por vontade do traballador, fundamentada nun incumprimento contractual do empresario. | |
| As causas xustas aludidas relaciónanse con carácter aberto na norma que se cita na referencia, na que, así mesmo, se establece que o traballador terá dereito ás indemnizacións sinaladas para o despedimento improcedente. | • *Art. 50, ET* |
| I.12. Por despedimento do traballador. | • *Art. 55, ET e art. 49.4.c), III Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia* |
| O despedimento disciplinario deberá ser notificado por escrito no que han de figura-los feitos que o motivan e a data en que terá efecto. | |
| Cando o empresario non cumprise os requisitos formais a que anteriormente se fixo referencia. O posterior cumprimento polo empresario destes requisitos non constituirá nunca subsanación do primitivo acto extintivo senón un novo despedimento que producirá efectos desde a súa data. O novo despedimento só poderá ser efectuado no prazo de 20 días desde o seguinte ao primeiro. | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| O despedimento nulo terá o efecto da readmisión inmediata do traballador con aboamento dos salarios deixados de percibir.<br><br>O despedimento cualifícase de improcedente cando non quede acreditado o incumprimento alegado polo empresario no seu escrito de comunicación. Cando o despedimento sexa improcedente, o empresario, no prazo de 5 días desde a notificación da sentencia, poderá optar pola readmisión do traballador ou o aboamento das indemnizacións que deberán ser fixadas naquela. No suposto de despedimento de representantes legais dos traballadores, a opción corresponderá sempre a estes, sendo obrigada a readmisión se o traballador optase por esta. | • *Art. 56, ET* |
| I.I3. Por causas obxectivas legalmente procedentes.<br><br>Estas causas afectan fundamentalmente ao posto de traballo, aínda que, en definitiva, orixinan o cesamento na empresa do traballador que o desempeñaba. | • *Arts. 52 e 53, ET* |
| Requisitos legais:<br><br>a) Comunicación escrita ao traballador indicando a causa.<br><br>b) Poñer a disposición do traballador, simultaneamente á entrega da comunicación escrita, a indemnización de 20 días por ano de servicio, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano, cun máximo de 12 mensualidades.<br><br>c) Concesión dun prazo de preaviso de trinta días, computado desde a entrega da comunicación persoal ao traballador, ata a extinción do contrato de traballo.<br><br>Cando o empresario incumprise os requisitos legalmente establecidos, a decisión extintiva será nula, debendo a autoridade xudicial facer tal declaración de oficio. Non obstante, a non concesión do preaviso non anulará a extinción, se ben o empresario, con independencia dos demais efectos que procedan, estará obrigado a aboa-los salarios correspondentes a este período. A posterior observancia polo empresario dos requisitos incumpridos non constituirá en ningún caso subsanación do primitivo acto extintivo senón un novo acordo de extinción con efectos desde a súa data. A cualificación pola autoridade xudicial da nulidade, procedencia ou improcedencia da decisión extintiva, conducirá aos mesmos efectos cós indicados para o despedimento disciplinario, coas modificacións que se detallan no último dos artigos legais citados na referencia. | • *Arts. 52.4 e 5, ET* |
| **D.- CUMPRIMENTO DA OBRIGACIÓN** | |
| **D.I. LEGALIDADE ORZAMENTARIA** | |
| I.I. Crédito orzamentario adecuado e suficiente. | • *Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia* |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| I.2. Existencia dos postos de traballo as retribucións dos cales se acreditan en nómina, nas correspondentes relacións de postos de traballo. | • *Arts. 9 e 25, Lei 4/1988, do 26 de maio, de función pública de Galicia*<br>• *Orde de confección de nóminas de cada ano* |
| **D.2. RETRIBUCIÓNS** | |
| 2.I. A natureza xurídico-salarial, denominación, definición e módulos de cálculo dos diversos conceptos retributivos deberán adaptarse estrictamente á súa normativa e aos convenios colectivos. | • *Art. 67, Lei 4/1988, do 26 de maio, de función pública de Galicia*<br>• *III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| 2.2. Salario legal. Considerarase salario a totalidade das percepcións económicas dos traballadores, en diñeiro ou en especie, pola prestación profesional dos servicios laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo. En ningún caso o salario en especie poderá supoñe-lo 30 por cento das percepcións salariais do traballador. | • *Art. 26, ET*<br>• *Decreto 2380/1973, do 17 de agosto, declarado vixente pola disposición final cuarta Estatuto. OM, do 22 de novembro de 1973* |
| 2.3. Estructura e definicións. Os conceptos salariais previstos no III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia que se cita no precedente apartado 2.I., son os seguintes:<br><br>2.3.I.Salario base. É a parte de retribución do traballador/a por unha xornada ordinaria de traballo en función da súa categoría profesional. As súas contías figuran nos anexos do III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia.<br><br>2.3.2.Determinadas categorías terán dereito a percibir ademais dos fixados no anexo 1-A as do anexo I.B.<br><br>Complementos salariais.<br><br>2.3.3.Antigüidade. Está constituída por unha cantidade fixa mensual, calquera que sexa a súa categoría por trienios de servicios efectivos.<br><br>2.3.4.Plus de convenio. Complemento salarial que retribúe as especiais dificultades materiais e técnicas que esixe o desempeño dun posto de traballo. Ten que estar asignado na relación de postos de traballo.<br><br>2.3.5.Perigosidade, toxicidade e penosidade. Só derivan de características especiais do posto de traballo e terán necesariamente a súa causa no recoñecemento expreso.<br><br>2.3.6.Dispoñibilidade horaria. Tempo de presencia do conductor por razóns de espera, expectativas, servicios de garda, etc. Só será posible cando figure expresamente recoñecida, para o posto de que se trate, na correspondente relación de postos de traballo. | • *Cap. VIII, III Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia* |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| 2.3.7. Pagas extraordinarias. Todo o persoal terá dereito a percibir dúas pagas extraordinarias que se aboarán co salario mensual de xuño e decembro.<br><br>A contía será igual a unha mensualidade do salario base do convenio máis antigüidade.<br><br>2.3.8. Nocturnidade. Este complemento retribúe as horas traballadas no período comprendido entre as 22 horas e as 6 horas da mañá, salvo que o salario se estableza atendendo a que o traballo sexa nocturno pola súa propia natureza (vixilantes nocturnos, etc.).<br><br>O salario da xornada de traballo determinada anteriormente, incrementarase nun 30%.<br><br>Para estes efectos utilizarase a seguinte fórmula de indemnización por este concepto ou por hora nocturna:<br><br>$$\text{Hora nocturna} = \frac{\text{Salario bruto anual+antiguedade * 0,30}}{1665}$$<br><br>Se a quenda de traballo nocturno se realiza a xornada completa, este plus será aboado durante o período de vacacións.<br><br>2.3.9. Complemento persoal e transitorio. | |
| Coa entrada en vigor do convenio respectaranse “ad personam” en cómputo anual as condicións que resulten máis beneficiosas para o traballador, que serán absorbibles, no seu conxunto, coas melloras de calquera tipo, ben por norma legal, convenio colectivo, contrato individual ou por calquera outra causa. | • *Disposición transitoria cuarta e disposición adicional primeira do III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| 2.3.I0. Horas extraordinarias.<br><br>2.3.I0.I. A duración máxima da xornada ordinaria de traballo será de 37 h. e 30 minutos semanais de traballo efectivo de luns a venres. | • *Art. 18, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |
| 2.3.I0.2. O traballo nocturno terá unha retribución específica que se determinará na negociación colectiva, salvo que o salario se establecese atendendo a que o traballo sexa nocturno pola súa propia natureza ou se acordase a compensación deste traballo por descansos. | • *Art. 36,2, ET* |
| 2.3.I0.3. O Convenio colectivo único fixa unha xornada máxima de 1665 horas en cómputo anual. | • *Art. 18, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia* |

**Descrición** | **Referencia lexislativa**

2.3.I0.4. As horas de traballo que excedan a xornada máxima semanal pactada pero non superen a xornada máxima anual de 1665 horas ou de ciclos inferiores na súa distribución semanal pactada, non terán a natureza de horas extraordinarias.

2.3.I0.5. Ten efecto normativo o seguinte pacto que se contén no acordo da referencia:

- *Art. 29, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia*

Horas extraordinarias. Para os efectos económicos, o valor da hora extraordinaria será o resultante de incrementar nun 75% o valor da hora ordinaria que se calculará mediante a fórmula seguinte:

$$\text{Salario Hora} = \frac{\text{Salario bruto anual+antiguedade * 1,75}}{\text{1665 (nº horas efectivo anual )}}$$

Para as horas extraordinarias que se fagan en domingo ou festivos o coeficiente multiplicador será de 2,25.

2.3.I0.6.a) Sempre que a organización do traballo o permita, as horas extraordinarias compensaranse por tempo de descanso.

Para compensar estas horas por tempo de descanso, computarase cada unha destas por 1,45 horas de descanso en días laborables, e 2,15 horas domingo ou festivos.

- *Art. 29.4, III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia*

2.3.I0.6.b) O número de horas extraordinarias non poderá ser superior a 80 ao ano, salvo as traballadas para previr ou reparar sinistros ou outros danos extraordinarios e urxentes, sen prexuízo do seu aboamento como se se tratase de horas extraordinarias. Para os traballadores que pola modalidade ou duración do seu contrato realizasen un cómputo anual inferior á xornada xeral na empresa, o número máximo anual de horas extraordinarias reducirase na mesma proporción que exista entre tales xornadas.

2.3.I0.7. A realización de horas extraordinarias rexistrarase día a día e totalizaranse no período fixado para o aboamento das retribucións, entregando copia do resumo ao traballador no recibo correspondente.

- *Art. 35 ,ET*

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| 2.3.I0.8. Prohíbese a realización de horas extraordinarias en período nocturno, salvo en casos e actividades especiais debidamente xustificadas e expresamente autorizadas polo Ministerio de Traballo e Seguridade Social. | • *Art. 36.1, ET (nova redacción RDL 1/1986, do 14 de marzo),; Art. 42, RD 2001/1983, do 28 de xullo* |
| 2.3.I0.9. Prohíbese realizar horas extraordinarias aos menores de 18 anos. | • *Art. 6.3, ET* |
| 2.3. Xornada reducida. | |
| As retribucións do persoal en xornada reducida determinaranse mediante a aplicación ás retribucións de xornada completa do coeficiente formado polo cociente que resulte de dividi-lo número de horas efectivas realizadas polo traballador entre o número de horas que constitúan a xornada máxima pactada. | |
| **D.3. NÓMINA** | |
| 3.I. Modelo oficial | |
| O modelo de nómina será obrigatoriamente igual para tódolos traballadores no ámbito de aplicación do III Convenio colectivo único da Xunta de Galicia. Ao traballador xuntamente co salario facilitaráselle un "recibo salario". | |
| 3.2. Xustificación documental das altas | |
| Como regra xeral, os xustificantes detállanse en cada caso nas liñas seguintes a aquela en que figura a causa orixinaria da alta en nómina. As referencias que figuren entre paréntese a continuación destas causas remiten ao apartado desta guía no que se detallan determinados aspectos normativos en relación coa correspondente causa. | |
| *3.2.I. Provisión de vacantes.* | |
| 3.2.I.I. Persoal de novo ingreso (A.4 e A.5). | |
| 3.2.I.I.I. Resolución da convocatoria pública. | |
| 3.2.I.I.2. Contrato rexistrado na oficina de emprego. | • *Arts. 9 e 13.2.13, Lei 4/1988,do 26 de maio, de función pública de Galicia* |
| 3.2.I.I.3. Dilixencia de toma de posesión. | • *Orde do 10 de novembro de 1994* |
| 3.2.I.I.4. Dilixencia de inscrición no rexistro de persoal. | |
| 3.2.I.2. Promoción interna e cambio de categoría (B.I.). | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| 3.2.I.2.I. Resolución da convocatoria pública.<br><br>3.2.I.2.2. Documentos reseñados nos precedentes apartados 3.2.I.I.I., 3.2.I.I.2. e 3.2.I.I.3.<br><br>3.2.I.2.3. Copia da comunicación para anotación no rexistro de persoal.<br><br>3.2.I.2.4. Certificación de baixa de haberes no seu anterior destino.<br><br>3.2.I.3. Ascensos (B.I.)<br><br>3.2.I.3.I. Os mesmos documentos que no suposto do apartado 3.2.I.I.<br><br>3.2.I.3.2. Certificación de baixa de haberes, expedida pola habilitación do destino de orixe, no suposto de que o ascenso sexa consecuencia de promoción interna e supoña cambio de habilitación.<br><br>3.2.I.4. Traslados forzosos (B.8.)<br><br>3.2.I.4.I. Acordo do órgano administrativo competente en materia de persoal e, se é o caso, notificación á autoridade laboral.<br><br>3.2.I.4.2. Documentos reseñados nos precedentes apartados 3.2.I.I.I., 3.2.I.I.2., 3.2.I.I.3. e 3.2.I.2.4.<br><br>3.2.I.5. Desempeño temporal de funcións de superior ou inferior categoría (B.4).<br><br>3.2.I.5.I. Autorización do director xeral da función pública, na que se determinen os feitos determinantes do pagamento da correspondente diferencia retributiva e copia da comunicación ao comité intercentros.<br><br>3.2.I.6. Reingresos procedentes de excedencias voluntarias (B.9.2.)<br><br>3.2.I.6.I. Resolución de reingreso, provisional ou definitivo.<br><br>3.2.I.6.2. Documentos reseñados nos apartados 3.2.I.I.I., 3.2.I.I.2., 3.2.I.I.3. e 3.2.I.I.4. | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| 3.2.I.7. Reincorporacións por cesamento da suspensión pactada do contrato de traballo (B.II.)<br><br>3.2.I.7.I. Documento que acredite o acordo das partes.<br><br>3.2.I.7.2. Documentos reseñados nos apartados 3.2.I.I.I., 3.2.I.I.2., 3.2.I.I.3. e 3.2.I.I.4.<br><br>*3.2.2. Reincorporacións do traballador á xornada normal, no seu posto de traballo.*<br><br>3.2.2.I. Procedente de xornada reducida por razón de garda legal (B.6, D.2.4.)<br><br>3.2.2.I.I. Certificación acreditativa da nómina á que quedou unido o acordo polo que foi autorizada a realización da xornada reducida.<br><br>3.2.2.I.2. Certificación do xefe da correspondente unidade de persoal acreditativa da data de reincorporación á xornada normal.<br><br>3.2.2.2. Procedente de licencia sen soldo (B.7.)<br><br>3.2.2.2.I. Certificación do xefe da unidade orgánica de destino, acreditativa da reincorporación ao servicio do traballador, con expresión da data inicial da licencia.<br><br>3.2.2.2.2. Certificación acreditativa da nómina á que se acompañou o acordo de concesión da licencia expedida polo habilitado pagador.<br><br>3.2.2.2. Procedente de excedencia forzosa (B.9.)<br><br>3.2.2.3.I. Documentos reseñados nos apartados 3.2.I.I.I., 3.2.I.I.2., 3.2.I.I.3. e 3.2.I.6.I.<br><br>3.2.2.4. Procedente de incapacidade laboral transitoria ou invalidez provisional (B.I0.I.)<br>3.2.2.4.I. Certificación do xefe da respectiva unidade de persoal na que se faga referencia aos partes de alta do médico da Seguridade Social e se acredite a data de incorporación do traballador. | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| 3.2.2.3. Procedente de licencia por maternidade (B.I0.2.) | |
| 3.2.2.5.I. Certificación do xefe da respectiva unidade de persoal na que se faga referencia aos partes de notificación do médico da Seguridade Social ou á resolución xudicial pola que se constitúe a adopción e se acredita a data de incorporación do traballador. | |
| 3.2.2.4. Procedente do servicio militar (B.I0.3.) | |
| 3.2.2.6.I. Acordo do órgano administrativo competente. | |
| 3.2.2.6.2. Dilixencia de anotación no rexistro de persoal. | |
| 3.2.2.6. Procedente da situación de privación de liberdade sen sentencia condenatoria (B.I0.4.) | |
| 3.2.2.7.I. Documentos análogos aos reseñados nos apartados 3.2.2.6.I e 3.2.2.6.2. | |
| 3.2.2.7. Procedente da situación de suspensión de emprego e soldo (B.I0.5.). | |
| 3.2.2.8.I. Documento análogo ao reseñado no apartado 3.2.2.6.I., no suposto de sanción por falta moi grave. | |
| Dilixencia de anotación no rexistro de persoal. | |
| 3.2.2.8. Por cesamento no exercicio do dereito de folga. | |
| 3.2.2.9.I. Documento análogo ao reseñado no apartado 3.2.2.2.I. | |
| *3.2.3. Melloras retributivas de carácter xeral.* | |
| 3.2.3.I. Por sinatura de convenios colectivos propios ou aplicación de convenios colectivos de ámbito sectorial, así como as adhesións ou extensións a outros en vigor (B.I2). | |
| 3.2.3.I.I. Copia do correspondente convenio, segundo a súa publicación oficial e, se é o caso, informe favorable conxunto das Consellerías de Presidencia e Economía. | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| 3.2.3.I.2. Estados de diferencias entre os módulos retributivos novos e os anteriormente vixentes, en relación co persoal afectado. | |
| 3.2.3.2. Revisións anuais de convenios colectivos propios ou de ámbito sectorial (B.I2.) | |
| 3.2.3.2.I. Documentos análogos aos reseñados nos apartados 3.2.3.I.I. e 3.2.3.I.2. | |
| *3.2.4. Melloras salariais de carácter individual e tracto sucesivo.* | |
| 3.2.4.I. Promoción económica (Trienios). (B.2., B.I2.) | |
| 3.2.4.I.I. Acordo acreditativo do recoñecemento do dereito, outorgado polo órgano competente. | |
| 3.2.4.I.2. Dilixencia acreditativa da súa anotación no rexistro de persoal. | |
| 3.2.4.2. Reclasificación profesional (B.3.) | |
| 3.2.4.2.I. Copia do convenio colectivo (segundo publicación oficial), acreditativo da reclasificación. | |
| *3.2.5. Devengos salariais de vencemento superior ao mes.* | |
| 3.2.5.I. Pagas extraordinarias (D.2.3.7.) | |
| 3.2.5.I.I. Certificación da habilitación, acreditativa dos feitos que determinan, se é o caso, o devengo parcial destes haberes. | |
| *3.2.6. Devengos salariais de tracto único.* | |
| 3.2.6.I. Horas extraordinarias. | |
| 3.2.6.I.I. Certificación das realizadas, expedida polo órgano competente, co detalle necesario para a súa liquidación e aboamento. | |
| 3.3. Xustificación documental das baixas. | |
| Reiterase, coa única variación de referirse ás baixas en nómina, a nota consignada no apartado 3.2. | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|

Ademais, deberá acompañarse ás nóminas en que teñan reflexo as baixas producidas por cambio de destino ou pola interrupción ou terminación da relación de servicios, copia da súa preceptiva comunicación ao rexistro de persoal, para os efectos da súa anotación no rexistro do correspondente cesamento no posto de traballo.

*3.3.I. Promoción interna e cambio de categoría.*

3.3.I.I. Ascensos (B.I.)

3.3.I.I.I. Resolución do órgano competente.

Dilixencia de baixa e dilixencia no rexistro de persoal.

3.3.I.2. Traslados forzosos (B.8.)

3.3.I.2.I. Acordo do órgano administrativo competente en materia de persoal e, se é o caso, autorización da autoridade laboral.

3.3.I.2.2. O mesmo xustificante reseñado no apartado 3.3.I.I.2.

*3.3.2. Interrupcións non retribuídas da prestación do servicio, con reserva do posto de traballo.*

3.3.2.I. Licencias sen soldo (B.7.)

Acordo de concesión da licencia outorgada polo órgano competente.

3.3.2.2. Excedencia forzosa voluntaria e para atende-lo coidado dun fillo (B.9.I.I., B.9.2.I., B.9.2.2. e B.9.2.3.)

Acordo ou resolución do órgano competente.

Copia da comunicación dirixida ao rexistro de persoal.

3.3.2.3. Incapacidade laboral transitoria (B.I0.I.)

3.2.2.3.I. Certificación do xefe da correspondente unidade de persoal na que se acrediten as circunstancias postas de manifesto no parte de "baixa" expedido polo médico da Seguridade Social.

3.3.2.4. Licencia por maternidade (B.I0.2.)

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| 3.3.2.4.I. Documento análogo ao reseñado no apartado 3.3.2.3.I. no que se refira ao parte de "notificación do parto" ou da resolución xudicial pola que se constitúe a adopción. | |
| Declaración da interesada pola que exercite o seu dereito de opción respecto da distribución da licencia. | |
| 3.3.2.5. Cumprimento do servicio militar ou do social substitutivo (B.I0.3.) | |
| 3.3.2.5.I. Acordo adoptado polo órgano competente, polo que se declara a suspensión do contrato pola causa que se cita no epígrafe. | |
| 3.3.2.6. Privación de liberdade do traballador, mentres non exista sentencia condenatoria (B.I0.4.) | |
| 3.3.2.6.I. Documento análogo ao reseñado no apartado 3.3.2.5.I. | |
| 3.3.2.7. Sancións disciplinarias de suspensión de emprego e soldo (B.I0.5.) | |
| 3.3.2.7.I. Resolución motivada da causa e aplicación da sanción, dictada polo órgano competente. | |
| 3.3.2.7.2. Copia da dilixencia de anotación no rexistro de persoal. | |
| 3.3.2.8. Exercicio do dereito de folga. | |
| 3.3.2.8.I. Certificación expedida polo órgano competente na que se determinen os traballadores en folga e o tempo de duración. | |
| *3.3.3. Interrupcións non retribuídas da prestación do servicio, sen reserva do posto de traballo.* | |
| 3.3.3.I. Mutuo acordo do traballador e a empresa e/ou causas consignadas validamente no contrato (B.II.). | |
| 3.3.3.I.I. Documento acreditativo do acordo determinante da suspensión. | |
| *3.3.4. Baixas definitivas.* | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|

3.3.4.I. Por mutuo acordo das partes ou causas consignadas validamente no contrato (C.I.I. e C.I.2.).

3.3.4.I.I. Documento no que conste o acordo relativo á extinción do contrato de traballo ou certificado deste autorizado polo órgano competente.

3.3.4.2. Demisión do traballador (C.I.4.)

3.3.4.2.I. Escrito do interesado no que se formule a demisión extintiva do contrato de traballo.

3.3.4.2.2. Acordo de baixa ou resolución do órgano competente.

3.3.4.3. Por morte, grande invalidez ou invalidez permanente total ou absoluta (C.I.5.).

3.3.4.3.I. Documento acreditativo do feito causante da resolución do contrato, expedido polo órgano competente, análogo ao indicado en 3.3.4.2.2.

3.3.4.4. Xubilación (C.I.6., C.I.7 e C.I.8.).

3.3.4.4.I. Documento análogo ao reseñado no apartado 3.3.4.3.I.

3.3.4.4.2. Copia do contrato do traballador substituto, no suposto de xubilación anticipada.

3.3.4.5. Por forza maior que imposibilite definitivamente a prestación de traballo (C.I.9. e C.I.10.).

3.3.4.5.I. Resolución da autoridade laboral, pola que se autorice a extinción do contrato de traballo.

3.3.4.6. Por cesación definitiva da actividade fundada en causas tecnolóxicas ou económicas (C.I.II.).

3.3.4.6.I. Autorización do expediente da extinción contractual pola autoridade laboral competente, podendo iniciarse a instancia do empresario ou dos traballadores a través dos seus representantes.

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| 3.3.4.7. Por vontade do traballador, fundamentada nun incumprimento contractual do empresario (C.I.II.). | |
| 3.3.4.7.I. Escrito do órgano competente no que se dea traslado do interesado con sinalamento da data de extinción da relación contractual. Documentos análogos aos reseñados en 3.3.4.2.I. e 3.3.4.2.2. | |
| 3.3.4.8. Despedimento disciplinario (C.I.I2.). | |
| 3.3.4.8.I. Resolución motivada do órgano competente. | |
| Documento análogo ao reseñado en 3.3.4.2.2. | |
| 3.3.4.9. Por causas obxectivas legalmente procedentes (C.I.I3.) | |
| 3.3.4.9.I. Copia da comunicación escrita ao traballador, na que se indique a causa determinante da extinción do contrato. Documento análogo ao reseñado en 3.3.4.2.2. | |
| 3.3.4.I0. Por resolución da relación laboral durante o período de proba (A.6.) | |
| 3.3.4.I0.I. Acordo de baixa. | |
| *3.3.5. Compensación e absorción.* | |
| 3.3.5.I. De complementos persoais transitorios. | |
| 3.3.5.I.I. Certificación explicativa de que a compensación se axusta ás regras establecidas nas leis de orzamento de cada ano. | |
| 3.4. Descontos formalizables. | |
| *3.4.I. Imposto sobre a renda das persoas físicas.* | |
| *3.4.2. Cotización á Seguridade Social.* | |
| 3.4.2.I. Tódalas cargas fiscais e da Seguridade Social a cargo do traballador serán satisfeitas por este, sendo nulo todo pacto en contrario. | • *Art. 111, Lei 31/1991, do 30 de decembro; Orde do 16 de xaneiro de 1992 (Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais)*<br>• *Art. 26.3 ,ET* |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| *3.4.3. Reintegro de anticipos.* | |
| 3.4.3.I. O traballador e, coa súa autorización, os seus representantes legais, terá dereito a percibir, sen que chegue o día sinalado para o pagamento, anticipos a conta do traballo xa realizado. | • *Art. 29.1, ET* |
| 3.5. Descontos non formalizables en contas do Tesouro. | |
| *3.5.I. Cota sindical.* | |
| Os convenios colectivos regularán, de acordo co establecido na lei que se cita na referencia, o desconto da cota sindical. | • *Art. 11, Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto* |
| *3.5.2. Retencións xudiciais.* | |
| 3.2.5.I. O salario mínimo interprofesional, na súa contía, é inembargable. | • *Art. 27.2, ET* |
| 3.6. Pagamento da nómina. | |
| *3.6.I. Proposta.* | |
| Nos casos en que previamente, en consideración á natureza especial, non puidese cubrirse o documento (Fase "AD"), expedirase documento "ADOK". | • *Art. 11, Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto* |
| A imputación orzamentaria será a adecuada aos créditos definidos polos códigos correspondentes ás clasificacións orgánica, funcional e económica. | |
| *3.6.2. Documento de pagamento.* | |
| As nóminas obteranse por medios informáticos. | |
| *3.6.3. Aboamento do salario ao traballador.* | |
| 3.6.3.I. O pagamento do salario farase puntual e documentalmente, en lugar e datas convidas. | • *Art. 29, ET* |
| O período de tempo a que se refire o aboamento das retribucións periódicas e regulares non poderá exceder dun mes. | |

# 9.7. Persoal laboral non permanente

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| **A. NOTAS PREVIAS** | |
| **Duración do contrato**<br>O contrato de traballo pode concertarse por tempo indefinido ou por unha duración determinada, nos supostos en que sexa posible legalmente. | • *Art. 15, RDL 1/1995 ET, modificado polo RDL 5/2001, do 2 de marzo* |
| **Período de proba**<br>O seu establecemento é optativo e de acordalo deberán fixalo por escrito no contrato.<br>A súa duración máxima deberá estar fixada nos convenios colectivos. | • *Art. 14, RDL 1/1995 ET, modificado polo RDL 5/2001, do 2 de marzo* |
| O período de proba será o seguinte:<br>• Tres meses para as categorías dos grupos I e II<br>• Dous meses para as categorías do grupo III<br>• Un mes para as categorías dos grupos IV e V | • *Art. 14, III Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia* |
| Durante o período de proba o traballador terá os mesmos dereitos e obrigacións correspondentes ao posto de traballo que desempeñe como se fose de cadro de persoal.<br>O período de proba computarase para os efectos de antigüidade.<br>A situación de incapacidade ou maternidade interrompe o cómputo deste, sempre que se produza acordo entre as partes.<br>Non se poderá establecer período de proba cando o traballador desempeñase as mesmas funcións con anterioridade na empresa baixo calquera modalidade de contrato.<br>A rescisión do contrato durante este período non dará dereito a indemnización ningunha. | |
| **Aspectos que deben recollerse nos contratos**<br>A identidade das partes do contrato.<br>A data de comezo da relación laboral e a duración previsible desta, caso de que se trate dun contrato temporal.<br>O domicilio social da empresa e o centro de traballo onde o traballador preste os seus servicios.<br>A categoría ou grupo profesional do posto de traballo. | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| A contía do salario base inicial e os complementos salariais, así como a periodicidade do seu pagamento.<br><br>A duración e distribución da xornada.<br><br>A duración das vacacións.<br><br>O convenio colectivo aplicable. | |
| **Servicio público de emprego**<br><br>Os empresarios están obrigados a rexistrar na oficina de emprego, no prazo dos 10 días seguintes á súa concertación, os contratos efectuados por escrito cunha copia básica deste. | |
| **Contratos a tempo completo ou a tempo parcial**<br><br>O contrato de traballo entenderase celebrado a tempo parcial cando se acordase a prestación de servicios durante un mínimo de horas ao día, á semana, ao mes ou ao ano, inferior á xornada de traballo dun traballador a tempo completo comparable.<br><br>Entenderase por "traballador a tempo completo comparable" un traballador a tempo completo da mesma empresa e centro de traballo, co mesmo tipo de contrato de traballo e que realice un traballo idéntico ou similar. | • *Art. 12, RDL 1/1995 ET, modificado polo RDL 5/2001* |

## B. MODALIDADES CONTRACTUAIS

### Modalidades de contratos de traballo

I. *Contratos indefinidos*

**Tipo de contrato:**

100 Tempo completo ordinario
200 Tempo parcial ordinario
150 Tempo completo. Bonificado art. 4, RDL 5/2001
250 Tempo parcial
300 Tempo parcial fixo/discontinuo

2. *Contratos de duración determinada*

**Tipo de contrato:**

401 Obra ou servicio determinado. Tempo completo
501 Obra ou servicio determinado. Tempo parcial
402 Eventual por circunstancias da producción. Tempo completo

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| 502 Eventual por circunstancias da producción. Tempo parcial<br>410 Interinidade. Tempo completo. Bonificación para substituír a traballadoras/es por maternidade.<br>510 Interinidade. Tempo parcial. Bonificación para substituír a traballadoras/es por maternidade.<br>418 Interinidade. Tempo completo. Carácter administrativo.<br>500 Temporal. Tempo parcial. Ordinario.<br>520 Contrato en prácticas. Tempo parcial.<br><br>3. *Contratos formativos*<br><br>**Tipo de contrato:**<br><br>420 Contrato en prácticas. Tempo completo<br>421 Contrato de traballo para a formación. Tempo completo<br>520 Contrato en prácticas. Tempo parcial | |
| **B.I CONTRATOS INDEFINIDOS** | • *Art. 15, ET* |
| Son aqueles que se concertan sen establecer límites de tempo na prestación dos servicios.<br><br>Adquirirán a condición de traballadores fixos, calquera que sexa a modalidade de contratación:<br><br>• Os que non fosen dados de alta na Seguridade Social, unha vez transcorrido o período de proba, se se concertase.<br>• Os contratos celebrados en fraude de lei.<br><br>**I.I *Contrato de traballo indefinido ordinario a tempo completo***<br><br>De non observarse as esixencias establecidas para o contrato a tempo parcial, o contrato presumirase celebrado a xornada completa salvo proba en contra. | • *Arts. 12 e 15, ET, modificados polo art. 19, Lei 55/1999, de medidas* |
| **I.2 *Contrato de traballo indefinido a tempo parcial***<br><br>O contrato a tempo parcial poderá concertarse por tempo indefinido nos supostos nos que legalmente se permita a utilización desta modalidade de contratación, excepto no contrato de aprendizaxe. | • *Arts. 12 e 15, ET, modificados polo art. 19, Lei 55/1999*<br>• *Arts. 18 e ss., RD 2317/1993, do 29 de decembro de 1993* |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| **I.3 *Contrato de traballo indefinido a tempo completo ou parcial bonificado*** | • *Art. 4, RDL 5/2001* |
| Poderán acollerse aos beneficios establecidos para o programa de fomento de emprego, as empresas que contraten indefinidamente a traballadores desempregados inscritos na oficina de emprego e que estean incluídos nos supostos que se indican na norma de referencia. | |
| **I.4 *Contrato indefinido a tempo parcial fixo discontinuo*** | |
| Son contratos para traballos de execución intermitente ou cíclica, tanto que teñan lugar en empresas con actividades de temporada ou campaña, como calquera outros que vaian dirixidos á realización de actividades de carácter normal e permanente, respecto do obxecto da empresa, pero que non esixan a prestación de servicios tódolos días e que no conxunto do ano non alcancen a totalidade dos que teñen a consideración de laborais con carácter xeral. | |
| **B.2 CONTRATOS DE DURACIÓN DETERMINADA** | • *RD 1989/1984* |
| **2.I *Obra ou servicio determinado. Tempo completo ou parcial*** | |
| O obxecto destes contratos é a realización dunha obra ou prestación dun servicio determinado con autonomía e substantividade propia dentro da actividade da empresa a execución da cal, aínda que limitada no tempo, é, en principio, de duración incerta. | • *Art, 15, RDL 1/1995*<br>• *Lei 63/1997*<br>• *RD 2720/1998* |
| A esencia deste contrato radica en que a obra debe presentar substantividade ou autonomía dentro da empresa, de tal forma que a actividade normal ou permanente da entidade non pode ser atendida polo persoal contratado baixo a figura contractual que é obxecto de análise. Neste sentido, a necesidade á que se pretende dar cobertura mediante esta modalidade contractual debe quedar satisfeita coa terminación da obra ou servicio. | |
| ***2.2. Eventual por circunstancias da producción. Tempo completo ou parcial*** | • *Arts. 8.2 e 15, RDL 1/1995* |
| Este contrato ten por obxecto atender esixencias, circunstancias do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, aínda no caso de que se trate da actividade normal da empresa. Polo tanto, a finalidade desta modalidade é a de satisface-lo incremento temporal ou excepcional do volume de traballo que non pode ser cuberto polo cadro de persoal fixo da empresa, pero que pola súa transitoriedade non xustifica unha ampliación permanente deste cadro de persoal. | • *Lei 63/1997*<br>• *RD 2720/1998* |
| Respecto da súa cualificación resulta indiferente que se trate dun traballo de carácter normal ou anormal da empresa, agora ben, tratándose de tarefas distintas das habituais, estas non deben alcanza-la autonomía e substantividade propia que caracterizan o contrato de obra ou servicio determinado. | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|

## 2.3 Interinidade

O contrato de interinidade pode ter como obxecto:

I. A substitución dun traballador da empresa con dereito a reserva do posto de traballo, en virtude de norma, convenio colectivo ou acordo individual.

2. A cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para a súa cobertura definitiva.

O contrato deberá formalizarse necesariamente por escrito, identificando o traballador substituído e a causa da substitución e indicando se o posto de traballo que se vai desempeñar será o do traballador substituído ou o doutro traballador que pase a desempeña-lo posto daquel.

O emprego desta modalidade contractual é admisible, entre outros, nos seguintes supostos:

a) Cumprimento do servicio militar ou servicio social substitutorio

b) Exercicio de cargo público representativo ou funcións sindicais de ámbito provincial ou superior

c) Privación de liberdade do traballador mentres non exista sentencia condenatoria

d) Suspensión de emprego e soldo por razóns disciplinarias

e) Excedencia forzosa

f) Permiso parental ou maternidade

g) Incapacidade temporal

Pola súa parte, non resulta admisible esta modalidade nos seguintes supostos:

a) Forza maior

b) Causas económicas ou tecnolóxicas

c) Peche legal da empresa

d) Folga legal

e) Excedencia voluntaria.

A duración dos contratos será a do tempo que dure a ausencia do traballador con dereito a reserva do posto de traballo ou a do tempo que dure o proceso de selección para a cobertura do posto de traballo.

*Referencia lexislativa:*

- *RDL 1/1995, art. 15, disposición adicional décimo cuarta*
- *Lei 63/1997*
- *RDL 11/1998*
- *RD 2720/1998*
- *Lei 39/1999*

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| **2.4 *A tempo parcial con duración determinada. (Temporal).***<br>Cando se trate do lanzamento dunha nova actividade.<br><br>Cando sexa contratado un demandante de emprego por parte dunha administración pública e o obxecto deste contrato de inserción sexa o de realizar unha obra ou servicio de interese xeral ou social, dentro do ámbito das súas competencias, como medio de adquisición de experiencia laboral e mellora da ocupabilidade do desempregado participante. | • *Art. 15.I, ET, modificado polo RDL 5/2001, do 2 de marzo* |
| **2.5 *A tempo parcial con xubilado parcial. (Contrato de relevo)***<br>É o que se concerta cun traballador na oficina de emprego para substituír parcialmente a un traballador da empresa que acode á pensión de xubilación de forma parcial, pois esta percíbea simultaneamente coa realización dun traballo a tempo parcial na mesma empresa. | • *RDL 11/1998*<br>• *Lei 39/1999* |
| **B.3 CONTRATOS FORMATIVOS** | |
| **3.I *Contrato en prácticas***<br>Ten como finalidade facilita-la obtención da práctica profesional adecuada ao nivel de estudios cursados polo traballador con título universitario ou de formación profesional de grao medio ou superior ou títulos recoñecidos oficialmente como equivalentes, que habiliten para o exercicio profesional. | • *RD 2317/1993*<br>• *RDL 1/1995*<br>• *Lei 63/1997*<br>• *RD 488/1998*<br>• *Lei 54/1999*<br>• *Lei 55/1999* |
| **3.2 *Contrato para a formación***<br>Ten por obxecto a adquisición da formación técnica e práctica necesaria para o desempeño adecuado dun oficio ou dun posto de traballo que requira un nivel de cualificación susceptible de acreditación formal ou, no seu lugar, o nivel de cualificación de base de cada ocupación no sistema de clasificación da empresa.<br><br>Os requisitos dos traballadores na normativa de referencia. | • *RDL 1/1995*<br>• *RD 488/1998*<br>• *Lei 54/1999*<br>• *Lei 55/1999* |
| **B.4 CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS OU SERVICIOS PREVISTOS NO ANEXO DE INVESTIMENTOS** | • *Arts. 15 e 17, RDL 1/1995*<br>• *Art. 23, Lei 4/2000, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2001* |
| Con cargo aos respectivos créditos de investimentos só poderán formalizarse contratos de carácter temporal, seguindo as prescricións dos artigos do Estatuto dos traballadores, polas consellerías e organismos autónomos, cando concorran os requisitos que se citan na norma da referencia, non podendo realizarse contratacións sen autorización previa da Consellería da Presidencia e Administración Pública. | |
| **C. RELACIÓNS ESPECIAIS DE TRABALLO POR CONTA ALLEA** | |
| Son relacións especiais de traballo aquelas que, polas súas especiais características, requiren unha regulación específica. | |

| *Descrición* | *Referencia lexislativa* |
|---|---|
| | |

## C.I PERSOAL DE ALTA DIRECCIÓN

O persoal que exerce poderes propios da titularidade xurídica da empresa, relativos aos obxectivos xerais desta, con autonomía e plena responsabilidade.

Quedan excluídas as persoas que exerzan pura e simplemente cargo de conselleiro ou membro dos órganos de administración nas empresas que revistan a forma xurídica de sociedade.

- *RD 1382/1985, modificado pola Lei 11/1994 que derroga o art. 15.1*

### I.I *Características*

- *Arts. 5 e 8, Lei 10/1996*

A relación laboral deste persoal, respecto dos entes, fundacións e empresas nas que a participación da Xunta de Galicia sexa maioritaria, está regulada na normativa referenciada.

Para os efectos de incompatibilidades este persoal está sometido ás seguintes disposicións:

- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servicio das Administracións públicas, modificada polo art. 39, Lei 14/2000, de medidas.
- Lei 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades de membros da Xunta de Galicia e altos cargos da administración.
- Real decreto 598/1985, do 30 de abril. Desenvolvemento da Lei 53/1984.
- Decreto 169/1995, do 16 de xuño. Regúlanse os rexistros de altos cargos.
- Decreto 22/1985, do 14 de febreiro (DOG nº 44, do 2 de marzo), sobre a aplicación da Lei 53/1984, de incompatibilidades na Administración da Xunta de Galicia.

### I.2 *Extinción do contrato*

Nos contratos laborais de alta dirección dos organismos autónomos e das sociedades públicas non poderán fixarse indemnizacións en razón da extinción da relación xurídica coa entidade correspondente, de contía superior á fixada na lexislación reguladora desta relación laboral de carácter especial.

- *Art. 22, Lei 4/2000, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2001*

Excepcionalmente o Consello da Xunta poderá autoriza-la inclusión de cláusulas indemnizatorias que garantan ata un 15% das retribucións que se percibirían desde a extinción anticipada da relación laboral ata o termo inicialmente previsto como duración do contrato, cun máximo de doce mensualidades.

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| En calquera caso, cando a extinción da relación laboral tivese lugar dentro dos últimos doce meses de vixencia do vínculo contractual, a única indemnización aplicable será a prevista no parágrafo primeiro deste artigo. | |

## D. NACEMENTO DA OBRIGACIÓN

### D.I REQUISITOS OBXECTIVOS

#### I.I *Condicións da praza que se vai cubrir*

As prazas desempeñadas por persoal laboral contratado por tempo determinado, non é necesario que figuren detalladas nas respectivas relacións de postos de traballo cando a contratación se realice con cargo a créditos correspondentes a persoal laboral eventual ou ao capítulo de investimentos.

A tramitación de expedientes para a contratación de persoal laboral con carácter temporal, incluso a que deba financiarse con cargo a créditos de investimentos, requirirá autorización previa conxunta das Consellerías da Presidencia e Administración Pública e Consellería de Economía e Facenda.

- *Lei 4/2000, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2001*

Durante o ano 2001 non se procederá á contratación de novo persoal temporal, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, con autorización conxunta dos conselleiros da Presidencia e Administración Pública e de Economía e Facenda.

- *Art. 24, Lei 4/2000, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2001*

Non requirirán autorización previa as contratacións para substitucións do persoal que resulten imprescindibles para o bo funcionamento dos servicios, sempre dentro do límite orzamentario previsto.

### D.2 PROCESO SELECTIVO

Estes contratos celebraranse axustándose ás normas de xeral aplicación na contratación de persoal laboral de duración determinada ou indefinida e de acordo cos procedementos de selección que se determinan na norma da referencia.

- *Decreto 70/2000, que modifica o Decreto 89/1997*

### D.3 CELEBRACIÓN DO CONTRATO

#### 3.I *Normas comúns. Os contratos formalizaranse por escrito*

- *RD 2317/1993*

Os contratos para a formación poderanse celebrar con traballadores maiores de 16 anos e menores de 25 anos, que non teñan a titulación requirida para o contrato en prácticas.

#### 3.2 *Forma*

As normas que para cada suposto se reseñan na referencia, dispoñen a instrumentación destes contratos nos modelos anexos a estas, se ben se autoriza ás Administracións públicas para acomodalos ás peculiaridades destas.

| *Descrición* | *Referencia lexislativa* |
|---|---|
| **D.4 TOMA DE POSESIÓN DO POSTO DE TRABALLO** | |
| ***4.I Dilixencias de toma de posesión ou cesamento*** | |
| Ao persoal laboral temporal non lle é de aplicación a emisión de dilixencias de toma de posesión ou cesamento para o seu envío á función pública nos modelos a que fai referencia a norma marxinal. | • *Orde do 10 de novembro de 1994* |
| ***4.2 Inscricións rexistro de persoal*** | |
| Quedan exentos os contratos de traballo de duración determinada. | • *Decreto 95/1991* |
| **E. MODIFICACIÓN DA OBRIGACIÓN** | |
| **E.I SUPOSTOS DE PRÓRROGAS DE CONTRATOS** | |
| ***I.I Prórrogas temporais*** | |
| Nos contratos de duración máxima determinada que teñan establecido prazo máximo de duración, incluídos os contratos formativos concertados por unha duración inferior á máxima legalmente establecida, as partes poderán acorda-la súa prórroga. | • *Art. 49.1, E.T.* |
| **I.2 Prórrogas por tempo indefinido, por imperativo legal.** | |
| I.2.I Expirada esta duración máxima, se non houbese denuncia por algunha das partes, o contrato considerarase prorrogado tacitamente por tempo indefinido, salvo proba en contra que acredite a natureza temporal da prestación. Todo iso sen prexuízo do establecido en canto a prórrogas temporais limitadas.<br><br>Se o contrato de traballo de duración determinada é superior a un ano, a parte do contrato que formule a denuncia está obrigada a notificar á outra a terminación deste cunha antelación mínima de 15 días. | • *Art. 49, E.T.; Art. 14.2, RD 1992/1984, do 31 de outubro; Arts. 2.2.c), 3.2.c), 4.2.d) e 5.2.d), RD. 2104/1984, do 21 de novembro; Art. 4, RD 1989/1984, do 17 de outubro* |
| I.2.2 A inobservancia da forma contractual escrita determinará que o contrato parcial se presuma celebrado por tempo indefinido, salvo proba en contra que acredite a natureza temporal deste. | • *Art. 5.3, RD 1991/1984, do 31 de outubro* |
| I.2.3 Presumiranse por tempo indefinido os contratos temporais celebrados en fraude de lei. | • *Art. 15.3, E.T.*<br>• *Art. 4.2, RD 1989/1984, do 17 de outubro* |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| I.2.4 Convén facer referencia ás sentencias do Tribunal Supremo das datas 14/01/1988, 07/03/1988, 04/07/1988 e 02/11/1989, das que se desprende que o ingreso nas Administracións públicas ha de facerse conforme aos principios de igualdade, mérito e capacidade e, en consecuencia, as irregularidades en que poidan incorrer aquelas na contratación de persoal non poden determinar, pola simple inobservancia dalgunha das formalidades do contrato, do termo, ou dos requisitos aplicables ás prórrogas, a atribución con carácter indefinido dun posto de traballo. | • *Art. 8, RD 2104/1984, do 21 de novembro* |
| **F. EXTINCIÓN DA OBRIGACIÓN** | |
| **F.I EXTINCIÓN DO CONTRATO** | |
| Por expiración do tempo convido ou realización da obra ou servicio obxecto do contrato, polas causas consignadas validamente no contrato e por mutuo acordo das partes. | • *Art. 49, ET* |
| **G. CUMPRIMENTO DA OBRIGACIÓN** | |
| **G.I LEGALIDADE ORZAMENTARIA** | |
| O crédito adecuado é o consignado no concepto 131 “laboral eventual” das aplicacións orgánica e funcional respectivas, sen prexuízo da imputación con cargo aos créditos de investimentos, nos contratos que se iniciasen no exercicio 1999 ou anteriores, ata a súa finalización. | • *Art. 23, Lei 4/2000, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2001* |
| **H. RETRIBUCIÓNS** | |
| **H.I RETRIBUCIÓNS** | |
| I.I A retribución mínima dos traballadores en prácticas será a fixada no convenio colectivo, sen que, no seu lugar, poida ser inferior ao 60 ou ao 75 por cen durante o primeiro ou o segundo ano de vixencia do contrato respectivamente, do salario fixado en convenio para un traballador que desempeñe o mesmo ou equivalente posto de traballo.<br><br>As citadas contías non poderán ser en ningún caso inferiores ao salario mínimo interprofesional.<br><br>No caso dos contratos a tempo parcial o salario mínimo indicado reducirase en proporción ao tempo efectivamente traballado. | |
| I.2 A retribución do traballador con contratos para a formación, que corresponderá unicamente ás horas efectivamente traballadas, será a establecida no contrato ou, se é o caso, no convenio colectivo correspondente, sen que poida ser inferior ao salario mínimo interprofesional que corresponda á xornada de traballo efectivo. | • *RDL 1/1995* |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| I.3 No momento da terminación do contrato temporal, como medida de fomento de emprego por expiración do prazo convido, o traballador terá dereito a percibir unha compensación económica equivalente a doce días de salario por ano de servicio, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores ao ano. | |
| I.4 Nos contratos celebrados para a realización de traballos temporais de colaboración social, as Administracións públicas completarán, ata o importe total da base para o cálculo das correspondentes prestacións por desemprego, as que estivesen percibindo os traballadores contratados. | • *Art. 38.4, RD 1445/1982, do 25 de xuño* |
| I.5 No contrato de obra ou servicio determinado, se se incumprise por parte do empresario o tempo esixido para a realización da obra ou servicio, existe a obrigación de indemnizar polo equivalente aos salarios correspondentes ao tempo incumprido. | |
| **H.2 NÓMINA** | |
| ***2.I Modelo oficial*** | • *Art. 7, III Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia* |
| O modelo de nómina será obrigatoriamente igual para tódolos traballadores no ámbito de aplicación do III Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia. Ao traballador xuntamente co salario facilitaráselle un "recibo de salario". | |
| ***2.2 Xustificación documental das altas*** | |
| 2.2.I Provisión de vacantes | |
| 2.2.I.I Persoal de novo ingreso<br>Autorización conxunta das Consellerías da Presidencia e Administración Pública e de Economía e Facenda, se é o caso. | • *Resolución do 31 de marzo de 1999, de fiscalización limitada previa* |
| 2.2.I.2 Ter cumpridos os requisitos de selección establecidos no Decreto 89/1997, do 10 de abril, modificado polo Decreto 70/2000, do 31 de marzo (DOG. nº 71, do 11 de abril). | |
| 2.2.I.3 Adecuación do contrato que se formaliza co disposto na normativa vixente. | |

| Descrición | Referencia lexislativa |
|---|---|
| 2.2.I.4 Que as retribucións que se sinalen no contrato se axusten ao convenio colectivo ou norma que lle resulte de aplicación e, se se trata dun contrato á marxe do convenio, que exista informe favorable conxunto das Consellerías da Presidencia e Administración Pública e de Economía e Facenda. | |
| 2.2.I.5 Nos supostos de contratación de persoal laboral para a realización de obras ou servicios previstos no anexo de investimentos, informe da asesoría xurídica sobre a modalidade de contratación temporal empregada e sobre a observancia das cláusulas do contrato dos requisitos e formalidades esixidas pola lexislación laboral.<br><br>Non se poderán realizar contratacións para esta modalidade sen autorización previa da Consellería da Presidencia e Administración Pública e deberán cumprirse os requisitos esixidos no art. 23.Un da Lei 4/2000, de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2001. | • *Art. 23, Lei 4/2000, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2001* |
| **2.3 *Prórroga de contratos*** | |
| 2.3.I Ademais das esixencias comúns de crédito orzamentario e órgano competente, que a duración do contrato non supere o prazo previsto na lexislación vixente. | |
| 2.3.2 Documento no que se reflicta o pacto.<br><br>Os supostos sancionados pola lexislación laboral que determinen dereitos de fixeza para o persoal eventual poden orixina-la esixencia de responsabilidades, de conformidade co art. da lei que se cita na "referencia lexislativa". | • *Art. 122, Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia* |
| **2.4 *Baixas*** | |
| 2.4.I Extinción da obrigación<br><br>Causas: | |

| *Descrición* | *Referencia lexislativa* |
|---|---|
| • Contratos vencidos e non prorrogados<br>• Expiración do tempo convido no contrato<br>• Realización da obra ou servicio obxecto da contratación | |
| **I. ACTUACIÓN INTERVENTORA** | |
| A realización dos contratos para a realización de obras ou servicios previstos no anexo de investimentos será obxecto de fiscalización previa de conformidade co establecido nos arts. 94 a 117 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro. | • *Art. 23.Tres, Lei 4/2000, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2001* |
| O resto dos contratos, coa excepción que se sinala no seguinte punto, serán obxecto de fiscalización limitada previa. | • *Resolución do 31 de marzo de 1999* |
| A fiscalización de nomeamento e de contratos para substitucións de persoal por razóns de necesidade e de urxencia coxuntural realizarase con carácter previo á alta en nómina, verificándose a adecuación do proceso de selección coa normativa vixente, e a existencia de nomeamento ou contrato, e de crédito adecuado e suficiente, computado sempre na súa proxección temporal, e, de acordo co procedemento de control que para o efecto determine a Intervención Xeral.<br><br>Só para nomeamentos ou contratos do art. 2 da Orde do 22 de marzo de 2000 (DOG. nº 68, do 6 de abril) a Intervención Xeral ten dictadas instruccións con data 20 de abril de 2001 para efectuar esta intervención por mostraxe aleatoria.<br><br>Esta orde refírese a persoal temporal das institucións sanitarias xestionadas polo Servicio Galego de Saúde. | • *Art. 33, Lei 4/2000, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2001* |

## REFERENCIAS LEXISLATIVAS DE PERSOAL

DECRETO 315/1964, do 7 de febreiro. Lei articulada de funcionarios civís do Estado.(BOE nº 40 do 15-2-64).

LEI 31/1965, do 4 de maio. Retribucións. (BOE nº107 do 5-5-65)

DECRETO LEI 10/1965, do 23 de setembro. Dereitos pasivos e seguridade social dos funcionarios interinos e de emprego.

ORDE do 28 de abril de 1967, da Presidencia do Goberno. Aplicación da Lei de Seguridade Social ós interinos. (BOE nº114 do 13-5-67).

REAL DECRETO 2380/1973, do 17 de agosto, polo que se ordena a retribución do traballo por conta allea (BOE nº 238 do 4-10-73). Desenvolvido por Orde Ministerial do 22 de novembro de 1973 (BOE nº 296 do 11-12-73)

DECRETO 680/1974, do 28 de febreiro. Pago de retribucións ó persoal en activo. (BOE nº66 do18-3-74)

LEI 29/1975, do 27 de xuño. Réxime especial de Seguridade Social. Modificada pola LEI 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social (BOE nº 313).

CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA, 27 de decembro de 1978 (BOE nº 311)

REAL DECRETO 707/1979, do 5 de abril. Fórmula para a toma de posesión de cargos ou funcións públicas. (BOE nº83 do 6-4-79).

LEI 8/1980, do 10 de marzo, pola que se aproba o Estatuto dos Traballadores (BOE nº 64 do 14-3-80).

ORDE do 10 de xaneiro de 1981 da Presidencia do Goberno, sobre requisitos formais das resolucións administrativas (BOE nº 12 do 14-1-81).

LEI 1/1983, do 22 de febreiro, sobre normas reguladoras da Xunta de Galicia e o seu Presidente (DOG nº 23 do 21-3-83). Derogado parcialmente por LEI 12/1989, do 4 de outubro (DOG nº 195 do 10-10-89) e modificado por LEI 11/1988 do 20 de outubro (DOG nº 208 do 28-10-98).

CONVENIO Xunta-Instituto Nacional da Seguridade Social do 1 de febreiro de 1983, para incluir no réxime da Seguridade Social ós membros de Goberno da Xunta de Galicia.

ORDE do 27 de xullo de 1984 da Presidencia do Goberno, sobre cotización a MUFACE dos que ocupan altos cargos da Administración en situación de excedencia especial (BOE nº 182 do 31-7-84).

LEI 30/1984, do 2 de agosto. Medidas da reforma da Función Pública (BOE nº185 do 3-8-84) (Rectificacións BOE nº229 do 24-9-84 e BOE nº244 do 11-10-84). Rectificada por LEI 22/1993, do 29 de decembro e por LEI 66/1997, do 30 de decembro,de medidas fiscais, administrativas e de orde social

REAL DECRETO 1405/1984, do 18 de xullo, tipos de cotización e de aportación do Estado dos rexímenes especiais de funcionarios civís do Estado e das Forzas Armadas e á Mutualidade Xeral Xudicial (BOE nº 178 do 26-7-84) (Rectificacións BOE nº 180 do 28-7-84).

REAL DECRETO 1991/1984, do 31 de outubro. Contratos a tempo parcial, de relevo e xubilación parcial (BOE nº269 do 9-11-84).

LEI 53/1984, do 26 de decembro. Incompatibilidades do persoal ó servicio das Administracións Públicas (BOE nº4 do 4-1-85).

REAL DECRETO 1571/1985, do 1 de agosto. Tipos de cotización e de prestación do Estado á Mutualidade Xeral de funcionarios do Estado (BOE nº214 do 6-9-85).

LEI ORGÁNICA 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical (BOE nº 189 do 8-8-85).

REAL DECRETO 506/1986, do 7 de marzo. Modifica o réxime de retención.(BOE nº63 do 14-3-86) (Rectificacións BOE nº 69 do 21-3-86)

CIRCULAR 6/1986, do 28 de novembro, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, sobre tramitación de documentos contables e exercicio da función interventora (DOG nº 10 do 16-1-87).

LEI 21/1986, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para 1987 (BOE nº 307 do 24-12-86) (Rectificacións BOE nº41 do 17-2-87).

DECRETO 5/1987, do 14 de xaneiro, polo que se reorganiza a Administración Periférica da Xunta de Galicia e se regulan as competencias dos órganos territoriais (DOG nº 15)

REAL DECRETO 670/1987, do 30 de abril. Texto Refundido da Lei de clases pasivas do Estado (BOE nº126 do 27-5-87) (Rectificacións BOE nº171 do 18-7-87). Modificada pola LEI 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social.

LEI 33/1987, do 23 de decembro. Presupostos Xerais do Estado para 1988 (BOE nº307 do 24-12-87) (Rectificacións BOE nº 66 do 17-3-88).

RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 1987, da Secretaría de Estado de Facenda. Instruccións nóminas para 1988 (BOE nº313 do 31-12-87) (Rectificacións BOE nº31 do 5-2-88).

REAL DECRETO 1681/1987, do 30 de decembro. Salario mínimo interprofesional para o ano 1989 (BOE nº313 do 31-12-87) (Rectificacións BOE nº36 do 11-2-88).

LEI 2/1988, do 5 de marzo, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para 1988 (DOG nº 50 do 14-3-88)

LEI 4/1988, do 26 de maio, de Función Pública da Xunta de Galicia (DOG nº 104 do 1-6-88). Modificada por LEI 4/1991 de Función Pública (DOG nº 51 do 31-3-91), por LEI 3/1995, do 10 de abril (DOG nº76 do 20-4-95), por LEI 11/1996 de Presupostos para 1997 (DOG nº254 do 31-12-96) e por LEI 2/1998, do 8 de abril (DOG nº68 do 9-4-98)

ORDE do 6 de xuño de 1988 da Consellería de Economía e Facenda, pola que se dictan instruccións sobre confección e xustificación de nóminas de retribucións de persoal ó servicio da Comunidade Autónoma (DOG nº 121 do 26-6-88). Modificada por ORDE do 2 de maio de 1990 (DOG nº 98 do 22-5-90)

ORDE do 23 de xuño de 1988, da Consellería da Presidencia e Administración Pública, pola que se delegan competencias na Dirección Xeral da Función Pública (DOG nº 138 do 20-7-88).

LEI 13/1988, do 30 de decembro de 1988, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para 1989 (DOG nº 251 do 31-12-88)

LEI 30/1988, do 30 de decembro, da Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para 1989 (DOG nº 251 do 31-12-88).

DECRETO 165/1989, do 27 de xullo, polo que se regula a aplicación da Lei de incompatibilidades ó persoal que reciba complemento específico (DOG nº 166 do 30-8-89)

ORDE do 4 de abril de 1990, da Consellería da Presidencia e Administración Pública, de delegación de competencias no Director Xeral da Función Pública.(DOG nº 79 do 24-4-90)

LEI 26/1990,do 20 de decembro. Establece prestacións non contributivas (BOE nº306 do 22-12-90).

DECRETO 299/1990, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servicio ó persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia (DOG nº 106 do 1-6-90). Modificado polos DECRETOS 536/1990 (DOG nº 253), 178/1992 (DOG nº 109), 21/1994 (DOG nº 30), 395/1996 (DOG nº 224)

LEI 1/1991, do 15 de xaneiro, de Presupostos da Comunidade Autónoma para 1991 (DOG nº 11 do 16-1-91).

REAL DECRETO 356/1991, do 15 de marzo. Desenvolve en materia de prestación por fillo a cargo, a Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen prestacións non contributivas (BOE nº 69 do 21-3-91) (Rectificacións nº81 do 4-4-91)

DECRETO 91/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de integración dos funcionarios na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº58 do 25-3-91) (Rectificacións DOG nº60 do 27-3-91, nº122 do 27-6-91 e nº132 do 11-7-91)

DECRETO 92/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 58 do 25-3-91)

DECRETO 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna (DOG nº 58 do 25-3-91) (Rectificacións DOG nº167 do 2-9-91)

DECRETO 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 58 do 25-3-91)

DECRETO 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 58 do 25-3-91)

ORDE do 31 de xullo de 1991 do Ministerio de Economía e Facenda. Colexio para orfos de funcionarios da Facenda Pública (BOE nº 212 do 4-9-91).

LEI 31/1991, do 30 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para 1992.(BOE nº313 do 3-12-91)

ORDE do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 16 de xaneiro de 1992

LEI 2/1992. Concesión dunha paga e modificación do incremento retributivo para 1992 (DOG nº 56 do 23-3-92)

LEI 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia (DOG nº 200 do 14-10-92).

REAL DECRETO 480/1993, do 2 de abril, polo que se integra no Réxime Xeral da Seguridade Social o Réxime Especial da Seguridade Social dos funcionarios da Administración Local (BOE nº80 do 3-4-93).

REAL DECRETO LEXISLATIVO 18/1993, do 3 de decembro, de medidas urxentes de fomento da ocupación.

LEI 10/1994, do 19 de maio, sobre medidas urxentes de fomento da ocupación (BOE nº122 do 23-5-94).

REAL DECRETO LEXISLATIVO 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Seguridade Social (BOE nº154 do 29-6-94).

REAL DECRETO 1991/1994, do 10 de outubro.

ORDE do 8 de novembro de 1994, do Ministerio da Presidencia, sobre xustificación e anticipos das indemnizacións por razón de servicio (DOG nº 270 do 11-11-94)

RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 1994 da Secretaría de Estado de Facenda. Funcionarios Públicos. Instruccións en relación coas nóminas dos incluidos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984 do 2 de agosto e actualización das contías das retribucións do persoal ó que se refiiren os artigos 22 a 26 da Lei de Presupostos Xerais do Estado (BOE nº 2 do 3-1-95).

REAL DECRETO 598/1995, do 30 de abril.

ORDE do  5 de xuño de 1995 (Ministerio de Economía e Facenda).

DECRETO 169/1995, do 16 de xuño, polo que se regulan os rexistros de altos cargos da Xunta de Galicia (DOG nº 117 do 20-6-95). (Corrección de erros DOG nº 172 do7-9-95)

ORDEN do 8 de novembro de 1995 da Consellería da Presidencia, pola que se aproban os modelos de declaracións de actividades e intereses de bens patrimoniais de altos cargos da Xunta de Galicia. (DOG nº 221 do 17-11-95)

LEI 9/1996, do 18 de outubro, sobre réxime de incompatibilidades dos membros da Xunta e altos cargos da Administración Autonómica (DOG nº 312 do 30-10-96).

LEI 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social (BOE nº 315 do 31-12-96)

RESOLUCIÓN Conselleria da Presidencia do 7 de febreiro de 1997, pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 6 de febreiro de 1997 sobre prolongación de permanencia no servicio activo ós funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 36 do 21-2-97)

DECRETO 89/1997, do 10 de abril, polo que se modifica o Decreto 299/1990, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servicio (DOG nº 79 do 25-4-97). Modificado por DECRETO 70/2000 do 21 de marzo (DOG nº 71 do 11-4-00).

LEI 63/1997, do 26 de decembro, de medidas urxentes para a mellora do mercado de traballo e o fomento da contratación indefinida (BOE nº 312 do 30-12-97).

ORDE do 10 de novembro de 1998 (DOG nº 218)

REAL DECRETO 2717/1998, do 18 de decembro. Regulamento IRPF (BOE nº 303 do 19-12-98) (Rectificacións BOE nº306 do 23-12-98)

LEI 6/1998, do 29 de decembro, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para 1999 (DOG nº252 do 31-12-98).

LEI 40/1998, do 9 de decembro, reguladora do IRPF e outras normas tributarias (BOE nº 295 do 10-12-98)

ORDE do 15 de xaneiro de 1999, do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais,pola que se desenvolven as normas de cotización á Seguridade Social contidas na Lei 49/1998, do 30 de decembro de presupostos do Estado (BOE nº 14 do 16-1-99) (Rectificacións BOE nº 74 do 27-3-99).

RESOLUCIÓN  do 31 de marzo de 1999 da Consellería de Economía e Facenda, pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999, no que se dá aplicación ó previsión do artigo 97 da Lei 11/1992 do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario, respecto do exercicio da fiscalización limitada previa (DOG nº 82 do 30-4-99) (Rectificación DOG nº 103 do 1-6-99).

REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2001, do 2 de marzo

III Convenio Colectivo Unico da Xunta de Galicia

Lei de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para cada ano

CIRCULAR nº 5 conxunta da Inspección Xeral de Servicios e da Dirección Xeral de Presupostos